

O PROCESO DE NORMALIZACIÓN
DO IDIOMA GALEGO (1980-2000)

VOLUME II

EDUCACIÓN

BOUZADA FERNÁNDEZ, XAN M.

O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II : Educación / Xan M. Bouzada Fernández, Agustín Fernández Paz, Anxo M. Lorenzo Suárez ; coordinadores Henrique Monteagudo e Xan Bouzada. — Santiago de Compostela : Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002. — 387 p. ; 22 cm. — (Colección Base)

DL C-2922-02. — ISBN 84-95415-67-4

1. Lingua galega-Normalización. I. Fernández Paz, Agustín. II. Lorenzo Suárez, Anxo M. III. Monteagudo, Henrique. IV. Consello da Cultura Galega. Sección de Lingua. V. Título

EDICIÓN

Iolanda Galanes Santos
Mar González Tarrela
Ana Isabel Martínez Fernández

© CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 569020 Fax 981 588699
correo@consellodacultura.org

Proyecto gráfico
e diseño de cubiertas
MANUELJANEIRO

ISBN 84-95415-67-4
Depósito legal C-2922-02

Realización
Lúdica 7

O PROCESO DE NORMALIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO (1980-2000)

VOLUME II

EDUCACIÓN

Coordinadores

HENRIQUE MONTEAGUDO E XAN BOUZADA FERNÁNDEZ

XAN M. BOUZADA FERNÁNDEZ

AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ

ANXO M. LORENZO SUÁREZ



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000). Volume II. Educación/ coordinadores Xan Bouzada e Henrique Monteagudo; autores Xan Bouzada Fernández, Agustín Fernández Paz, Anxo M. Lorenzo Suárez – Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, Sección de Lingua, 2002.

Equipo de investigación do volume II, “Educación”: Xan M. Bouzada Fernández, Agustín Fernández Paz, Anxo M. Lorenzo Suárez.
Colaboración técnica: Cidadania. Rede de Aplicacións Sociais.

Coordinadores do proxecto “O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)”. Xan Bouzada e Henrique Monteagudo.

O Proxecto “O proceso de normalización do idioma galego (1980-2000)” está patrocinado pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega. O proxecto recibiu unha subvención inicial da Unión Europea. Comisión das Comunidades Europeas Dirección Xeral XXII, Educación, Formación e Xuventude (Acordo 97-06-NOR-0139-00).

ÍNDICE XERAL

PRESENTACIÓN	11
EDUCACIÓN	31
Abreviacións	33
Índice de cadros e gráficos	35
INTRODUCCIÓN	41
I. A LINGUA NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO	45
1 O galego no ensino nos anos anteriores á aprobación da Lei de normalización lingüística	45
1.1 A etapa preconstitucional	45
1.2 A aprobación da Constitución de 1978	47
2 O tratamento da lingua galega no Estatuto de autonomía e na Lei de normalización lingüística	49
2.1 A lingua galega no Estatuto de autonomía	49
2.2 A lingua na Lei de normalización lingüística	51
3 O desenvolvemento lexislativo posterior á aprobación da Lei de normalización lingüística	54
3.1 O Decreto 135/1983	54
3.2 A Orde 1987/1988	56
3.3 O Decreto 247/1995	59
3.4 Os documentos e os textos legais derivados da reforma educativa	61
3.5 Outras medidas lexislativas complementarias adoptadas pola Administración	63
4 Actuacións de organizacións socioeducativas referidas á presencia da lingua galega no ensino	65
4.1 Modelo de normalización lingüística para o ensino (1989)	65
4.2 Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego (1999)	68
4.3 As actuacións da Mesa pola Normalización Lingüística	70
4.4 Documento <i>Sobre a situación da lingua</i> (Consello da Cultura Galega, 1990)	71
5 Estudios realizados sobre os resultados da posta en práctica das medidas lexislativas normalizadoras	72

5.1	Estudio <i>Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB</i>	72
5.2	Estudio <i>O galego no ensino público non universitario</i>	72
5.3	Estudio <i>Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (Preescolar e EXB)</i>	75
5.4	<i>O Mapa Sociolingüístico de Galicia. Datos referidos ó ensino</i>	82
5.5	Estudio sobre o uso do idioma galego da Dirección Xeral de Política Lingüística (1998)	85
 II. A INVESTIGACIÓN SOBRE A SITUACIÓN DA LINGUA GALEGA NOS CENTROS DE ENSINO INFANTIL E PRIMARIO DE GALICIA		95
1	A mostra de centros de ensino	96
1.1	Formulación metodolóxica da mostra de centros de ensino e datos descriptivos xerais	96
1.2	Indicadores xerais do nivel de galeguización dos centros	103
1.3	A situación sociolingüística dos centros	121
1.4	O galego na docencia de Infantil e Primaria	138
1.5	Opinións e actitudes lingüísticas da comunidade educativa	171
2	Estudios de casos nos CEIP de Galicia	201
2.1	Introducción: metodoloxía de traballo e tipoloxía de centros	201
2.2	Caso 1: Centro urbano público galeguizado (1)	205
2.3	Caso 2: Centro urbano público galeguizado (2)	218
2.4	Caso 3: Centro rural público galeguizado (1)	229
2.5	Caso 4: Centro rural público galeguizado (2)	238
2.6	Caso 5: Centro urbano público non galeguizado	250
2.7	Caso 6: Centro rural público non galeguizado	260
2.8	Caso 7: Centro privado galeguizado	273
2.9	Caso 8: Centro privado non galeguizado	284
2.10	Conclusións: puntos fuertes e febles, e resultados do DAFO	296
 III. CONCLUSIÓN XERAIS: O ESTADO DA NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO ENSINO INFANTIL E PRIMARIO		300
1.	Diagnóstico da situación lingüística nos centros de ensino	301
2.	Propostas de mellora	311
 BIBLIOGRAFÍA		319
DISPOSICIÓN NORMATIVAS CITADAS		327

APÉNDICES DOCUMENTAIS	331
A. Documentación legal	333
B. Materiais de enquisa	339
Centros de ensino enquistasdos	339
Distribución territorial dos centros de ensino enquistasdos	344
Enquisa a directores/as de centros de ensino	345
Enquisa ós equipos de normalización lingüística	356
Ficha avaliativa observacional	369
C. Cadros da mostra de centros	373

PRESENTACIÓN

No presente limiar, imos expor de forma sintética os contidos e obxectivos do proxecto *O proceso de normalización lingüística do idioma galego (1980-2000)*, impulsado pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, e que nunha primeira fase recibiu financiamento da Comisión Europea¹. O Consello da Cultura Galega é unha institución oficial de rango estatutario. A súa creación prevese no Estatuto de autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981; art. 32), e foi establecido por Lei do Parlamento galego (Lei 8/1983). Trátase dun organismo consultivo e asesor, plenamente autónomo respecto dos poderes políticos, representativo dos diferentes sectores e institucións da cultura de Galicia. Entre as funcións do Consello atópanse as de “analizar cantas cuestións se refiran ó patrimonio cultural e fomentar a lingua e a cultura galegas”, “investigar e valorar as necesidades culturais do pobo galego”, “asesorar e consultar os poderes da Comunidade Autónoma” e mais “elevar ós poderes da Comunidade Autónoma informes e propostas a favor da defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego” (Lei 8/1983, tít. II, art. 6).

1. En virtude do Acordo 97-06-NOR-0139-00 entre o Consello da Cultura Galega e a Comisión das Comunidades Europeas (Dirección Xeral XXII, Educación, Formación e Xuventude) desenvolveuse o “Informe de Política Lingüística e Normalización” que é a base desta publicación.

O labor do Consello da Cultura Galega estructúrase por seccións, das cales, unha é a de Lingua Galega². O traballo que presentamos debe comprenderse, pois, nese marco institucional: trátase dun estudio promovido polo Consello da Cultura Galega, a través da súa Sección de Lingua, con vistas a que a propia institución elabore recomendacións relativas ás políticas públicas de promoción do idioma galego. O noso proxecto foi emprendido a finais de 1998, e será culminado ó remate de 2002, coa publicación dos seus resultados en catro volumes, dos cales o presente é o segundo.

SITUACIÓN-MARCO DE PARTIDA. A DINÁMICA SUBSTITUCIÓN / NORMALIZACIÓN

A situación-marco da que partimos á hora de deseñar o proxecto que presentamos é, a grandes trazos, a seguinte³:

O galego é unha lingua minorizada, que viña sufrindo un forte desprestixio social, cunha perda masiva de falantes ó longo de todo o século XX, e moi especialmente desde a metade da centuria, o abandono de transmisión interxeracional. O franquismo, coa súa política de marxinación da lingua galega da vida pública, do sistema educativo e dos medios de comunicación de masas, coincidindo cunha depauperación progresiva do medio rural galego que acentuou unha hemoraxia emigratoria que viña desde a metade do século XIX, colocou o idioma galego nunha situación de extrema debilidade. A pesar do dito, este continúa sendo a lingua inicial e usual (isto é, o idioma que primeiro se aprendeu a falar e o más utilizado na vida cotiá) da maioría da poboación galega.

2. Vid. na bibliografía final as leis correspondentes editadas polo Parlamento de Galicia (1983).

3. Para un resumo panorámico, vid. Monteagudo (2000). Estudios más detallados sobre distintos aspectos, con puntos de vista variados, nos números monográficos das revistas *Grial*, *Plurilingüismes* e *Lengas*, vid. na bibliografía anexa a esta introducción baixo as entradas dos respectivos coordinadores: Monteagudo (1990), Rodríguez Yáñez (1993) e Alén Garabato e Rodríguez Yáñez (2000).

Con todo, esta posición de lingua maioritaria débella sobre todo ó seu arraigamento no medio rural, entre as persoas de máis idade, baixa cualificación educativa-profesional e clase baixa⁴. No medio urbano, entre os adultos altamente cualificados e no conxunto da mocidade, o galego é minoritario.

A partir da transición democrática española, coa aprobación da Constitución española (1978) e pouco despois do Estatuto de autonomía de Galicia (1980), produciuse unha notable mutación do marco político-lingüístico. Gracias ó Estatuto, Galicia dotouse de institucións autónomas, en particular un Goberno (Xunta de Galicia) e un Parlamento, con poderes amplos en materia de educación e cultura. O Estatuto consagrou a cooficialidade do galego e do castelán, e proclamou o primeiro ‘lingua propia’ de Galicia, en termos similares ós estatutos das outras dúas ‘nacionalidades históricas’ recoñecidas na Constitución española. A Lei de normalización lingüística (LNL) de 1983 obriga, mediante mandato imperativo, ó Goberno autónomo e ás demais institucións de Galicia a promover o uso oficial e público do idioma galego⁵. Esta lei contén cinco títulos. Do título I, sobre os dereitos lingüísticos en Galicia, salientamos:

Art. 1: Tódolos galegos teñen o dereito de coñecer e usa-la lingua galega.

Do título II, que versa sobre o uso oficial do galego, destacamos:

Art. 6.1: Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.

4. *Vid.* Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira (1994, 1995).

5. Para os aspectos xurídicos e legais, *vid.* Montegudo (1990: 387-98) (perspectiva xurídica), García Negro (1991) (visión crítica desde a perspectiva do nacionalismo galego), Domínguez Salgado, Mayo Redondo e Romero Rodríguez (eds.) (1999: 221-39) (perspectiva xurídica, sobre uso administrativo). O conxunto da lexislación más relevante encóntrase en Graña Martínez (2001).

Art. 6.3: Os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.

Art. 6.4: A Xunta dictará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego.

Art. 11: A fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente Título, os poderes autónomos promoverán a progresiva capacidade no uso do galego do persoal afecto á Administración Pública e ás empresas públicas en Galicia.

A LNL destina un título específico ó uso do galego no ensino (tít. III), outro ó uso do galego nos medios de comunicación (tít. IV), outro ó galego exterior (V), e finalmente un máis á función normalizadora da Administración autonómica (tít. VI). Do título III, destacamos:

Art. 14: A lingua galega é materia de estudio obligatorio en tódolos niveis educativos non universitarios.

Art. 13.2: As autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino.

Finalmente, do título VI, queremos destacar:

Art. 22: O Goberno Galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará a Administración e os particulares, e coordinará os servicios encamiñados a consegui-los obxectivos da presente Lei.

Art. 23: O Goberno Galego establecerá un plan destinado a resalta-la importancia da lingua como patrimonio histórico da comunidade e a poñer de manifesto a responsabilidade e os deberes que esta ten respecto da súa conservación, protección e transmisión.

Estes dous últimos artigos, que conteñen senllos mandatos inequívocos para o goberno autónomo, constitúen o soporte legal más claro para impulsar a planificación lingüística en Galicia. A partir da aprobación desta lei, e en cumprimento do seu artigo 22, creouse unha Dirección Xeral de Política Lingüística (DXPL)

(1983), no seo da Consellería de Educación, que foi e é o organismo a cargo da aplicación da propia lei. Máis tarde, artellouse unha Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística (1990), que tivo unha vida efémera. O que nunca se chegou a realizar é un plan xeral de promoción do uso da lingua, ó que apunta o artigo 23.

O INFORME DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA E NORMALIZACIÓN

Para expoñer os obxectivos do noso traballo, será útil explicar brevemente a situación da que partimos en canto ó coñecemento da situación sociolingüística de Galicia. Durante as dúas últimas décadas, especialmente no decenio que vai aproximadamente de 1985 a 1995, desenvolvérонse unha serie de investigacíons de carácter descriptivo e cuantitativo acerca da situación social da lingua galega, basicamente enfocadas ó coñecemento, uso e actitudes da poboación galega, en xeral⁶ e por sectores (sobre todo, no medio educativo⁷); que permiten facerse unha idea bastante exacta e detallada da situación neses parámetros. Sen embargo, existe unha percepción estendida de que carecemos de información básica, contrastada e fiable, sobre o uso da lingua por parte das institucións públicas oficiais, e a súa evolución durante o período autonómico. Tamén se botan en falta estudios avaliadores acerca das políticas de promoción do idioma, especialmente por parte do Goberno autónomo, principal responsable destas⁸.

6. Vid. en particular Fernández Rodríguez e Rodríguez Neira (1994, 1995, 1996). Tamén son de grande utilidade Siguan (1994, 1999).

7. Para o sector educativo, son fundamentais Rodríguez Neira e Martínez López (1988), Rodríguez Neira (1998) e VV. AA. (1997) para o nivel universitario, Rubal Rodríguez e Rodríguez Neira (1987) para o ensino medio e primario, e Rubal Rodríguez (1992) para o ensino primario. Unha aproximación ó ámbito administrativo local e ó sector socioeconómico en Bouzada Fernández e Lorenzo Suárez (1997). Outros traballos más parciais nos números monográficos das revistas citadas na nota 3.

8. Aproximacíons especializadas a estes dous aspectos (usos institucionais e evaluación de iniciativas), pódense encontrar en Lorenzo Suárez (1997), Domínguez Salgado, Mayo Redondo e Romero Rodríguez (eds.) (1999) e Domínguez Salgado, Mayo Redondo (eds.) (2000).

OBXECTIVOS DO PROXECTO. A DIMENSIÓN AVALIADORA

O noso proxecto responde a estas dúas últimas percepcións. Ten, pois, un triple obxectivo: (1) mellorar o coñecemento dos usos públicos, especialmente oficiais ou institucionais, da lingua; (2) ofrecer elementos para avaliar o impacto das iniciativas en materia de política lingüística por parte do Goberno autónomo nas aproximadamente dúas décadas do seu funcionamento (1980-2000), (3) finalmente, a partir da identificación dos puntos fortes e débiles da política lingüística en Galicia, elaborar recomendacións para mellorar a súa efectividade.

En canto ó primeiro obxectivo, o risco que tivemos que sortear foi o de evitar as orientacións dunha recollida de datos fundada únicamente nas informacións facilitadas polos propios axentes interesados⁹. En concreto no ámbito educativo, as enquisas oficiais promovidas desde a administración, así como as investigacións baseadas únicamente en datos declarados polos informantes (exclusiva ou fundamentalmente os docentes ou as direccións dos centros educativos), esixían ser contrastadas.

A idea de realizar un estudio avaliador esixe unha medida da eficacia e da eficiencia das políticas emprendidas, feito que im-

9. Por iso na fase exploratoria deste proxecto contactamos con 1.540 entidades entre as que se encontran instancias administrativas no nivel local, autonómico, estatal, europeo; así como, organizacións educativas do ensino universitario, do ensino primario, secundario, do non regrado, centros de formación do profesorado, asociacións pedagógicas e institucións académicas e asociacións científicas de todas as áreas de coñecemento. Estas informacións complementáronse coas fornecidas por diversos medios de comunicación escritos e audiovisuais galegos, ós que nos diriximos. No tocante ó sector socioeconómico contactamos con diversas empresas e con todas as asociacións e colexiós profesionais radicadas en Galicia. Igualmente, solicitamos información de todos os partidos políticos e de boa parte das asociacións sindicais con actividade no país. Por último, como non podía ser doutro xeito, concentrámos unha parte dos nosos esforzos na petición de información ás entidades dedicadas á lingua, en concreto, os servicios lingüísticos, as entidades dedicadas a investigación da lingua galega, as entidades de defensa da lingua, así como editoras e asociacións culturais e fundacións. Ademais de entrevistas cualitativas a persoas de opinión relevante en materia de lingua e sobre o proceso de normalización lingüística.

plica poñer en relación unha serie de iniciativas (maiormente do Goberno autónomo galego) cos resultados esperados, calculando o custo destes. A finalidade última sería determinar qué funciona, en qué condicións e a qué prezo (Grin e Vaillancourt 1999). As limitacións de que partimos para realizar esta tarefa son basicamente de dous tipos. En primeiro lugar, a medida da efectividade das políticas lingüísticas constitúe un campo de estudio moi pouco desenvolvido: faltan un modelo analítico, estudios comparativos ou polo menos comparables¹⁰, metodoloxías aplicables, criterios homologados, etc. En segundo lugar, existe unha considerable carencia de datos de partida, e grandes dificultades na dispoñibilidade dos existentes (Grin 2000). Así, encontrámosen con que o organismo oficialmente responsable da política lingüística en Galicia durante o período estudiado (DXPL) carece incluso dun arquivo organizado. Situación por outra banda non específica, pois outras investigacións teñen sinalado o mesmo problema en lugares próximos (Mezo 1996).

A pesar da boa vontade expresada polos distintos responsables políticos a quen nos diriximos, non puidemos ter acceso a un volume considerable de informacións relevantes, ben por imposibilidade de recuperárlas, ben porque non nos foron facilitadas. Por exemplo, na análise económica, tivemos que conformarnos co manexo das cifras presupostadas, sen poder coñecer as cifras de orzamento executado, moito máis fiables. Aínda que dispuxesemos de todos os datos necesarios, hai que recoñecer que as relacións causa/efecto entre as intervencións glotopolíticas e os resultados no uso lingüístico son difíciles de establecer cun mínimo de rigor.

Finalmente, no que atinxo ó apartado de recomendacións, foron elaboradas conxuntamente por todo o equipo unha vez concluída a fase de avaliación. Posteriormente, sometéronse á consideración do Plenario do Consello da Cultura Galega, para ser eleva-

10. *Vid.*, sen embargo, unha análise comparada das políticas lingüísticas no sistema educativo nas diferentes comunidades autónomas bilingües, Argelaguet (1999).

das ó presidente do Goberno autónomo e dadas a coñecer á opinión pública.

PLAN DE TRABALLO. SUBDIVISIÓN EN ÁREAS E SECTORES DO IPLN

O plan de traballo consta dos seguintes pasos. En primeiro lugar, estableceuse en discusión conxunta a orientación xeral do proxecto e as pautas comúns de traballo. Como o rango de cuestións e ámbitos de estudio é considerablemente amplio e diversificado, pensamos que era conveniente unha subdivisión do equipo por áreas de traballo. Unha vez constituídos os equipos sectoriais, cada área encargouse de obter a información básica no seu ámbito respectivo. A partir de aí, realizouse en colaboración a tarefa de avaliación. Posteriormente, cada equipo sectorial presenta as conclusións provisionais para a súa área, que son discutidas conxuntamente, coa participación dos membros da Sección de Lingua, para a súa redacción definitiva. Desa discusión saen tamén as conclusións globais e a proposta de recomendacións que examinará o Plenario do Consello da Cultura Galega.

As áreas de traballo que establecemos son as seguintes:

a) *Marco glotopolítico*. Trátase dun ámbito clave, que en realidade constitúe o marco xeral para o traballo nos distintos sectores especializados. En primeiro lugar, realizouse un labor de compilación e análise da producción normativa (leis, decretos, ordes, regulamentos...), das iniciativas parlamentarias relacionadas coa lingua galega e dos discursos e alternativas glotopolíticas. Ademais, realizamos unha análise da evolución dos Presupostos destinados á promoción do galego, e dos organismos especializados na elaboración e execución da política lingüística. Os focos de atención prioritaria nesta área son o Parlamento de Galicia e o Goberno galego (Xunta de Galicia), en especial a Dirección Xeral de Política Lingüística. O grosor do traballo foi realizado pola empresa ‘Cidadanía’ – Rede de Aplicacións Sociais composta por especialistas das distintas ciencias sociais e dedicada á investiga-

ción aplicada. A principal novidade da súa actividade é a utilización de metodoloxías participativas de investigación. Realizaron este traballo baixo a dirección de Luís García García e Xaime Subiela Pérez, coa colaboración de Xosé Manuel Núñez Seixas e de Xesús Costas Abreu na planificación da investigación e de Xosé Manuel Otero Fernández e Ana Isabel Martínez Fernández na compilación de materiais.

b) *Sector de educación.* Dadas as nosas limitacións, e dado que por unha parte existen estudos sobre a situación do idioma nas universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela, e por outra parte, cando emprendemos o proxecto o Goberno autónomo anunciaba a realización dunha enquisa exhaustiva sobre o mesmo asunto no ensino secundario, decidimos concentrar a nosa atención no ensino infantil e primario. Realizaron o traballo neste sector Xan Bouzada Fernández (profesor de Socioloxía da Universidade de Vigo), Anxo Lorenzo Suárez (profesor de Sociolingüística galega na Universidade Vigo), e Agustín Fernández Paz (profesor de ensino medio, ex-mestre e ex-coordinador docente de lingua galega), coa colaboración da socióloga Mercedes Fernández Gestido e de Cidadania na realización da macroenquisa dos centros de ensino.

c) *Sector de administracións públicas.* Aquí tratábbase de coñecer a evolución do uso do idioma galego nas distintas administracións, para máis adiante avaliar os factores que puideron influír nela. Dada a amplitude do campo de estudio, e a dificultade para obter a información de base, os focos de atención reducíronse á Delegación do Goberno, á Administración autónoma e as administracións locais (en especial, deputacións e concellos), ficando fóra do estudio a Administración de Xustiza e de Sanidade. A dirección do traballo deste sector correspondelle a Xesús Costas Abreu (xurista, funcionario municipal e ex-concelleiro do Concello de Vigo), que contou coa colaboración de Iolanda Galanes Santos na redacción e na elaboración de materiais, con Ana Isabel Martínez Fernández na compilación de datos e co apoio técnico das sociólogas Águeda Gómez Suárez, Elvira González Solla e Isabel Diz Otero.

d) *Sector de planificación do corpus e difusión da lingua.* Neste sector, que ten carácter transversal, tratamos tres aspectos:

- 1) Planificación do corpus. Análise de avances e problemas que se verificaron nos seguintes campos: codificación (Henrique Monteagudo Romero, profesor da Universidade de Santiago de Compostela), lingüística e gramática galega (Rosario Álvarez Blanco, profesora da Universidade de Santiago de Compostela), lexicografía (Ernesto González Seoane, profesor da Universidade de Santiago de Compostela) e terminología (Iolanda Galanes Santos, Consello da Cultura Galega / profesora da Universidade de Vigo).
 - 2) Difusión do coñecemento do galego (planificación da adquisición). Análise desde o punto de vista didáctico dos materiais para aprendizaxe do idioma galego (Bieito Silva Valdivia e Xavier Mouríño Cagide, Instituto de Ciencias da Educación-USC); análise das iniciativas e recursos para a aprendizaxe do idioma por adultos: métodos, manuais, cursos, etc. (Rosario Pérez Magdalena, Consello da Cultura Galega).
 - 3) Cultivo e expansión funcional do idioma galego. Estudio da evolución da produción editorial en Galicia e en galego (Manuel Bragado López, editor, director de Edicións Xerais de Galicia) e análise da expansión temática e funcional da lingua a través da produción de tipos de textos (Henrique Monteagudo Romero e Iolanda Galanes Santos).
A dirección deste sector está a cargo de Henrique Monteagudo, que contou coa colaboración estreita de Iolanda Galanes Santos, así como con Moisés Barreiro Comedeiro, Rosario Pérez Magdalena, Ana Isabel Martínez Fernández e María Cuquejo Enríquez.
- e) Tamén prestamos atención á situación do ‘galego exterior’, falado fóra dos límites administrativos da Comunidade Autónoma Galega (Asturias, León e Zamora), mediante unha achega do

profesor universitario e especialista na cuestión, Francisco Fernández Rei.

Está previsto que o traballo se complete con dous estudos sectoriais máis: un sobre o ámbito empresarial e comercial, e outro sobre os medios de comunicación, que iniciaremos proximamente.

Como se ve, o equipo de traballo é heteroxéneo e, como non podía ser doutra maneira, interdisciplinario. Da coordinación e artellamento do conxunto encargáronse dous directores, Xan Bouzada Fernández (profesor de Socioloxía na Universidade de Vigo), e Henrique Monteagudo Romero (profesor de Sociolinguística galega na Universidade de Santiago de Compostela), apoiados por unha Secretaría (na fase inicial a cargo de Susana Mayo Redondo e logo de Iolanda Galanes Santos, técnicas do Consello da Cultura Galega). Ademais, contamos coa colaboración dun equipo de bolseiros: Moisés Barreiro Comedeiro, María Cuquejo Enríquez, Elvira González Solla, Ana Isabel Martínez Fernández, Antón Porto Sánchez.

Nas discusións que deron orixe ó proxecto e que o acompañaron a cada paso, desde o seu deseño orixinal ata as conclusiones non só participaron os membros do equipo, mais tamén, dun xeito especialmente activo, os membros da Sección de Lingua do Consello da Cultura, case todos eles colaboradores tamén no propio proxecto. Enumeraremos aquí a composición actual da devandita Sección: Henrique Monteagudo Romero (coordinador), Rosario Álvarez Blanco, Xan Bouzada Fernández, Manuel Bragado López, Xesús Costas Abreu, Agustín Fernández Paz, Francisco Fernández Rei e Bieito Silva Valdivia. O responsable da Sección cando a proposta de emprender este proxecto foi aprobada era Antón Santamarina Fernández.

TAREFAS, MÉTODOS E MATERIAIS

A continuación, ímonos referir de forma sintética ás tarefas más importantes que realizou cada sector, ós métodos de traballo seguidos e ós materiais producidos. Destacamos o feito de que

algúns datos de base recollidos, ademais de sernos útiles para a realización do noso traballo, deron pé á elaboración de bases de datos que poñeremos a disposición do público en xeral, a través da páxina web do Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia do Consello da Cultura Galega.

a) *Marco glotopolítico.* A documentación compilada é basicamente de dous tipos. Un primeiro, de tipo xornalístico, trátase dun caderno de prensa (diarios de Galicia e outras publicacións de tipo institucional profesional, político, sindical ou cultural), que nos ofrece por unha parte unha información valiosa en si mesma, e por outra un material de base para a análise de posicións e discursos públicos sobre a lingua. Un segundo no que reunimos un voluminoso compendio de materia normativa, medidas lexislativas e resolucións xudiciais, e en particular realizamos unha base de datos de iniciativas parlamentarias relacionadas coa lingua galega na Cámara autonómica. Colaborou en esta tarefa o citado Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia, en particular a súa responsable técnica, Susana Mayo Redondo, e Xosé Manuel Otero Fernández, ademais de Ana Isabel Martínez Fernández por parte da Sección. Tamén prestamos unha atención especial á análise dos presupostos anuais da Comunidade Autónoma, especialmente os da Dirección Xeral de Política Lingüística. Finalmente, aplicamos a técnica Delphi a un grupo de testemuñas-clave, especialmente, responsables políticos, expertos académicos, e promotores destacados do uso do galego en diferentes ámbitos. O obxectivo da aplicación desta técnica é facer máis participativa e rica a investigación. A través dela podemos reflectir os lugares comuns sobre a situación da lingua galega e o proceso de normalización; sobre as tendencias previsibles, ou sobre parámetros de avaliación das políticas lingüísticas. O método permite obter unha aproximación cuantificada por consenso sobre temas cualitativos, e ten unha gran virtualidade prospectiva. Polo tanto, constitúe unha boa base para orientar as conclusións e recomendacións xerais. Enviáronse dous cuestionarios: un primeiro aberto, no que cada experto deu a súa opinión de forma

confidencial sobre unha serie de temas que nucleaban a investigación, e un segundo, no que se especificaban máis as cuestións, para poder cuantificar as respuestas. As cuestións presentadas pódense clasificar en tres grandes grupos: (a) valoracións xerais sobre a situación da lingua galega, (b) valoración das políticas lingüísticas en Galicia, (c) comparación de propostas alternativas e novas propostas. Obtivemos 45 respuestas ó primeiro cuestionario, e 31 ó segundo.

Os participantes foron escollidos cos seguintes criterios: (a) analistas do proceso de normalización lingüística procedentes de distintas disciplinas das ciencias sociais; (b) investigadores significados de distintas institucións lingüísticas; (c) responsables políticos e representantes das distintas forzas políticas e sociais; (d) representantes das asociacións que traballan na promoción da lingua. Queremos deixar constancia expresa do noso agradecemento a estas persoas, que colaboraron de forma eficaz e totalmente desinteresada. Os seus nomes figuran en apéndice ó final do presente volume.

b) *Educación*. Comezamos cunha investigación macrosocial, con utilización de indicadores cualitativos, a partir dunha mostra significativa de 201 centros de educación infantil e primaria estratificada por tipo de centro (público/privado) e por tamaño de municipio e provincia. En cada centro recolleuse información procedente de tres fontes: (a) enquisa/entrevista individual co equipo directivo do centro (cuestionario de 49 preguntas), (b) enquisa/entrevista co equipo de normalización lingüística do centro (cuestionario de 63 preguntas), (c) ficha avaliadora realizada directamente polos observadores (19 ítems considerados). Consideramos imprescindible a triangulación de informacións para asegurar a fiabilidade dos datos obtidos.

Posteriormente, realizamos un estudio de casos baseado en prospeccións cualitativas a partir dunha tipoloxía de centros de ensino con características de maior ou menor nivel de galeguización segundo o tipo de zona (urbano/non urbano) e o tipo de centro (público/privado).

Agradecemos ós equipos directivos, equipos de normalización lingüística, e profesores destes centros, a súa paciencia e o seu espírito de colaboración con este proxecto. Figuran nunha lista que se incluirá en apéndice ó final do volume correspondente.

c) *Administracións públicas.* Realizamos un cuestionario sobre uso da lingua en concellos e deputacións, que se enviou por correo a cada un destes. Outro cuestionario envíouse ás consellerías do Goberno autónomo (12 en total) e ás súas delegacións provinciais. Despois de varias quendas de envío, obtivemos resposta das 4 deputacións provinciais e de 204 concellos (o que representa cerca dos dous tercios do total de 315). En canto ó Goberno autónomo, temos resposta de 7 do total de 12 consellerías, e de 36 delegacións destas (dun total de 48).

A información obtida por esta vía foi contrastada e completada por outras vías. En primeiro lugar, mediante calas no rexistro de entrada de varios concellos escollidos de modo complementario. Así, analizamos en varias datas as entradas do Concello de Barbadás, Cartelle, Moaña, Nogueira de Ramuín, Pontevedra, Quintela de Leirado e Vigo e da Deputación de Ourense, nas que se identificaba a lingua de cada documento recibido e o organismo de procedencia. En segundo lugar, mediante calas nos boletíns oficiais provinciais, pois en tres das catro provincias, cada texto se insire na lingua de orixe (o da provincia de Ourense editase integralmente en galego, polo que non é útil para o noso obxectivo). En terceiro lugar, no caso de organismos que contaban cun gabinete de normalización lingüística (caso das catro deputacións provinciais e de aproximadamente trinta concellos), mediante a información facilitada pola persoa encargada deste. A información obtida mediante o primeiro procedemento (calas no rexistro de entrada), é tamén relevante para coñecer os usos lingüísticos doutras institucións e organismos, en particular da Administración do Estado e as de empresas que prestan servicios ó concello. Tomamos estes datos, pois, como indicadores de uso lingüístico de diversas institucións.

É obrigado facer constar o noso fondo agradecemento ás institucións que colaboraron no traballo de campo, respondendo

ós nosos cuestionarios e ós nosos (ás veces impertinentes) requirimentos. Estas institucións aparecen listadas en apéndice ó final do volume correspondente. De xeito moi especial, debemos agradecer a axuda dos técnicos e técnicas en servicios lingüísticos que tamén nos atenderon e nos facilitaron informacións vitais para a elaboración deste traballo e que aparecen relacionados no anexo do volume correspondente.

d) *Planificación do corpus e Difusión da lingua.* Unha parte do traballo neste sector distribuíuse entre distintos especialistas en aspectos concretos (gramática, lexicografía, terminoloxía, didáctica e edición). O labor máis propio de equipo consistiu na elaboración dunha voluminosa base de datos coa producción didáctica en lingua galega, con especial atención ó material destinado ó ensino do e en galego. Para medir a diversificación funcional da lingua, utilizamos una versión adaptada da denominada retícula de Kloss (Fernández Salgado e Monteagudo Romero 1995) para medir o grao de desenvolvemento do galego por áreas en diversos ámbitos como a investigación universitaria, o ensaio, monografías científicas, etc., e fixemos calas na producción de textos en prosa non ficcional nos anos 1991 e 1999. Tamén compilamos un censo de publicacións periódicas, de carácter científico e outro de publicacións de ámbito profesional, que utilizan a lingua galega como lingua corporativa ou de publicación, para completalo tivemos que contactar numerosas entidades de diverso tipo das que incluímos unha relación de resposta no apéndice do volume correspondente.

Como deixamos indicado nas liñas iniciais desta introducción, os resultados do proxecto aparecerán publicados en catro volumes: o primeiro recolle os resultados do que antes denominamos ‘área de politoloxía’; o segundo versa sobre a investigación do traballo sobre o ensino infantil e primario; o terceiro, a investigación levada a cabo nas administracións públicas, o cuarto e último desta serie, os traballos sobre adaptación, actualización e difusión da lingua.

Aínda que nos traballos que presentamos puxemos toda a nosa capacidade de investigación e análise, e investimos todo o

rigor profesional do que fomos capaces; ainda que tentamos ser todo o obxectivos que uidemos na nosa consideración dos problemas (adoito espiñentos) que estudiamos, ainda que, en fin, envorcamos nel toda a ardencia do noso compromiso co futuro do idioma galego, non se nos escapa que o lector pode atopar que aspectos importantes do asunto tratado están insatisfactoriamente alumados, algunhas das nosas opcións de traballo e das conclusións a que chegamos son perfectamente discutibles, os nosos criterios e puntos de vista insuficientemente razoados ou sinxelamente falibles. Asumiremos con toda naturalidade, e mesmo con agradecemento, todas as críticas e opinións a que este traballo dea lugar, que oxalá sexan moitas. Pero, non por ser evidente, resulta escusado subliñar que o noso labor se ofrece con espírito absolutamente constructivo: cando se sinalan o que xulgamos erros ou deficiencias, a nosa intención non é sinalar presuntos culpables, mais contribuír a identificar puntos febles ou sinxelamente mellorables, e de ser o caso suxerir tratamentos ou focaxes dos problemas que nos semellan más acaídios. Non escudriñamos no pasado pola ansia de furgar nas nosas deficiencias colectivas ou nos posibles defectos dos nosos gobernantes; por parte, non é o noso papel fiscalizar os poderes públicos; pois para esta misión concreta a nosa democracia dotouse de partidos políticos e institucións representativas, ademais de contar cos vivos órganos de expresión da opinión pública.

Sinxelamente, propuxémonos ofrecerllas á sociedade galega, e de xeito especial ós seus responsables políticos, elementos de reflexión e de xuízo, para mellor afrontarmos unha das más fermosas e más estimulantes tarefas colectivas con que se enfrenta o noso país: a plena normalización da súa lingua secular e popular.

Ó longo desta presentación fomos deixando constancia das numerosas débedas de gratitud que fomos contraendo e que fixeron posible levar adiante o noso traballo. É probable que polo medio esqueceramos persoas ou institucións merecentes de figurar nun ou outro lugar. Adiantámonos a pregar perdón por eses eventuais descoidos. Non queremos deixar de mencionar, endebén, o persoal técnico do Consello da Cultura Galega que ó longo de todo

este tempo fixo gala do seu talante atento e colaborativo. Individualizamos este agradecemento na persoa de Antonio Montero Carro, o xerente da institución, pero queremos que se faga extensivo a todas as persoas que traballan no Consello. O presidente, Alfonso Zulueta de Haz, e a Comisión Executiva, nunca nos relevaron o seu alento e apoio para dar cabo a esta singradura, que experimentou tamén os seus episodios de risco e os seus perigos de naufraxio. Mercés a todos e a todas.

Finalmente, sería imperdoable rematar este limiar sen unha lembranza para o que era presidente do Consello da Cultura Galega cando este proxecto daba os seus primeiros pasos, quen por desgracia non poderá xa contemplar os seus froitos. Carlos Casares foi, para este traballo coma para tantas outras empresas culturais galegas, unha fonte constante de inspiración, de estímulo e de apoio. A mellor homenaxe que podemos ofrecerlle agora é precisamente pórle o ramo a esta nosa tarefa e continuar mirando cara a diante, a traballar por un presente e un porvir mellor para a nosa terra e para a nosa lingua, como el non deixou de facer sempre, incansablemente.

Henrique Monteagudo

Coordinador da Sección de Lingua
Consello da Cultura Galega

BIBLIOGRAFIA CITADA

Alén Garabato, M. C. e Rodríguez Yáñez, X. P. (coords.) (2000): *Le Galicien et la sociolinguistique galicienne à la conquête de la reconnaissance sociale* [Lengas, 47], Montpellier, Université Paul Valéry.

Argelaget, J. (1998): “Las políticas lingüísticas: diversidad de modelo lingüístico escolares” en Gomá, R. e Subirats, J. (comp.) *Políticas públicas en España*, Ariel, Barcelona, 295-316.

Arquivo de Planificación e Normalización Lingüística (ed.) (2002): *Actas dos IV Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, CCG.

Bouzada Fernández, X. e Lorenzo Suárez, A. (1997): *O futuro da lingua. Elementos sociolingüísticos para un achegamento prospectivo da lingua galega*, Santiago de Compostela, CCG.

Cidadania, Rede de Aplicacións Sociais (ed.) (2002): *Situación da lingua galega no Concello de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Domínguez Salgado, A. e Mayo Redondo, S. (eds.) (2000): *Actas dos III Encontros de normalización lingüística*, Santiago de Compostela, CCG.

Domínguez Salgado, A., Mayo Redondo, S. e Romero Rodríguez, D. (eds.) (1999): *Actas dos II Encontros para a normalización lingüística*, Santiago de Compostela, CCG.

Euromosaic (1996): *Producción e reproducción de grupos lingüísticos minoritarios da Unión Europea*, Santiago, Xunta de Galicia.

Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M. (coords.) (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística*, A Coruña, RAG.

Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M. (coords.) (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, RAG.

Fernández Rodríguez, M. e Rodríguez Neira, M. (coords.) (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*, Vigo, RAG.

Fernández Salgado, B. e Monteagudo, H. (1995): “Do galego literario ó galego común: proceso de estandardización na época contemporánea” en Monteagudo, H. (ed.), *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, Vigo, Galaxia, 99-176.

García Negro, M. P. (1991): *O galego e as leis. Aproximación sociolíngüística*, Vilaboa, Edicións do Cumio.

Gomá, R. e Subirats, J. (comp.) (1999): *Políticas públicas en España*, Ariel, Barcelona.

Graña Martínez, V. (2001): *Lexislación da Lingua Galega*, A Coruña, Xunta de Galicia.

Grin, F. (2000): *Evaluating police measures for minorite languages in Europe*, Flensburg, European Centre for Minorite Issues.

Grin, F e Vaillancourt, F. (1999): *The cost-effectiveness evaluation of minorite language policies: Case studies on Wales, Ireland and the Basque Country*, Flensburg, European Centre for Minorite Issues.

Lorenzo Suárez, A. (ed.) (1996): *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.

Mezo, J. (1996): *Políticas de recuperación lingüística en Irlanda (1922-1939) y el País Vasco (1980-1992)*, Madrid, Centro de Estudios Avanzados en Ciencias Sociales.

Monteagudo, H. (coord.) (1990): *Perspectivas sobre a lingua [=Grial, 107]*, Vigo, Galaxia.

Parlamento de Galicia (ed.) (1983a): *Lei de fundacións de interés galego*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

Parlamento de Galicia (ed.) (1983b): *Lei de recoñecemento da galeguidade*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

Parlamento de Galicia (ed.) (1983c): *Lei do Consello da Cultura Galega*, Santiago de Compostela, Parlamento de Galicia.

- Rodríguez Neira, M. (coord.) (1998): *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*, Santiago, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- Rodríguez Neira, M. e López Martínez, M. (1988): *O galego na Universidade*, Santiago, CCG.
- Rodríguez Yáñez, X. P. (coord.) (1993): *Sociolinguistique Galicienne [= Plurilinguismes, 6]*, París, Centre d'Études et de Recherches en Planification Linguistique/Université René Descartes.
- Rubal Rodríguez, X. (1992): *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (Preescolar e EXB)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Rubal Rodríguez, X. e Rodríguez Neira, M. (1987): *O galego no ensino público non universitario*, Santiago de Compostela, CCG.
- Siguan Soler, M. (1994): *Conocimiento y uso de las lenguas en España*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.
- Siguan Soler, M. (1999): *Conocimiento y uso de las lenguas*, Madrid, Centro de Investigaciones Sociológicas.
- VV. AA. (1997): *Estudio sociolingüístico da Universidade de Vigo*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.
- VV. AA. (1998): *Estudio sociolingüístico sobre a situación da lingua galega no Concello de Vigo*, Concello/Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.

EDUCACIÓ N

ABREVIACIÓENS

AFNL	Asociación de Funcionarios pola Normalización Lingüística
AGAL	Associaçom Galega da Língua
AGLI	Asociación Gallega para la Libertad del Idioma
ANPA	Asociación de Nais e País de Alumnos/as
APLL	Asociación de Profesores de Lingua e Literatura
AS-PG	Asociación Sócio-Pedagógica Galega
BNG	Bloque Nacionalista Galego
BN-PG/PSG	Bloque Nacional – Popular Galego/Partido Socialista Galego
BOPG	Boletín Oficial do Parlamento Galego
BUP	Bacharelato unificado polivalente
CA	Comunidade Autónoma
CAG	Comunidade Autónoma galega
CC.OO.	Comisións Obreiras
CCG	Consello da Cultura Galega
CCNL	Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística
CE	Constitución española
CEC	Consellería de Educación e Cultura
CEIP	Centro de Educación Infantil e Primaria
CEOU	Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
CPI	Colexio Público Integrado
CPR	Colexio Privado
CG	Coalición Galega
CIDE	Centro de Investigación e Documentación Educativa
CIG	Confederación Intersindical Galega
CIS	Centro de Investigacións Sociolóxicas
COU	Curso de Orientación Universitaria
CRTVG	Compañía de Radio Televisión de Galicia
CTXG	Confederación Xeral dos Traballadores Galegos
DAFO	Debilidades, Ameazas, Fortalezas, Oportunidades
DOG	Diario Oficial de Galicia
DXPL	Dirección Xeral de Política Lingüística
EA	Estatuto de autonomía
ED	Equipo directivo (dos centros de ensino)
EEI	Escola Educación Infantil
EG	Esquerda Galega
EGAP	Escola Galega de Administración Pública
ENL	Equipos de Normalización Lingüística
EPA	Enquisa de Poboación Activa
ESO	Educación Secundaria Obligatoria
EXB	Educación Xeral Básica

FP	Formación Profesional
ICE	Instituto de Ciencias da Educación
IES	Instituto de Ensino Secundario
IGE	Instituto Galego de Estatística
ILG	Instituto da Lingua Galega
INE	Instituto Nacional de Estadística
INTG	Intersindical Nacional dos Traballadores de Galicia
IPC	Índice de Prezos ó Consumo
IPLN	Informe de Política Lingüística e Normalización en Galicia
LACE	Libro de actas do Consello Escolar
LACP	Libro de actas do Claustro de profesorado
LNL	Lei de normalización lingüística
LOXSE	Lei orgánica xeral do sistema educativo
MCG	Movemento Comunista de Galicia
MEC	Ministerio de Educación e Ciencia
MNL	A Mesa pola Normalización Lingüística
MSG	Mapa Sociolingüístico de Galicia
NEG	Nova Escola Galega
NL	Normalización Lingüística
NS/NC	Non sabe/Non contesta
PCC	Proxecto curricular de centro
PCG	Partido Comunista de Galicia
PEC	Proxecto educativo de centro
PNG	Partido Nacionalista Galego
PP	Partido Popular
PPdG	Partido Popular de Galicia
PSdG-PSOE	Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español
PSG-EG	Partido Socialista Galego-Esquerra Galega
PSOE	Partido Socialista Obrero Español
RAG	Real Academia Galega
SGTE	Sindicato Galego de Traballadores do Ensino
SNL	Servicio de Normalización Lingüística
TSXG	Tribunal Superior de Xustiza de Galicia
UCD	Unión de Centro Democrático
UDC	Universidade da Coruña
UG	Unidade Galega
USC	Universidade de Santiago de Compostela
UTEG	Unión dos Traballadores do Ensino de Galicia

NDICE DE CADROS E GRÁFIKOS

Cadros

<i>Cadro 1:</i>	Mostra de centros por provincia	100
<i>Cadro 2:</i>	Mostra de centros por tamaño do municipio	100
<i>Cadro 3:</i>	Mostra de centros por provincia e hábitat	100
<i>Cadro 4:</i>	Mostra de centros por provincia e tipo de centro	101
<i>Cadro 5:</i>	Mostra de centros por zona e tipo de centro	101
<i>Cadro 6:</i>	Alumnado por tipo de colexio	101
<i>Cadro 7:</i>	Alumnado por hábitat	101
<i>Cadro 8:</i>	Alumnado por provincia	102
<i>Cadro 9:</i>	Profesorado por tipo de colexio	102
<i>Cadro 10:</i>	Profesorado por hábitat	102
<i>Cadro 11:</i>	Profesorado por provincia	103
<i>Cadro 12:</i>	Lingua utilizada na rotulación interna e externa dos centros	105
<i>Cadro 13:</i>	Lingua das comunicacións orais e escritas por parte da administración dos CEIP (en %)	107
<i>Cadro 14:</i>	Lingua en que están redactados distintos documentos oficiais (en %) ..	109
<i>Cadro 15:</i>	Lingua en que están redactados o PEC e mailo PCC segundo distintas variables	110
<i>Cadro 16:</i>	Lingua en que están redactados o LACP e mailo LACE segundo distintas variables	111
<i>Cadro 17:</i>	Lingua utilizada nos contactos informais no centro de ensino	112
<i>Cadro 18:</i>	Lingua utilizada en interaccións familia-profesorado (en %)	114
<i>Cadro 19:</i>	Lingua utilizada polos conserxes co entrevistador/a e co alumnado (en %)	115
<i>Cadro 20:</i>	Lingua utilizada polos conserxes co director/a e co profesorado	117
<i>Cadro 21:</i>	Lingua utilizada oralmente na Educación Infantil e Primaria (en %) ..	118
<i>Cadro 22:</i>	Lingua utilizada no encerado (en %)	120
<i>Cadro 23:</i>	Existencia de planificación lingüística nos centros educativos	122
<i>Cadro 24:</i>	Existencia de ENL nos centros educativos	125
<i>Cadro 25:</i>	En caso de que coide que ese obxectivo lingüístico non resulta acadable no seu centro, ¿que dificultades habería que salvar? (en %)	127
<i>Cadro 26:</i>	Existencia de ENL nos centros educativos (en % e nº.)	127
<i>Cadro 27:</i>	Lingua que utiliza habitualmente o alumnado do centro	129
<i>Cadro 28:</i>	Influencia lingüística que exerce a escola sobre o alumnado	131
<i>Cadro 29:</i>	Influencia lingüística que exerce a escola sobre o alumnado (en % e nº.) ..	132
<i>Cadro 30:</i>	Lingua para a realización das funcións administrativas do centro	133
<i>Cadro 31:</i>	Lingua utilizada polo alumnado de Educación Infantil (en %)	142
<i>Cadro 32:</i>	Lingua utilizada polo alumnado de Educación Infantil	142
<i>Cadro 33:</i>	Lingua utilizada polo profesorado en Educación Infantil (en %)	144
<i>Cadro 34:</i>	Lingua utilizada polo profesorado de Educación Infantil de 3 anos	145
<i>Cadro 35:</i>	Horas dedicadas á lingua galega en Educación Infantil (en %)	146

<i>Cadro 36:</i>	Horas dedicadas á lingua galega en Educación Infantil	147
<i>Cadro 37:</i>	Actividades realizadas para acadar unha maior destreza en galego (en %) ..	147
<i>Cadro 38:</i>	Distribución dos modelos lingüísticos de docencia segundo os ED ..	150
<i>Cadro 39:</i>	Distribución dos modelos lingüísticos de docencia segundo os ENL ..	150
<i>Cadro 40:</i>	Distribución dos modelos lingüísticos de docencia	151
<i>Cadro 41:</i>	Materia de Lingua Galega en 1º ciclo de Educación Primaria (en %) ..	153
<i>Cadro 42:</i>	Relación doutras materias impartidas en galego no 1º curso de Educación Primaria	154
<i>Cadro 43:</i>	Relación doutras materias impartidas en galego no 2º curso de Educación Primaria	154
<i>Cadro 44:</i>	Outras materias en lingua galega no 1º ciclo de Primaria (en % e nº) ..	155
<i>Cadro 45:</i>	Dominio con que chega o alumnado de Educación Infantil a Educación Primaria (en % e nº)	156
<i>Cadro 46:</i>	Materia de Lingua Galega no 2º ciclo de Educación Primaria (en %) ..	157
<i>Cadro 47:</i>	Materia de Coñecemento do Medio no 2º ciclo de Educación Primaria (en % e nº)	158
<i>Cadro 48:</i>	Relación de materias elixidas polo centro para seren impartidas en galego en 3º curso de Educación Primaria	159
<i>Cadro 49:</i>	Relación de materias elixidas polo centro para seren impartidas en galego en 4º curso de Educación Primaria	159
<i>Cadro 50:</i>	Materia de Lingua Galega no 3º ciclo de Educación Primaria (en %) ..	160
<i>Cadro 51:</i>	Materia de Coñecemento do Medio no 3º ciclo de Educación Primaria (en % e nº)	161
<i>Cadro 52:</i>	Relación de materias elixidas polo centro como 2ª materia en galego en 5º curso de Educación Primaria	162
<i>Cadro 53:</i>	Relación de materias elixidas polo centro como 2ª materia en galego en 6º curso de Educación Primaria	162
<i>Cadro 54:</i>	Relación de outras materias elixidas polo centro para seren impartidas en galego en 5º curso de Educación Primaria	163
<i>Cadro 55:</i>	Relación de outras materias elixidas polo centro para seren impartidas en galego en 6º curso de Educación Primaria	164
<i>Cadro 56:</i>	Lingua en que se realiza a aprendizaxe da lectoescritura	164
<i>Cadro 57:</i>	Nivel de competencia lingüística dos docentes	166
<i>Cadro 58:</i>	Deficiencias na competencia lingüística en lingua galega	167
<i>Cadro 59:</i>	Propostas para a mellora da situación actual	168
<i>Cadro 60:</i>	Experiencias/actividades realizadas no centro para a promoción do uso do galego entre a comunidade educativa	169
<i>Cadro 61:</i>	Dificultades que cumpriría salvar para acada-lo obxectivo da competencia semellante nas dúas linguas segundo tipo de centro (en %) ..	170
<i>Cadro 62:</i>	Actitudes ante a utilización do galego no ensino (en % e nº)	172
<i>Cadro 63:</i>	Actitudes ante uso do galego no ensino por parte da comunidade educativa	173
<i>Cadro 64:</i>	Actitudes da comunidade educativa ante a utilización do galego no ensino (en % e nº)	177

<i>Cadro 65a:</i>	Opinión do profesorado sobre diversos enunciados sobre a lingua galega	179
<i>Cadro 65b:</i>	Opinión do profesorado sobre diversos enunciados sobre a lingua galega	179
<i>Cadro 66a:</i>	Centros que están de acordo cos enunciados segundo o tipo de centro (en %)	180
<i>Cadro 66b:</i>	Centros que están nada de acordo cos enunciados segundo o tipo de centro (en %)	181
<i>Cadro 67:</i>	Valoración de dificultades para a implantación do galego no ensino (en % e nº.)	182
<i>Cadro 68:</i>	Dificultades para a implantación do galego no ensino	184
<i>Cadro 69a:</i>	Valoración das dificultades percibidas para a promoción do galego na escola (en % e nº.)	186
<i>Cadro 69b:</i>	Valoración das dificultades percibidas para a promoción do galego na escola (en % e nº.)	186
<i>Cadro 70:</i>	Valoración das dificultades percibidas para a promoción do galego na escola: Frecuencia da resposta de acordo segundo tipo de centro e hábitat (en % e nº.)	187
<i>Cadro 71:</i>	Opinión sobre o cumprimento dos mínimos esixidos pola lexislación actual no centro (Pregunta: ¿Cúmprese os mínimos ...?)	188
<i>Cadro 72a:</i>	Opinión sobre o grao de presencia da lingua galega na actividade diaria do centro	191
<i>Cadro 72b:</i>	Opinión sobre o grao de presencia da lingua galega na actividade diaria do centro	191
<i>Cadro 73a:</i>	Opinión ante o proceso de normalización da lingua galega no ensino ..	193
<i>Cadro 73b:</i>	Opinión ante o proceso de normalización da lingua galega no ensino ..	194
<i>Cadro 74a:</i>	Valoración do proceso de extensión do galego nos centros de ensino ..	196
<i>Cadro 74b:</i>	Valoración do proceso de extensión do galego nos centros de ensino ..	197
<i>Cadro 75a:</i>	Valoración da situación actual do proceso de normalización lingüística ..	199
<i>Cadro 75b:</i>	Valoración da situación actual do proceso de normalización lingüística ..	199
<i>Cadro Anexo-1:</i>	Utilización da lingua galega na escrita segundo o tipo de colexio (en %)	373
<i>Cadro Anexo-2:</i>	Utilización da lingua galega na escrita segundo o hábitat (en %) ..	373
<i>Cadro Anexo-3a:</i>	Utilización da lingua galega na escrita segundo a provincia (en %) ..	373
<i>Cadro Anexo-3b:</i>	Utilización da lingua galega na escrita segundo a provincia (en %)	374
<i>Cadro Anexo-4a:</i>	Utilización da lingua galega na escrita segundo o tamaño do municipio (en %)	374
<i>Cadro Anexo-4b:</i>	Utilización da lingua galega na escrita segundo o tamaño do municipio (en %)	374
<i>Cadro Anexo-5:</i>	Lingua utilizada nas aulas de Infantil en Galicia	375
<i>Cadro Anexo-6:</i>	Lingua utilizada nas aulas de primeiro en Galicia	375
<i>Cadro Anexo-7:</i>	Lingua utilizada nas aulas de segundo en Galicia	376
<i>Cadro Anexo-8:</i>	Lingua utilizada nas aulas de terceiro en Galicia	376

<i>Cadro Anexo-9:</i> Lingua utilizada nas aulas de cuarto en Galicia	377
<i>Cadro Anexo-10:</i> Lingua utilizada nas aulas de quinto en Galicia	377
<i>Cadro Anexo-11:</i> Lingua utilizada nas aulas de sexto en Galicia	378
<i>Cadro Anexo-12:</i> Lingua utilizada no encerado de Infantil en Galicia	378
<i>Cadro Anexo-13:</i> Lingua utilizada no encerado de primeiro en Galicia	379
<i>Cadro Anexo-14:</i> Lingua utilizada no encerado de segundo en Galicia	379
<i>Cadro Anexo-15:</i> Lingua utilizada no encerado de terceiro en Galicia	380
<i>Cadro Anexo-16:</i> Lingua utilizada no encerado de cuarto en Galicia	380
<i>Cadro Anexo-17:</i> Lingua utilizada no encerado de quinto en Galicia	381
<i>Cadro Anexo-18:</i> Lingua utilizada no encerado de sexto en Galicia	381
<i>Cadro Anexo-19:</i> Grao de acordo co obxectivo da Lei de normalización lingüística consistente en que o alumnado acade a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais	382
<i>Cadro Anexo-20:</i> Semella acadable o obxectivo educativo da Lei de normalización lingüística que consiste en que o alumnado acade a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais	382
<i>Cadro Anexo-21:</i> Seméllalle acadable ese obxectivo lingüístico no seu centro	383
<i>Cadro Anexo-22:</i> Lingua que máis se fala no contorno do centro educativo	383
<i>Cadro Anexo-23:</i> Lingua predominante nas familias	384
<i>Cadro Anexo-24:</i> Lingua utilizada nas comunicacións orais do centro coa Administración educativa e máis co concello	384
<i>Cadro Anexo-25a:</i> Lingua utilizada nas comunicacións orais do centro coas familias ..	385
<i>Cadro Anexo-25b:</i> Lingua utilizada nas comunicacións escritas do centro coa Administración educativa e máis co concello	385
<i>Cadro Anexo-26a:</i> Lingua utilizada nas comunicacións escritas do centro coas familias ..	386
<i>Cadro Anexo-26b:</i> Cómo inflúen os docentes coa lingua habitual que empregan ..	386
<i>Cadro Anexo 27:</i> Práctica lingüística habitual de persoal non docente, profesorado e alumnado dos centros de ensino	387

Gráficos

<i>Gráfico 1:</i> Tipo de centro	99
<i>Gráfico 2:</i> Hábitat dos colexios	100
<i>Gráfico 3:</i> Utilización da lingua galega na escrita (en %)	108
<i>Gráfico 4:</i> Utilización oral da lingua galega no ensino infantil e primario segundo o tipo de centro (en %)	119
<i>Gráfico 5:</i> Utilización de galego e castelán no encerado (cala auditiva) (en %) ..	120
<i>Gráfico 6:</i> Existencia de planificación lingüística nos centros educativos	123
<i>Gráfico 7:</i> Existencia de ENL nos centros educativos	124
<i>Gráfico 8:</i> Opinións sobre o cumprimento do obxectivo lingüístico da LNL	126
<i>Gráfico 9:</i> Lingua que máis se fala no contorno do centro educativo	128
<i>Gráfico 10:</i> Lingua habitual de familias e alumnado (en %)	130
<i>Gráfico 11:</i> Realización das funcións administrativas do centro en galego	133
<i>Gráfico 12:</i> Lingua utilizada nas comunicacións orais dos centros (en %)	134
<i>Gráfico 13:</i> Lingua utilizada nas comunicacións escritas dos centros	135
<i>Gráfico 14:</i> Cómo inflúen os docentes coa lingua habitual que empregan	137

Gráfico 15:	Práctica lingüística habitual do persoal non docente, do profesorado e do alumnado dos centros	138
Gráfico 16:	Aulas de Educación Infantil	141
Gráfico 17:	Lingua en que se realiza a aprendizaxe da lectoescritura na Educación Infantil	148
Gráfico 18:	Modelo de docencia segundo o tipo de centro no 1º curso de Primaria (en %)	152
Gráfico 19:	Modelo de docencia segundo o tamaño do municipio no 1º curso de Primaria (en %)	152
Gráfico 20:	Outras materias en lingua galega no 1º curso de Primaria e segundo o tipo de centro (en %)	155
Gráfico 21:	Avaliación do nivel de competencia lingüística dos docentes en galego ..	165
Gráfico 22:	Dificultade primeira para a implantación do galego no ensino (en %) ..	185
Gráfico 23:	Opinión sobre o grao de cumprimento dos mínimos esixidos pola lexislación actual no centro (en %)	188
Gráfico 24:	Opinión sobre o grao de presencia da lingua galega na actividade diaria dos centros	190
Gráfico 25:	Opinión ante o proceso de normalización da lingua galega no ensino ..	192
Gráfico 26:	Valoración do proceso de extensión do galego nos centros de ensino ..	195
Gráfico 27:	Valoración da situación actual do proceso de normalización lingüística ..	198
Gráfico 28:	Causas do estancamiento ou retroceso na normalización da lingua galega	200

INTRODUCCIÓN

O traballo que presentamos neste volume é un dos froitos do *Informe de Política Lingüística e Normalización en Galicia* (IPLN) que se desenvolveu desde a Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega. Xa que unha das finalidades principais do IPLN é a de elaborar un diagnóstico cualitativo e cuantitativo sobre o impacto das actuacións de promoción e de revitalización da lingua galega, o ámbito do ensino debía te-lo seu lugar específico no seo do Informe e ese foi o obxecto de estudio que consideramos neste volume.

O ámbito do ensino constituíu un dos sectores preferentes e primordiais para a consecución da revitalización social do galego trala recuperación da democracia en España a partir de 1975. A constatación de que a inserción da lingua galega nas prácticas educativas era unha condición necesaria para acada-la súa normalidade social foi un razoamento compartido por tódolos axentes sociais e políticos comprometidos coa súa recuperación. Nese sentido non é casualidade que os responsables políticos que aprobaron no Parlamento de Galicia a Lei de normalización lingüística en 1983 lle dedicaran unha parte relevante dese texto legal ó ámbito educativo.

Sobre a situación do galego no ensino e na educación foron realizados e publicados distintos traballos durante os anos oitenta e noventa (véxanse, entre outros, Monteagudo et al. 1986; Rubal 1987, 1988; Rodríguez Neira e López 1988; Arza et al. 1990), pero carecíase ata o momento actual dun estudio que mostrase, dun xeito sistemático, os resultados tras case vinte anos de normalización lingüística despois da aprobación e aplicación da LNL.

Trala realización por parte da Administración educativa da Xunta de Galicia dunha enquisa sociolingüística a tódolos centros de ensino en 1998 (véxase Dirección Xeral de Política Lingüística 1998), na cal se abrangueu o universo global dos centros públicos e privados de Galicia, o noso obxectivo primordial consistiu en deseñar unha investigación complementaria que profundase na

análise da vitalidade da lingua nos centros escolares mediante a triangulación dos datos e mediante a realización dun estudio de casos de tipos diferenciados de centros, utilizando para iso un abano diverso de indicadores cuantitativos e cualitativos.

A información recollida permite mostrar un diagnóstico do proceso de normalización da lingua galega no ámbito escolar –no ensino infantil e primario– a través de diversos temas específicos: a situación da docencia do galego e en galego, a existencia de actuacións de planificación lingüística nos centros escolares, o diferente nivel de intensidade na galeguización das actividades internas e externas, as opinións sobre a presencia do galego nas transmisións educativas e sobre os puntos fortes e febles que se perciben no proceso de consolidación actual do galego no medio escolar.

Esta investigación centrouse, xa que logo, en obter información relevante e contrastada para conseguirmos tres tipos de obxectivos: a) a consecución dun diagnóstico rigoroso sobre a situación actual do galego nos centros de ensino e nas transmisións educativas; b) a análise das tendencias sociolingüísticas más relevantes que contextualizan as prácticas lingüísticas escolares; e c) a análise das ideoloxías e opinións dos sectores que forman a comunidade escolar ante o proceso de normalización lingüística.

O resultado da investigación, que se presenta neste volume, quedou estructurado en tres partes principais, seguidas dunha sección de anexos e dun apartado bibliográfico.

Na primeira parte (*A lingua no sistema educativo*) levamos a cabo un repaso e unha avaliación dos eixes fundamentais da situación legal da lingua galega en xeral e en particular no ensino, das iniciativas que se levaron a cabo desde finais dos anos setenta desde as organizacións socioeducativas para a promoción da lingua no ámbito escolar, e dos estudos e investigacións más salientables publicadas neste período temporal.

Na segunda parte (*A investigación sobre a situación da lingua galega nos centros de ensino infantil e primario de Galicia*) mostramos, por unha banda, os resultados cuantitativos dunha mostra de cen-

tros a partir de diferentes indicadores cuantitativos, e, por outra banda, presentámos-los resultados dun estudio de casos mediante o cal afondamos nas realidades da normalización lingüística nunha tipoloxía representativa de centros.

Na terceira parte presentamos unha sección de conclusións estructurada en dúas partes: primeiro, un diagnóstico da situación lingüística dos centros de ensino; e segundo, un conxunto de propostas de mellora.

Con respecto á metodoloxía que utilizamos na segunda parte do traballo –para a cal deseñamos todo un conxunto diverso de enquisas e de documentos de avaliación orixinais–, a investigación organizouse en dúas partes. En primeiro lugar, desenvolvemos unha investigación macrosocial, mediante a utilización de indicadores cuantitativos, a partir dunha mostra significativa de centros estratificada por *tipo de centro* (privado/público) e por *provincia* (201 centros analizados). Utilizamos para iso unha enquisa/entrevista individual cos equipos directivos dos centros (que contiña 41 preguntas), e unha enquisa/entrevista individual cos responsables dos equipos de normalización lingüística de cada centro (con 53 preguntas); ademais, elaboramos e pasamos en cada centro escolar unha ficha avaliativa de observación (composta de 48 ítems). E en segundo lugar, levamos a cabo un estudio de casos baseado en indicadores cualitativos a partir dunha tipoloxía de centros con características de maior e menor nivel de galeguización, e segundo o tipo de zona (urbano/non urbano) e o tipo de centro (público/privado).

Para remata-la introducción, queremos que conste o agradecemento dos autores a tódalas persoas que fixeron posible que este traballo saíse adiante. Para comenzar, debemos agradecérllle-la atención que nos dispensaron en tódolos centros de Infantil e de Primaria que nos acollerón e nos facilitaron o labor de recoller datos, tanto coas enquisas e as entrevistas coma cos estudos de casos. Equipos directivos e de normalización lingüística, profesorado, alumnado e membros das asociacións de nais e pais axudaron considerablemente para que o labor dos investigadores fose en

todo momento doado e sinxelo. Tamén queremos agradecer-las observacións realizadas a unha versión inicial deste traballo por parte de Francisco Fernández Rei, Bieito Silva Valdivia, Rosario Álvarez Blanco e Henrique Monteagudo, todos eles membros do Informe de Política Lingüística e Normalización da Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega.

I. A LINGUA NO SISTEMA EDUCATIVO GALEGO

Presentamos nesta sección unha revisión detallada e comentada do desenvolvemento da lingua galega no ámbito educativo desde 1975 ata a actualidade. Con esa finalidade facemos referencia a tres tipos de aspectos: en primeiro lugar, comentamos os principais acontecementos xurídicos e lexislativos que atinxiron á situación legal da lingua galega (con repercuśóns directas ou indirectas no ámbito educativo); en segundo lugar, repasámoloas actuacións más sobranceiras das organizacións socioeducativas para a consecuención dunha meirande presencia da lingua neste ámbito; e, en terceiro lugar, presentámoloos estudos, informes e investigacións más sobranceiros que se publicaron durante este período temporal –que abrangue desde finais dos anos setenta ata o momento actual– para o coñecemento das realidades lingüísticas escolares.

1 O GALEGO NO ENSINO NOS ANOS ANTERIORES Á APROBACIÓN DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

1.1 *A etapa preconstitucional*

O movemento favorable á oficialización da lingua galega e á súa implantación xeral no sistema educativo, que se plasmara na obra de diferentes escritores e políticos ó longo dos anos 20 e 30 e, de xeito significativo, no texto do Estatuto de autonomía aprobado en 1936, quedou socialmente roto coa guerra civil (1936-39) e a posterior dictadura militar. A escola franquista, transmisora da ideoloxía dos vencedores, tivo como unha das súas principais características o combate activo contra a lingua e a cultura galegas, protagonizando un intenso proceso de castelanización das novas xeracións e un reforzo da situación diglósica e dos prexuízos lingüísticos que historicamente lastraban a situación social do galego.

Os movementos favorables á introducción do galego no ensino comezaron a agromar de novo ó longo dos anos sesenta e

setenta. Nesa etapa, sobre todo nos anos inmediatamente anteriores á morte de Franco, grupos de ensinantes, minoritarios pero significativos, introduciron a lingua galega nas súas aulas. Non só se tratou dunha práctica pedagóxica froito da evidencia de que a gran maioría dos escolares seguían a ter como lingua familiar o galego, senón que tamén respondía a unha vontade política de acadar unha sociedade democrática, propósito que tiña como unha das súas compoñentes explícitas a normalización social do galego.

Dentro deste movemento, cómpre lembrar feitos como a creación da UTEG (Unión de Traballadores do Ensino de Galicia) en 1975, o *Manifesto dos ensinantes de Galicia* (1976) ou os primeiros cursos de galego dirixidos ó profesorado, impartidos polo ICE da Universidade de Santiago, en colaboración co ILG. Tamén foron significativos os primeiros intentos de crear materiais didácticos tanto para a aprendizaxe do galego como, sobre todo, para a lecto-escritura en galego: o *Catón Galego* de X. R. Fernández Oxea (1969; o texto orixinal era de 1936), *O galego na escola* de Alonso Montero e Marcos de Abajo (1970), o *Plan Pedagóxico Galego* do Grupo de Traballo Galego de Londres (1971), *Lecturas Galegas 1* do ILG (1972), o método de lectoescritura *Picariños* do Grupo da Asociación Católica de Mestres (1975), os *Textos para o ensino do galego* de Edicións do Rueiro (1977), etc.

Esta minoritaria introducción da lingua galega nas aulas viuse favorecida por unha certa permisividade da Administración, máis teórica que real, que na Lei xeral de educación (1971) consideraba a posibilidade de introduci-lo galego de acordo con condicións moi restrictivas, e sempre de maneira voluntaria para o alumnado. Algo semellante apareceu no decreto 2929 de outubro de 1975, onde se autorizaba o uso das “linguas nativas españolas” como materia voluntaria para o alumnado de Preescolar e de EXB.

Despois da morte de Franco, ocorrida en 1975, o movemento pola introducción do galego no ensino cobrou unha forza significativa, aínda que sempre minoritaria. Era unha aspiración defendida polos partidos políticos de esquerdas e polas forzas sin-

dicais que comezaban a ter unha práctica pública, malia non estaren legalizados. Esta aspiración víase favorecida polos movementos (socialmente, moito máis intensos) que se estaban a dar en Cataluña e Euskadi con reivindicacións semellantes.

1.2 *A aprobación da Constitución de 1978*

En 1978, despois dunha etapa de intensos movementos sociais e políticos, aprobouse a Constitución española, un feito que motivou os primeiros cambios oficiais respecto do status do galego. Así, nela lemos que:

Art. 3: 1. O castelán é a lingua oficial do Estado. Tódolos españois teñen o deber de a coñecer e o dereito de a usar.

2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas Comunidades Autónomas de acordo cos seus Estatutos.

3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Art. 148: 1. As Comunidades Autónomas poderán asumir competencias nas seguintes materias:

17º O fomento da cultura, da investigación e, no seu caso, do ensino da lingua da Comunidade Autónoma.

Deste xeito, áinda que o único idioma que se impoñía como deber a tódolos cidadáns era o castelán, establecendo un tratamento desigual e desfavorable para os outros idiomas do Estado, tamén quedaba aberta unha porta para que o galego entrase no sistema educativo.

Como consecuencia da aprobación da Constitución, e mentres non se elaboraba e referendaba o Estatuto de autonomía, creouse en Galicia unha Xunta preautonómica, encargada de ir poñendo as bases para o futuro goberno galego que tería que xurdir do Estatuto.

Unha das actuacións desa Xunta foi a promulgación do Real decreto 1981/79, do 20 de xullo de 1979, máis coñecido como Decreto de bilingüismo, que establecía, por primeira vez de modo oficial, a introducción da lingua galega como materia obligatoria de estudio en tódolos niveis educativos non universitarios. Unha Comisión Mixta MEC-Xunta de Galicia foi a encargada de elabora-los programas de Lingua para os distintos niveis do ensino. O decreto establecía, ademais, unha serie de condicionantes para os casos nos que se quixese imparti-lo ensino en lingua galega, condicionantes que, ademais de ter que contar coa predisposición favorable dos docentes, deixaban a adopción final ou non desa medida nas mans das ANPA (con fortes prexuízos cara á lingua, sobre todo en zonas galego-falantes, onde ademais o control por parte das estructuras de poder da dictadura permanecía case inalterado) e das autoridades educativas.

A aplicación deste decreto motivou que, entre os anos 1979 e 1983, houbese unha amplísima polémica social sobre a presencia do galego na escola. A norma oficial que obrigaba ó ensino da lingua galega tivo unha escasa incidencia práctica, xa que só se cumpliu naqueles centros onde os docentes tiñan interese en facela efectiva. O decreto, pola contra, foi utilizado polos sectores sociais contrarios ó galego para frea-los avances que nalgúns lugares se puidesen producir (está por facer un estudio sobre as reacciones que provocou nos sectores de opinión más influentes, con contundentes tomas de posición negativas na prensa).

Deste choque entre o primeiro texto legal que, en teoría, favorecía a presencia do galego e a realidade escolar e social xurdiron numerosos conflictos, que afectaron sobre todo a aqueles centros que tentaron levar á práctica o ensino en galego en contextos galego-falantes (institutos de Marín, Lalín, A Estrada...; colexios de Corme, Bueu, Baiona, O Foxo, Salvaterra e, sobre todo, o de Dices-Rois (Padrón), que se converteu en paradigma da situación, ó seren represaliados dous profesores polo feito de daren as clases en galego ós seus alumnos galego-falantes, o que motivou un amplo movemento de solidariedade entre os sectores docentes progresistas, ó

tempo que deixaba ó descuberto as serias resistencias que os poderes fácticos do país, e tamén un amplio sector dos docentes, ían oponer á extensión do galego no ensino.

Con todo, unha das consecuencias positivas do Decreto de bilingüismo foi a de facer ver que, cando menos, a introducción do ensino do galego ía ser axiña un feito xeneralizado. Esta evidencia levou á necesidade de contar con materiais didácticos (libros de texto, literatura infantil, materiais complementarios) para esa práctica escolar; nos anos seguintes, isto favoreceu de xeito significativo a creación de novas editoriais galegas (Edicións Xerais de Galicia, Vía Láctea, Ir Indo, etc.), a consolidación das xa existentes (Galaxia, Edicións do Castro) e a irrupción no incipiente mercado galego de editoriais castelás ligadas ó mundo do ensino (Anaya, SM, Santillana, etc.).

2 O TRATAMENTO DA LINGUA GALEGA NO ESTATUTO DE AUTONOMÍA E NA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

2.1 *A lingua galega no Estatuto de autonomía*

O Estatuto de autonomía, que sería a norma básica que, xunto coa Constitución, definiría o noso marco legal, aprobouse en outubro de 1980, áinda que non apareceu publicada como lei orgánica ata abril de 1981. Ademais dos precedentes históricos, contou con outro texto previo elaborado pola chamada “Comisión dos 16”, onde estaban representadas unha parte das forzas políticas. No que se refire á lingua, o “Estatuto dos 16” era máis avanzado có texto que finalmente se aprobou, xa que sinalaba o deber de coñecelo galego e o dereito de usalo.

No Estatuto, como artigos referidos á lingua no ensino, cómpre salienta-los seguintes:

Art. 5: 2. A lingua propia de Galicia é o galego.

3. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.

4. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.

5. Ningún poderá ser discriminado por causa da lingua.

Art. 27: No marco do presente Estatuto correspónelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva das seguintes materias:

20. A promoción e o ensino da lingua galega.

Art. 31: É da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e Administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas Leis orgánicas que, conforme o apartado 1º do artigo 81 da mesma o desenvolván, das facultades que lle atribúe ó Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

Estes artigos do Estatuto obrigaban a que o Parlamento de Galicia elaborase unha lei que desenvolvese todo o que tiña que ver cos usos sociais e administrativos da lingua. Así foi como se elaborou e aprobou, en xuño de 1983, a Lei de normalización lingüística, que é de sumo interese, por se-la que estivo en vigor durante todos estes anos e continúa a estalo na actualidade. Antes da súa aprobación, houbo un novo Decreto, o 81/1982 que incidía sobre os usos da lingua galega no ensino, con algún pequeno avance respecto do de 1979.

Malia a ser aprobada por unanimidade do Parlamento (unanimidade matizada se temos en conta que os parlamentarios do grupo BN-PG/PSG foran expulsados ó negárense a xurar acatamento á Constitución), a Lei de normalización lingüística (LNL) foi obxecto dun recurso de inconstitucionalidade polo Goberno

central, daquela do PSOE, perante o Tribunal Constitucional. A causa principal do recurso era o artigo 1 que, despois de enunciar que “o galego é a lingua propia de Galicia” establecía que “tódolos galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito de usalo”, en liña co que a Constitución sinala para o castelán. O Tribunal Constitucional sentenciou en contra do Goberno galego, sinalando que “tal deber no viene impuesto por la Constitución y no es inherente a la cooficialidad de la lengua gallega”. Esta importante corrección tería significativa influencia no desenvolvemento posterior da lei.

2.2 *A lingua na Lei de normalización lingüística*

A Lei de normalización lingüística (LNL), aprobada polo Parlamento de Galicia en 1983, é o texto que serve de espiñazo para todo o desenvolvemento lexislativo que se fixo posteriormente. Por iso convén deterse nela, especialmente nalgúns parágrafos do seu preámbulo e nos artigos que se refiren á lingua no ensino.

No preámbulo atopamos afirmacións como as seguintes:

A Constitución de 1978, ó recoñece-los nosos dereitos autonómicos como nacionalidade histórica, fixo posible a posta en marcha dun esforzo constructivo encamiñado á plena recuperación da nosa personalidade colectiva e da súa potencialidade creadora.

Un dos factores fundamentais desa recuperación é a lingua, por se-lo núcleo vital da nosa identidade. A lingua é a maior e máis orixinal creación colectiva dos galegos, é a verdadeira forza espiritual que lle dá unidade interna á nosa comunidade. Únenos co pasado do noso pobo, porque del a recibimos como patrimonio vivo, e uniranos co seu futuro, porque a recibirá de nós como legado da identidade común. E na Galicia do presente serve de vínculo esencial entre os galegos afincados na terra nativa e os galegos emigrados polo mundo.

Por outra banda, os artigos que fan referencia específica ó galego no ensino (contidos todos eles no título III, “Do uso do galego no ensino”) son os que enunciamos a continuación:

O galego no ensino na Lei de normalización lingüística (1983)

Art. 12: 1. O galego, como lingua propia de Galicia, é tamén lingua oficial no ensino en tódolos niveis educativos.

2. A Xunta de Galicia regulamentará a normalización do uso das linguas oficiais no ensino, de acordo coas disposicións da presente Lei.

Art. 13: 1. Os nenos teñen dereito a recibilo primeiro ensino na súa lingua materna. O Goberno Galego atenderá as medidas para facer efectivo ese dereito.

2. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma arbitrarán as medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino.

3. Os alumnos non poderán ser separados en centros diferentes por razón da lingua. Tamén se evitará, a non ser que con carácter excepcional as necesidades pedagóxicas así o aconsellaren, a separación en aulas diferentes.

Art. 14: 1. A lingua galega é materia de estudio obligatorio en tódolos niveis educativos non universitarios.

Garantirse o uso efectivo deste dereito en tódolos centros públicos e privados.

2. O Goberno Galego regulamentará as circunstancias excepcionais en que un alumno pode ser dispensado do estudio obligatorio da lingua galega. Ningún alumno poderá ser dispensado desta obriga se tivera cursado sen interrupción os seus estudos en Galicia.

3. As autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos en que o ensino do galego é obligatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán.

(...)

Art. 17: 1. Nas Escolas Universitarias e demais centros de Formación do Profesorado será obligatorio o estudio da lingua galega. Os alumnos destes centros deberán adquirir-la capaci-tación necesaria para facer efectivos os dereitos que se amparan na presente Lei.

2. As autoridades educativas promoverán o coñecemento do galego por parte dos profesores nos niveis non incluídos no parágrafo anterior, co fin de garantir-la progresiva normalización do uso da lingua galega no ensino.

Estes artigos da LNL son de grande interese, xa que a partir deles se fixeron os sucesivos desenvolvimentos lexislativos que tentaban concretar na realidade o sinalado na lei. O organismo encargado da redacción desas concrecóns foi a Dirección Xeral de Política Lingüística, creada no ano 1983, dentro do organigrama da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria¹¹.

11. Co Decreto de *bilingüismo* de 1979 creárase na Xunta preautonómica unha Subdirección Xeral de Ensino da Lingua Galega, logo Dirección Xeral de Ensino da Lingua Galega, reconvertida en 1983 na Dirección Xeral de Política Lingüística. O profesor Antón Santamarina foi o primeiro subdirector xeral de Ensino da Lingua Galega.

3 O DESENVOLVEMENTO LEXISLATIVO POSTERIOR Á APROBACIÓN DA LEI DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

3.1 *O Decreto 135/1983*

O primeiro desenvolvimento lexislativo deuse a través do Decreto 135/1983, do 8 de setembro. Foi un desenvolvimento moi tímido, que nin de lonxe garantía a consecución dos obxectivos previstos pola lei. Con este decreto o galego recibía no sistema educativo un tratamento similar ó dunha lingua estranxeira, limitándose a obriga-la súa aprendizaxe como materia nos niveis educativos non universitarios.

Nel indicábase, en primeiro termo, que as materias de Lingua Galega e de Lingua Castelá terían globalmente o mesmo número de horas, e que nelas se empregarían, respectivamente, o galego e o castelán, “sen máis excepcións que as esixidas pola propia eficacia do ensino” (na práctica, isto foi unha porta aberta á impartición das clases de lingua galega en castelán, sobre todo nos ámbitos urbanos).

Nos niveis de Preescolar e no ciclo inicial da EXB (é dicir, nos períodos de 4-6 anos e 6-8 anos) sinalábase que “os profesores usarán a lingua materna predominante entre os alumnos, coidando que estes adquieran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios do correspondente nivel”.

Para as restantes materias, o decreto indicaba: “usaranse indistintamente o galego ou o castelán, se ben o respectivo Consello de Dirección, Órgano superior competente do Centro ou Departamento haberá de arbitrar un equilibrio na utilización dun ou doutro idioma”.

Estas directrices non pasaron de ser indicacións teóricas con escasa incidencia real. Na práctica, o decreto só tivo unha consecuencia positiva: xeneralizou o estudio da Lingua Galega como materia. Moitos centros, sobre todo no ámbito urbano, ata daque-la nin tan sequera dabán as clases de Lingua Galega. Algúns segui-

ron sen dalas, ou impartíndoas en castelán, pero o certo é que o estudio do galego acabou por xeneralizarse (outra cousa foi a orientación didáctica dada á materia, moitas veces cun enfoque que abalaba entre o etnográfico e o folclórico, e a súa eficacia, máis que discutible).

As boas intencións do decreto (que nos centros se decidise qué outras materias se darían en galego, ata chegar a un equilibrio no uso das dúas linguas) nunca chegaron a callar, agás nun pequeno número de centros onde había un profesorado disposto a asumir avances normalizadores no ensino. É normal que ocorrese isto, dado que os prexuízos sociais e as actitudes negativas dun amplio sector do profesorado (que non podía pasar por arte de maxia da escola franquista a unha escola más propia dunha sociedade democrática) impediron que a norma legal se levase á práctica. O galego quedou relegado a unha materia de estudio; ainda así, a súa ensinanza foi significativamente contestada por un sector do profesorado e da sociedade, ó consideraren que, como nas leis da derradeira etapa do franquismo, o seu ensino debía de ser voluntario. O “uso progresivo do galego no ensino” do que se falaba na LNL quedou esquecido durante o tempo que estivo en vigor o decreto.

Visto cunha perspectiva histórica, este decreto tivo un papel negativo que non se pode obviar á hora de analizalo. Quizais por descoñecemento do que eran os programas de ensino bilingüe, ou porque a orientación política dos primeiros gobiernos autonómicos era contraria a calquera avance do galego, ou porque non houbo a necesaria reciclaxe do profesorado en cuestións de sociolingüística aplicada ó ensino, ou porque non houbo unha presión social suficiente, etc., o certo é que a introducción do galego foi moi cativa. Ademais, na práctica, a Dirección Xeral de Política Lingüística funcionou como unha peza separada do resto da administración educativa, con resultados moi pobres, como era de agardar.

Paralelamente, comezouse a desenvolver un amplio programa de cursos que, en teoría, pretendían dota-lo profesorado da competencia comunicativa en galego necesaria para poder impari-las

clases de e en galego. Deseñáronse dous niveis (Iniciación e Perfeccionamento) ós que posteriormente se lles engadiu un terceiro, o de Especialización, pensado para forma-lo profesorado que daría as clases de Lingua Galega e Literatura na 2^a etapa de EXB.

Estes cursos, nas súas primeiras convocatorias, tiveron un alto rendemento, xa que a maior parte do profesorado que asistía a eles tiña actitudes positivas cara á lingua e era, na súa mayoría, galego-falante. En anos posteriores, estes cursos foron sufrindo un certo proceso de degradación, onde a asistencia ás sesións garantía en grande medida o aprobado, acabando por se converter nun requisito formal que estaba moi lonxe de asegurar unha mínima competencia comunicativa ó profesorado que asistía a eles. Con todo, este tipo de situacóns non foron xeneralizadas.

3.2 A Orde 1987/1988

En agosto de 1987 promulgouse unha orde que desenvolvía (e, na práctica, substituía) o decreto anterior, introducindo algúns avances moi significativos en relación coa presencia do galego no ensino. Xa un ano antes, en xuño do 86, a Dirección Xeral de Política Lingüística enviara ós centros unha circular na que se proponían a maior parte das medidas plasmadas logo na orde.

Pouco despois de ser promulgada, o Goberno central, a través do delegado do Goberno en Galicia, formalizou un recurso de inconstitucionalidade contra a maior parte do articulado da orde. Non fixo falta que o Tribunal Constitucional se pronunciase, porque o goberno tripartito (PSOE-CG-PNG), ó pouco de acceder ó poder, introduciu na orde unha serie de correccións dirixidas a garanti-los dereitos lingüísticos dos castelán-falantes, presumantemente agredidos na redacción inicial (na práctica, as pretendidas “agresións” viñan motivadas por un incremento da presencia do galego na vida dos centros). Con esas correccións, entrou en vigor o 1 de marzo de 1988.

As novedades máis significativas –e que, malia ós recortes, supoñían un considerable avance respecto da situación anterior–

centrábanse en que, por primeira vez de xeito obligatorio, se lexis-laba o uso do galego como lingua vehicular nunha parte do currículo. É dicir, o galego deixaba de ser tratado como lingua estranxeira e pasaba a ter unha presencia (minoritaria e subordinada, iso si) nos usos vehiculares.

En concreto, no artigo 6º dicíase que “nos ciclos medio e superior de EXB (é dicir, dos 8 ós 14 anos) impartiranse en galego, alomenos, a área de Ciencias Sociais”. O Preescolar e o ciclo inicial seguían rexéndose polo que se indicaba no decreto anterior. Por se non quedaba claro o “alomenos”, o artigo 7º indicaba que “o Consello Escolar poderá propoñer outras áreas ou materias ademais da citada”. E, para sinalar áinda máis a vontade de galeguizar unha parte do currículo, no artigo 5º indicábbase que “nas áreas ou materias impartidas en lingua galega débese procurar que os alumnos a utilicen nas manifestacións oral e escrita”. É dicir, recoñecíase por primeira vez que, se se quería cumplir-lo mandato da LNL de que o alumnado acadase unha competencia comunicativa semellante nas dúas linguas oficiais, o camiño só podía pasar pola utilización do galego como lingua vehicular.

Esta parcial concreción que se facía para a EXB non tiña un equivalente no Ensino Medio, do que se ocupaba o artigo 8º. Aquí o que se facía era propoñer unha serie de materias susceptibles de impartirse en galego, deixando nas mans do profesorado a concreción de cáles serían as dúas de obrigado cumprimento. Na práctica, esta falta de concreción levou a que se amparasen nela moitos centros, tendo como resultado práctico que a orde nunca chegou a cumplirse na maior parte dos centros de Ensino Medio.

Por outra banda, esta Orde 1987/1988 prestaba tamén atención por primeira vez a outros aspectos que non tiñan que ver coa materia de lingua galega ou co currículo escolar. Aparecían así referencias á obrigatoriedade de que as actuacións administrativas e a vida oficial do centro se fixesen en galego. Deste xeito, no artigo 1º, inclúianse estes apartados:

1. A Administración educativa de Galicia e os centros de ensino dependentes da mesma fomentarán o uso do galego tanto nas súas relacóns mutuas e internas como nas que manteñen coas Administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas dependentes da Xunta de Galicia.
2. As actuacións administrativas de réxime interior dos centros, tales como actas, comunicados, horarios, rótulos indicativos de dependencias, etc., redactaranse normalmente en galego.
4. As actuacións administrativas demandadas polo público faranse normalmente en galego, excepto nos casos en que os usuarios as pidan en castelán.

Esta orde supuxo un paso adiante, non só no plano teórico, senón na práctica. Un indicador de que realmente era un paso adiante foron as fortísimas reaccións contrarias que motivou por parte de determinados sectores cidadáns moi ideoloxizados e con poderosos prexuízos cara ó galego, convenientemente apoiados por algúns medios de comunicación. Houbo unha intensa campaña en contra desta orde, e do galego no ensino en xeral, que actuou como contrapeso dos seus aspectos positivos. Foi aquí cando naceu AGLI (Asociación Gallega para la Libertad de Idioma), unha organización que di loitar contra unha pretendida “imposición lingüística”, cando, na práctica, o que propugna é a continuidade da posición subordinada que socialmente ocupa o galego.

Unha parte significativa dos centros (maior en ámbitos urbanos e no sector privado) tardou en acepta-la letra desta orde, en parte pola pasividade dos órganos da Administración que deberían velar pola súa aplicación.

Con todo, cómpre sinalar que a orde marcaba uns mínimos de obrigado cumprimento, indicando logo que cada centro arbitraría as medidas precisas para, a partir deses mínimos e en función da súa situación lingüística de partida, planifica-lo uso das dúas linguas no currículo. É dicir, o que se sinalaba eran os mínimos de obrigado cumprimento, o chan a partir do cal cada centro debería edifica-la súa planificación específica. O paso do tempo permitiu

comprobar que a maior parte dos centros de ensino fixo unha lectura restrictiva deste regulamento, tomando os mínimos como máximos. Dalgún xeito, o que se sinalaba como chan a partir do cal edificar tomouse como teito a partir do cal xa non cabía construír máis nada.

3.3 O Decreto 247/1995

Unha serie de iniciativas sociais (entre as que salienta a proposta *Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego*, á que nos referiremos máis adiante) e, sobre todo, os cambios lexislativos derivados da implantación progresiva da LOXSE, aprobada en 1990 (que trouxo unha nova estructuración do sistema educativo –Educación Infantil (0-6), Educación Primaria (6-12), Educación Secundaria Obrigatoria (12-16) e Educación Secundaria Postobrigatoria (16-18)–, uns novos currículos, uns novos obxectivos xerais para as sucesivas etapas, etc.), demandaban unha actualización do marco legal da lingua galega no ensino. Esta modificación plasmouse no Decreto 247/1995 do 14 de setembro (e no 66/1997, que corrixe algúns dos seus aspectos).

O novo decreto, ademais de introduci-las modificacións obrigadas polo novo marco legal do sistema educativo, tenta dar un paso máis na liña marcada pola Lei de normalización lingüística (“As autoridades educativas da Comunidade Autónoma de Galicia arbitrarán as medidas encamiñadas a promove-lo uso progresivo do galego no ensino”). Tal como se di no seu preámbulo, o eixe sobre o que se articula o seu texto é o mandato básico que se recolle na Lei de normalización lingüística (artigo 14.3), e que se reitera nos novos obxectivos das etapas de Primaria e Secundaria: conseguir que os alumnos e as alumnas acaden unha competencia plena nas dúas linguas oficiais.

No decreto abórdanse dúas vías complementarias para a presencia do galego nos centros escolares:

- a) o uso do galego como lingua vehicular
- b) a promoción do galego na vida cotiá do centro

Aínda que a regulación do emprego do galego como lingua oficial dos centros de ensino de Galicia tamén ofrece algunas modificacións respecto da normativa anterior, centradas, sobre todo, na opción decidida pola utilización do galego na vida administrativa, as modificacións más importantes refírense ó uso do galego como lingua vehicular nas distintas etapas educativas. O seu contido pode resumirse así:

Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria:

- O profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre os alumnos e alumnas, terá en conta a lingua ambiental e coidará que adquiran de forma oral e escrita o coñecemento da outra lingua oficial de Galicia, dentro dos límites propios da etapa ou ciclo.

2º e 3º ciclos de Educación Primaria:

- Impartiranse en galego dúas áreas de coñecemento, cando menos, sendo unha delas a área de Coñecemento do medio natural, social e cultural.

Educación Secundaria Obrigatoria (ESO):

- Impartirse en galego a área de Ciencias Sociais (Xeografía e Historia) e a área de Ciencias da Natureza.
- Das materias optativas, impartiranse en galego as da área de Ciencias Medioambientais e da saúde e, se é o caso, a optativa ofertada polo centro.

Bacharelato:

- No 1º curso, impartirse en galego a Filosofía, como materia común, e unha das materias específicas de cada modalidade (Tecnoloxía Industrial, Bioloxía e Xeoloxía, Historia do Mundo Contemporáneo, Debuxo Técnico).
- No 2º curso, impartirse en galego a Historia, como materia común, e algunas das materias específicas de cada modalidade (Debuxo Técnico e Tecnoloxía Industrial; Ciencias da Terra e Debuxo Técnico; Xeografía, Historia da Arte e Historia da Filosofía; Historia da Arte).

Formación Profesional:

- Na Formación Profesional de grao medio e superior, o alumnado recibirá ensino en galego nas áreas de coñecemento teórico-práctico que faciliten a súa integración sociolaboral.

Este é o contido do decreto que está en vigor na actualidade. Aínda que van poucos anos desde a súa aplicación práctica (de feito, foi introducíndose a medida que se ían substituíndo os cursos do vello sistema polos do novo derivado da LOXSE), poden xa verse algunhas das melloras que propiciou (unha maior concreción das materias que se deben impartir en galego) e, tamén, as numerosas eivas que ten, derivadas das significativas porcentaxes de incumprimento que se dan. Estas porcentaxes aparecen, sobre todo, en Educación Infantil e primeiro ciclo de Educación Primaria, onde, de fiármonos pola práctica docente, o número de nenos e nenas galego-falantes en Galicia sería moi escaso, dado que as clases se imparten en castelán nunha gran mayoría das aulas (unha mayoría que se fai esmagadora en ámbitos urbanos: os nenos de familias galego-falantes, na práctica, carecen do dereito a seren escolarizados na súa lingua, ante a pasividade xeral) e en Educación Secundaria (en menor medida, na ESO; en maior, no Bacharelato).

Por parte da Administración non se ve unha vontade de facer cumpli-la lei, dado que non hai un seguimento real da súa aplicación nin se toma ningunha medida práctica para corrixir estes incumprimentos (sobre esta cuestión volveremos máis adiante, cando analicemos o estudio feito sobre el pola Administración).

3.4 Os documentos e os textos legais derivados da reforma educativa

No curso 1987-88, a Administración educativa (logo do cambio político que supuxo a chegada ó poder dun novo goberno, formado por unha coalición PSOE-CG-PNG) creou un Gabinete de Estudios para a Reforma Educativa, formado por corenta profesores/as seleccionados por concurso de méritos. Este gabinete tiña a

función de elabora-los estudos e os materiais necesarios para pre-para-la implantación do noso sistema educativo que se derivaría da entrada en vigor da LOXSE.

Desde a perspectiva da lingua galega, o traballo do gabinete da reforma ofrece algúns puntos de interese que cómpre ter en conta, plasmados nos seguintes feitos:

- a) a publicación do *Marco curricular de Galicia* (1989), un documento marco para o conxunto do ensino non universitario onde se abordaba a situación lingüística de Galicia e se esbozaban as liñas para avanzar na normalización da lingua no ámbito educativo.
- b) a publicación de dous documentos por parte do equipo encargado da área de lingua galega: *Marco curricular: fundamentos previos* (1989) e *Lingua: Deseño Curricular Base* (1989), onde tamén se trataban os problemas derivados da presencia non normalizada da lingua no ámbito educativo e se sinalaban medidas para favorece-lo seu uso.
- c) a elaboración do *Deseño Curricular Base de Educación Infantil* (1990 e 1992), onde se trataba a problemática da lingua nesta importante etapa educativa, propoñendo actuacións que significaban un importante avance respecto da situación existente (é de especial interese o apartado 1.3: “Linguaxe e autoestima”, onde se aborda un tema crucial, como é o da modificación dos prejuízos e actitudes negativas).
- d) a elaboración do *Deseño Curricular Base de Educación Primaria* (1990 e 1992), onde tamén se prestaba unha atención semellante ó tratamiento da lingua galega no currículo de Primaria.
- e) a elaboración do Deseño Curricular Base das diferentes materias da Educación Secundaria Obrigatoria e das do Bacharelato.

Este traballo teórico serviu de base para os posteriores textos legais (Decreto 426/1991, do 12 de decembro, que establece o

currículo de Educación Infantil; Decreto 245/1992, do 30 de xullo, que implanta o currículo de Educación Primaria). No primeiro, as propostas normalizadoras supoñían un considerable avance respecto da situación real nos centros, pero non tiveron unha concreción práctica, ó falta-la vontade política de que así fose. No segundo, entre os obxectivos xerais da etapa, figura este:

- Comprender e producir mensaxes orais e escritas en galego e en castelán, atendendo a diferentes intencións e contextos de comunicación.

Tamén no Decreto de 78/1993, do 25 de febreiro, que implanta o currículo de Educación Secundaria, figura un obxectivo xeral na mesma liña:

- Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade, en galego e en castelán (...) utilizandoas para comunicar e para organiza-los propios pensamentos e reflexionar sobre os procesos implicados no uso da lingua.

Estes dous obxectivos xerais teñen unha grande importancia, porque serven de base legal para a utilización do galego como lingua vehicular, e tamén para a galeguización da vida do centro, sobre todo en contextos más castelanizados, xa que son medidas que favorecen o uso da lingua, o único camiño que pode garanti-la adquisición dunha boa competencia comunicativa por parte do alumnado.

3.5 Outras medidas lexislativas complementarias adoptadas pola Administración

Ademais destes textos lexislativos que acabamos de comentar, a Administración adoptou outras disposicións normativas relacionadas coa presencia da lingua galega no ámbito educativo non universitario (o regulamento das exencions, a creación

dos coordinadores/as docentes de galego, a posta en marcha dos equipos de normalización lingüística, os encontros de formación para os membros dos ENL, etc.). As más relevantes en relación co tema que nos ocupa aparecen recollidas ó final deste parte (véase o anexo A).

De entre elas, queremos destacar aquí as ordes do 15 e do 24 de xullo de 1991, por ser nelas onde aparece a primeira proposta de que os centros educativos se doten dunha planificación lingüística. Alí indicábase que tódolos centros terían que elaborar, dentro da programación xeral anual do centro, un “Plan de potenciación do uso do galego nos centros de ensino”, no que figurarían medidas orientadas a estes aspectos:

- a) Plan xeral para o uso do idioma
- b) Plan específico para o ensino en lingua galega

En segundo lugar, indicábase que para coordinar estos apartados anteriores, en cada centro debía crearse un ENL integrado por profesores, alumnos e un representante do persoal non docente.

Estas novedades só conseguiron asentarse parcialmente na realidade práctica dos centros. Os ENL axiña foron unha realidade en moitos centros, sobre todo desde que, no ano seguinte, comezou a haber axudas económicas para as súas actividades. Outra cousa é a eficacia do labor que desenvolven, centrado moitas veces en actividades festivas relacionadas con datas sinaladas do ciclo anual (Entroido, Maios, Día das Letras Galegas, publicación de revistas escolares en galego, festa do magosto, etc.).

Non tiveron a mesma recepción os plans de potenciación do galego que se indicaban nas ordes (e que, na práctica, equivalían á proposta de que cada centro realizase unha planificación lingüística específica), sobre todo no referido ó uso vehicular do galego noutras áreas do currículo; ainda hoxe son moi escasos os centros que contan cun documento que se asemelle a unha auténtica planificación lingüística. Moitos centros carecen dela, e outros

teñen un documento teórico que garda escasa relación coa realidade práctica.

Os ENL están regulados na actualidade polos decretos 374/1996, do 17 de outubro, e 324/1996, do 26 de xullo, polos que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria, e dos institutos de educación secundaria. Neles sinálase a composición que deben ter e as competencias que teñen asignadas (véxase o anexo A).

4 ACTUACIÓN DE ORGANIZACIÓN SOCIOEDUCATIVAS REFERIDAS Á PRESENCIA DA LINGUA GALEGA NO ENSINO

4.1 *Modelo de normalización lingüística para o ensino (1989)*

No ano 1988, o grupo pedagóxico Nova Escola Galega (NEG) organizou as *Primeiras xornadas de normalización lingüística*. Despois da súa realización, formouse unha comisión que acabou elaborando un documento titulado *Un modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego* (Santiago de Compostela, 1989). Este documento, amplamente difundido, debateuse nunhas segundas xornadas, ó ano seguinte, ás que se invitou un amplio número de organizacións. Esas segundas xornadas foron o punto de arranque para a elaboración dun novo documento, *Un Modelo de Normalización Lingüística para o Ensino*, consensuado entre todas estas organizacións: APLL (Asociación de Profesores de Lingua e Literatura), AS-PG (Asociación Sócio-Pedagólica Galega), BNG, CC.OO. do Ensino, Concello de Fene, Departamento de Filoloxía Galega (Universidade de Santiago), División de Estudios de Bilingüismo (ICE), Federación de ANPA de Ferrolterra, Federación de Asociacións Culturais, Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación, ICE (Instituto de Ciencias da Educación), ILG (Instituto da Lingua Galega), MNL (Mesa pola Normalización Lingüística), MCG, NEG (Nova Escola Galega), PSG-EG, SGEI-CXTG, SGTE, UTEG-INTG. O documento presentouse o 30 de xuño de 1989 ó conselleiro de Educación e ó director xeral de

Política Lingüística. O 5 de xullo foille, así mesmo, presentado ó presidente do Parlamento Galego.

O *Modelo* constaba de catro apartados:

1. Situación actual e necesidade dun modelo de normalización lingüística para o ensino.
2. Principios básicos e desenvolvemento do modelo.
3. A etapa de transición.
4. Da Administración educativa.

Destes apartados, o esencial era o segundo, xa que nos outros o que se abordaban eran aspectos previos ou complementarios ó tratado nel.

O *Modelo* ofrecía unhas notas sobre a situación actual –a do ano 1989– e a necesidade dunha planificación lingüística para o sistema educativo, sempre orientada a conseguir unha normalización lingüística plena. Tratábase dunha introducción moi esquemática, na que se botaba en falta unha xustificación social e pedagóxica do que se propoñía a seguir.

O núcleo do documento era o modelo de planificación proposto, onde se trataban aspectos como:

- A necesidade de que se aplique a todo o sistema educativo, e de que sexa assumido pola Administración educativa.
- O recoñecemento de diferentes puntos lingüísticos de partida e, polo tanto, a existencia de diferentes ‘camiños’ en función das diversas realidades.
- A necesidade de fixar un ‘punto de encontro’ de todos esos camiños, situado no remate da Educación Primaria.
- A necesidade de que nos centros haxa uns equipos de normalización lingüística que adapten as liñas xerais do *Modelo* ás circunstancias específicas de cada centro.
- A planificación, por parte de cada centro, do uso do galego, de maneira que se detallen os puntos en que se concretará o camiño que se vai seguir.

- A necesidade de defini-la competencia lingüística do alumnado cando entra por primeira vez na aula, para coñece-la realidade da que se parte, elemento decisivo para saber cá é o camiño que se seguirá na planificación.
- A necesidade de tratar dun xeito diferente realidades aparentemente semellantes. O galego e o castelán non poden recibir-lo mesmo tratamento, dado que iso non solucionaría as desigualdades de partida.

Algúns deste puntos foron asumidos, total ou parcialmente, pola Administración educativa. Entre os puntos asumidos, e algúns mesmo xeneralizados, podemos salientar estes:

- a) a constitución dos equipos de normalización nos centros, áinda que desvencellados da estrutura comarcal e galega que se propoña. Estes ENL reciben unha axuda económica (os que a solicitan) e tiñan un apoio por parte dos coordinadores/as docentes de galego (hoxe desaparecidos). As funcións que se encargan ós ENL, nalgúns casos, coinciden coas que se propoñían no *Modelo*.
- b) a necesidade de que cada centro educativo conte cunha planificación lingüística específica, en función da súa realidade, que debe formar parte do PEC e do PCC.
- c) recoñécese na norma oficial a necesidade de que o ensino sexa en galego naqueles centros nos que sexa a lingua ambiental ou a maioritaria dos nenos e nenas (áinda que isto diste moito de ser cumprido na práctica, coa pasividade da Administración).
- d) recoñécese tamén a necesidade de incrementa-lo uso do galego como lingua vehicular, se se quere acadar unha boa competencia lingüística, áinda que iso queda limitado polo ‘equilibrio’ entre as dúas linguas.

Pero tamén son moitas as propostas do *Modelo* que non se levaron á práctica. Algunhas delas conservan toda a súa vixencia;

outras necesitarían dunha revisión, á luz da experiencia de todos estes anos.

Entre as que conservan a vixencia, está a necesidade dunha planificación lingüística global para todo o país, na que se recollan as liñas comúns e tamén as especificidades zonais, sobre todo agora que o *Mapa Sociolingüístico de Galicia* permite coñecer con maior claridade os diferentes puntos de partida.

Tamén conserva a súa vixencia a necesidade dun forte incremento do uso do galego como lingua vehicular, máis necesario aínda naqueles contextos castelán-falantes.

Entre as carencias que, desde a perspectiva actual, se lle ven ó documento, está a ausencia dunha fundamentación sociolingüística e pedagóxica que axudase a entende-las razóns que están detrás das propostas que se fan. Ademais, cumpriría desenvolver e xustifica-lo seu encaixe dentro do actual marco legal, derivado todo da Lei de normalización lingüística.

Por outra banda, o Modelo parecía fialo todo a un cambio derivado da Administración, sen ter en conta as reticencias que a súa aplicación atoparía na sociedade e as que suscitaría tamén nos centros de ensino, derivadas das actitudes lingüísticas, decisivas á hora de facer posible calquera avance.

4.2 Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego (1999)

Dez anos despois, a mesma organización pedagóxica, Nova Escola Galega, considerou necesario elaborar un novo documento que revisase e actualizase o anterior. Como se di na introducción, “presentar outravolta unha análise da situación e realizar unha nova proposta que, orientada ó século XXI, poida ser formulada a institucións e entidades para chegar novamente a un acordo no tocante á normalización lingüística no ensino.”

Este novo documento, moito máis maduro e consistente, consta de tres grandes apartados: a) situación actual, b) modelo proposto, e c) etapa de transición.

No primeiro apartado faise unha revisión sintética dos datos actuais (apoiándose no *Mapa Sociolingüístico de Galicia* e noutros documentos de ámbito comarcal) e, sobre todo, unha análise polo miúdo da situación logo de vinte anos da introducción da lingua galega no ensino. Malia a súa brevidade (pp. 4-16), trátase dun texto de extraordinario valor: traza un panorama minucioso dos grandes problemas que hoxe ten o galego nos centros de ensino, apoiándose sempre na normativa legal en vigor e comprobando o seu alto grao de (in)cumprimento.

A conclusión á que se chega é desoladora, precisamente por ofrecer un panorama fiel da situación actual. Velaquí algunas das moitas conclusíons presentes no documento:

Semella que o proceso lexislativo e as accións normalizadoras postas en marcha foron demasiado demoradas no tempo, por unha banda, e en exceso pouco decididas, por outra (...).

Os recentes estudos provocan, en xeral, o afloramento da idea dun fracaso –máis ou menos rotundo– de tódalas iniciativas levadas a cabo (...).

Mesmo a armazón lexislativa existente é consecuencia, antes que da materialización dunha vontade política ó respecto, da presión social constante ó longo dos últimos vinte anos sobre a cuestión lingüística (...).

A falta de vontade política sobre a cuestión, a desidia dalgúns dos chanzos da Administración educativa e mesmo a idea dunha liberdade de cátedra mal entendida, sen embargo, impiden que as disposicións lexislativas se cumpran en boa parte dos centros educativos do país (...).

No que respecta á aplicación das prescricións legais, a tendencia xeral constante ó longo de todos estes anos é o seu incumprimento (...).

O proceso de normalización lingüística segue a ser unha experiencia implanificada, procesualmente descontinua, episódica e voluntarista (...). A falta de compromiso e apoio por parte da Administración foi unha das notas características. A carencia dun

modelo lingüístico normalizador, así como o nivel de incumprimento da normativa legal, son dous dos indicadores más claros.

A segunda parte do documento é a exposición do modelo proposto (pp. 16-22), un modelo que, en grande medida, retoma as propostas feitas do documento de 1989. Pero faino actualizándoas, tendo en conta o camiño percorrido deica agora e baseándose na Lei de normalización lingüística, de maneira que teña un encaixe doado no marco legal vixente. Deste xeito, as eivas que podía te-lo documento anterior aparecen aquí convenientemente corrixidas, de maneira que as propostas seguen unha liña pragmática, pensando no que se podería e debería facer aquí e agora.

Revísanse tódalas etapas do ensino, desde a Educación Infantil ata a Universidade, e trázanse as liñas mestras para cada unha delas. É obvio que poderían aparecer máis desenvolvidas, pero o equipo redactor optou por limitarse ós eixes básicos polos que terían que discorre-las hipotéticas novas propostas que elaborase a Administración.

A terceira parte do documento é a más breve (pp. 23-24). Nela abórdanse as medidas que sería necesario tomar nunha “Etapa de transición”, que nos levase sen conflictos desde a situación actual á definida no *Modelo*.

Trátase, en resumo, dun documento que merece ter unha repercusión maior que a acadada deica agora. Un documento realista, feito por persoas que coñecen ben cómo é a situación actual nos centros, e que contén as propostas que nos poderían levar, de verdade, ós grandes obxectivos sinalados pola Lei de normalización lingüística, uns obxectivos que, de seguir coas pautas existentes actualidade, semellan estar cada vez máis lonxe.

4.3 As actuacións da Mesa pola Normalización Lingüística

A *Mesa pola Normalización Lingüística* (MNL) naceu en abril do ano 1986, nun encontro en Compostela ó que asistiron máis de 500 persoas interesadas en analiza-lo estado da normali-

zación lingüística. Desde ese ano ata a actualidade, a Mesa veu desenvolvendo un intenso labor, que vai desde as denuncias do incumprimento das leis lingüísticas perante a Administración ata campañas sociais dirixidas ós máis diversos colectivos, promovendo a utilización social do galego. Tamén ten realizado documentos dirixidos á Administración educativa (documentos que, ás veces, foron tidos parcialmente en conta á hora de elaborar novos textos lexislativos). Xunto con outras organizacións sindicais e pedagóxicas, creou a Plataforma para o Ensino en Galego, responsable de múltiples iniciativas e campañas dirixidas ós diversos sectores da comunidade educativa.

4.4 Documento Sobre a situación da lingua (Consello da Cultura Galega, 1990)

Trátase dun documento breve (8 páxinas), onde, de xeito global, se fai unha análise da situación da lingua nos diferentes ámbitos sociais, con propostas para avanzar na súa normalización. Un dos apartados é o ensino, onde se recomenda “a necesidade dunha política clara de progreso no uso do galego como lingua vehicular nos programas de estudio”, ademais de considerar moi importante “o cumprimento dos artigos correspondentes da Lei de Normalización tocante, sobre todo, ó dereito que teñen os nenos de recibir o primeiro ensino na súa lingua materna”.

Máis adiante, indícase que “na devandita Lei de normalización (título III, artigo 14) dise que as autoridades educativas da Comunidade Autónoma garantirán que ó remate dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio, os alumnos coñezan este, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán”. A actual política educativa e lingüística non só non consegue nada disto senón que está a mostrar un claro retroceso na capacidade de uso do idioma e da súa valoración entre o alumnado”.

5 ESTUDIOS REALIZADOS SOBRE OS RESULTADOS DA POSTA EN PRÁCTICA DAS MEDIDAS LEXISLATIVAS NORMALIZADORAS

Incluímos a continuación unha referencia sobre os contidos más relevantes de distintos traballos que foron publicados desde mediados dos anos oitenta e que permiten avalia-lo avance da presencia da lingua galega nos diferentes ámbitos e sectores educativos. Trátase tanto de traballos monográficos sobre a lingua na educación coma traballos xerais sobre a situación do galego nos cales se inclúen referencias á situación do ensino.

5.1 *Estudio Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB*

Este estudio, publicado en 1985 pola Dirección Xeral de Política Lingüística, realizouse durante os meses de maio e xuño de 1984, é dicir, cando a LNL a penas levaba un curso en vigor. O equipo investigador foi dirixido por Henrique Monteagudo, e formaban parte del, ademais do director, Paulino Novo Folgueira, Henrique Costas González e Eloi Rodríguez Rodríguez.

O cuestionario pasóuselles a 2.525 rapaces e rapazas, comprendidos entre os cursos 5º e 8º de EXB, o plan daquela vixente. Os ámbitos da realidade que se estudiaron nesta investigación foron:

- a lingua dos rapaces
- lingua e escola
- a lingua, a familia e a sociedade
- o proceso de desgaleguización visto a través da familia
- as actitudes dos rapaces

5.2 *Estudio O galego no ensino público non universitario*

Trátase dunha investigación realizada no ano 1985 e publicada polo Consello da Cultura Galega en 1987. Os seus responsables foron Modesto A. Rodríguez Neira e Xosé Rubal Rodríguez. Na pre-

sentación, indícase que se trata dun “estudio piloto” feito “a modo de aproximación empírica ó coñecemento dalgúns dos parámetros fundamentais que definen a situación do galego no ensino público non universitario (...). É dicir, trátase de coñecer cáles son algunhas das características lingüísticas básicas do alumnado, qué currículo lingüístico están a recibir, qué pensa e cómo actúa o profesorado e qué grao de normalización presentan os centros”. Sinálase ademais que “o traballo se configura fundamentalmente como unha investigación estatística (...) e ten unha orientación descriptiva”.

Para a recollida de datos, seleccionouse unha mostra de 78 centros, todos eles de titularidade pública (un feito que limita a utilidade do estudio, ó deixar fóra os centros privados): 12 escolas unitarias ou graduadas, 30 colexios de EXB, 21 de BUP e 15 de FP. Estes centros pertencían a doce zonas seleccionadas: as catro capitais de provincia e oito comarcas representativas do conxunto de Galicia.

Para os datos do profesorado, invitouse a todo o dos centros, áinda que logo só se puido contar coa resposta do sector que contestou. Para os datos do alumnado, seleccionáronse algunas aulas de cada centro (correspondentes ó último ano de Preescolar, 5º e 8º de EXB, 2º de BUP e 2º de FP). Estes datos recolléronse mediante un cuestionario, complementado nalgúns casos cunha ficha de observación/entrevista.

A investigación preséntase estructurada en tres capítulos: “O alumnado”, “O profesorado” e “O estado na normalización lingüística nos centros e na Administración”.

No dedicado ó alumnado, céñrase no seu “perfil sociolingüístico”: descripción do dominio oral das linguas, do seu uso social e das crenzas respecto da materia de Lingua Galega.

No dedicado ó profesorado, céñtranse nos seguintes apartados:

- o comportamento lingüístico (lingua habitual cos compañeiros e práctica lingüística na docencia)
- a capacitación para imparti-lo ensino en galego, así como a titulación oficial que posúe

- as crenzas relacionadas coa presencia da lingua galega no currículo escolar, así como as dificultades que perciben para a súa incorporación efectiva.

No apartado dedicado á normalización lingüística nos centros, estúdianse estes aspectos:

- o grao de implantación do galego no ensino naquel momento (lembremos que só había 3 anos que se aprobara a Lei de normalización)
- o grao de galeguización da administración escolar, sobre todo nos usos escritos
- a presencia do galego nas relacións informais entre os membros da comunidade educativa.

O libro péchase cun breve capítulo (“A modo de síntese”, pp. 159-163), onde se recollen as conclusóns do estudio.

Sobre o alumnado, dise que a práctica totalidade comprende o galego (áinda que, por exemplo, hai un 20% dos alumnos de Preescolar das cidades que non o comprende). Pola contra, só arredor do 50% estaría capacitado para falalo. As porcentaxes más altas danse no ámbito rural, áinda que van baixando conforme se medra na idade (85% en Preescolar, 47,8 en 8º de EXB). As maiores porcentaxes de uso danse no medio rural e as más baixas, na cidade. Para falar cos compañeiros, a maioría emprega o castelán, que se configura como a lingua de relación da infancia e da mocidade.

Sobre o profesorado, dise que predominan os usos bilíngües (áinda que cun uso maioritario do castelán); entre os monolingües (1/3 da mostra) predominan os galego-falantes.

En canto á lingua de ensino, o 75% do profesorado emprega só ou maioritariamente o castelán, mestres que un 13,9% utiliza só o galego (nestes están incluídos os profesores de lingua galega). Malia esta realidade, un 50% considérase capacitado para imparti-las clases en galego, áinda que logo non o traslade á práctica.

Sobre as crenzas referidas ó modelo lingüístico, o profesorado parece maioritariamente favorable ó uso dun modelo que presente un emprego semellante do galego e do castelán.

Con respecto ó grao de normalización lingüística nos centros, o estudio recolle o escaso emprego do galego noutras árees que non sexan a de lingua. En canto ós usos administrativos, “dáse un predominio notable de emprego do castelán sobre o galego”, algo que tamén os autores do estudio estiman ‘considerable’ na relación da Administración educativa autonómica cos centros escolares, agás no caso da emprazada en Compostela.

5.3 *Estudio Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (Preescolar e EXB)*

Este traballo é o resultado dunha investigación realizado por un equipo da División de Bilingüismo do Instituto de Ciencias da Educación (ICE) da Universidade de Santiago de Compostela. O equipo estaba formado por Neves Arza Arza, Xosé Rubal Rodríguez e Daniel Veiga Martínez, e dirixido polo segundo deles.

A investigación fixose no ano 1988, mediante a firma dun convenio entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago. O libro onde se recollen os resultados foi publicado finalmente, no ano 1992, pola Consellería de Educación, cunha nota na que se indicaba que o seu contido “era responsabilidade exclusiva do equipo investigador”.

Trátase do traballo más completo realizado sobre a situación da lingua no ensino, se exceptuámolo levado a cabo pola Consellería de Educación no ano 1998 (que comentamos máis adiante). É, ademais, o único que se asemella ó que nós presentamos, polo que nos parece de especial interese deternos a comenta-los os seus resultados.

Nos dous primeiros capítulos, os autores explican os motivos que os levaron a aborda-lo traballo, así como a metodoloxía utilizada. O punto de partida foi o obxectivo central referido ó ensino recollido na Lei de normalización, onde se di que o siste-

ma educativo debe garanti-la adquisición por parte do alumnado dunha competencia semellante nas dúas linguas oficiais. Como para conseguir iso é imprescindible unha planificación lingüística, que debe asentarse nun coñecemento polo miúdo da realidade, a súa pretensión é acadar ese coñecemento. Por iso din que “este estudio nace como unha necesidade diante do coñecemento pouco preciso que a Administración ten da realidade sobre a que veu dictando normas, diante do escaso avance normalizador que o sistema educativo foi capaz de producir e diante da urxencia de proceder a senta-las bases para iniciar a planifica-lo desenvolvemento da normalización propiamente dita no ámbito que nos ocupa” (p. 23).

Os datos obtivéronse tendo como informadores o profesorado e as direccións dos centros de Preescolar (4-6 anos) e EXB (6-14 anos). Remitíronse por correo a todo o profesorado tres tipos de cuestionarios, para seren contestados de xeito anónimo; con eles, pretendíase obter información sobre:

- a competencia e os usos lingüísticos do alumnado, con especial atención ó dos cursos 1º de Preescolar (4 anos), 3º de EXB (8 anos) e 8º de EXB (14 anos), por seren o inicio, punto medio e remate da escolaridade.
- a competencia e os usos lingüísticos do profesorado, así como as súas actitudes ante o proceso normalizador.
- o grao de utilización do galego e do castelán como linguas vehiculares no ensino.

Para contrasta-la validez das respostas, comparáronse cos datos obtidos directamente polo equipo investigador nunha mostra de 36 centros distribuídos en 12 comarcas, mantendo a proporcionalidade que se aplicaría ó conxunto.

Aínda que os cuestionarios se remitiron a tódolos centros, e se contou coa colaboración da Consellería de Educación, contestaron aproximadamente os 2/3 dos centros (1.437, incluíndo escolas unitarias). Para a tabulación e análise dos datos, tívose en conta

a distribución provincial e comarcal, así como o hábitat e a titulardade dos centros.

Despois dun capítulo dedicado a describi-las características da poboación analizada (idade, sexo, lugar de nacemento, hábitat, etc.), o estudio aborda, no capítulo 4, as “características sociolíngües do alumnado” (pp. 45-97).

Os datos recollidos refírense ó alumnado dos tres cursos que se toman como referencia (1º de Preescolar, 3º e 8º de EXB), e ofrecen información de dous tipos: “dunha banda, os usos lingüísticos no plano da relación cos compañeiros e doutra, a competencia lingüística nas dimensións comprensiva e expresiva, nas vertentes oral e escrita” (p. 84).

Sobre a lingua de relación cos compañeiros, dise que “o alumnado se comunica cos compañeiros do colexio só ou maioritariamente en castelán”. Ademais, vese que “o galego só é lingua de uso exclusivo ou maioritario entre os alumnos de centros emprazados no medio rural. O castelán é a lingua maioritariamente habitual ou exclusiva do alumnado de centros emprazados en vilas e cidades. Tamén o é tanto no sector privado –de maneira intensísima– coma no público”. Dos datos dedúcese, como moi ben engaden os autores, que “a entrada na escola e, particularmente, a escolarización nos colexios comarcais xoga un papel claramente castelanizador” (p. 86).

No que se refire á competencia lingüística, obsérvase que a grande maioría entende as dúas linguas. Non obstante, “a competencia máis estendida sería a referida ó castelán, cunha diferencia de entre 10 e 20 puntos en canto ó dominio de nivel bo ou normal” (p. 87). Se se miran os datos en función do hábitat, vese que hai unha asociación entre o medio rural e as altas taxas de comprensión do galego. Pero “mentres que as taxas de non comprensión do castelán son case insignificantes na aldea e similares ás das vilas e cidades, nos niveis iniciais existiría ó redor dun 10% nas vilas e un 40% nas cidades que non comprenderían o galego” (p. 88).

En canto á expresión oral en galego e en castelán, constátese que nos tres cursos de referencia está máis estendido o domi-

nio do castelán có do galego, sendo a diferencia máxima en 3º de EXB. A competencia expresiva aparece asociada ó medio socio-lingüístico en que se desenvolve o alumnado, pero cun importante matiz recollido no estudio: “a porcentaxe dos que falan ben o castelán é notablemente máis alta nos alumnos de centros rurais (que viven nun contorno no que se dá tamén unha intensa presencia do castelán: nos dominios escolar, comercial, relixioso, medios de comunicación, etc.) do que o é a correlativa dos capaces de falar ben o galego nas cidades (para os que a presencia desta lingua no seu contorno é, en xeral, moi minoritaria)” (pp. 91-92).

En canto á expresión escrita en galego e en castelán, tamén aquí os datos son desfavorables para o galego: “mentres que o sistema escolar conseguiría que ó redor do 95% e 97% do alumnado de terceiro e oitavo, respectivamente, se expresasen ben ou bastante ben en castelán, tales porcentaxes descenderían para o galego ó 64% e 88%” (p. 93). Nas táboas onde se analiza esta variable por comarcas, os autores chaman a atención sobre un aspecto: “nas comarcas urbanas parece preocupante a proporción de alumnos que remata a escolaridade obligatoria expresándose por escrito en galego ‘con moitas dificultades’, sobre todo, tendo en conta que tales porcentaxes parecen darse fronte ás en xeral más altas cotas de dominio do castelán”. (p. 95).

Da análise de tódolos datos deste capítulo, os autores extraen tres conclusións con carácter xeral:

- o galego atópase en situación de ‘acusada inferioridade’ en tódolos niveis e parámetros considerados.
- o rural e o urbano aparecen como dous polos dun continuo sociolingüé que vai correlacionando cos niveis de galeguización e castelanización (directamente nun caso, inversamente noutro).
- a titularidade dos centros tamén é significativa, pois os niveis de galeguización sempre son máis desfavorables no sector privado.

O capítulo 5 aborda as “características sociolingües do profesorado” (pp. 99-152). Nel ofrécesenos un conxunto de táboas que reflecten os datos do profesorado referidos á lingua materna, a competencia e os usos lingüísticos. Pero tamén se nos ofrecen datos sobre cuestións referidas a cómo ven os profesores o uso do galego no ensino, así como as súas crenzas sobre a lingua e a súa utilización nas aulas.

No que se refire á lingua materna, as porcentaxes globais son semellantes para as dúas linguas. Sen embargo, cando se examinan en función das variables estudiadas, obsérvanse variacións de interese: a taxa de castelán-falantes medra no ensino privado (62%) e, en relación coa idade, hai un descenso notable de galego-falantes iniciais nas promocións más novas (o 31% entre os 21 – 30 anos).

En tanto ós usos lingüísticos, os datos referidos ó ámbito familiar son moi semellantes “ó reparto observado por lingua materna, e situárianse en torno ó 50%, cunha lixeira diferencia a favor do castelán. Na relación cos fillos, prodúcense un descenso porcentual de 5 puntos no uso do galego” (p. 142). No profesorado do sector privado, o uso do castelán é amplamente maioritario.

No ámbito escolar, considerouse o uso da lingua na docencia (ámbito formal) e nas relacións co alumnado fóra da clase (ámbito informal).

Na docencia, a porcentaxe dos que empregan o castelán exclusiva (45%) ou maioritariamente (31%) chega ó 76%. O profesorado que ensina só ou maioritariamente en galego acada o 24%. Estas diferencias son moito más altas se se atende ó ámbito do ensino privado: o 58% emprega só o castelán e un 37% maioritariamente (en conxunto, o 95%).

Tamén é de interese ve-las variacións en función do hábitat: “o profesorado dos centros de emprazamento rural presenta as cotas más altas no uso vehicular (exclusivo ou maioritario) do galego na docencia (43%) (...). O profesorado dos centros urbanos deita as taxas de emprego do castelán superiores (94%) e as inferiores de emprego do galego (6%)” (p. 144).

Hai, así mesmo, unha asociación entre o dominio do galego e o seu emprego no ensino. “Non obstante, preto dos 2/3 dos que manifestan posuír un dominio oral de nivel bo ensinarían só ou maioritariamente en castelán” (p. 144). Tamén a hai entre o nivel de titulación en lingua galega e o seu uso como vehicular, pero só ata certo punto (por exemplo: o 65% dos que posúen o nivel de Especialización, o máis alto, fano en castelán).

Faise tamén un achegamento ás crenzas e ás expectativas do profesorado sobre o emprego do galego no ensino, por entende-los autores que era necesario indagar sobre as causas que facían que a implantación do galego como lingua vehicular atopase tantos atrancos.

Entre estas dificultades, saliéntanse os factores referidos ás valoracións negativas sobre o prestixio e a utilidade do galego, así como a idea de que a aprendizaxe do galego incide negativamente sobre o desenvolvemento académico-persoal do alumnado. As porcentaxes destas respuestas son moito maiores nos centros privados e nos de hábitat urbano.

Preguntóuselle tamén ó profesorado sobre as súas crenzas en relación cos modelos de ensino bilingüe, segundo as prescripcións legais. Desde unha perspectiva teórica, “a ampla maioría do profesorado (70%) maniféstase partidaria da incorporación do galego como lingua vehicular de ensino; as taxas de maior preferencia corresponden a distintas modalidades de ensino bilingüe (...); un 15% cre que o ensino debe vehicularse integralmente en galego. Do 30% restante, o 14% supedita o ensino en galego á elección dos pais, o 9% cre que debe ensinarse exclusivamente en castelán e o 11% opta polo ensino en galego para os galego-falantes e en castelán para os castelán-falantes” (p. 150).

Os autores finalizan o resumo deste capítulo cunha sobre páxina (pp. 152-153) de moiísimo interese para coñece-las raíces das actitudes negativas do profesorado. Neste resumo recóllese unha ampla e variada mostra de opinións textuais, nas que se percibe como constante un prexuízo de fondo: a crenza de que a introducción do galego leva aparellada unha perda da competencia lingüística en castelán por parte do alumnado.

No capítulo derradeiro do estudio, “Niveis de normalización” (pp. 155-212), ofrécesenos información sobre o uso vehicular da lingua galega nas aulas (é dicir, as horas de ensino en galego, excluídas as da materia de Lingua Galega), sobre a lingua utilizada polo profesorado e sobre a lingua dos materiais didácticos utilizados.

A información máis ampla é a referida ás horas de ensino en galego: “Pouco más da metade dos grupos (53%) reciben de 1 a 3 horas (31%) e de 4 a 6 horas (22%) de ensino en galego semanais. Un 18% dos grupos non recibirían ningunha hora de ensino en galego. Os grupos que recibirían ensino en galego na maioría ou na totalidade do espacio horarios abranguería ó 15%” (p. 199).

Nunha análise máis polo miúdo, vese que a maior presencia horaria do ensino en galego está en relación co hábitat onde está emprazado o centro, distinguíndose tres niveis:

- o dos centros do rural, onde 1/3 dos grupos teñen 12 ou máis horas de ensino en galego.
- o dos centros emprazados nas vilas, cunha presencia menor do galego, pero maior ca nos centros urbanos. O 56% dos grupos reciben entre 4 e 6 horas de ensino en galego (que virán correspondendo cos mínimos legais). Un 13%, máis de 12 horas de ensino en galego. Pola contra, un 16% non recibiría ningunha hora en galego.
- o dos centros urbanos, onde un 29% das aulas non reciben ningunha hora de ensino en galego. O 62% estaría entre 1 e 7 horas.

En canto á influencia da titularidade do centro, o sector privado presenta unhas porcentaxes moi baixas no uso do galego (o 33% non teñen ningunha hora). No público, hai diferencias entre as escolas unitarias e os colexios de EXB (47% e 16% dos grupos con máis de 12 horas, respectivamente).

O estudio péchase cunhas “Anotacións finais” (pp. 215-216) sumamente esclarecedoras, nas que se fai un acertado resumo das liñas esenciais que se foron desprendendo ó longo do estudio.

Para os autores, os datos “reflictan que de non cambiar a dinámica xeneradora da normalización escolar (fundamentalmente dependente da iniciativa individual), introducindo maiores doses de planificación e implicación por parte das institucións, e tendo en conta as crenzas do profesorado (...) non cabe agardar notables avances (...). En calquera caso, á Administración autonómica correspondería a responsabilidade principal na adopción de estratexias e medidas axeitadas e na provisión dos recursos necesarios”.

5.4 O Mapa Sociolingüístico de Galicia. *Datos referidos ó ensino*

Trátase dun rigoroso e exhaustivo estudio sobre tódolos aspectos sociolingüísticos de Galicia. Promovido polo Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística, foi elaborado por un equipo coordinado por Mauro Fernández Rodríguez e Modesto Rodríguez Neira. Apareceu publicado en tres volumes: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994), *Usos lingüísticos en Galicia* (1995) e *As actitudes lingüísticas en Galicia* (1997). Estes volumes son unha síntese do Mapa Sociolingüístico de Galicia, un traballo moito más amplo, que constitúe unha completísima radiografía da situación social do galego.

A publicación abrese cunha explicación minuciosa da metodoloxía empregada na elaboración do MSG, incluíndo nun apéndice o extenso cuestionario utilizado, no que se detallan as 148 preguntas feitas ás 38.897 persoas que definen o tamaño da mostra (todas elas con idade igual ou superior ós 16 anos). O conxunto de Galicia subdividiuse en 34 sectores, agrupados combinando os criterios xeográficos cos poboacionais. Nos volumes ofrécese só información detallada de seis deses trinta e catro sectores, seleccionados por consideralos representativos da variedade existente.

Como os datos se recollerón en 1992 e a idade das persoas da mostra era igual ou superior a 16 anos, os datos referidos ó mundo do ensino aparecen condicionados polo feito de que só as

persoas de idades comprendidas entre 16 e 25 anos estudiaron a materia de Lingua Galega nas aulas; todas as de idade maior estiveron escolarizadas nunha época na que a lingua galega non tiña presencia oficial nos centros educativos (se ben, nas zonas galego-falantes, estaba presente nas conversas informais, por se-la lingua habitual da mayoría do alumnado).

No primeiro volume, *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (1994), as referencias ó mundo educativo son moi escassas. Tan só se fala da escola cando se tratan os ámbitos de adquisición do galego (pp. 173 e seg.), constatándose que a aula foi o ámbito de adquisición do galego para un sector dos castelán-falantes comprendidos na franxa de 16 a 25 anos. Hai tamén algunas referencias ó papel desgaleguizador que xogou o ámbito educativo, para tódalas franxas de idade.

O papel da escola aparece tamén cando se analizan as competencias en lectura e escritura. Na lectura, “a competencia está moito más estendida entre os menores de 41 anos” (p. 93), sobre todo se o hábitat é urbano e a clase, media ou media-alta. Na escrita, constátase que “é a destreza que menos domina a poboación do noso país”, con porcentaxes que en ningún sector superan o 40%. “A medida que diminúa a idade prodúcese un aumento progresivo da capacidade de escribir en galego” (un froito evidente da presencia da lingua galega no currículo), co aparente paradoxo de que “fronte a maiores índices de competencia oral nos individuos que viven en espacios rurais ou a medida que a idade vai aumentando, a competencia escrita en galego presenta unha distribución completamente inversa” (p. 106).

As referencias ó mundo educativo son moito más extensas no segundo volume, *Usos lingüísticos en Galicia* (1995), que ocupan todo o capítulo 5 (pp. 223-262).

Comézase explicando que só o 21,6% da mostra recibiu ensino de lingua galega, porcentaxe que corresponde ás persoas de idade comprendida entre 16 e 25 anos. A seguir, faise un estudio dos usos lingüísticos no ámbito escolar, analizándoos en relación coas seguintes variables: a idade, o hábitat de residencia, a clase

social, o nivel de estudos, a lingua inicial, a lingua habitual e o ámbito de adquisición do galego. Os usos lingüísticos que se analizan van desde os informais (lingua empregada cos compaÑeiros, no recreo ou na clase) ata os más formalizados (lingua empregada cos profesores ou na escritura).

Dos numerosos datos e gráficas que se nos ofrecen, despréndese unha serie de consecuencias reiteradas unha e outra vez:

- “o uso do galego é maior canto máis espontáneo é o intercambio comunicativo e, polo tanto, menos influído está polos axentes e elementos do medio escolar (profesor, lingua escrita). É dicir, a escola ata o de agora funcionou como un axente castelanizador das conductas lingüísticas que a poboación galega mantiña nese ámbito” (p. 228).
- os usos espontáneos da lingua galega están máis presentes no hábitat rural e nas clases sociais baixas. Pero “en tódalas clases sociais a media de interacción cos profesores expresa un dominio do castelán” (p. 234) e “na lingua escrita, as medias de uso son moi semellantes e indican igualmente que nese contexto o castelán é a lingua predominante en calquera dos hábitats” (p. 235).
- “a acomodación lingüística no ámbito escolar en Galicia únicamente ten lugar nos galego-falantes que introducen o castelán nas súas prácticas lingüísticas, pero case non afecta ós castelán-falantes, a pesar da introducción do galego no ensino” (p. 240).
- “En definitiva, a escola funciona en tódolos hábitats como elemento castelanizador das conductas lingüísticas que os individuos teñen ó encontrarse neste medio, de xeito que, mesmo naqueles en que o galego é o instrumento de comunicación habitual, a lingua predominante nos usos escolares formais (lingua escrita, co profesor) é o castelán” (p. 261).

No terceiro tomo, *As actitudes lingüísticas en Galicia* (1997), as referencias ó mundo educativo concéntranse no apartado 3.3,

titulado “Actitudes cara ó uso do galego no ámbito escolar” (pp. 94-158). En concreto, as cuestións que se analizan son:

- cál é a lingua máis axeitada para as clases
- preferencia polo galego como lingua habitual da escola
- cál é a lingua preferida para as clases

Os resultados xerais amosan que é maioritaria a porcentaxe que considera tan axeitado o galego como o castelán e cre que se deberían utilizar as dúas linguas na docencia. As porcentaxes a favor do galego son superiores conforme a idade é menor, como consecuencia da diminución xeral de actitudes negativas que se observan nesa franxa de idade.

Chama a atención que, cando se analizan os resultados por grupos profesionais, “case todos tenden a elixir maioritariamente as clases en castelán, destacando sobre todo os docentes, entre os que un 46% prefire o castelán, fronte ó 22,1% que opta polo galego. Neste sentido, non debe esquecerse a transcendencia que estes datos posúen para a galeguización do ensino” (pp. 122-123).

5.5 Estudio sobre o uso do idioma galego da Dirección Xeral de Política Lingüística (1998)

Durante o curso 1997-98, a Dirección Xeral de Política Lingüística deseñou e aplicou un estudio estatístico sobre o uso da lingua galega en tódolos centros de ensino non universitario de Galicia, tanto no ámbito administrativo como no docente. Foi un estudio exhaustivo, que abrangueu tódolos centros públicos e privados de Galicia, incluídas as escolas unitarias, e que permitiu obter información sobre a práctica totalidade dos centros e tamén sobre cada unha das aulas existentes neles.

Non se trata, xa que logo, dun estudio sobre unha mostra representativa, como os anteriores que comentamos, senón dun estudio feito sobre a totalidade da poboación que se quería estudiar. A inxente información recollida, logo de ser procesada, deu

lugar a un documento titulado *Informe final do Estudio sobre o uso do idioma galego*. A información que se nos ofrece nel é de moi diverso tipo e interese, e a súa lectura ofrece a sensación de que non se aproveitou suficientemente a grande cantidade de datos de todo tipo que se recolleron mediante os cuestionarios.

O Informe ocupa 190 páxinas; ten, ademais, outras 20 páxinas de anexos, onde se recollen os centros que non respondieron á enquisa, así como os centros que recoñecen explicitamente que non cumplen os mínimos lexislados. Ó remate ofrécese un capítulo de conclusións, onde aparecen recollidos, dunha maneira clara e sintética, algúns dos aspectos esenciais que se desprenden do estudio.

Características da investigación

Utilizouse un cuestionario específico para cada un destes ciclos e etapas: Educación Infantil / Educación Primaria 1º ciclo / Educación Primaria 2º e 3º ciclo / Educación Secundaria Obrigatoria / BUP e COU / Formación Profesional. Esta división obedecía á establecida no Decreto de 1995 que regula o uso das linguas no ensino, xa que un obxectivo fundamental do estudio era coñece-lo seu grao de cumprimento. Cada cuestionario incluía tres tipos de impresos: un para ser cuberto pola Dirección; outro, pola persoa responsable do ENL e outro para que o cubrise o profesor/a titor/a de cada unha das clases. Nos dous primeiros facíanse preguntas específicas sobre o centro no seu conxunto; no terceiro, as preguntas referíanse a cada unha das aulas en particular. A maioría destas cuestións eran de resposta pechada, pero habíaas tamén de resposta aberta.

Un dos aspectos que chama a atención é o escaso número de respuestas obtidas nas preguntas abertas. Agás na ESO, onde ese número é algo maior, a porcentaxe correspondente ó apartado *Non sabe/Non contesta* é, na maioría dos casos, superior ó 80% (chega a ser, nalgúnha cuestión, do 97,3%). Por esa razón, os datos obtidos nestas respuestas abertas deben ser tomados con cautela, xa que só recollen a opinión do sector minoritario que respondeu. Aínda así, son respuestas moi valiosas (por exemplo, sobre os materiais que se

botan en falta), indicativas do sentir do profesorado preocupado polo tema.

A práctica totalidade dos datos preséntase dun xeito global, referidos sempre ó conxunto de Galicia. Esta presentación totalizadora é interesante para unha parte dos datos; sen embargo, para outros, provoca que queden agochados aspectos da realidade que sería imprescindible coñecer, dado que proceden de ámbitos moi distintos. Por exemplo, non se analizan os datos tendo en conta o hábitat (rural/vilego/urbano). En concreto, os datos sobre a lingua das familias ou a lingua do alumnado, os datos sobre a lingua na que se fai a aprendizaxe da lectoescritura, etc., gañarían en interese se se ofrecesen tendo en conta o parámetro antedito.

Lingua do alumnado / Lingua familiar / Lingua ambiental

Os datos que se presentan sobre a lingua habitual do alumnado, a lingua familiar e a lingua do contorno permiten estudiá-la relación existente entre eles e formular algunas hipóteses explicativas.

Eses datos preséntase sempre en táboas que non recollen o número de alumnos galego ou castelán-falantes, senón o que se preguntaba na enquisa, certamente máis complexo: a porcentaxe de alumnos da aula (ou das súas familias) que o profesor considera galego ou castelán-falantes. Este é un dato que está en consonancia co que se sinala no Decreto de 1995, onde se fai depende-lo uso dunha ou outra lingua na aula segundo sexa ou non maioritaria entre o alumnado.

Dos datos dedúcese que a lingua familiar, no conxunto de Galicia, é maioritariamente o galego, con porcentaxes más altas nos centros de Educación Primaria ca nos de Educación Secundaria. A lingua do contorno tamén é maioritariamente o galego, nunha proporción dobre que o castelán. Tamén a maioria dos centros de Educación Infantil e Primaria indican que o galego é a lingua habitual dos seus alumnos. Así, o 38,6% indican que esta é a lingua habitual de máis do 80% do alumnado, mentres que só o 30,3% dos centros estiman a mesma situación para o castelán.

Sen embargo, cando se examinan os datos referidos á lingua do alumnado en cada un dos niveis de ensino, vese que en todos, sen excepción, predomina o castelán sobre o galego. É dicir, mentres que nos centros se dá a constatación de que o galego é a lingua predominante entre os nenos e nenas cando inician a escolaridade, máis tarde, curso a curso, o castelán pasa a se-la súa lingua habitual.

A diferencia entre os datos referidos á lingua do alumnado e á lingua familiar é moi significativa (ó redor de 12 puntos na porcentaxe, que soben a 25 se a comparación é coa lingua do contorno).

É de interese preguntarse polas causas desta diferencia. A más evidente parece se-la perda da lingua entre pais e fillos, como consecuencia dese regra non escrita que manda falarlle ós nenos pequenos en castelán, aínda no caso de pais galego-falantes. Tamén pode darse a ocultación da lingua por parte dos nenos, sobre todo se identifican a escola co castelán. En calquera caso, estes datos precisarían dun estudio más profundo, tendo en conta tamén a variable do hábitat e a da titularidade pública ou privada.

Nos datos referidos ó castelán a diferencia invértese, e agora o que se dá é unha ganancia na lingua do alumnado respecto da lingua familiar. Esta ganancia é, en todos os casos, superior ós 20 puntos. Unha variación tan alta só se explica pola presencia privilexiada do castelán, na sociedade e nos centros, e pola súa asociación con valores sociais positivos.

No ensino medio, os datos non se afastan desta tendencia, pero reflecten un aspecto novo: mentres que en BUP-COU só son un 20% as aulas que teñen maioría de alumnos galego-falantes (pero son un 43,2% as aulas con máis de 60% de familias galego-falantes), en Formación Profesional estas porcentaxes pasan a ser do 63,5% e do 71,2%, respectivamente.

Os ENL (equipos de normalización lingüística) e a planificación lingüística

En Educación Primaria, ó redor do 94% dos centros teñen ENL (Equipo de Normalización Lingüística); en Secundaria, a porcentaxe baixa ó 84,3%. Son maiores as porcentaxes nos centros

públicos ca nos privados. Tamén nestes últimos é moito menor a frecuencia de reunión (cada mes reúnense o 83,4% dos públicos e o 35% dos privados; cada tres meses reúnense o 2,7% dos públicos e o 30,8% dos privados).

En canto á planificación lingüística, declaran non ter planificación un 15% dos centros de Primaria e un 46% dos centros de Secundaria (o que encaixa co alto grao de incumprimento do decreto que se constata a partir dos datos desta etapa).

Si declaran tela o 85% dos centros de Primaria e un 54% dos de Secundaria. Non hai datos que permitan adiviña-la súa aplicación práctica. Sen embargo, ante a pregunta sobre as medidas correctoras que pensan levar á práctica para conseguir que os alumnos acaden unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais, a porcentaxe de centros que se apuntan ó *Non sabe/Non contesta* é suficientemente explícita (81,2% en Infantil-Primaria; 64,4% en Secundaria).

Tamén é de interese salientar o que declaran os centros sobre a porcentaxe do profesorado que non está preparada para imparti-las súas clases en galego. En Primaria, a maioría (sobre o 70%) reconece estar capacitado. Hai, sen embargo, un 8,7% dos centros que declara que máis do 50% do seu profesorado non está capacitado. E hai un 13,5% que se apunta ó NS/NC.

En Secundaria, a porcentaxe de centros que declaran que máis da metade do profesorado non está capacitado é do 8,8%. Ademais, a porcentaxe total dos capacitados baixa ó 46%.

En canto ás funcións administrativas (que, segundo o Decreto, deben ser en galego), un 14,3% dos centros de Primaria e un 22,8% dos de Secundaria declaran realizarlas total ou parcialmente en castelán. Das comunicacións, as verbais son predominantemente en castelán no 37% dos centros de Primaria e no 28,8% dos de Secundaria, mentres que nas escritas esas porcentaxes son do 19% en Primaria e do 16,7% en Secundaria.

A etapa de Educación Infantil

En Educación Infantil, hai un 40% de aulas nas que se imparten máis de 15 horas semanais en galego; pola contra, nun

39,2% das aulas ou ben non se imparte nada de galego ou se imparten de 0 a 5 horas semanais. É dicir, case nun 40% das aulas a presencia do galego é nula ou anecdótica.

Isto indica que non se está levando á práctica o Decreto de 1995, ó non darse unha introducción paulatina da que, para eses alumnos, sería a segunda lingua. E, segundo o que declara o profesorado (só un 2,8% di non estar preparado), non é debido a descoñecemento do idioma. Intúese que as dificultades poden te-la súa orixe no ámbito social, nos prexuízos ou, mesmo, en que un sector do profesorado non saiba cómo enfrentarse pedagoxicamente a unha cuestión así.

A todo isto hai que engadirlle, ademais, o dato de que un 35% do profesorado do primeiro ciclo de Primaria considera que os alumnos non lles chegan cun coñecemento suficiente para poder facer eles o ensino en galego que por lei lles corresponde.

Dentro deste capítulo dedicado á Educación Infantil, tamén ten interese o bloque de preguntas referidas ós materiais. Das respostas dedúcese que os materiais regulados que se utilizan son, na súa maioría, de editoriais foráneas; pola contra, os materiais non regulados son, na súa maioría, de editoriais galegas.

O profesorado bota en falta, en galego, e por esta orde: material didáctico para a aprendizaxe da lectoescritura, material audiovisual: vídeos, cintas, xogos..., e literatura infantil.

O 1º ciclo de Educación Primaria

O estudio sobre o 1º ciclo de Primaria ofrécenos estes datos sobre o uso do galego:

A aprendizaxe da lectoescritura faise en galego só no 17,2% das aulas; hai, ademais, un 15,3% que declaran facelo nas dúas linguas.

As aulas que declaran explicitamente dar 4 ou 5 horas semanais de Lingua Galega son o 68,9%. Hai un 28,2% de aulas que *Non sabe/Non contesta* a pregunta sobre o número de horas que dan de Lingua Galega. ¿Simple esquecemento ou síntoma de algo máis?

Hai un 56% de centros que declaran impartir 4 ou 5 horas de Coñecemento do Medio en galego. Un 22,7% dos centros declaran impartir 4 ou 5 horas de Matemáticas; un 28,5% imparte 2 ou 3 horas de Educación Artística; un 26,5% imparte 2 horas de Educación Física e un 18,9% imparte en galego 1 ou 2 horas de Relixión.

En canto ós materiais empregados, obsérvanse moitas semellanzas coa realidade descrita na Educación Infantil: predominio das editoriais foráneas nos materiais regulados, e das galegas nos non regulados. Sobre os materiais que se botan en falta, salientanse: vídeos e outros materiais audiovisuais, textos de lectoescritura, e xogos e contos.

Neste ciclo, aparece por primeira vez un bloque de preguntas referido á lingua que os alumnos empregan cando a clase se imparte en galego. O que se deduce das respuestas é que cando o profesorado emprega o galego, os alumnos tamén o empregan maioritariamente (por exemplo, máis do 60% do alumnado nun 68,1% das aulas) tanto oralmente como por escrito.

2º e 3º ciclos de Educación Primaria

Nestes dous ciclos, un 82,1% das aulas declaran impartir 3 ou 4 horas de lingua galega. E hai un 17,9% (884 aulas) que declaran non dar ningunha hora de lingua galega. Sorprende a magnitud deste incumprimento da lei. A preocupación sobe cando vemos que case un 60% do total non responde á pregunta de qué materiais regulados usa nesa materia.

En canto á outra área regulada especificamente como obligatoria no Decreto de 1995, un 77,5% declara dar 4 ou 5 horas de Coñecemento do Medio. Pero un 18,8% (927 aulas) declara non dar ningunha hora nesta materia, que entra dentro dos mínimos obligatorios.

Sobre as porcentaxes das aulas que imparten en galego outras áreas, temos: un 24,9% dá Matemáticas; un 27,9%, Educación Artística; un 29,5%, Educación Física; un 19,8%, Relixión.

No que se refire ás preguntas sobre o uso do galego por parte do alumnado nas clases que se imparten nesa lingua, os datos

confirman e amplían o que xa vimos no primeiro ciclo sobre esta mesma cuestión.

A Educación Secundaria

O Informe entra logo no estudio da Educación Secundaria, cunha primeira parte dedicada ós centros no seu conxunto.

Aínda que hai unha maior presencia de centros en ámbitos urbanos, séguese vendo que a lingua do contorno é maioritariamente o galego (57,6%). Sen embargo, xa só hai un 27% de aulas onde os alumnos galego-falantes superen o 60%. É dicir: a lingua do alumnado, conforme se avanza no ensino, pasa a se-lo castelán nunha amplísima maioría, áinda que a lingua do contorno, e a familiar, siga sendo maioritariamente o galego. Coma outros estudos, tamén neste se constata a clara desgaleguización a medida que se avanza no sistema educativo.

Ensino Secundario: a ESO

O Informe trata logo o apartado correspondente á ESO. Hai que consultar con precaución os datos sobre a etapa, dado que estaba en fase de implantación cando se pasou a enquisa e os alumnos permanecían áinda nos antigos centros de EXB. A situación, na actualidade, é moi distinta, xa que agora estes cursos están nos IES.

Unha das cousas que chama a atención nesta etapa é o alto grao de cumprimento do sinalado no Decreto de 1995, posiblemente por esta-los mínimos claramente definidos nel, e tamén por vir dunha tradición (a 2^a etapa da EXB) na que eses mínimos xa se cumplían en alto grao. Tan só o 6% das aulas declara que non se cumplen os mínimos regulamentados.

Deste xeito, case o 100% imparte 3 ou 4 horas de Lingua Galega (só chama a atención o 1,5% –36 aulas– que declaran non dar nada de galego). Tamén é unha porcentaxe semellante a que declara impartir en galego Xeografía e Historia. Un pouco máis baixa, o 94,3%, é a porcentaxe dos que declaran que dan en galego as Ciencias da Natureza.

Veñén logo uns datos que poden inducir a engano tal como se presentan, porque non están calculados sobre o mesmo número total de aulas (2.179). O 45,3% declara dar en galego as Matemáticas (sobre un total de 1.189 aulas; se fose sobre a totalidade, baixaría ó 25,1%). O 65%, a Plástica (sobre un total de 496 aulas). O 92,5%, a Tecnoloxía (sobre 458 aulas). O 82,6%, a Música (sobre 352 aulas). O 94,1, a Relixión (sobre 451 aulas). Un 95%, Educación Física (sobre 705 aulas). O mesmo pasa cos datos que se nos dan sobre as optativas, referidos a un número moi pequeno de centros.

En canto ós materiais, observamos que aquí é maior a presencia das editoriais galegas dentro da área de Lingua Galega e Literatura, pero moito maior a das editoriais foráneas dentro das outras áreas.

Ensino Secundario: BUP e COU

O Informe analiza tamén os datos referidos ós centros onde se imparte BUP-COU, que eran os maioritarios no momento de realizarse o estudio. Neles hai unha moi alta presencia do castelán: o 63,6% das aulas teñen un alumnado castelán-falante nunha proporción superior ó 60%. En cambio, para as mesmas porcentaxes de galego-falantes, as aulas son só o 20%.

Un 46,3% do profesorado indica que na súa aula non se imparten os mínimos regulamentados (e áinda se podería engadir un 12,5% que se apuntan ó NS/NC). No cadro onde se reflictan as causas aducidas para ese incumprimento, vemos que unha grande maioría (94,7%) deixou en branco esa pregunta. As respuestas que se dan por parte do 5,3% que contestou son indicativas do estado da cuestión: “Algúns profesores non son galegos/Falta de material didáctico en galego/Dominio insuficiente do galego”. Outras son xustificacíons que reflictan problemas sociais ou prexuízos: “os alumnos non falan galego/non o demandan/prefiren o castelán”.

Na pregunta de se prevén incrementa-las materias en galego nos seguintes cursos, un 36,5% responde que non (e un 51,2% apúntase ó NS/NC).

Nas clases onde o profesor utiliza o galego, obsérvase que, contra a tendencia manifestada en Primaria, é alta a porcentaxe de alumnos que seguen a emprega-lo castelán (máis do 60% nun 20% das aulas).

Finalmente, cómpre sinalar que nestes cursos sobe ó 24,1% a porcentaxe de profesorado que non se considera capacitado para impartir en galego.

Ensino Secundario: a Formación Profesional

A última etapa que o Informe analiza é a Formación Profesional (o plan antigo, maioritariamente, que era o que estaba en vigor cando se fixo a enquisa).

Sobre a lingua habitual de alumnado e familias, os resultados son moi diferentes dos de BUP-COU. Un 40,6% das aulas teñen unha porcentaxe superior ó 60% de alumnos galego-falantes (sobe ó 63,5% nas familias). Co mesmo criterio, o castelán ten unha porcentaxe do 40,3% (baixa ó 13,8 nas familias). Por certo, é aquí onde se dá a diferencia maior entre lingua habitual do alumnado e das familias (26 puntos no caso do castelán, o que dá idea do grao de castelanización nunha soa xeración).

Sobre a lingua utilizada polo profesorado na docencia, nun 33% das aulas non se imparten os mínimos. Ademais, un 22,5% do profesorado non se considera capacitado para da-la clase en galego.

II. A INVESTIGACIÓN SOBRE A SITUACIÓN DA LINGUA GALEGA NOS CENTROS DE ENSINO INFANTIL E PRIMARIO DE GALICIA

A investigación sobre o ensino primario e infantil estructúrouse en dúas partes diferenciadas.

- a) En primeiro lugar, desenvolvemos unha investigación macrosocial, coa utilización de indicadores cuantitativos, a partir dunha mostra significativa de centros de ensino estratificada por tipo de centro (privado e público) e por provincia. En cada centro recolleuse información procedente de tres fontes:
 - unha enquisa ó equipo directivo de cada centro, mediante a realización dunha entrevista persoal (enquisa de 49 preguntas, véxase o seu contido preciso nos anexos);
 - unha enquisa co Equipo de Normalización Lingüística, tamén mediante unha entrevista individual (enquisa de 63 preguntas, véxase o contido nos anexos);
 - unha ficha avaliativa de observación, realizada polo investigador sobre o terreo (ficha que contiña 48 ítems considerados, véxase o seu contido nos anexos).
- b) En segundo lugar, levamos a cabo un estudio de casos baseado en indicadores cualitativos a partir dunha tipoloxía de centros de ensino con características de maior e menor nivel de galeguización segundo o tipo de hábitat (urbano ou non urbano) e tipo de centro (público ou privado).

A sección 2.1 está centrada na exposición da metodoloxía empregada e no comentario detallado dos datos más relevantes nos diferentes ítems e aspectos da investigación nunha mostra de centros escolares. E a sección 2.2 está dedicada a mostra-los resultados do estudio de casos.

1 A MOSTRA DE CENTROS DE ENSINO

1.1 *Formulación metodolóxica da mostra de centros de ensino e datos descriptivos xerais*

A elección da mostra de centros de ensino realizouse tendo en conta a existencia de centros públicos e privados, por unha banda, e dentro dos públicos procurouse unha representatividade dos mesmos en función da dimensión do concello en que se sitúan. Para a distribución da mostra de 150 centros de ensino infantil e primario en Galicia, fixose unha selección a partir de 4 grupos de concellos.

Grupo 1: 58 centros situados en concellos maiores de 50.000 habitantes

Lugar	Número de centros
A Coruña	14
Lugo	5
Ourense	6
Pontevedra	5
Santiago	5
Ferrol	5
Vigo	20

Grupo 2: 43 centros en concellos de 10.000 a 49.999 habitantes

Provincia da Coruña	Provincia de Lugo	Provincia de Ourense	Provincia de Pontevedra
Arteixo 2	Monforte 2	Verín 2	Cangas 2
Boiro 2	Sarria 2	O Carballiño 2	Lalín 2
Carballo 2	Chantada 1		Pontareas 2
As Pontes 2			Vilagarcía 3
Narón 2			Vilanova de A. 1
Teo 2			Redondela 2
Ribeira 2			Tui 2
Sta. Comba 2			Cambados 2
			Marín 2

Grupo 3: 24 centros en concellos de 5.000 a 9.999 habitantes

Provincia da Coruña	Provincia de Lugo	Provincia de Ourense	Provincia de Pontevedra
Coristanco 1	Palas de Rei 1	Celanova 1	Meaño 1
Brión 1	Mondoñedo 1	Ribadavia 1	Caldas 2
Oleiros 1	Guitiriz 1		Pontecaldelas 1
Outes 1	Foz 1		Salvaterra 2
Melide 2			Cuntis 1
Muxía 1			
Negreira 1			
Sada 1			
Cedeira 2			

Grupo 4: 26 centros en concellos de 0 a 4.999 habitantes
(un centro en cada concello)

Provincia da Coruña	Provincia de Lugo	Provincia de Ourense	Provincia de Pontevedra
Boimorto	Abadín	Arnoia	Moraña
Laxe	O Corgo	Bande	Catoira
Cabanas	Lourenzá	Castro Caldelas	As Neves
Dodro	As Nogais	Amoeiro	
Coirós	Sober	Viana do Bolo	
	Meira	O Irixo	
	O Páramo	Xunqueira de Ambía	
	Cenlle		
	Piñor		
	Vilariño de Conso		
	Lobeira		

Convén indicar tamén, por outra banda, que escollemos un itinerario que privilexia o afondamento nos datos –ficha avaliativa obxectiva e enquisas a actores relevantes do proceso educativo– para o tratamento dos datos acadados dun xeito aberto e imaxinativo máis cá súa extensión e amplitude mostral, tendo moi en conta a existencia dunha enquisa xeral a tódolos centros de ensino primario por parte da DXPL¹². En todo caso a mostra é moi significativa en virtude do feito do seu axeitamento mostral.

12. Referímonos ó *Estudio sobre o uso do idioma galego* que a DXPL da Consellería de Educación da Xunta de Galicia realizou no ano 1998 (véxase a sección 1.5.5).

No deseño da nosa investigación pareceunos conveniente, polo tanto, realizar un afondamento nos datos que nos permitise no seu caso, ademais de extraer datos xerais sobre da situación, a posibilidade de establecer contrastes e variacións tanto internos en cada centro coma para o conxunto dos centros investigados. Con esa finalidade os datos trianguláronse entre distintos actores en cada centro (dirección, ENL, ANPA, etc.), con niveis e modos de implicación relativamente diferentes no proceso de normalización e, desta maneira, cun nivel de compromiso coa Administración diferentes. Isto permitía, ó noso ver, limita-lo impacto de respuestas rutineiras e oficialistas por parte dos responsables dos centros que eventualmente puidesen reduci-la relevancia e a espontaneidade das respuestas. Partiamos da consideración de que a menos responsabilidade administrativa e maior implicación social ou lingüística por parte dos actores sociais poderíamos quizais atopar respuestas ou enfoques dos asuntos relativamente diferenciados.

O interese dunha ficha avaliativa observacional como a que realizamos radica en que permitía acceder a varios obxectivos e contidos simultáneos:

- Obter e cuantificar un tipo de información a nivel de prácticas lingüísticas ata agora non estimado.
- Obter algunha información inicial sobre o “clima lingüístico” dos centros a investigar.
- Constata-la existencia de posibles desaxustes entre a vontade de normalizadora e os seus efectos microsociais no contorno da comunidade escolar.

Por outra parte, quixemos formular unha proposta de investigación que combinase a rigorosidade dos datos cuantitativos coa dimensión imaxinativa e aberta dos estudos de casos.

Finalmente, cómpre facer unha referencia á triple estratexia metodolóxica seguida para afondar na análise da situación do galego nos centros de ensino: por unha parte, a elaboración da ficha avaliativa, por outra a triangulación de enquisas, e finalmente o estudios de casos.

En todo caso, cómpre indicar que a decisión de implementar unha das achegas metodolóxicas máis novedosas, a que consistiu en optar por elaborar unha ficha avaliativa con datos procedentes directamente da observación, suscitou a esixencia dun nivel de rigor particular na fase de traballo de campo, por mor dalgúns dos seus riscos inherentes, tales como o do subxectivismo ou o da dificultade para podermos estandariza-los datos de cara a facelos homologables e comparables. Non obstante, decidimos asumir ese risco dado que o instrumento nos permitía obter dese xeito unha información obxectivable imposible de acadar directamente a través dunha recollida das opinións dos mesmos suxeitos entrevistados.

Os estudos de casos, pola súa parte, foron tratados cunha atención principal encargándose os mesmos investigadores principais de levar a cabo tódalas recollidas de datos e entrevistas en profundidade nas que estes se basearon.

Pasamos agora a mostra-los datos descriptivos xerais da mostra de centros de ensino.

Gráfico 1: Tipo de centro





Gráfico 2: Hábitat dos colexios



Cadro 1: Mostra de centros por provincia

	n =	%
A Coruña	76	37,8
Lugo	26	12,9
Ourense	25	12,4
Pontevedra	74	36,8

Cadro 2: Mostra de centros por tamaño do municipio

	n =	%
Más de 50.000	92	46,0
Entre 10 e 49.999	55	27,5
Entre 5.000 e 9.999	29	14,5
Menos de 5.000	24	12,0

Cadro 3: Mostra de centros por provincia e hábitat

	Costeiro	Interior	Total
A Coruña	51	25	76
Lugo	2	24	26
Ourense	—	25	25
Pontevedra	56	18	74
	109	92	201

Cadro 4: Mostra de centros por provincia e tipo de centro

	Privado	Público	Total
A Coruña	19	57	76
Lugo	6	20	26
Ourense	5	20	25
Pontevedra	20	54	74
	50	151	201

Cadro 5: Mostra de centros por hábitat e tipo de centro

	Privado	Público	Total
Costeiro	30	79	109
Interior	20	72	92
	50	151	201

Cadro 6: Alumnado por tipo de colexo

		2-200 alumnos	201-500 alumnos	+ de 500 alumnos	Total
Privado	n =	3	26	20	49
	%	6,1	53,1	40,8	100,0
Público	n =	48	82	21	151
	%	31,8	54,3	13,9	100,0
Total	n =	51	108	41	200
	%	25,5	54,0	20,5	100,0

Cadro 7: Alumnado por hábitat

		2-200 alumnos	201-500 alumnos	+ de 500 alumnos	Total
Costeiro	n =	22	61	25	108
	%	20,4	56,5	23,1	100,0
Interior	n =	29	47	16	92
	%	31,5	51,1	17,4	100,0
Total	n =	51	108	41	200
	%	25,5	54,0	20,5	100,0

Cadro 8: Alumnado por provincia

		2-200 alumnos	201-500 alumnos	+ de 500 alumnos	Total
A Coruña	n =	18	40	18	76
	%	23,7	52,6	23,7	100,0
Lugo	n =	9	14	3	26
	%	34,6	53,8	11,5	100,0
Ourense	n =	10	8	7	25
	%	40,0	32,0	28,0	100,0
Pontevedra	n =	14	46	13	73
	%	19,2	63,0	17,8	100,0
Total	n =	51	108	41	200
	%	25,5	54,0	20,5	100,0

Cadro 9: Profesorado por tipo de colexio

		0-15 profesores	16-30 profesores	+ de 30 profesores	Total
Privado	n =	7	17	26	50
	%	14,0	34,0	52,0	100,0
Público	n =	44	74	32	150
	%	29,3	49,3	21,3	100,0
Total	n =	51	91	58	200
	%	25,5	45,5	29,0	100,0

Cadro 10: Profesorado por hábitat

		0-15 profesores	16-30 profesores	+ de 30 profesores	Total
Costeiro	n =	22	53	34	109
	%	20,2	48,6	31,2	100,0
Interior	n =	29	38	24	91
	%	31,9	41,8	26,4	100,0
Total	n =	51	91	58	200
	%	25,5	45,5	29,0	100,0

Cadro 11: Profesorado por provincia

		0-15 profesores	16-30 profesores	+ de 30 profesores	Total
A Coruña	n =	20	35	21	76
	%	26,3	46,1	27,6	100,0
Lugo	n =	10	10	6	26
	%	38,5	38,5	23,1	100,0
Ourense	n =	9	9	7	25
	%	36,0	36,0	28,0	100,0
Pontevedra	n =	12	37	24	73
	%	16,4	50,7	32,9	100,0
Total		51	91	58	200
		%	25,5	45,5	100,0

1.2 Indicadores xerais do nivel de galeguización dos centros

Neste apartado incluiremos toda a información relativa ós niveis de utilización da lingua galega en distintos niveis de comunicación dentro dos centros de ensino. A información que utilizamos nesta sección provén da ficha avaliativa observacional.

Concretamente, os contidos analizados neste apartado de indicadores xerais de galeguización dos centros son os seguintes:

- a. Rotulación interna e externa dos centros
- b. Utilización da lingua galega en escritos
- c. Lingua escrita dos documentos oficiais do centro
- d. Lingua utilizada nos contactos informais observados nos centros
- e. Lingua utilizada nas interaccións familia-profesorado
- f. Lingua utilizada con preferencia polos conserxes dos centros
- g. Lingua oral utilizada nas aulas de Infantil e Primaria
- h. Lingua escrita utilizada nos encerados das aulas

A. Rotulación interna e externa dos centros

Da interpretación do cadro 12 podemos derivar-la conclusión de que a nivel de rotulación externa dos centros existe hoxe unha aposta bastante estendida nos centros públicos por utilizar de xeito preferente a lingua galega (86%), fronte a só un 35% dos privados. No conxunto dos centros de Educación Primaria da comunidade galega, e tendo en conta a prevalencia do ensino público neste nivel, pode afirmarse que praticamente tres de cada catro centros que imparten a Educación Primaria se mostran sensibles ós obxectivos normalizadores no relativo ás súas estratexias de rotulación externa dos centros.

Un primeiro dato que resulta rechamante é o de que de portas adentro –é dicir no que fai referencia á rotulación interna–, a situación varía dun xeito estimable. No conxunto dos centros prodúcese unha menor polarización no uso das dúas linguas, reducíndose tanto a porcentaxe dos que utilizan só o galego (pasa do 65% ó 49%) coma a daqueles que recorren só ó castelán, o cal pasa do 20% ó 16%, incrementándose en virtude diso as porcentaxes daqueles que optan por utilizar, con maior ou menor intensidade, ámbalas linguas.

Cómpre indicar aquí que tamén no nivel das estratexias de rotulación interna se mantén unha clara diferencia entre centros públicos (o 84% deles fai un uso preferente do galego) fronte ós centros privados (só un 25% fai un uso maioritario do galego).

A teor dos datos recollidos pódese afirmar que as diferencias existentes entre o hábitat costeiro e de interior non resulta aquí de especial relevancia dado que a súa distribución tende a repetir unha estructura moi semellante á do conxunto de Galicia.

No que fai referencia ás catro provincias galegas podemos comprobar como entre elas se producen algunas variacións de certa relevancia. Por unha banda, A Coruña semella a máis estable presentando unha distribución más acorde coa xeral de Galicia, mentres que Pontevedra se desmarca a favor dun uso máis decidido do galego. Lugo reprégase con taxas máis baixas a favor do uso do galego tanto na rotulación externa coma na interna, mentres

Cadro 12: Lingua utilizada na rotulación interna e externa dos centros

	Rotulación Externa			Rotulación Interna		
	Só Gal.	+ Gal.	+ Cast.	Só Gal.	+ Gal.	+ Cast.
TOTAL DE GALICIA	65,1% (110)	8,9% (15)	3,6% (6)	20,1% (34)	49,5% (91)	20,7% (38)
Tipo de centro						
Privado	28,6	7,1	4,8	57,1	13,6	27,3
Público	77,2	9,4	3,1	7,9	60,7	23,6
Habitat						
Costeiro	64,9	6,2	4,1	21,6	53,4	15,5
Interior	65,3	12,5	2,8	18,1	44,4	27,2
Provincia						
A Coruña	65,1	11,1	3,2	17,5	47,9	23,9
Lugo	44,4	22,2	5,6	16,7	34,8	26,1
Ourense	60,0	15,0	5,0	20,0	27,3	31,8
Pontevedra	72,1	1,5	2,9	23,5	63,2	11,8
Tamaño do municipio						
Máis de 50 mil	62,5	7,5	2,5	27,5	41,5	14,6
Entre 10 e 50 mil	73,3	8,9	2,2	15,6	57,7	19,2
Entre 5 e 10 mil	54,2	8,3	12,5	16,7	53,6	28,6
Menos de 5 mil	70,0	15,0	—	5,0	57,1	38,1
						—
						4,8

que Ourense evidencia unha maior proclividade a evita-los extremos preferindo os usos prioritarios tanto do galego coma do castelán fronte á utilización exclusiva dunha ou outra lingua.

Se temos en conta o tamaño do municipio podemos afirmar que os más favorables a unha utilización da lingua galega nas rotulacións externas e internas dos centros son aqueles que se atopen no grupo comprendido entre os 10.000 e os 50.000 habitantes, así como aqueles de tipo rural que teñen unha poboación inferior ós 5.000 habitantes. No outro extremo, os que mostran unha preferencia relativamente maior polo uso do castelán nestes labores son os concellos con maiores taxas poboacionais.

B. Utilización da lingua galega en escritos

As funcións administrativas dos centros son un dos obxectivos preferentes da galeguización emprendida desde a Administración educativa. No *Estudio sobre o uso do idioma galego*, realizado pola DXPL durante o curso 1997-1988¹³, sinalábase que o 80,4% dos centros realizaban tales tarefas en galego, fronte a un 12,3% que o facía parcialmente e un 2% que non utilizaba o galego para esas finalidades (DXPL, 1998:30).

Cando nese mesmo estudio se preguntaba pola lingua das comunicacións orais e escritas a nivel administrativo, podíamos observa-la distribución que recollemos no seguinte cadro (DXPL, 1998:31):

13. Cando citemos a partir de agora datos ou informacións procedente do dito informe, farémolo mediante a indicación seguinte: DXPL (1998), e sinalando a páxina correspondente.

Cadro 13: Lingua das comunicacións orais e escritas por parte da administración dos CEIP (en %)

	Comunicacións orais	Comunicacións escritas
Só galego	51,8	72
Máis galego ca castelán	4,8	3,2
Máis castelán ca galego	20,9	11,3
Só castelán	16,3	8,3
NS/NC	6,1	5,2

Fonte: DXPL(1998)


Con esta información de partida, a achega que nós realizamos consistiu en afondar nesa realidade dos usos administrativos más pormenorizadamente e atendendo ás variables que poden explica-la distribución dos datos.

Normalmente, as notas oficiais que fan públicas os centros a nivel interno, habitualmente a través do seu taboleiro de anuncios, adoitan estar na maioría dos casos escritos en lingua galega. Un 58,2% dos centros utilizan exclusivamente o galego, mentres que un 22,4% recorre con máis frecuencia a este idioma. Cando os centros escriben ós pais adoitan facelo unha inmensa maioría só (o 70%), ou preferentemente (o 13,9%) en galego. Esta tendencia refórzase áinda máis cando os centros dirixen os seus escritos ó concello (77,6% en galego) ou cando o fan á Administración autonómica responsable do ensino (82,1% en galego).

Cómpre incidir no feito complementario de que a porcentaxe de centros que utiliza só o castelán nas súas comunicacións oficiais internas, cos pais, coa Administración educativa ou co concello redúcese drasticamente ata os respectivos 7%, 2,5%, 1,5% ou 6,5% (véxase o gráfico seguinte).

É mester indicar aquí que cando desagregamos os centros privados dos públicos este tipo de prácticas aparecen extremadamente polarizadas entre ambos tipos de centros. De acordo cos datos que figuran no cadro anexo-1 (no anexo C), podemos comprobar como soamente un 18% dos centros privados usan o galego nas súas comunicacións oficiais internas, como a presencia da lingua galega nos escritos dirixidos ós pais acada só un 29%, men-

Gráfico 3: Utilización da lingua galega na escrita (en %)



tres que o uso exclusivo do castelán atinxo nestes casos unha presencia do 20,5% e do 18,8%, respectivamente. Pola contra, cómpre non ignorar que en todo caso os centros privados acadan nun 50% dos casos un uso en exclusiva do galego coa Administración autonómica, así como unha taxa do 41% cando a quen dirixen os seus escritos é ós concellos.

A influencia das restantes variables independentes (tipo de hábitat, provincia e tamaño do municipio) semella ser máis feble cá do tipo de centro. Non obstante, cómpre indicar que os centros das zonas de interior semellan tender lixeiramente a utilizar algo máis o galego sobre de todo nos seus escritos dirixidos ás familias e ós seus respectivos concellos: 78% fronte ó 67% dos costeiros, no primeiro caso, e o 89% fronte ó 77%, no segundo (véxanse os cadros anexo 2-4 do anexo C).

Respecto dos datos por provincias, poida que o dato máis rechamante sexa o da provincia de Lugo, na que contrasta o feito de que só un 46% dos centros utilicen o galego nas súas comunicações oficiais internas fronte a un 84% deles que o usan cando

envían escritos ós pais ou ós concellos, e un 88% deles que o utilizan cando se dirixen á Administración educativa autonómica.

A distribución da variable que dá conta do tipo de uso segundo o tamaño dos municipios fai de novo fincapé no feito de que sexan os pequenos concellos máis rurais de menos de 5.000 habitantes e os comprendidos entre 10.000 e 50.000, entre os que se atopan aqueles que exercen de cabeceiras comarcais, os que amosan unha maior decisión no seu uso. Este feito acontece no caso das catro variables dependentes analizadas: escritos oficiais do centro, escritos enviados ós pais, escritos dirixidos á Administración autonómica e escritos dirixidos ós concellos.

C. Lingua escrita dos documentos oficiais do centro

De acordo cos datos mostrados no cadro 14, podemos constatar como en torno a oito de cada dez centros de ensino primario da comunidade autónoma utilizan a lingua galega na escrita reflectida nos distintos documentos oficiais do centro; o PEC (*Proxecto Educativo de Centro*), o PCC (*Proxecto Curricular de Centro*), o LACP (*Libro de Actas do Claustro de Profesores*) ou no LACE (*Libro de Actas do Consello Escolar*). Pola contra, soamente un de cada dez centros utiliza unicamente a lingua castelá.

Cadro 14: Lingua en que están redactados distintos documentos oficiais (en %)

	PEC	PCC	LACP*	LACE**
Galego	84,1	76,5	83,0	78,6
As dúas	6,7	14,5	7,7	11,0
Castelán	9,1	8,4	9,3	10,4
NS/NC	—	0,6	—	—

Segundo os datos contidos nos cadros 15 e 16 que figuran a continuación, podemos comprobar como tamén aquí se fan ostensibles de novo as diferencias xa detectadas entre as posturas dos centros públicos e privados. Non obstante, cómpre lembrar que estas diferencias responden nunha medida considerable a dúas

variables superpostas á condición privada do ensino: referímonos ó feito de que os centros privados se atopan na súa meirande parte situados no medio urbano e adoitan ter unha clientela de clases medias tradicionais. A Galicia interior mostra unha receptividade lixeiramente maior cara á lingua galega, de tal xeito que mentres nas zonas costeiras, nas que se sitúan as dúas cidades de maior tamaño de Galicia, son oito de cada dez os centros que utilizan o galego na redacción do PEC ou do LACP nas zonas do interior esta proporción ascende ata aproximadamente nove de cada dez centros. Entre as provincias que resultan relativamente más receptivas son as de Ourense e Lugo. Respecto do tamaño dos municipios repítese a tendencia más favorable entre aqueles que contan con poboacións inferiores a cinco mil habitantes ou os comprendidos entre os 10.000 e os 50.000, os cales acadan en tódolos casos frecuencias superiores ó 85% ou ó 80% respectivamente.

*Cadro 15: Lingua en que están redactados o PEC
e mailo PCC segundo distintas variables*

	PEC			PCC		
	Gal.	G/C	Cast.	Gal.	G/C	Cast.
TOTAL DE GALICIA	84,1%	6,7%	9,1%	76,5%	14,5%	8,4%
<i>Tipo de centro</i>						
Privado	46,5	20,9	32,6	43,5	30,4	26,1
Público	97,5	1,7	0,8	88,0	9,0	2,3
<i>Hábitat</i>						
Costeiro	80,6	6,5	12,9	74,7	13,1	11,1
Interior	88,7	7,0	4,2	78,8	16,3	5,0
<i>Provincia</i>						
A Coruña	82,1	7,1	10,7	77,8	12,7	7,9
Lugo	95,0	5,0	—	70,8	25,0	4,2
Ourense	88,2	5,9	5,9	90,0	5,0	5,0
Pontevedra	81,7	7,0	11,3	73,6	15,3	11,1
<i>Tamaño do municipio</i>						
Máis de 50 mil	77,3	6,7	16,0	71,4	11,9	15,5
Entre 10 e 50 mil	88,6	6,8	4,5	80,4	15,2	4,3
Entre 5 e 10 mil	84,6	11,5	3,8	77,8	22,2	—
Menos de 5 mil	100	—	—	85,7	14,3	—

Cadro 16: Lingua en que están redactados o LACP e mailo LACE segundo distintas variables

	LACP			LACE		
	Gal.	G/C	Cast.	Gal.	G/C	Cast.
TOTAL DE GALICIA	83,0%	7,7%	9,3%	78,6%	11,0%	10,4%
<i>Tipo de centro</i>						
Privado	48,8	18,6	32,6	37,2	23,3	39,5
Público	93,5	4,3	2,2	91,4	7,2	1,4
<i>Hábitat</i>						
Costeiro	79,2	8,9	11,9	73,5	11,8	14,7
Interior	87,7	6,2	6,2	85,0	10,0	5,0
<i>Provincia</i>						
A Coruña	82,8	9,4	7,8	75,4	13,8	10,8
Lugo	80,0	12,0	8,0	68,0	20,0	12,0
Ourense	95,0	—	5,0	95,0	—	5,0
Pontevedra	80,8	6,8	12,3	80,6	8,3	11,1
<i>Tamaño do municipio</i>						
Más de 50 mil	74,1	9,4	16,5	67,4	14,0	18,6
Entre 10 e 50 mil	87,2	8,5	4,3	87,0	8,7	4,3
Entre 5 e 10 mil	92,6	3,7	3,7	85,2	11,1	3,7
Menos de 5 mil	95,5	4,5	—	95,5	4,5	—

D. Lingua utilizada nos contactos informais observados nos centros

Do mesmo xeito que nas organizacións adoita existir unha realidade dobre, e a miúdo superposta, de procesos formais e regulados fronte a outros fluxos de carácter espontáneo, tamén nos centros de ensino primario esta realidade dobre semella, alomenos en parte, agromar cando as relacións interpersoais se distenden facéndose más febles aquelas lóxicas reguladoras que remiten ás aprendizaxes lingüísticas. Por outra banda, cómpre incidir no feito de que estas orientacións normativas gozan dunha boa aceptación xeral tal e como iremos tendo ocasión de observar dabondo ó longo do presente informe.

Cadro 17: Lingua utilizada nos contactos informais no centro de ensino

	<i>Lingua utilizada polo alumnado</i>		<i>Lingua utilizada polo profesorado</i>		
	<i>Só Gal.</i>	<i>+ Gal. + Cast.</i>	<i>Só Cast.</i>	<i>Só Gal. + Gal. + Cast.</i>	<i>Só Cast.</i>
TOTAL DE GALICIA	18,8% (35)	13,4% (25)	20,4% (38)	44,6% (83)	15,7% (31) 31,8% (55) (63) 17,2% (34)
<i>Tipo de centro</i>					
Privado	—	2,1	20,8	77,1	4,0
Público	25,5	19,0	21,9	33,6	19,6 41,2 28,4
<i>Habitat</i>					
Costeiro	8,1	12,1	18,2	61,6	14,8 26,9 37,8 34,3 36,7 24,1 8,9
Interior	31,4	17,4	25,6	25,6	16,7
<i>Provincia</i>					
A Coruña	19,4	11,1	19,4	50,0	14,7 21,3 8,0 36,0 12,5 37,5 20,3 39,2 24,3 — 16,0 — 50,0 24,0 — 40,0 16,0 — 50,0 24,3 — 16,2
Lugo	23,1	26,9	19,2	30,8	
Ourense	26,1	13,0	34,8	26,1	
Pontedeira	14,1	14,1	20,3	51,6	
<i>Tamano do municipio</i>					
Máis de 50 mil	—	9,6	18,1	72,3	7,6 22,8 41,3 — 37,3 20,0 29,1 40,0 28,3
Entre 10 e 50 mil	17,6	13,7	31,4	37,3	20,0 29,1 40,0 10,9
Entre 5 e 10 mil	35,7	21,4	28,6	14,3	21,4 39,3 32,1 7,1
Menos de 5 mil	72,7	22,7	4,5	—	31,8 63,6 4,5 —

En virtude do dito resulta doado de entende-lo feito de que o alumnado nas súas relacións informais recorra de xeito máis frecuente á lingua castelá (65%) fronte a aqueles que usan de xeito preferente o galego (32%). Entre os docentes, pola súa banda, chama a atención cómo diversos factores están a favorece-lo feito de que estes propendan con maior frecuencia cara ós usos mixtos, pero xeralmente más favorables á lingua galega.

Se observámolo-s los datos por provincias, podemos comprobar como nos usos informais de tipo lingüístico semellan se-los docentes da provincia pontevedresa aqueles que se mostran más activos na súa utilización preferente (59%), fronte ós docentes coruñeses que se atoparían no outro extremo con soamente un 30%.

No nivel de concellos aquí semella producirse unha gradación directamente inversa ó nível de urbanización do ámbito, oscilando entre o 30% dos municipios más grandes e o 90% daqueles de menor tamaño.

E. Lingua utilizada nas interaccións familia-profesorado

Dúas son as ideas centrais que semellan rexer de xeito sumario na lóxica que orienta os docentes e as familias cando falan entre eles. A primeira sería a de que as preferencias por unha ou por outra lingua están bastante equilibradas no conxunto dos centros e a segunda é a de que a medida que as comunidades son más pequenas e rurais, a presencia do galego devén cada vez más protagonista. Se nos municipios con máis de 50.000 habitantes os docentes que se dirixen ós pais con preferencia en galego son só un 25%, naqueles que teñen menos de 5.000 esta porcentaxe acada a totalidade dos casos rexistrados.

Evidentemente tamén aquí existe unha clara diferencia entre os centros públicos e os privados, na súa maioría urbanos, nos cales as tendencias se inverten e mentres a porcentaxe de docentes que recorre ó galego coma lingua preferente nas súas interaccións cos pais acada un 13%, o uso alternativo do castelán ascende ata un 86%.

Cadro 18: Lingua utilizada en interaccións familia-profesorado (en %)

	Só Gal.	+ Gal.	+ Cast.	Só Cast.
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	10,0	3,3	6,7	80,0
Público	46,8	12,8	8,5	31,9
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	22,2	5,6	8,3	63,9
Interior	41,5	12,2	7,3	39,0
<i>Provincia</i>				
A Coruña	26,3	10,5	15,8	47,4
Lugo	50,0	10,0	—	40,0
Ourense	14,3	28,6	14,3	42,9
Pontevedra	34,1	4,9	4,9	56,1
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	16,7	8,3	11,1	63,9
Entre 10 e 50 mil	30,0	5,0	10,0	55,0
Entre 5 e 10 mil	46,2	15,4	—	38,5
Menos de 5 mil	85,7	14,3	—	—

F. Lingua utilizada con preferencia polos conserxes dos centros

Aínda que sabemos que o tipo de información que recollemos neste apartado se desmarca relativamente do eixo central sobre o que se produce o proceso educacional que tende a privilexiar la relación sobre profesor-alumno/a, e como moito, e máis como arela ca coma práctica, o triángulo profesor-estudiante-familia. Semeñounos importante reflectir aquí tamén o posicionamento práctico do persoal subalterno dos centros o cal, por unha banda, recolle e traduce ó seu xeito unha certa ‘cultura lingüística de centro’, e por outra, polo feito de que á súa vez e ó seu xeito –en ocasións mesmo moi relevante– este tipo de profesionais exercen tamén realizando labores, creando exemplo e inducindo prácticas.

Cadro 19: Lingua utilizada polos conserxes co entrevistador/a e co alumnado (en %)

	Co entrevistador/a			Co alumnado		
	Gal.	G/C	Cast.	Gal.	G/C	Cast.
<i>Tipo de centro</i>						
Privado	35,1	8,1	56,8	6,5	6,5	87,1
Público	75,7	10,4	13,9	55,6	13,9	30,6
<i>Hábitat</i>						
Costeiro	62,5	12,5	25,0	30,0	13,3	56,7
Interior	70,3	6,3	23,4	55,8	9,3	34,9
<i>Provincia</i>						
A Coruña	60,3	12,1	27,6	41,0	15,4	43,6
Lugo	62,5	—	37,5	54,5	9,1	36,4
Ourense	68,8	6,3	25,0	36,4	9,1	54,5
Pontevedra	71,0	11,3	17,7	38,1	9,5	52,4
<i>Tamaño do municipio</i>						
Más de 50 mil	59,7	9,7	30,6	11,6	14,0	74,4
Entre 10 e 50 mil	61,9	14,3	23,8	46,7	13,3	40,0
Entre 5 e 10 mil	79,2	8,3	12,5	68,4	5,3	26,3
Menos de 5 mil	84,6	—	15,4	90,9	9,1	—

Cómpre lembrar aquí que as persoas cualificadas que realizaron o traballo de campo anotaron os dous tipos de interacción que lles resultou posible¹⁴. Por unha banda a mesma interacción co responsable da recollida de información que os interpelaba e por outra observaron a lingua que os conserxes utilizaban cando estes se dirixían ós alumnos.

No primeiro caso, e salvo no caso dos centros privados, os conserxes tiñan claramente activada unha tendencia preferente a responder en galego cando un interlocutor se dirixía a eles nesa lingua. E iso acontecía nos centros públicos nun 86% dos casos. Mientras nos privados un 65% optaba por facelo con preferencia en castelán.

14. A este respecto temos que indicar aquí o feito de que en 49 centros non se pudo comproba-la lingua do conserxe co entrevistador/a, polo que temos que supoñer que en case unha cuarta parte dos centros incluídos na mostra non existía a figura do conserxe. Por outro lado, nas interaccións do conserxe co alumnado tampouco se pudo observa-la elección lingüística dos conserxes no 48% dos casos, resultado de engadir ó 25% de casos en que non existía conserxe un 23% máis de casos en que tal interacción conserxe-alumno non chegou a producirse estando presente o entrevistador/a.

Esta tendencia favorable ó galego semella marcada, en xeral, de xeito máis claro nos centros situados en zonas de interior non costeiras, mentres que a provincia que dá unhas taxas máis baxas de uso do galego preferente, paradoxalmente, é a de Ourense cun uso preferente do galego do 36%, fronte a un uso preferente do castelán do 54%.

En todo caso tamén aquí se mantén a tendencia proporcional favorable ó uso do galego a medida que se reduce a tipoloxía do tamaño dos concellos.

Naqueles casos nos que se puido observar cómo se producían as interaccións lingüísticas entre os conserxes e os directores dos centros comprobouse (véxase o cadro 20) como na maioria dos casos esta tiña lugar en lingua galega. Tamén aquí se manteñen as matizacíóns recorrentes respecto das diferencias entre centros públicos e privados, así como tamén no que se refire ó distinto comportamento da costa e o interior ou á progresividade do uso do galego en relación inversa co tamaño do municipio.

As interaccións entre conserxe e profesores seguen a mesma lóxica que as anteriores con pequenas diferencias. Entre elas quizais cómpre indicar a de que a maior relación habitual entre conserxe e director poida estar na orixe dunha maior utilización relativa do galego entre eles que entre conserxe e profesores. As diferencias entre costa e interior fanse aquí algo más intensas sobre de todo por mor de incrementarse moito nos centros costeiros a proporción daqueles que optan nesas situacíóns por recorrer a ambas linguas. Outra diferencia que cómpre ter en conta é a da tendencia máis comedida (entre o 40% e o 50%), pero máis homoxénea nas catro provincias, a un uso preferente do galego.

Cadro 20: Lingua utilizada polos conserxes co director/a e co profesorado

	Co director/a			Co profesorado		
	Gal.	G/C	Cast.	Gal.	G/C	Cast.
TOTALDE GALICIA	56,2% (77)	6,6% (9)	37,2% (51)	46,0% (58)	19,8% (25)	34,1% (43)
<i>Tipo de centro</i>						
Privado	17,6	2,9	79,4	12,1	18,2	69,7
Público	68,9	7,8	23,3	58,1	20,4	21,5
<i>Hábitat</i>						
Costeiro	48,8	6,3	45,0	37,5	25,0	37,5
Interior	66,7	7,0	26,3	57,4	13,0	29,6
<i>Provincia</i>						
A Coruña	52,8	5,7	41,5	47,7	13,6	38,6
Lugo	46,2	—	53,8	41,7	16,7	41,7
Ourense	64,3	21,4	14,3	42,9	28,6	28,6
Pontevedra	59,6	5,3	35,1	46,4	23,2	30,4
<i>Tamaño do municipio</i>						
Más de 50 mil	41,2	7,4	51,5	28,8	22,0	49,2
Entre 10 e 50 mil	60,0	8,6	31,4	51,4	20,0	28,6
Entre 5 e 10 mil	77,3	4,5	18,2	63,6	18,2	18,2
Menos de 5 mil	91,7	—	8,3	90,0	10,0	—

G. Lingua oral utilizada nas aulas de Infantil e Primaria

Entre as observacións que se debían reflectir na ficha observacional de centro, quizais a máis delicada fose a que nos ocupa neste apartado. Semellábanos un dato relevante e complementario –de cara a coñecer con máis profundidade o clima lingüístico dos centros– ou de dispoñer dalgún tipo de información sobre da lingua efectivamente utilizada nas aulas. O medio para conseguirmos este dato era inevitablemente artesanal e a “cala auditiva” o único xeito de constatalo. En virtude disto, os datos que aquí incluímosache-gámolos como unha información de vocación complementaria chamada a axudarnos a comprender algo mellor algunha das pólás deste complexo tema que estamos a tratar.

No cadro 21, que nos informa a través da observación de cál era a lingua falada nas distintas aulas de Infantil e Primaria, puidemos comprobar como de portas adentro nas aulas adoita prevalecer un certo predominio do uso do castelán. Sendo, de entre os datos xerais recollidos, a constatación máis relevante, áinda que

estatisticamente feble, a que semella indica-la existencia dunha tendencia curso a curso favorable a un certo incremento do uso do galego ou sobre de todo a unha progresiva utilización das dúas linguas. Así como, e en virtude diso, a unha certa tendencia a reducirse o uso exclusivo do castelán.

Curiosamente (véxanse os cadros anexo-5 a anexo-11 no anexo C) pódese comprobar como neste nivel de uso as diferencias entre centros públicos e privados tenden a reduci-la súa proporción, percibíndose tamén nas frecuencias relativas dos usos habituais nas distintas provincias algúns matices diferenciais tales como pode se-lo da reducida porcentaxe de casos nos que se utiliza a lingua galega nas aulas de Infantil na provincia de Lugo. Non obstante, é mester constatar como o tamaño dos concellos –ou, se se prefire, o índice maior ou menor de ruralidade– tende a ser un factor moi discriminante no momento de explicar un uso efectivo, máis ou menos intenso, da lingua galega nas aulas.

Cadro 21: Lingua utilizada oralmente na Educación Infantil e Primaria (en %)


	Infantil	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto	Sexto
Galego	22,1	31,6	27,6	30,7	31,4	27,1	31,8
As dúas	14,0	8,9	9,2	16,0	21,4	15,7	13,6
Castelán	53,5	48,1	51,3	41,3	34,3	44,3	40,9
NS/NC	10,5	11,4	11,8	12,0	12,9	12,9	13,6

Podemos observa-la utilización da lingua galega na clase nos diferentes niveis de Infantil e de Primaria, información recollida mediante a observación directa da lingua que se utilizaba oralmente na aula por parte de alumnado e profesorado, tal como aparece no gráfico 4.

A media de uso do galego nas aulas é moi baixo, áinda máis nos centros privados en comparación cos centros públicos. Ademais, mentres que nos centros públicos a utilización oral do galego nas aulas parece ir aumentando a medida que avanzaos os cursos, nos centros privados ocorre totalmente ó revés. Esta ten-

dencia, con tódalas cautelas e precisóns que require, parece indicar que os centros públicos están mellor encamiñados para cumpliren os obxectivos do Decreto 247/1995 tocante á adquisición dunha competencia semellante nas dúas lingua ó remata-lo ensino primario, en tanto que os centros privados parecen camiñar nunha dirección diferente.

Gráfico 4: Utilización oral da lingua galega no ensino infantil e primario segundo o tipo de centro (en %)



H. Lingua escrita utilizada nos encerados das aulas


O comportamento desta variable como sería de agardar resulta en xeral moi semellante á do apartado anterior. En torno a tres de cada dez encerados das aulas dos centros de Infantil e básica de Galicia tiñan escritos en galego. Catro de cada dez en castelán. Tamén como no caso anterior semella existir unha feble tendencia a que, a medida que se avanza cara a cursos superiores, esta presencia se va incrementando.

Cadro 22: Lingua utilizada no encerado (en %)

	Infantil	Primeiro	Segundo	Terceiro	Cuarto	Quinto	Sexto
Galego	33,3 (20)	27,8 (22)	29,9 (23)	28,0 (21)	37,3 (28)	35,9 (23)	31,3 (20)
As dúas	13,3 (8)	16,5 (13)	19,5 (15)	13,3 (10)	22,7 (17)	18,8 (12)	12,5 (8)
Castelán	40,0 (24)	45,6 (36)	40,3 (31)	48,0 (36)	29,3 (22)	32,8 (21)	43,8 (28)
NS/NC	13,3 (8)	10,1 (8)	10,4 (8)	10,7 (8)	10,7 (8)	12,5 (8)	12,5 (8)

Algúns datos apreciables que figuran nos cadros do anexo C (desde o cadro anexo-12 ata o cadro anexo-18) permítennos establecer algunas consideracións tales como que, respecto desta variable, a diferencia entre centros públicos e privados recupera un nivel máis acentuado ca na variable anterior. A nivel de provincias, Pontevedra presenta de promedio un perfil máis favorable cara á lingua galega que as outras tres. Por outra banda, a diferencia entre o medio rural e o urbano, en virtude do tamaño dos municipios, pasa a ter aquí unha importancia menor en casos tales coma nos cursos de Infantil ou nos de sexto de Primaria. Non obstante, a este respecto

Gráfico 5: Utilización de galego e castelán no encerado (cala auditiva) (en %)



cómpre ter en conta a relativa aleatoriedade desta variable dependente que dá conta das prácticas de escrita reflectidas no encerado das aulas, a cal presenta un carácter claramente complementario e que debe ser estimada de xeito particular en todo o que se refire á información máis representativa e global que figura no cadro 22.

1.3 *A situación sociolingüística dos centros*

Para caracterizar máis detalladamente a vitalidade da lingua galega nos centros escolares de Infantil e Primaria, optamos por utilizar indicadores para obtermos información de dous tipos. En primeiro lugar, para a información sobre o contexto sociolíngüístico dos centros acudimos ós seguintes indicadores.

- a) Lingua predominante na comunidade educativa; lingua habitual do persoal non docente, profesorado e alumnado; influencia lingüística que exerce a escola sobre o alumnado; a lingua habitual dos docentes, e a súa influencia sobre a presencia do galego nas transmisións educativas.
- b) Presencia da lingua galega nas tarefas administrativas e nas comunicacións orais e escritas dos centros.

En segundo lugar, para a información sobre a organización da normalización lingüística dos centros de ensino, formulamos distintas preguntas relativas á existencia de planificación lingüística e de ENL en cada centro, así como sobre o seu funcionamento.

A. Existencia de planificación lingüística e de Equipos de Normalización Lingüística nos centros educativos

Respecto da cuestión concreta de se o centro conta con planificación lingüística¹⁵, tres de cada catro centros de ensino

15. Facemos referencia con esta pregunta a se a normalización da lingua figura no PEC e mais no PCC, é dicir, se o colexio en cuestión incluíu neses documentos referencias


de Infantil e Primaria da comunidade (véxanse o gráfico 6 e mailo cadro 23) din contar cunha planificación lingüística que figura no PEC ou no PCC. Só un de cada vinte centros recoñece non disponer desta figura de organización docente (concretamente o 6,1%). Esta carencia é algo superior nos centros privados e resulta asemade algo máis frecuente na provincia de Pontevedra e nos municipios urbanos de maior tamaño (9,6% e 11%, respectivamente).

Cadro 23: Existencia de planificación lingüística nos centros educativos

	Si, pero non está recollida por escrito	Está recollida por escrito	Figura no PCC/PEC	Non existe planificación lingüística
TOTALDE GALICIA	2,5% (5)	15,7% (31)	75,8% (150)	6,1% (12)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	2,1	16,7	70,8	10,4
Público	2,7	15,3	77,3	4,7
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	2,8	16,7	72,2	8,3
Interior	2,2	14,4	80,0	3,3
<i>Provincia</i>				
A Coruña	3,9	25,0	65,8	5,3
Lugo	4,0	20,0	72,0	4,0
Ourense	4,2	—	95,8	—
Pontevedra	—	9,6	80,8	9,6
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	2,2	18,7	68,1	11,0
Entre 10 e 50 mil	—	9,4	86,8	3,8
Entre 5 e 10 mil	10,3	17,2	72,4	—
Menos de 5 mil	—	16,7	83,3	—

a lingua galega na análise do contexto, no ideario do centro, ou na concreción de obxectivos lingüísticos específicos, por exemplo (cf. Fernández Paz 1993 e García Deibe et al. 1993, entre outros).

Gráfico 6: Existencia de planificación lingüística nos centros educativos




Convén comparar esta información con aquela que podemos ler no estudio da DXPL (1998:23), no cal se indica que o 69,9% dos CEIP contan con planificación lingüística, o 17,7% responden negativamente, e o 12,4% non contestan ante tal cuestión. É dicir, case o 30% dos centros daquel estudio non parecen contar con planificación lingüística.

Por outra banda, tamén se incluía no informe da DXPL (1998) unha pregunta relativa a se se consideraba axeitada a planificación lingüística levada a cabo nos centros. Mientras que o 68% sinalaba que era axeitada e o 7,7% afirmaba que non o era, un avultado 24,3% refuxiábase na non resposta (*Non sabe / Non contesta*).

Do mesmo xeito ca no caso anterior, tamén a grande maioria dos colexios de Educación Infantil e Primaria de Galicia din dispoñer dun Equipo de Normalización Lingüística que desenvolve o seu labor axeitadamente. Soamente un de cada cinco centros afirma dispor dun equipo cun funcionamento que non resulta totalmente satisfactorio. Ademais pódese precisa-la información no

Gráfico 7: Existencia de ENL nos centros educativos



sentido de que tres de cada dez centros dos municipios de maior tamaño recoñecen a existencia dun funcionamento só *regular* deste tipo de órganos.

Se examinamos agora a información que nos fornece sobre esta cuestión o *Estudio sobre o uso do idioma galego* (1998:63), observamos que aí se indica que no 63% dos CEIP está constituído formalmente o ENL, no 23,7% dos centros non, e o 13,3% dos centros non contestaron esta cuestión. Temos, xa que logo, un 37% de centros que ou ben non teñen ENL formalmente constituído ou non contestan a esta pregunta.

Segundo os datos que puidemos recoller nos centros, a situación actual dos ENL quedaría configurada coa información que se expón no cadro 24 a continuación.


Cadro 24: Existencia de ENL nos centros educativos

	Existe un ENL e funciona ben	Existe un ENL e funciona regular	Existe un ENL e funciona mal	Non existe
TOTAL DE GALICIA	77,4% (151)	17,9% (35)	2,1% (4)	2,6% (5)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	70,8	20,8	—	8,3
Público	79,6	17,0	2,7	0,7
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	72,9	23,4	1,9	1,9
Interior	83,0	11,4	2,3	3,4
<i>Provincia</i>				
A Coruña	74,7	18,7	2,7	4,0
Lugo	91,7	8,3	—	—
Ourense	87,5	8,3	4,2	—
Pontevedra	72,2	23,6	1,4	2,8
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	65,2	30,4	2,2	2,2
Entre 10 e 50 mil	90,4	7,7	—	1,9
Entre 5 e 10 mil	81,5	7,4	3,7	7,4
Menos de 5 mil	91,3	4,3	4,3	—

B. Grao de cumprimento do obxectivo lingüístico da Lei de normalización lingüística

Preguntamos neste caso pola opinión dos entrevistados respecto do obxectivo lingüístico da LNL centrado en conseguir que o alumnado acade un nivel de competencia semellante en galego e castelán ó remata-la Educación Primaria. A este respecto dous tercios folgados dos ED dos centros de Infantil e Primaria galegos din estar moi de acordo co obxectivo lingüístico contido na LNL, mentres que case un tercio recoñece certas reticencias fronte a este. Só un irrelevante 0,5% afirma o seu desacordo con el. Evidentemente o tercio en desacordo pode estalo por varios motivos, mesmo contradictorios, polo cal cómpre asumi-lo dato coa prudencia que este esixe. De tódolos xeitos, o que si resulta significativo é que esta tendencia de opinión se mostra bastante estable entre os distintos ámbitos e tipos de centros recollidos na nosa enquisa (véxanse os cadros anexo-19, anexo-20 e anexo-21 recollidos no anexo C cos datos completos).

Gráfico 8: Opinións sobre o cumprimento do obxectivo lingüístico da LNL



Á cuestión de se lles semella acadable este obxectivo lingüístico da LNL, tanto no conxunto de Galicia coma en particular no seu centro, en torno a uns dous tercios coidan que isto pode resultar *bastante* acadable ou *moi* acadable. Pola contra, en torno a un tercio só considera que estes obxectivos resultan *algo* acadables.

Por tamaño de concellos aqueles que teñen más de 50.000 habitantes son os que evidencian un maior grao de moderación nas súas expectativas cun 37% e un 34% de respostas dos directores dos seus centros que coidan que só se acadará *algo* o obxectivo proposto, respectivamente en Galicia e no seu propio centro. Pola súa banda os municipios con poboación comprendida entre os cinco e os dez mil habitantes son os máis optimistas ó coidaren que ambos obxectivos resultan, nun 20,7% e nun 31%, respectivamente, moi acadables.

Por outra banda, e tal como se reflicte no cadro seguinte (cadro 25), os obstáculos que cumpliría salvar para poderen acadar ese obxectivo no centro oscilan entre a demanda dunha maior sensibilidade por parte das familias e da sociedade (un 23%), ata

medidas moito más concretas e directas tales como as de motivar máis ós docentes (11,5%), e ó alumnado (11,5%). Unha postura más decidida pola parte da Administración (9,4%) ou mesmo mellora-lo apoio e procurar unha mellor capacitación dos docentes (6,5% e 5%, respectivamente) son outros dos enunciados que foron mencionados polos entrevistados.

Cadro 25: En caso de que coide que ese obxectivo lingüístico non resulta acadable no seu centro, ¿que dificultades habería que salvar? (en %)

que os pais e a sociedade en xeral fosen más sensibles á lingua	23,0
que existise máis motivación entre os docentes	11,5
que existise máis motivación nos alumnos	11,5
unha postura más decidida por parte da Administración	9,4
mellora-lo apoio ós docentes	6,5
mellora-la capacitación dos docentes	5,0

Fonte: opinión dos ED

C. Lingua falada no contorno social do centro

No estudo da DXPL (1998) indicábase que o galego é a lingua maioritaria e predominante do contorno dos colexios galegos, tal como podemos observar no seguinte cadro.


Cadro 26: Existencia de ENLnos centros educativos (en % e nº.)

	Infantil		Primaria			
			1º ciclo		2º/3º ciclo	
Galego	60,9	1.398	46,0	1.285	50,7	2.507
Castelán	36,5	839	29,7	828	31,3	1.548
As dúas	0,8	19	0,6	16	0,5	27
NS/NC	1,7	41	23,7	662	17,3	859
Total	100%	2.297	100%	2.791	100%	4.941

Fonte: DXPL(1998)

Cando se lles pregunta ós equipos directivos dos CEIP cállan a lingua que se fala nos seus centros, podemos observar no gráfico 9 (véxase tamén o cadro anexo-22 no anexo C) como as súas respuestas apuntan a unha situación práctica de relativo equilibrio nos usos de galego e castelán. Case un cincuenta por cento afirma que se fala só galego ou máis galego ca castelán, fronte a outro cincuenta por cento que opina o contrario. A distribución destas opcións, en apariencia equilibradas, mostran unha certa asimetría que se fai ostensible ó compararmos os datos dos centros públicos e privados. Nos centros privados a polarización pasa a ser favorable ó castelán nun 76%. Por outra banda, os centros que amosan unha situación más favorable á lingua galega son aqueles que están situados en municipios menores de cinco mil habitantes (no 95% deles recórrese máis á lingua galega), mentres que no outro extremo se situarían os maiores de 50.000, nos cales é un 79% o que prefire expresarse con preferencia en castelán.

Gráfico 9: Lingua que más se fala no contorno do centro educativo



De acordo cos datos do cadro seguinte, podemos apreciar como, en opinión dos equipos directivos dos centros, os usos lingüísticos específicos do alumnado son menos favorables á lingua galega cós dos centros no seu conxunto, a teor dos datos do cadro anterior. A equilibrada polarización que aparecía no caso anterior é substituída por unha distribución favorable a un maior uso do castelán nun 65%. Tamén aquí, e aínda cunha maior contundencia, as diferencias entre os concellos pequenos e os grandes e urbanizados faise ainda más ostensible. Mientras nos municipios más pequenos o uso preferente do galego acada o 95% dos casos, naqueles de maior tamaño esta cifra vese reducida a un feble 2,2%.


Cadro 27: Lingua que utiliza habitualmente o alumnado do centro

	Só Gal.	Máis Gal.	Máis Cast.	Só Cast.
TOTAL DE GALICIA	14,1% (28)	20,6% (41)	37,7% (75)	27,6% (55)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	—	6,0	44,0	50,0
Público	18,8	25,5	35,6	20,1
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	7,4	10,2	38,9	43,5
Interior	22,0	33,0	36,3	8,8
<i>Provincia</i>				
A Coruña	12,0	18,7	34,7	34,7
Lugo	24,0	32,0	36,0	8,0
Ourense	24,0	24,0	44,0	8,0
Pontevedra	9,5	17,6	39,2	33,8
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	—	2,2	52,7	45,1
Entre 10 e 50 mil	11,1	29,6	37,0	22,2
Entre 5 e 10 mil	27,6	44,8	20,7	6,9
Menos de 5 mil	58,3	37,5	4,2	—

Cando a variable de uso lingüístico no contorno do centro que se analiza é a da lingua predominante das familias, pode comprobarse como o efecto favorable ó castelán tende a amortecerse. O galego sería a lingua preferente para un 34%, fronte a un 65% más proclive ó uso do castelán. Tal como sucedía nos casos anteriores

tamén se produce aquí unha variabilidade nas distribucións semellante cando estimámo-lo tipo de centro e os tamaños dos concellos (véxase o cruzamento coas variables independentes no cadro anexo-23 no anexo C).

Gráfico 10: Lingua habitual de familias e alumnado (en %)



Se observamos estes datos polo miúdo constatámo-la crise xeracional que vive a lingua galega, a cal está a condicionar hoxe as prácticas lingüísticas dos máis novos. As familias adoitan mostrarse más prudentes á hora de garanti-la aprendizaxe do castelán por parte dos seus fillos ca celosas na preservación do uso secular do galego. Entre os avós e os netos crébase a miúdo un foxo que escindiu a aldea da urbe e os nenos entre eles fan identidade en castelán ali onde o peso da cultura rural se fixo máis livián. Poida que aquí unha das claves máis estratéxicas para os analistas sexa a de non confundirmos unha situación conxuntural cun feito irreversible nun momento no que a sociedade reflexiva da información e do coñecemento, cabido da crecente capacidade de reacción evidenciada polo local fronte á irrupción laminadora do global, fai máis

possible e necesaria que nunca a reconducción de procesos, áinda vivos, que a miúdo foron percibidos como feitos consumados.

C. Influencia lingüística que exerce a escola sobre do alumnado

Se observámos-los datos do cadro 28 podemos comprobar como, ante unha cuestión aberta a varias opcións non excluíntes, os equipos directivos entrevistados optaron por afirmar masivamente que a escola hoxe exercía como un instrumento de acción favorable á lingua galega –así o afirma un 69%–, fronte ó 12,9% que propoñía unha posible identificación da escola por parte do alumnado e das familias como unha institución favorable ó castelán, tal e como acontecera antes da existencia do actual marco lingüístico legal.

Cadro 28: Influencia lingüística que exerce a escola sobre o alumnado¹⁶

	%	N =
O alumnado no ámbito do centro opta por utilizar más o castelán	25,4	51
O alumnado e mesmo as familias identifican a escola co uso do castelán	12,9	26
O centro favorece o uso do galego	69,2	139
O alumnado no ámbito do centro opta por utilizar más o galego	27,4	54

Fonte: opinión dos ED

16. As respostas a esta pregunta foron codificadas en forma *Si/Non*; polo tanto, a modo de exemplo, a porcentaxe de “25,4 (n = 51)” do primeiro enunciado significa que 51 encuestados contestaron que si lles parecía que os alumnos no ámbito do centro optan por utilizar más o castelán, e así sucesivamente. Polo tanto, no cadro que aparece a continuación témo-lo cruzamento de respostas afirmativas ás 4 cuestiós segundo as catro variables que utilizamos habitualmente. Como aquí é moi pertinente o número de casos, estes aparecen entre parénteses.

Cadro 29: Influencia lingüística que exerce a escola sobre o alumnado (en % e nº.)


	Os nenos no ámbito do centro optan por utilizar máis o castelán	Os nenos e mesmo as familias identifican a escola co uso do castelán	O centro favorece o uso do galego	Os nenos no ámbito do centro optan por utilizar máis o galego
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	38,0 (19)	26,0 (13)	60,0 (30)	8,0 (4)
Público	21,2 (32)	8,6 (13)	72,6 (109)	33,7 (51)
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	33,0 (36)	17,4 (19)	75,2 (82)	14,6 (16)
Interior	16,0 (15)	7,6 (7)	61,9 (57)	42,4 (39)
<i>Provincia</i>				
A Coruña	27,6 (21)	10,5 (8)	68,4 (52)	23,7 (18)
Lugo	15,3 (4)	11,5 (3)	42,3 (11)	42,3 (11)
Ourense	16,0 (4)	8,0 (2)	68,0 (17)	44,0 (11)
Pontevedra	29,7 (22)	17,6 (13)	79,7 (59)	20,3 (15)
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	39,1 (36)	17,4 (16)	72,6 (67)	6,5 (6)
Entre 10 e 50 mil	16,4 (9)	9,1 (5)	72,7 (40)	32,7 (18)
Entre 5 e 10 mil	17,2 (5)	17,2 (5)	75,8 (22)	34,5 (10)
Menos de 5 mil	4,2 (1)	0,0 (0)	37,5 (9)	87,5 (21)

Fonte: opinión dos ED

D. Lingua utilizada polo centro nos labores administrativos e nas súas comunicacións externas

De acordo coa información fornecida polos directores dos CEIP de Galicia (véxanse o gráfico 11 e mailo cadro 30), a lingua utilizada nos labores administrativos sería maioritariamente o galego: un 85% fronte a un 11,5% que o utilizaría parcialmente ou un 3,5% que recorrería ó castelán. A única matización a estes datos é a habitual que dá conta da diferencia de posturas detectables, entre os diferentes tipos de centros, así como entre os municipios segundo os seus tamaños. Así, sitúa nun extremo os menores de 5.000 habitantes cun uso do 100% fronte ós de maior tamaño, que o farían nun 77,2% dos casos.

Gráfico 11: Realización das funcións administrativas do centro en galego




Fonte: opinión dos ED

Cadro 30: Lingua para a realización das funcións administrativas do centro

	Totalmente en galego	Parcialmente en galego	En castelán
TOTAL DE GALICIA	85% (170)	11,5% (23)	3,5% (7)
Tipo de centro			
Privado	52,0	36,0	12,0
Público	96,0	3,3	0,7
Habitat			
Costeiro	82,6	12,8	4,6
Interior	87,9	9,9	2,2
Provincia			
A Coruña	85,5	11,8	2,6
Lugo	88,0	12,0	—
Ourense	88,0	12,0	—
Pontevedra	82,4	10,8	6,8
Tamaño do municipio			
Máis de 50 mil	77,2	16,3	6,5
Entre 10 e 50 mil	87,0	13,0	—
Entre 5 e 10 mil	93,1	3,4	3,4
Menos de 5 mil	100,0	—	—

Cando o uso que se mide é o do tipo de lingua utilizada nas comunicacións orais do centro coa Administración educativa e co concello, estas porcentaxes penéiranse un pouco, aínda que se mantén no conxunto dos centros unha clara prevalencia favorable á lingua galega: un 79% fronte a un 20% (véxanse os datos do cadro anexo-24 no anexo C).

Gráfico 12: Lingua utilizada nas comunicacións orais dos centros (en %)



Fonte: opinión dos ED


No cadro anexo-25a (no anexo C) reflíctense os usos comunicacionais orais do centro coas familias. Segundo a información recollida as tendencias no ensino público serían bastante estables comparadas con aquellas que orientan os intercambios orais coas Administracións. A diferencia resulta, sen embargo, bastante ostensible no caso dos centros privados, os cales reduciron o uso da lingua galega a un 16% dos casos.

Respecto das comunicacións escritas dirixidas ás Administracións, os equipos directivos afirman que o uso do galego é aínda

moito máis intenso, acadando a utilización en exclusiva do galego para estes mesteres unha porcentaxe xeral do 86%, mentres que nos centros privados se reduce ata o 76%. Cómprase lembrar aquí que estes datos coinciden cos que xa foron comentados a partir da información obxectiva recollida pola ficha observacional nos centros que nos indicaba que nun 82% dos centros nos que foi posible acceder a este dato os escritos á Administración estaban efectivamente só en galego.

No que fai referencia ás comunicacíóns escritas coas familias pódese constatar unha clara prevalencia xeral da escrita en galego (o 80% utilizan só galego), que no caso do ensino público chega ata un uso universal preferente da lingua galega para estas funcións. Resulta, asemade, moi sintomática a grande estabilidade que presenta este dato dado que é moi regular entre tódalas provincias e mesmo entre os concellos de diferentes tamaños.

Gráfico 13: Lingua utilizada nas comunicacíóns escritas dos centros




Fonte: opinión dos ED

Deténdonos neste dato, coidamos que a constatación desta información (cadros anexo-25b e anexo 26a no anexo C), favorable ó espallamento dun uso normalizado da lingua galega, pode ser lida de varios xeitos e entre eles, sen dúbida, tamén como un novo xeito de rutina burocrática. Non obstante, quizais cumpriría chama-la atención aquí sobre do feito de que esta conducta reflicte simultaneamente unha expectativa e unha certa vontade prospectiva pola parte das institucións, a cal pode estar a dar conta de cómo se debe entender hoxe a realización dun determinado nivel de intercambios lingüísticos que resultan ás veces, por rutineiros, bastante neutros e, en virtude diso, libres, fronte a outros más favorables ó castelán nos que se seguen a mesturar estratexias posicionais ou de mobilidade social.


De acordo co cadro anexo-26b (véxase o anexo C), podemos afirmar que unha razoable maioría dos directores dos CEIP de Galicia coidan que os docentes dos seus centros exercen unha influencia favorable á lingua galega (53%). Un 29,3% coida que estes non teñen unha influencia directa, mentres que un 17,7% opina que pola contra as súas prácticas tenden a favorece-lo castelán. Os directores do ensino público son más proclives a crer nunha influencia favorable á lingua galega, mentres que entre as catro provincias a de Lugo é a que amosa un nivel de confianza maior nun efecto favorable (70%), fronte á de Pontevedra que reduce esa confianza ata un 45%. De acordo co seu tamaño os municipios medios e pequenos móstranse moito más favorables a crer nunha influencia favorecedora do uso da lingua galega pola parte dos mestres (un 75% e un 35%, respectivamente).

Gráfico 14: Cómo inflúen os docentes coa lingua habitual que empregan



Os datos recollidos no cadro anexo-27 (no anexo C) permíennos un achegamento a estructura dos usos lingüísticos respectivos nos dous idiomas por parte de dous dos tres principais actores implicados na vida cotiá dos centros. Tal e como aparece recollido no devandito cadro comprobamos como o persoal non docente é o máis proclive a expresarse só en lingua galega, os docentes practican un uso preferente da lingua galega, mentres que o alumnado opta na súa maioría por outorgarlle prioridade ó uso do castelán. Non obstante, cumpriría aclarar que entre os docentes tamén é moi alto o uso preferencial do castelán (41%), do mesmo xeito que tamén resulta alto o uso preferente do galego por parte do alumnado (23%), así como o uso en exclusiva do castelán (19%) ou do galego (14%). Cómpre lembrar que o resto das variables tenden a funcionar con lóxicas paralelas ás que viñemos analizando e comentando nos casos anteriores.

Gráfico 15: Práctica lingüística habitual do persoal non docente, do profesorado e do alumnado dos centros



Fonte: opinión dos ED

Neste senso poderíamos salientar tamén algúns outros datos que chaman a atención polo marcado da súa tendencia, entre eles o baixo nivel de docentes dos centros privados que se expresan só en galego ou a escaseza de alumnado na provincia de Pontevedra que recorren só a esta mesma lingua (6.8%). Por outra banda, pode salientarse a alta porcentaxe de nenos e nenas que falan só en galego nos concellos de menor tamaño (54%), ou tamén sobrancea a avultada cifra do persoal non docente que utiliza con exclusividade o galego nestes mesmos municipios (79%).

1.4 O galego na docencia de Infantil e Primaria

A situación da docencia en galego e da docencia das materias de lingua galega foi obxecto dunha observación e dun seguimento específico tanto na enquisa ós ED coma ós equipos

de normalización lingüística¹⁷. O obxectivo que perseguimos nesta sección foi o de obter unha información contrastada sobre o desenvolvemento da docencia no ensino infantil e nos ciclos de ensino primario, partindo do modelo educativo e lingüístico actualmente en vigor (cf. epígrafe 1.3.3), mediante a análise dun amplo feixe de cuestións, desde a lingua predominante na relación docente-alumno/a, ata a lingua dos materiais da clase, etc.

Convén sinalar, en calquera caso, que a finalidade que perseguíamos non era a de fiscaliza-lo cumprimento das especificacións docentes contidas no Decreto 247/1995 nos colexios, tarefa que non lle corresponde a un traballo destas características e para a cal a Administración educativa dispón de medios e de mecanismos para levala a cabo. Con todo, dos datos recompilados e das informacións trianguladas pódense tirar algunas reflexións sobre ese tipo de cuestións relativas ó cumprimento da docencia en lingua galega, pero só dun xeito indirecto e taxxencial.

Como é ben coñecido e foi posto de manifesto en diferentes traballos, o modelo lingüístico do ensino infantil e primario que se desenvolve en Galicia está centrado no obxectivo de conseguir que o alumnado remate o ciclo de Educación Primaria cunha competencia lingüística semellante nas dúas linguas. Para chegaren a ese obxectivo aptitudinal, establecese que galego e castelán son linguas vehiculares do ensino e queda nas mans dos centros o establecemento dos mecanismos que garantan a progresiva consecución do coñecemento equilibrado de galego e castelán.

Non existe en Galicia, polo tanto, un modelo lingüístico educativo que distinga obxectivos lingüísticos diferenciados segundo a maior ou menor incorporación de contidos en galego en función de variables socioxeográficas de maior ou menor nivel de galleguización, senón que cada centro debe segui-lo ritmo considerado

17. Concretamente, sobre a docencia en galego e do galego formuláronse as preguntas 22-35 da enquisa ós ED, e as preguntas 36-49 da enquisa ós ENL.

adecuado para cumplir aquel obxectivo xeral previsto. A maior ou menor galeguización do contorno social do centro, así como a lingua habitual do alumnado e a variedade predominante nos grupos-aula serán argumentos que cada colexio utilice para optar polos diferentes ritmos de introducción de galego e castelán, principalmente no ensino infantil.

Con todo, sen menoscabo do que acabamos de sinalar, no Decreto 247/1995, do 15 de setembro de 1995, preséntase unha relación detallada de materias que deben impartirse en lingua galega, así como o establecemento de materias elixidas polo centro que tamén deberán desenvolverse en galego (cf. a este respecto o xa comentado na sección 1.3.3.).

Examinaremos a continuación os datos e as tendencias que puidemos recompilar nos centros que conformaron a mostra utilizada. Dividirémo-la exposición dos datos entre a situación da docencia na Educación Infantil e trataremos posteriormente a situación dos tres ciclos da Educación Primaria.

Mostrarémo-las respuestas dos ED e dos ENL ás cuestións formuladas. Convén anotar, tal como xa fixemos anteriormente, que as respuestas de ámbolos interlocutores foron moi coincidentes tanto nas tendencias coma nas porcentaxes concretas, con variacións nalgúns casos específicos, pero non significativas estatisticamente. Esta constatación levounos nalgúns casos concretos a obviar unha das respuestas –a do ED ou a do ENL– para alixeirar na medida do posible o peso da exposición dos cadros e/ou dos gráficos.


Educación Infantil

No artigo 4º do Decreto 247/1995 especificase que na etapa do ensino infantil (ó igual, como veremos posteriormente, ca no primeiro ciclo de Educación Primaria), o profesorado utilizará na clase a ‘lingua materna’ predominante entre o alumnado, tendo en conta tamén a ‘lingua ambiental’ e propiciando que se adquira, tanto de forma oral coma escrita, os coñecementos oportunos da outra lingua que non predomine na aula. E tendo en conta que a

lingua predominante entre o alumnado será indicativo para a elección lingüística do profesor/a, preguntamos por esa cuestión e así mesmo quixemos saber cánto tempo se emprega para que o alumnado vaya adquirindo un certo nivel de destreza na lingua galega.

En case o sesenta por cento dos centros considerados hai 3 aulas de Educación Infantil e no 15,4% 2 aulas.

Gráfico 16: Aulas de Educación Infantil



Outra cuestión é a de coñece-la lingua utilizada polo alumnado de Educación Infantil, tendo en conta que tal lingua predominante pode ser motivo de que as transmisiones educativas estean desenvolvidas principalmente nesa lingua. Como vemos no cadro seguinte, as valoracións a este respecto por parte do ED e do ENL son moi semellantes, e a través delas constatamos que case a metade do alumnado utiliza máis castelán ca galego, que algo máis dunha cuarta parte utiliza só ou preferentemente o galego, e que o resto, preto do 25%, utiliza só o castelán.

Cadro 31: Lingua utilizada polo alumnado de Educación Infantil (en %)

	Opinión do ED	Opinión do ENL
Só galego	11,4	11,0
Máis galego ca castelán	19,5	19,8
Máis castelán ca galego	46,5	40,1
Só castelán	22,7	28,6

Para simplifica-la exposición das respuestas nesta variable, expoñerémos los datos dun só grupo de 3, 4 e 5 anos, xa que na maior parte dos casos só existía un grupo en cada centro consultado.

No seguinte cadro observámos los datos de lingua utilizada polo alumnado de Educación Infantil tendo en conta as variables independentes que manexamos con más frecuencia nesta investigación.

Cadro 32: Lingua utilizada polo alumnado de Educación Infantil

	Só Gal.	Máis Gal.	Máis Cast.	Só Cast.
TOTAL DE GALICIA	11,4%	19,5%	46,5%	22,7%
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	—	4,2	50,0	45,8
Público	15,3	24,8	45,3	14,6
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	7,0	10,0	47,0	36,0
Interior	16,5	30,6	45,9	7,1
<i>Provincia</i>				
A Coruña	9,9	22,5	38,0	29,6
Lugo	20,8	29,2	41,7	8,3
Ourense	23,8	23,8	52,4	—
Pontevedra	5,8	11,6	55,1	27,5
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	—	1,2	61,6	37,2
Entre 10 e 50 mil	12,0	26,0	44,0	18,0
Entre 5 e 10 mil	18,5	44,4	33,3	3,7
Menos de 5 mil	47,6	42,9	9,5	—

Fonte: opinión dos ED

Como non podía ser doutro modo, a distribución do alumnado en función da lingua utilizada presenta moitas diferencias segundo esas variables, dando como resultado que a utilización do galego (só ou preferentemente) aumenta nos centros públicos, nos centros de interior, nos centros situados nas provincias de Lugo e Ourense, e nos colexios situados en concellos de 5 a 10 mil habitantes e de menos de 5 mil. Polo contrario, a maior presencia do castelán dáse nos centros privados, nos centros da costa, nos centros de Pontevedra e A Coruña e nos centros de municipios máis habitados.

Os resultados deste cruzamento mostran unha vez más as diferencias áinda hoxe ostensibles e que xa quedaran claramente perfiladas nos resultados do *Mapa Sociolingüístico de Galicia*. Os ritmos e as intensidades da desgaleguización social son moi diferentes social e territorialmente, e tales diferencias abrollan con forza nos hábitos lingüísticos adquiridos e na lingua habitual dos nenos e nenos que acceden á Educación Infantil.

Se pasamos agora a considera-la lingua utilizada nas aulas polo profesorado de Educación Infantil, observamos que o diagnóstico dos ED e dos ENL a este respecto é algo diferente, xa que os ENL tenden a percibir unha menor utilización da lingua galega e un maior recurso ó castelán por parte dos seus compañeiros/as docentes de Infantil, mentres que os ED tenden a adxudicarles un maior nivel de uso do galego e menor do castelán.

Seguramente en consonancia cos usos lingüísticos que efectúa o alumnado, e que acabamos de comentar, o profesorado de Educación Infantil presenta nas aulas un uso moi alto do castelán e un menor recurso ó galego.

No que si coinciden ED e ENL é na percepción de que a utilización do galego nos docentes de Infantil é menor nos que exercen a docencia en 3 anos, é algo superior nos que están en 4 anos, e está áinda máis estendida entre os docentes de 5 anos, xa que a proporción de utilización da lingua galega (só ou principalmente) pasa do 35,1%, ó 38,8% e chega ó 41,1%, respectivamente, sendo esta a opinión concreta dos equipos directivos.

Cadro 33: Lingua utilizada polo profesorado en Educación Infantil (en %)(*)

	3 anos		4 anos		5 anos	
	Segundo o ED	Segundo o ENL	Segundo o ED	Segundo o ENL	Segundo o ED	Segundo o ENL
Só galego	16,2	10,9	15,3	11,5	18,4	16,5
Máis galego ca castelán	18,9	20,3	23,5	24,2	22,7	25,3
Máis castelán ca galego	45,3	44,9	45,3	40,8	43,2	38,8
Só castelán	18,9	22,5	15,3	21,0	14,6	17,6

(*) Utilizámolo-a porcentaxe válida

Pode ser tamén interesante contrastar aquí a lingua utilizada polo profesorado de Infantil tendo en conta as diferentes variables independentes, e para iso utilizámolo-los datos procedentes da submostra de docentes que imparten docencia en Infantil de 3 anos, xa que non atopamos variacións relevantes na elección lingüística dos docentes en función do nivel de Infantil en que se imparte a docencia.

Segundo a información que temos no cadro seguinte, a variación na variedade lingüística principal do profesorado de Educación Infantil presenta unha distribución acorde co nivel de galeguización das familias, do contorno e do alumnado.

Cadro 34: Lingua utilizada polo profesorado de Educación Infantil de 3 anos

	Só Gal.	Máis Gal.	Máis Cast.	Máis Cast.	Só Cast.
	Opinión do ED	Opinión do ENL	Opinión do ED	Opinión do ENL	Opinión do ED
TOTAL DE GALICIA	16,2%	10,9%	18,9%	20,3%	45,3%
Tipo de centro	—	—	—	—	—
Privado	—	—	13,3	15,0	60,0
Público	23,3	15,3	21,4	22,4	38,8
Habitat	Costeiro	14,5	9,9	13,3	12,3
	Interior	18,5	12,3	26,2	31,6
Provincia	A Coruña	21,8	9,8	18,2	19,6
	Lugo	12,5	—	25,0	37,5
	Ourense	17,6	—	5,9	23,1
	Pontevedra	11,7	17,2	21,7	15,5
Tamño do municipio	Máis de 50 mil	5,4	1,4	12,2	11,4
	Entre 10 e 50 mil	18,6	14,6	25,6	24,4
	Entre 5 e 10 mil	29,2	22,7	29,2	36,4
	Menos de 5 mil	71,4	60,0	14,3	40,0
					14,3

Trala observación da lingua utilizada polo alumnado e profesorado de Educación Infantil, e para o caso daqueles centros en que houbese un predominio do castelán, incluímos unha pregunta para coñecérmo-lo número de horas que cada centro lle dedica á mellora da competencia na lingua galega e para que o alumnado vaia adquirindo unha progresiva destreza nela. Tendo en conta que o obxectivo lingüístico é ir acadando unha destreza competencial semellante nas dúas linguas, e tendo en consideración que os datos anteriores sobre a lingua utilizada revelan un maior recurso ó castelán, é moi revelador saber cántas horas se planifican para resolver ese desequilibrio. As respuestas a esta pregunta, separadas polo nivel de 3, 4 ou 5 anos, figuran no seguinte cadro.

Cadro 35: Horas dedicadas á lingua galega en Educación Infantil (en %) (*)

	3 años		4 años		5 años	
	Opinión do ED	Opinión do ENL	Opinión do ED	Opinión do ENL	Opinión do ED	Opinión do ENL
Menos de 1 hora/día	43,5	42,3	45,6	46,2	40,4	41,5
1 hora/día	29,4	33,3	30,0	32,1	27,3	31,7
2 horas/día	14,1	11,5	12,2	9,0	16,2	9,8
3 horas/día	7,1	5,1	7,8	5,1	10,1	7,3
NS/NC	5,9	7,7	4,4	7,7	6,1	9,8

(*) Utilizámolo a porcentaxe válida

O resultado que obtemos é o de que en case un de cada dous centros en que se dá o predominio na utilización do castelán dedícaselle menos de 1 hora ó día a ir adquirindo unha maior competencia en galego.

Cadro 36: Horas dedicadas á lingua galega en Educación Infantil

	Menos de 1 hora/día	1 hora/día	2 horas/día	3 horas/día
TOTALDE GALICIA	43,5% (37)	29,4% (25)	14,1% (12)	7,1% (6)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	48,6	32,4	13,5	—
Público	39,6	27,1	14,6	12,5
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	49,1	27,3	12,7	5,5
Interior	33,3	33,3	16,7	10,0
<i>Provincia</i>				
A Coruña	56,7	23,3	13,3	
Lugo	57,1	28,6	14,3	
Ourense	18,2	45,5	9,1	9,1
Pontevedra	37,8	29,7	16,2	13,5
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	46,2	34,6	11,5	3,8
Entre 10 e 50 mil	36,4	22,7	18,2	13,6
Entre 5 e 10 mil	44,4	11,1	22,2	11,1
Menos de 5 mil	50,0	50,0	—	—

Fonte: opinión dos ED

Con respecto ó tipo de actividades realizadas para propiciar unha maior destreza na lingua galega, as cancións, as actividades que teñen como soporte os contos e a literatura popular, os xogos e as actividades con léxico son as que acadaron un maior nivel de resposta.


Cadro 37: Actividades realizadas para acadar unha maior destreza en galego (en %)

Actividades de léxico	35,3
Cantar cancións	55,7
Contos e literatura popular	52,7
Xogos	48,3
Outras (vocabulario, adiviñas, murais, materiais, poesías, etc.)	5,5

Para rematarmos esta sección, reproducimos no gráfico 17 a información sobre a lingua en que se efectúa a aprendizaxe da

lectoescritura na etapa de Educación Infantil, segundo os datos procedentes de DXPL (1998:36):

Gráfico 17: Lingua en que se realiza a aprendizaxe da lectoescritura na Educación Infantil



Fonte: DXPL1998

Educación Primaria

Para a análise da docencia nos tres ciclos de Educación Primaria, elaboramos unha ficha de datos para cada un dos seis cursos na cal incluímos preguntas sobre as materias impartidas en galego, o número de horas, a lingua en que están os materiais empregados, e a lingua do profesorado e do alumnado de cada materia (véxanse as preguntas correspondentes na entrevista ós ED e ós ENL no anexo B).

a) Primeiro ciclo de Educación Primaria

No artigo 4º do Decreto 247/1995 especificase que o primeiro ciclo da Educación Primaria terá o mesmo tratamiento lingüístico có de Infantil, xa que se establece que profesores e profe-

soras usarán na clase a *lingua materna* predominante entre o alumnado, tendo en conta a *lingua ambiental* e propiciando que se adquira, tanto de forma oral coma escrita, o coñecemento oportunamente da outra lingua que non predomine na aula.

Máis concretamente, no primeiro ciclo de Primaria tivemos en conta a materia de Lingua Galega e quixemos saber qué outras materias se imparten en galego por decisión do centro escolar respectivo.

En primeiro lugar, analizamos en qué medida predomina o modelo de todo o ensino en castelán (agás ese conxunto de materias que se deben impartir en galego), e en qué medida está presente o modelo de todo o ensino en galego agás Lingua Castelá.

O *Modelo*¹⁸ (ou situación) A é o que está detrás do modelo de ensino desenvolvido desde os poderes públicos: preeminencia das transmisións educativas en castelán e presencia de materias que se imparten en galego, ben porque así se sinala na normativa legal, ben porque o centro educativo e os profesores correspondentes decidiron impartilas en galego. O *modelo* (ou situación) B é o contrario: trátase daqueles centros que imparten todo o currícu-lo en galego agás unha materia específica de lingua castelá. Este modelo estará normalmente presente naqueles colexios onde a ambientalidade lingüística en galego é alta, de maneira que o centro tende a deseñar unha estratexia lingüística onde os contidos vehiculados en galego teñen un papel moi relevante.

18. Téñase en conta que facemos referencia a “modelo” e a “situación” nun sentido figurado, dado que na organización lingüística do sistema educativo galego non hai modelos en por si.

Cadro 38: Distribución dos modelos lingüísticos de docencia segundo os ED

	1º curso de Primaria	2º curso de Primaria
I 'Modelo'/Situación A: todo en castelán agás as materias que obrigatoriamente se deben impartir en lingua galega.	83,1% (167 centros)	82,9% (165 centros)
I 'Modelo'/Situación B: todo en galego menos os contidos que obrigatoriamente se deben impartir en lingua castelá.	16,9% (34 centros)	17,1% (34 centros)

A resposta dos ENL a esta cuestión traduciuse nunhas porcentaxes moi semellantes ás dos ED, tal como comprobamos no seguinte cadro:

Cadro 39: Distribución dos modelos lingüísticos de docencia segundo os ENL

	1º curso		2º curso	
	Modelo A	Modelo B	Modelo A	Modelo B
TOTALDE GALICIA	85,1% (171)	14,9% (30)	85,1% (171)	14,9% (30)

Deducimos dos datos que acabamos de mostra-lo predominio do primeiro modelo, mentres que a extensión do modelo en que está presente de forma maioritaria a lingua galega é moi limitada. Sen embargo, a distribución de tales porcentaxes non está equilibrada e presenta, polo contrario, certas diferencias que podemos observar ó cruzarmos esa variable co tipo de centro (público ou privado) e a zona en que se sitúa o centro escolar.

Cadro 40: Distribución dos modelos lingüísticos de docencia

	1º curso		2º curso	
	Modelo A	Modelo B	Modelo A	Modelo B
TOTALDE GALICIA	83,1% (167)	16,9% (34)	82,9% (165)	17,1% (34)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	100,0 (50)	— (0)	100,0 (50)	— (0)
Público	77,5 (117)	22,5 (34)	77,5 (117)	22,5 (34)
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	87,2 (95)	12,8 (14)	87,9 (94)	12,1 (13)
Interior	78,3 (72)	21,7 (20)	77,2 (71)	22,8 (21)
<i>Provincia</i>				
A Coruña	76,3 (58)	23,7 (18)	76,0 (57)	24,0 (18)
Lugo	88,5 (23)	11,5 (3)	88,5 (23)	11,5 (3)
Ourense	72,0 (18)	28,0 (7)	68,0 (17)	32,0 (8)
Pontevedra	91,9 (68)	8,1 (6)	93,2 (68)	6,8 (5)
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	95,7 (88)	4,3 (4)	96,7 (88)	3,3 (3)
Entre 10 e 50 mil	78,2 (43)	21,8 (12)	77,8 (42)	22,2 (12)
Entre 5 e 10 mil	72,4 (21)	27,6 (8)	72,4 (21)	27,6 (8)
Menos de 5 mil	58,3 (14)	41,7 (10)	54,2 (13)	45,8 (11)

Fonte: opinión dos ED

Segundo o tipo de centro, non hai na mostra seleccionada centros privados que impartan o modelo B. En cambio, o 22,5% dos centros públicos desenvolve toda a docencia en galego (excepto os contidos preceptivos en castelán). Segundo a zona, non se aprecian diferencias relevantes na distribución de ámbolos modelos en función de se o centro escolar se sitúa nunha área de costa ou de interior. E, para finalizar, o tamaño do municipio si inflúe poderosamente na distribución dos modelos lingüísticos da docencia. Nas zonas más rurais (– de 5 mil habitantes), o 41,7% dos centros realiza toda a docencia en galego. Nas zonas más urbanas (+ de 50 mil), só o 4,3% dos centros realiza toda a docencia en galego.

Gráfico 18: Modelo de docencia segundo o tipo de centro no 1º curso de Primaria (en %)





Gráfico 19: Modelo de docencia segundo o tamaño do municipio no 1º curso de Primaria (en %)



Antes de comeza-lo comentario dos datos globais, tal como se mostra no cadro seguinte, debemos deternos na consideración da porcentaxe de centros que non contestaron esta pregunta, é dicir, a proporción de ED e ENL que non dan información ningunha da existencia dunha materia de Lingua Galega no ensino primario.

Cadro 41: Materia de Lingua Galega en 1º ciclo de Educación Primaria (en %)

	Opinión do ED		Opinión do ENL	
	1º	2º	1º	2º
Horas semanais	- de 3	10,9	11,0	20,7
	3-4	83,0	83,6	75,2
	+ de 4	6,1	5,5	4,1
Lingua dos materiais	Gal.	98,7	99,4	98,6
	Gal./Cast.	1,3	0,6	0,7
	Cast.	—	—	0,7
Lingua do profesor	Gal.	96,7	96,8	96,6
	Gal./Cast.	2,0	1,3	1,4
	Cast.	1,3	1,9	2,1
Lingua do alumnado	Gal.	82,9	83,1	78,1
	Gal./Cast.	2,6	2,6	4,8
	Cast.	14,5	14,3	17,1
				16,9

A seguinte cuestión que debemos analizar é a das outras materias que se imparten en lingua galega. A este respecto, debemos analizar en primeiro lugar en qué porcentaxe de centros están implantadas outras materias á parte da lingua galega, tal como de feito esixe a lexislación vixente.

No cadro 42 recollémo-las materias que son preferidas para completa-los currículos do primeiro ciclo de Educación Primaria en cumprimento da lexislación lingüística, tendo en conta que se establece que os centros poden introducir un número variable de materias, anotando a aparición de cada materia en primeira, segunda, terceira ou cuarta opción. Nesta opción non aparecen os centros que dispensan toda a docencia en galego (34 centros segundo os ED, 30 segundo os ENL).

En case 60 centros (58 segundo os ED, 59 segundo os ENL), non se consigna ningunha materia en lingua galega para o 1º curso de Primaria, e en case 65 non se consignan para o 2º curso. En consecuencia, se restámolo a cifra de centros que dan todo en galego, temos que arredor de 30 centros non dan ningunha materia en galego en 1º, e arredor de 35 en 2º.

Cadro 42: Relación doutras materias impartidas en galego no 1º curso de Educación Primaria

	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	n =	%	n =	%
Coñecemento do Medio	121	60,2	111	55,2
Matemáticas	4	2,0	5	2,5
Relixión	5	2,5	6	3,0
Educación Física	3	1,5	6	3,0
Plástica	4	2,0	4	2,0
Ciencias Naturais	1	0,5	—	—
Inglés	1	0,5	2	1,0
Música	3	1,5	2	1,0
TOTAL	142	70,6	138	68,7
CASOSNON INCLUÍDOS	59	29,4	63	31,3

Observamos que a materia de Coñecemento do Medio é elixida para complementa-la lingua galega en case o 50% dos casos, situándose a continuación materias como a Educación Física, a Plástica, a Relixión, a Música ou as Matemáticas.

Cadro 43: Relación doutras materias impartidas en galego no 2º curso de Educación Primaria


	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	n =	%	n =	%
Coñecemento do Medio	125	62,2	117	58,2
Matemáticas	4	2,0	3	1,5
Relixión	5	2,5	5	2,5
Educación Física	2	1,0	5	2,5
Plástica	4	2,0	3	1,5
Música	2	1,0	2	1,0
TOTAL	143	71,1	137	68,2
CASOSNONINCLUÍDOS	58	28,9	64	31,8

Se eliminámos os centros que imparten todo en galego (o 15% aproximadamente), o resultado é o que queda reflectido no seguinte cadro, co contraste entre a opinión do ED e mais do ENL.

Cadro 44: Outras materias en lingua galega no 1º ciclo de Primaria (en % e nº.)

	1º curso		2º curso	
	Opinión do ED	Opinión do ENL	Opinión do ED	Opinión do ENL
Centros sen outras materias en galego	14,9 (25)	21,5 (36)	14,5 (24)	20,6 (34)
Centros con 1 materia	25,7 (43)	28,7 (48)	24,2 (40)	27,8 (46)
Centros con 2 materias	40,1 (67)	32,3 (54)	41,2 (68)	32,1 (53)
Centros con 3 materias	15,5 (26)	14,9 (25)	16,4 (27)	16,3 (27)
Centros con 4 materias	3,6 (6)	2,3 (4)	3,6 (6)	3,0 (5)

Gráfico 20: Outras materias en lingua galega no 1º curso de Primaria e segundo o tipo de centro (en %)



E para rematarmos este epígrafe podemos lembrar aquí que, segundo a información recollida da DXPL (1998:46), hai unha porcentaxe importante de alumnado de Educación Infantil que chega a Educación Primaria cun nivel baixo de dominio da lingua galega, tal como queda recollido no cadro 45.

Cadro 45: Dominio con que chega o alumnado de Educación Infantil a Educación Primaria (en % e nº.)

Moi bo	2,4	67
Bo	15,5	434
Suficiente	32,4	904
Insuficiente	24,8	692
NS/NC	24,9	694
Total	100	2791

Fonte: DXPL(1998)

b) Segundo ciclo de Educación Primaria

A situación de partida no segundo e terceiro ciclo de Primaria é diferente da que acabamos de ver para o primeiro ciclo. Ademais da materia de Lingua Galega, os centros deben ofrece-la materia de Coñecemento do Medio e unha segunda materia que cada centro elixe voluntariamente, ademais de poder ofrecer algúha outra máis en lingua galega por decisión a maiores do centro.

Respecto da situación da materia de Lingua Galega, dous de cada tres centros dedícanlle 3-4 horas semanais a esta materia. Respecto do resto de ítems preguntados, a presencia do galego como lingua dos materiais, e como variedade oral utilizada polo profesorado e polo alumnado é case total, a xuízo tanto dos ED coma dos ENL por igual.

Cadro 46: Materia de Lingua Galega no 2º ciclo de Educación Primaria (en %)

		Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
		3º	4º	3º	4º
<i>Horas semanais</i>	- de 3	10,5	8,9	20,8	20,1
	3-4	87,2	88,8	76,2	76,8
	+ de 4	2,3	2,4	3,0	3,0
<i>Lingua dos materiais</i>	Gal.	100,0	100,0	100	100
	Gal./Cast.	—	—	—	—
	Cast.	—	—	—	—
<i>Lingua do profesor</i>	Gal.	97,8	97,8	98,3	97,7
	Gal./Cast.	1,1	1,1	—	0,6
	Cast.	1,1	1,1	1,7	1,7
<i>Lingua do alumnado</i>	Gal.	88,4	89,5	82,7	82,0
	Gal./Cast.	3,9	3,3	5,2	5,2
	Cast.	7,7	7,2	12,1	12,8

Respecto da situación da materia de Coñecemento do Medio, chama a atención o alto número de casos perdidos (entre 30 e 40). Neste caso tamén se trata daqueles centros que responderon que impartían todo en galego menos a lingua castelá, ademais dalgún caso perdido por negativa a contestar. As diverxencias entre as percepcións do ED e de ENL son mínimas, e sempre na mesma dirección xa apuntada anteriormente. Case a metade dos centros imparten 3 ou 4 horas, mentres que a outra metade imparte máis de 4 horas. E no resto de ítems analizados, o galego volve ter unha presencia case total.

*Cadro 47: Materia de Coñecemento do Medio no 2º ciclo
de Educación Primaria (en % e nº.)*

		Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
		3º	4º	3º	4º
<i>Horas semanais</i>	- de 3	10,1 (17)	10,7 (18)	16,0 (26)	16,3 (26)
	3-4	46,7 (79)	47,3 (80)	48,1 (78)	48,1 (77)
	+ de 4	43,2 (73)	42,0 (71)	35,8 (58)	35,6 (57)
<i>Lingua dos materiais</i>	Gal.	99,4 (180)	100,0 (180)	99,4 (172)	84,1 (169)
	Gal./Cast.	0,6 (1)	—	0,6 (1)	0,5 (1)
	Cast.	—	—	—	—
<i>Lingua do profesor</i>	Gal.	96,1 (174)	96,1 (174)	98,8 (171)	98,8 (169)
	Gal./Cast.	2,2 (4)	2,2 (4)	—	—
	Cast.	1,7 (3)	1,7 (3)	1,2 (2)	1,2 (2)
<i>Lingua do alumnado</i>	Gal.	83,4 (151)	82,3 (149)	79,2 (137)	79,5 (136)
	Gal./Cast.	6,6 (12)	7,2 (13)	7,5 (13)	6,4 (11)
	Cast.	9,9 (18)	10,5 (19)	13,3 (23)	14,0 (24)

Se nos detemos agora a examina-la situación de 2ª materia elixida polo centro, observamos un feito que constitúe unha constante no segundo e no terceiro ciclo: hai un grupo de centros que non declara impartir en galego unha segunda materia. Neste grupo atópase, unha vez máis, o subgrupo de centros que imparte o que denominabamos ‘modelo B’, é dicir, toda a docencia en lingua galega (agás no caso das materias con perfil lingüístico noutro idioma), que constituían entre o 15% e o 20% da mostra. Pero no caso que nos ocupa agora, constatamos que algo máis do 30% dos centros non declaran impartir unha segunda materia (figuran no cadro como “casos non incluídos”). Temos que sinalar, polo tanto, que entre un 10% e un 15% dos centros consultados non parecen optar por seleccionar unha segunda materia en lingua galega.

Cadro 48: Relación de materias elixidas polo centro para seren impartidas en galego en 3º curso de Educación Primaria

	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	n =	%	n =	%
Matemáticas	46	22,9	44	21,9
Relixión	22	10,9	24	11,9
Educación Física	27	13,4	29	14,4
Plástica	27	13,4	24	11,9
Inglés	3	1,5	3	1,5
Música	13	6,5	10	5,0
TOTAL	138	68,7	135	67,2
CASOSNON INCLUÍDOS	63	31,3	66	32,8

Respecto das materias específicas que se inclúen nesta relación, Matemáticas é a que máis tende a ser escollida para ser impartida en galego, tanto en terceiro coma en cuarto curso de Primaria, seguida da Educación Física, da Plástica e da Relixión.

Cadro 49: Relación de materias elixidas polo centro para seren impartidas en galego en 4º curso de Educación Primaria

	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	n =	%	n =	%
Matemáticas	47	23,4	45	22,4
Relixón	22	10,9	24	11,9
Educación Física	27	13,4	27	13,4
Plástica	26	12,9	24	11,9
Inglés	4	2,0	4	2,0
Música	12	6,0	10	5,0
TOTAL	138	68,7	135	67,2
CASOSNON INCLUÍDOS	63	31,3	66	32,8

c) Terceiro ciclo de Educación Primaria

No terceiro ciclo de Primaria, deben impartirse en lingua galega as materias de Lingua Galega, de Coñecemento do Medio, unha segunda materia que o centro elixe, e existe a posibilidade de seleccionar outras específicas.

Con respecto á materia de Lingua Galega, impártense maioritariamente entre 3 e 4 horas semanais, como observamos no cadro 50. Tamén é maioritaria a utilización da lingua galega nos materiais empregados e na variedade lingüística de profesorado e alumnado.

Cadro 50: Materia de Lingua Galega no 3º ciclo de Educación Primaria (en %)

		Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
		5º	6º	5º	6º
Horas semanais	- de 3	9,7	11,4	21,2	21,2
	3-4	88,5	86,8	77,0	76,4
	+ de 4	1,8	1,8	1,8	2,4
Lingua dos materiais	Gal.	99,4	99,4	100	100
	Gal./Cast.	0,6	0,6	—	—
	Cast.	—	—	—	—
Lingua do profesor	Gal.	97,8	97,7	98,2	98,2
	Gal./Cast.	1,7	1,7	0,6	—
	Cast.	0,6	0,6	1,2	1,8
Lingua do alumnado	Gal.	89,9	89,3	84,1	84,1
	Gal./Cast.	3,4	3,4	4,1	4,1
	Cast.	6,7	7,3	11,8	11,8

Respecto da materia de Coñecemento do Medio, volve darse a mesma distribución ca no 2º ciclo que tivemos ocasión de observar anteriormente: os centros oscilan entre os que imparten 3-4 horas e os que imparten máis de 4, e queda unha minoría (que nunca supera o 17% do total) que imparte menos de 3 horas desta materia cada semana.

*Cadro 51: Materia de Coñecemento do Medio no 3º ciclo
de Educación Primaria (en % e nº.)*

		Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
		5º	6º	5º	6º
<i>Horas semanais</i>	- de 3	10,9 (18)	11,0 (18)	16,3 (26)	16,4 (26)
	3-4	47,9 (79)	46,3 (76)	50,0 (80)	48,4 (77)
	+ de 4	41,2 (68)	42,7 (70)	33,8 (54)	35,2 (56)
<i>Lingua dos materiais</i>	Gal.	98,3 (175)	98,9 (175)	99,4 (170)	99,4 (169)
	Gal./Cast.	1,1 (2)	1,1 (2)	0,6 (1)	0,6 (1)
	Cast.	—	—	—	—
<i>Lingua do profesor</i>	Gal.	97,2 (173)	97,2 (172)	98,8 (169)	98,8 (168)
	Gal./Cast.	2,2 (4)	2,3 (4)	0,6 (1)	—
	Cast.	0,6 (1)	0,6 (1)	0,6 (1)	1,2 (2)
<i>Lingua do alumnado</i>	Gal.	83,7 (149)	83,6 (148)	81,3 (139)	81,2 (138)
	Gal./Cast.	7,9 (14)	7,9 (14)	5,8 (10)	5,9 (10)
	Cast.	8,4 (15)	8,5 (15)	12,9 (22)	12,9 (22)

Con respecto á situación da 2ª materia elixida polo centro para ser impartida en lingua galega, observamos nos dous cadros seguintes a situación en quinto e sexto curso de Primaria, e podemos comparar neles as opinións dos ED e dos ENL a este respecto.

Un feito que convén salientar é que en máis dun tercio dos colexios non se imparte en galego unha segunda materia. Nese grupo de centros atópanse os que desenvolven todo o currículo en galego, que representan aproximadamente o 15% da nosa mostra, como xa tivemos ocasión de sinalar. Polo tanto, deducimos que hai unha porcentaxe aproximada do 15% dos centros que non contestaron esta pregunta, e xa que logo moi posiblemente non imparten unha segunda materia en galego.

Cadro 52: Relación de materias elixidas polo centro como 2^a materia en galego en 5º curso de Educación Primaria

	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	n =	%	n =	%
Matemáticas	45	22,4	43	21,4
Relixión	25	12,4	25	12,4
Educación Física	25	12,4	28	13,9
Plástica	25	12,4	21	10,4
Inglés	3	1,5	3	1,5
Música	13	6,5	10	5,0
TOTAL	136	67,7	132	65,7
CASOSNONINCLUÍDOS	65	32,3	69	34,3

Cando se concreta a relación específica de materias, observamos que a materia de Matemáticas adoita se-la elixida como segunda materia en galego, por diante da Educación Física, da Relixión e da Plástica, e isto ocorre tanto en quinto coma en sexto a teor das opinións compartidas polos ED e polos ENL dos centros.

Cadro 53: Relación de materias elixidas polo centro como 2^a materia en galego en 6º curso de Educación Primaria

	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	n =	%	n =	%
Matemáticas	42	20,9	42	20,9
Relixión	24	11,9	23	11,4
Educación Física	26	12,9	29	14,4
Plástica	26	12,9	22	10,9
Inglés	4	2,0	3	1,5
Música	13	6,5	11	5,5
TOTAL	135	67,2	131	65,2
CASOSNONINCLUÍDOS	66	32,8	70	34,8

Se pasamos agora a valora-los datos que neste terceiro ciclo de Primaria temos respecto das *Outras materias en galego*, volvemos atopar unha porcentaxe de centros que non parecen estar procedendo a realizar activamente tal selección. Nesta cuestión específica atopamos que, a xuízo dos ED, o 37,3% dos cen-

tros en 5º e o 38,8% en 6º non imparten outras materias en lingua galega. Se lles restámo-la porcentaxe de centros que desenvolven todo o currículo en galego, atopamos unha realidade de centros moi próxima ó 20% que non estarían a cumplir co precepto legal neste caso.

Cadro 54: Relación de outras materias elixidas polo centro para seren impartidas en galego en 5º curso de Educación Primaria

	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	n =	%	n =	%
Matemáticas	11	5,5	7	3,5
Relixión	7	3,5	3	1,5
Educación Física	26	12,9	23	11,4
Plástica	16	8,0	19	9,5
Ciencias Naturais	1	0,5	—	—
Lingua e Literatura Castelá	1	0,5	—	—
Inglés	1	0,5	2	1,0
Música	12	6,0	14	7,0
TOTAL	75	37,3	68	33,8
CASOSNON INCLUÍDOS	126	62,7	133	66,2

E con respecto ás materias específicas, a Educación Física e maila Plástica son as que acadan unha maior presencia neste tipo de casos, áinda que podemos observa-lo repartida e atomizada que está a elección dos centros á hora de seleccionaren outras materias (ademas da Lingua Galega, do Coñecemento do Medio, e da segunda materia) para se realizar en lingua galega no terceiro ciclo de Primaria.

Cadro 55: Relación de outras materias elixidas polo centro para seren impartidas en galego en 6º curso de Educación Primaria

	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	n =	%	n =	%
Matemáticas	12	6,0	8	4,0
Relixión	9	4,5	4	2,0
Educación Física	27	13,4	24	11,9
Plástica	19	9,5	18	9,0
Ciencias Naturais	1	0,5	1	0,5
Inglés	—	—	1	0,5
Música	10	5,0	13	6,5
TOTAL	78	38,8	69	34,3
CASOS NON INCLUIDOS	123	61,2	132	65,7

Outras cuestiós relativas á docencia

Como se desprende dos datos que acabamos de comentar nas seccións precedentes, a aprendizaxe da lectoescritura tende a realizarse preferentemente en castelán, malia ó peso específico que teñen os galego-falantes na Educación Infantil e Primaria, así como o peso do galego entre as familias e nos contornos dos colexios. Lembramos a este respecto a información fornecida no estudio da DXPL (1998) no que se pon de manifesto un maior peso cuantitativo do castelán sobre o galego.

Cadro 56: Lingua en que se realiza a aprendizaxe da lectoescritura

	Educación Infantil		Educación Primaria (1º ciclo)	
	Galego	Castelán	Galego	Castelán
Galego	30,4	648	17,2	480
Castelán	49,5	1.055	41,1	1.147
As dúas	10,6	225	15,3	427
NS/NC	9,5	202	26,4	737
TOTAL	100%	2.130	100%	2.791


Fonte: DXPL(1998)

Outras cuestiós que foron consideradas nas enquisas estaban relacionadas coas opiniós que os entrevistados tiñan respec-

to de variables que podían estar a favorecer ou a limita-la presencia da lingua galega na vida nos centros e nas prácticas docentes. Estas cuestiós permiten pulsar un estado da cuestión sobre aspectos de relevancia para valorar axeitadamente a profundidade do proceso de normalización do galego no ensino, así como a perspectiva que actores de tan crucial papel neste proceso, como son os docentes e os membros dos ENL, teñen sobre a situación sociolíngüística actual.

A primeira variable que consideramos foi a da competencia lingüística dos docentes, na medida en que este é un dos argumentos que pode estar a favorecer ou a ralentiza-la transmisión natural de contidos en lingua galega nas aulas. Concretamente, preguntouse a este respecto o seguinte: *¿Considera vostede que o nivel de competencia lingüística dos docentes que imparten alguma materia ou algunas clases en lingua galega é axeitado?* As respuestas están recollidas no gráfico 21.

Gráfico 21: Avaliación do nivel de competencia lingüística dos docentes en galego



A avaliación do nivel de competencia linguística dos docentes en galego oscila entre unha metade que opina que é axeitado en tódolos casos (así o manifesta o 54,8% dos interrogados) fronte á outra metade que considera que maioritariamente hai un nivel de destreza axeitado (36,5%) ou, neste caso unha minoría (8,6%), que considera que se atopan diferencias importantes. No cadro 57 podemos observar que o nivel de competencia menos óptimo parece detectarse naqueles lugares onde a presencia espontánea da lingua galega é menor, de maneira que volvemos observar unha correlación entre nivel de uso e nivel de competencia na lingua galega.

Cadro 57: Nivel de competencia linguística dos docentes

	Axeitado	Maioritariamente axeitado	Hai deficiencias importantes
TOTALDE GALICIA	54,8% (108)	36,5% (72)	8,6% (17)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	59,2 (29)	30,6 (15)	10,2 (5)
Público	53,4 (79)	38,5 (57)	8,1 (12)
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	56,6 (60)	33,0 (35)	10,4 (11)
Interior	52,7 (48)	40,7 (37)	6,6 (6)
<i>Provincia</i>			
A Coruña	56,0 (42)	42,7 (32)	1,3 (1)
Lugo	66,7 (16)	25,0 (6)	8,3 (2)
Ourense	40,0 (10)	56,0 (14)	4,0 (1)
Pontevedra	54,8 (40)	27,4 (20)	17,8 (13)
<i>Tamaño do municipio</i>			
Máis de 50 mil	47,8 (44)	39,1 (36)	13,0 (12)
Entre 10 e 50 mil	63,5 (33)	30,8 (16)	5,8 (3)
Entre 5 e 10 mil	53,6 (15)	42,9 (12)	3,6 (1)
Menos de 5 mil	62,5 (15)	33,3 (8)	4,2 (1)

Coa pretensión de afondar nas dificultades concretas que se puñan de manifesto no feito de non ter unha competencia axeitada en galego por parte dos docentes, preguntouse por elas nunha pregunta específica (a pregunta foi a seguinte: *En caso de existir deficiencias a nivel de competencia lingüística, ¿cales serían as súas cau-*

sas?). No cadro seguinte observámo-la distribución das respostas, que pon de relevo, por un lado, a escaseza de motivos aducidos polos entrevistados, e, polo outro, evidencia principalmente que as maiores deficiencias na competencia lingüística en galego parecen derivar da instalación habitual dos docentes no castelán e da pouca atención á utilización do galego.

Cadro 58: Deficiencias na competencia lingüística en lingua galega

	n =	%
Deficiente instalación dos docentes na lingua	9	20,9
Baixo nivel de coñecemento da lingua	9	20,9
Pouco interese nun uso rigoroso	8	18,6
Pouca estabilidade nos criterios de uso	3	7,0
Proclividade a derivar cara ó uso do castelán	11	25,5
Outras deficiencias	3	7,0

Convén mencionar tamén que dentro das outras deficiencias detectadas aparece unha listaxe ampla de variables, áinda que cun peso específico moito menor: pouca motivación, desprezo cara ó galego, moitos profesores non foron educados na lingua galega, o galego non é a lingua que adoitan falar, hai profesorado de fóra de Galicia, etc.

Ante a pregunta concreta de *¿Que propostas faría vostede para mellora-la situación?*, as dúas respostas que concitaron unha maior adhesión foron as de que, en primeiro lugar, se debía propiciar unha maior motivación dos docentes cara á lingua galega e, en segundo lugar, se debía insistir na mellora da súa formación lingüística.

Cadro 59: Propostas para a mellora da situación actual

	n =	%
Promover unha maior motivación nos docentes cara á lingua	81	40,3
Mellora-la formación lingüística dos docentes	66	32,8
Mellora-los criterios pedagóxicos orientativos	50	24,9
Distribuí-lo profesorado do centro segundo as necesidades lingüísticas	19	9,5
Outras propostas	47	23,4

Non son, neste caso, menos interesantes os argumentos que foron incluídos na opción *outras propostas*, na que obtivemos respuestas como as seguintes: cambio na actitude da Administración, maior apoio ós docentes, cursos más axeitados, incidencia nos medios de comunicación, concienciación persoal, o galego non fai falta, non impoñe-lo galego á forza, cambio na actitude das familias, prestixia-la lingua, escaso apoio das institucións locais, pouca motivación das familias, non presionar, mellora-la imaxe de Galicia, modificacións lexislativas, mellora-la política normalizada, entre outros.

Atopamos nestas respuestas dous aspectos cruciais das políticas de promoción lingüística: a incidencia no cambio das actitudes lingüísticas, que se faga palpable nunha motivación activa e positiva cara á lingua en cuestión, e a incidencia na formación na lingua, formación que non parece que poida quedar reducida a un leve verniz ortográfico. Demándase neste aspecto unha formación más intensa e más diversificada, e ademais parece evidente que se está a demandar unha formación continuada.

Preguntamos a continuación polas actividades e experiencias concretas que se desenvolveron nos centros para a extensión do galego entre a comunidade educativa (concretamente a pregunta realizada foi a seguinte: *¿Que experiencias realizou o centro para promove-lo uso da lingua galega entre a comunidade educativa?*). As respuestas, tal como se desprenden do cadro seguinte, poñen de relevo a forza e extensión dalgunhas delas, como son a celebración das Letras Galegas ou a inserción do galego nas festas do ciclo anual.

Cadro 60: Experiencias/actividades realizadas no centro para a promoción do uso do galego entre a comunidade educativa

	n=	%
Celebración das Letras Galegas	199	99,0
Festas do ciclo anual	187	93,0
Festa do colexio	121	60,2
Campañas de fomento da lingua galega	89	44,3
Efemérides de interese social e cívico	121	60,2
Charlas para familias	35	17,4
Actividades culturais	1	0,5
Outras actividades	3	1,5

Dentro do apartado de *outras actividades* mencionáronse as seguintes: xornais e revistas (a máis demandada e citada), radio, concursos, viaxes, recollida de tradicións de zona (contos, refráns), murais, teatro, aulas de medio ambiente, enquisas sociolingüísticas, cancións, cine, eucaristías en galego, cursos en galego, unidades didácticas e charla de escritores.

Unha cuestión final, vinculada coas opinións e actitudes ante a presencia do galego na docencia, estaba destinada a afondar nas limitacións e potencialidades dos obxectivos lingüísticos marcados na lexislación educativa actual. Como xa sinalamos en distintos lugares deste traballo, procúrase o obxectivo lingüístico de que o alumnado dispoña dunha competencia lingüística semellante nas dúas linguas oficiais, tal como está de feito sinalado explicitamente no preámbulo do Decreto 247/1995 do 15 de setembro de 1995, e para esa finalidade establecese que galego e castelán son linguas vehiculares do ensino. Unha das preguntas que realizamos centrouse en saber qué dificultades sería necesario solucionar para acadar tal obxectivo competencial, e os promedios das respostas figuran no cadro 61.

Cadro 61: Dificultades que cumpriría salvar para acada-lo obxectivo da competencia semellante nas dúas linguas segundo tipo de centro (en %)

	Centro público	Centro privado
Postura máis decidida pola Administración	94,7	5,3
Mellora-la capacitación dos docentes	60,0	40,0
Mellora-lo apoio ós docentes	69,2	30,8
Máis motivación nos docentes	60,9	39,1
Máis motivación nos alumnos	73,9	26,1
Maior sensibilidade lingüística das familias e da sociedade	65,2	34,8

Deste cadro despréndese, en primeiro lugar, que a percepción da intensidade das dificultades existentes é diferente entre os docentes dos centros públicos e privados. Así, observamos que nos seis enunciados propostos, os entrevistados dos centros públicos admiten que todos eles presentan problemas reais que existen nos centros e no sistema educativo galego, xa que ningún dos seis enunciados recibe menos do 60% de respuestas positivas. En cambio, os entrevistados dos centros privados parecen mostrar unha maior distancia cara a estas potenciais dificultades, feito que se comproba nas porcentaxes tan baixas de respuestas positivas. Por exemplo, a dificultade que máis resposta positiva recibe –mellora-la capacitación dos docentes– non pasa do 40%.

Ademais, en segundo lugar, os motivos concretos de dificultade tampouco coinciden nun e noutro caso. Das porcentaxes para cada enunciado despréndese que as dificultades más serias para a consecución dos obxectivos lingüísticos son achacadas desde os centros públicos á falta de postura decidida por parte da Administración e á falta de motivación no alumnado. No caso dos centros privados, os motivos que se aducen con maior forza son a capacitación e maila motivación dos docentes, e unha maior sensibilidade lingüística da sociedade e mais das familias do alumnado.

1.5 Opinións e actitudes lingüísticas da comunidade educativa

O quinto aspecto que examinamos en profundidade é o das opinións existentes nos centros ante diversos temas específicos que permitirían pulsa-las ideoloxías e as conductas ante a lingua galega e ante a súa presencia e extensión nas transmisións educativas. Cinco foron os aspectos específicos tratados, que presentamos na seguinte lista.

- A. Actitudes ante a utilización do galego no ensino.
- B. Prexuízos lingüísticos e ensino do galego: aspectos positivos e negativos da aprendizaxe da lingua.
- C. Dificultades para a implantación do galego no ensino e para a promoción do galego nos centros educativos.
- D. O nivel de cumprimento dos mínimos establecidos pola lexislación lingüística vixente, e as valoracións sobre a presencia da lingua galega na actividade diaria dos centros.
- E. Opinións sobre do proceso xeral de normalización lingüística.

A. Actitudes ante o uso do galego no ensino

A percepción que teñen os responsables dos equipos directivos que responderon á nosa enquisa sobre das actitudes respectivas de profesores, familias e alumnado ante o uso da lingua galega no ensino semella evidenciar unha avaliación do proceso marcada tanto pola aceptación coma por unha neutralidade mesurada. As porcentaxes de rexeitamento percibidas semellan relegadas a magnitudes pequenas que oscilan entre o reducido 3,5% dos docentes e o algo máis avultado 8,7% das familias. Pola súa banda, os docentes tamén son os que, segundo os equipos directivos dos centros, liderarían hoxe as posicións más favorables á presencia do galego no ensino cun 75,9% fronte ás familias, nas que as porcentaxes de posición favorable e neutral sería respectivamente do 43% e o 48%.

Cadro 62: Actitudes ante a utilización do galego no ensino (en % e nº.)

	Profesorado		Familias		Alumnado	
	ED	ENL	ED	ENL	EN	ENL
Actitude positiva	75,9 (151)	68,0 (132)	43,1 (84)	41,5 (80)	54,0 (107)	56,4 (110)
Actitude neutral	20,6 (41)	29,9 (58)	48,2 (94)	50,3 (97)	40,4 (80)	39,5 (77)
Actitude negativa	3,5 (7)	2,1 (4)	8,7 (17)	8,3 (16)	5,6 (11)	4,1 (8)

Ó compararmos os datos fornecidos pola enquisa realizada ós equipos de normalización lingüística (ENL) dos centros con aqueles achegados polos equipos directivos (ED), podemos comprobar como existe unha proximidade alta, o cal ó noso ver é significativo sobre a súa pertinencia global. No que se refire ás diferencias discernibles, estas a penas quedan reducidas ó feito de que os ENL tenden a considerar que os docentes teñen unha actitude lixeiramente máis neutral do que pensan os directores (29,9% fronte ó 20,6%). Nos restantes aspectos as opinións duns e doutros resultan claramente coincidentes.

Cando observamos estes datos desagregados por variables comprobamos como tamén no terreo das actitudes as diferencias e os matices tenden a facerse ostensibles. Na distribución das actitudes entre as familias dos centros públicos e privados é onde máis se aprecia o diferente posicionamento desas respectivas clientelas. As familias que teñen fillos que son alumnos de colexios privados, e sempre de acordo coa opinión dos directores dos centros, serían aquellas que se distinguirían por un posicionamento más neutral (60,9%), en relación coas familias dos alumnos de centros públicos que evidenciarían en maior medida unha actitude positiva (47%).

Cadro 63: Actitudes ante uso do galego no ensino por parte da comunidade educativa

	PROFESORADO				FAMILIAS		ALUMNADO		Act. Negativa
	Act. Positiva	Act. Neutral	Act. Negativa	Act. Positiva	Act. Neutral	Act. Negativa	Act. Positiva	Act. Neutral	
TOTAL DE GALICIA	75,9% (151)	20,6% (41)	3,5% (7)	43,1% (84)	48,2% (94)	8,7% (17)	54,0% (107)	40,4% (80)	5,6% (11)
<i>Tipo de centro</i>									
Privado	76,0	22,0	2,0	30,4	60,9	8,7	50,0	44,0	6,0
Público	75,8	20,1	4,0	47,0	44,3	8,7	55,4	39,2	5,4
<i>Habitat</i>									
Costeiro	72,2	24,1	3,7	39,3	52,3	8,4	47,2	45,4	7,4
Interior	80,2	16,5	3,3	47,7	43,2	9,1	62,2	34,4	3,3
<i>Provincia</i>									
A Coruña	81,6	17,1	1,3	40,0	50,7	9,3	57,3	36,0	6,7
Lugo	80,0	16,0	4,0	47,8	30,4	21,7	62,5	33,3	4,2
Ourense	80,0	16,0	4,0	60,0	40,0	—	72,0	24,0	4,0
Pontevedra	67,1	27,4	5,5	38,9	54,2	6,9	41,9	52,7	5,4
<i>Tamaño do municipio</i>									
Máis de 50 mil	70,3	27,5	2,2	31,1	58,9	10,0	40,7	54,9	4,4
Entre 10 e 50 mil	83,3	14,8	1,9	48,1	46,2	5,8	54,7	37,7	7,5
Entre 5 e 10 mil	72,4	20,7	6,9	50,0	39,3	10,7	69,0	20,7	10,3
Menos de 5 mil	83,3	8,3	8,3	66,7	25,0	8,3	83,3	16,7	—

Fonte: opinión dos ED

As diferencias costa-interior seguen tamén aquí tendencias coñecidas: actitudes más positivas dos docentes (80%), das familias (47,7%) e do alumnado (62%) das zonas do interior. Por outra banda a maior bolsa de actitudes neutrais atoparíase entre as familias da costa e, paradoxalmente –ou non tanto–, a postura máis refractaria fronte ó uso da lingua agromaría entre as familias que resultan ser tamén as más favorables, é dicir, ás familias das zonas de interior.

A distribución das actitudes ante a lingua galega entre os centros de ensino das catro provincias presenta asemade un perfil bastante homoxéneo entre elas. Esta homoxeneidade, non obstante, merece ser matizada nalgúns aspectos; por exemplo, na existencia de dez puntos de porcentaxe de diferencia entre o profesorado da Coruña e o de Pontevedra, diferencia que mostra unha maior proclividade desta última provincia a apostar por unha actitude de neutralidade en detrimento dunha actitude más decididamente positiva. A nivel do que os directores dos centros opinan sobre das actitudes das familias podemos constatar cómo as más decididamente favorables tenden a situarse nas dúas provincias de interior, áinda que tamén é mester volver sobre o feito de que tamén é nunha delas –Lugo– onde se daría unha porcentaxe más alta de actitudes negativas (o 21,7%).

No que se refire ó alumnado atopamos algunas polarizacións provinciais que, sen dúbida, teñen relación cos maiores ou menores niveis de urbanización das áreas nas que se atopan situados os centros. En virtude diso as provincias más favorables son as dúas de interior e as que menos as dúas costeiras e máis urbanizadas. Non obstante estes datos non poden facer esquece-lo feito central, xa apuntado, que evidencia con claridade a circunstancia de que a media das actitudes negativas non acada máis alá do cinco por cento dos totais.

En relación co tamaño dos concellos pode afirmarse que a actitude positiva dos docentes presenta unha media favorable bastante estable, oscilando máis ben o grao de neutralidade, o cal é menor nos municipios de menor tamaño. En paralelo constátase

tamén como as posturas negativas dos docentes –en opinión tamén dos equipos directivos– aumentarían a medida que os concellos son máis pequenos. Sen embargo, este dato semella contrastar coas actitudes das familias e do alumnado, os cales adoptarían actitudes más favorables e menos negativas e neutrais a medida que o tamaño dos concellos é menor. Semella estar presente aquí unha perspectiva diferente entre uns e outros susceptible dun maior afondamento cualitativo (que non tivemos ocasión de facer, pois non escollemos casos en poboacións pequenas).

O concepto de comunidade educativa atópase lonxe de constituir unha realidade homoxénea, pola contra trátase máis ben dunha estructura na que acontece unha certa converxencia de intereses que, como é lóxico nunha sociedade moderna, resulta diversa e heteroxénea. Na que hoxe convencionalmente denominamos como comunidade escolar están a convivir dun xeito bastante xerarquizado tres actores sociais con funcións e mesmo con formación, valores e expectativas diferentes. Con moita frecuencia a perspectiva que teñen as familias e os docentes sobre o modo con que se deben enfoca-los os asuntos escolares non é coincidente. Pola contra, acontecen a miúdo os desencontros entre familias e equipos docentes que nalgúns casos chegan mesmo a substanciarse en pequenas tensións e conflictos entre as ANPA e os mesmos claustros de profesores.

Cómpre, en todo caso, indicar que a existencia deste tipo de diverxencias pode deberse a múltiples causas e que nunha grande medida resultan mesmo lóxicas e adoita responder tanto ó desempeño de posicións distintas no labor educacional coma ós mesmos compromisos dos docentes que, en moitos casos, están inspirados por valores os cales, á súa vez, emanen das políticas educativas e dos seus valores culturais e profesionais específicos.

En virtude do que acabamos de apuntar, non poden resultar tampouco rechamantes os datos que nos achega o cadro 64, no cal se reflicte o feito diferencial e gradual da existencia dunha escala de sensibilidade positiva decreciente cara á valoración do uso da lingua galega –sempre segundo a opinión dos ENL–, que

iría reducíndose entre os docentes, favorables nun 68%, o alumnado nun 56%, e as familias un 41%. A maior neutralidade das familias pode non ser allea ó feito da existencia de dúas estratexias formativas que non coinciden exactamente nos seus obxectivos. Con moita frecuencia o obxectivo principal dos docentes é o de formar e cultivar futuros cidadáns, mentres que unha preocupación central das familias no proceso de socialización é o de conseguir que os seus fillos e fillas teñan unha formación que lles resulte competitiva e que os habilite para se defenderen na sociedade de mercado e para teren aspiracións no seu futuro. É por iso que a alta porcentaxe de posturas neutrais por parte das familias respecto dela (50%) poida que marque unha actitude de clara prudencia en relación cunha ferramenta de comunicación –a lingua galega– que leva desempeñado funcións e estivo sometida a valoracións que nunha grande medida cambian dunha xeración a outra. En todo caso, resulta claro que a percepción social que se ten dela, os usos –e mesmo os tipos de uso que dela se fai– e as actitudes que convoca están a cambiar en períodos curtos de tempo e mesmo en direccións que nunha ampla medida resultan paradoxais.

En congruencia con esta liña de reflexión tamén a maior porcentaxe de actitudes negativas respecto da lingua agroma entre as familias (8%) e a menor entre os docentes (2%).

Se nos detemos en observa-lo comportamento da variable ‘tipo de centro’ –público ou privado–, o que comprobamos é como a maior polarización é a que se establece entre eles a nivel das actitudes positivas das familias respecto dela. Nos centros privados só un 24% das familias defende esa postura, mentres que nos públicos esa cifra acada un 46%; ademais a maior bolsa de posturas neutrais dáse tamén entre aquelas familias que envían os seus fillos ó ensino privado (68%).

Respecto dos tipos de hábitat tamén se pode indicar que na zona do interior é onde prevalece a maior proporción de docentes cunha postura favorable respecto da lingua (77%) e tamén no interior é onde teñen unha actitude más decantadamente positiva

Cadro 64: Actitudes da comunidade educativa ante a utilización do galego no ensino (en % e n°)

	PROFESORADO				FAMILIAS				ALUMNADO		
	Act. Positiva	Act. Neutral	Act. Negativa	Act. Positiva	Act. Neutral	Act. Negativa	Act. Positiva	Act. Neutral	Act. Positiva	Act. Neutral	Act. Negativa
TOTAL DE GALICIA	68,0% (132)	29,9% (58)	2,1% (4)	41,5% (80)	50,3% (97)	8,3% (16)	56,4% (110)	39,5% (77)	4,1% (8)		
<i>Tipo de centro</i>											
Privado	73,3	26,7	—	24,4	68,9	6,7	51,1	44,4	4,4		
Público	66,4	30,9	2,7	46,6	44,6	8,8	58,0	38,0	4,0		
<i>Habitat</i>											
Costeiro	60,4	36,8	2,8	31,1	58,5	10,4	47,2	47,2	5,7		
Interior	77,3	21,6	1,1	54,0	40,2	5,7	67,4	30,3	2,2		
<i>Provincia</i>											
A Coruña	73,6	22,2	4,2	38,9	48,6	12,5	59,7	31,9	8,3		
Lugo	69,2	30,8	—	53,8	34,6	11,5	73,1	26,9			
Ourense	95,8	4,2	—	65,2	34,8	—	76,0	20,0	4,0		
Pontevedra	52,8	45,8	1,4	31,9	62,5	5,6	40,3	58,3	1,4		
<i>Tamén do municipio</i>											
Máis de 50 mil	60,2	37,5	2,3	28,7	60,9	10,3	42,7	52,8	4,5		
Entre 10 e 50 mil	74,1	24,1	1,9	44,4	48,1	7,4	55,6	40,7	3,7		
Entre 5 e 10 mil	70,4	25,9	3,7	55,6	37,0	7,4	70,4	25,9	3,7		
Menos de 5 mil	79,2	20,8	—	66,7	29,2	4,2	91,7	4,2	4,2		

Fonte: opinión dos ENL

tanto as familias coma os alumnos (54% e 67% fronte ós 24% e 51% respectivos da zona da costa)¹⁹.

No tocante ás provincias, e entre os docentes, as actitudes respectivas máis e menos favorables están polarizadas entre o máximo de Ourense (95%) e o mínimo de Pontevedra (52%). Así mesmo, esta polarización mantense tamén entre as familias e o alumnado –65% fronte a 31% no primeiro caso, e 76% fronte a 40% no segundo–.

Os municipios que concitan as actitudes más favorables dos docentes son aqueles que teñen unha poboación menor dos cinco mil habitantes, é dicir os más rurais, cun 79%, sendo os menos favorables os de maior tamaño (60%). Esta tendencia mantiene no nivel das familias cambiando só o nivel de intensidade e producíndose unha lóxica inversa en aspa que fai que canto máis pequeno é o concello máis intensa sexa a postura positiva (do 28% ó 66%), e que no mesmo sentido se reduza o seu nivel de neutralidade respecto dela (do 60% ó 29%). Entre o alumnado mantéñense e radicalízanse estas mesmas tendencias.

19. A este respecto evocamos aquí unha anotación que se realizara en Bouzada e Lorenzo (1997) en distintos lugares dese traballo sobre do feito de que as tendencias que se incardinan hoxe en lóxicas e procesos de recuperación lingüística son diversas e mesmo poden estar a acontecer en direccións non necesariamente converxentes. Por exemplo, en zonas rurais de interior e en vilas de cabeceira de comarca xorden actitudes favorables baseadas nun discurso de restauración do prestixio da identidade local ainda viva, as cales facilitan unha percepción da lingua e a propia cultura cun vigor renovado. Por outra banda, e en zonas urbanas más consolidadas, prodúcese en ocasións e a miúdo entre sectores sociais cultivados e sensibilizados a emerxencia de novos valores orientados á evitación da perda de sinais culturais que, coma no caso da lingua, teñen sedimentado no noso ámbito ecolóxico e social.

B. Prexuízos lingüísticos e ensino do galego: aspectos positivos e negativos da aprendizaxe da lingua

Presentamos a continuación os datos completos dos seis enunciados que foron xulgados polos ED e polos ENL, tendo en conta que tales interlocutores foron interrogados sobre as opinións que existían no seu centro. Concretamente, a pregunta formulada foi a seguinte: *¿Cal coida vostede que é a opinión do profesorado [do seu centro] sobre as seguintes cuestións?* Convén sinalar que, coa finalidade de facer máis flexible e interpretable o contido dos cadros que figuran a continuación, eliminámo-la resposta *Non sabe/Non contesta*, por ser ademais moi pouco relevante cuantitativamente nos seis enunciados propostos.

Cadro 65A: Opinión do profesorado sobre diversos enunciados sobre a lingua galega(*)

	ED		ENL	
	%	n	%	n
I O coñecemento da lingua galega é necesario na sociedade galega de hoxe	70,6	142	60,7	122
I A adquisición de dúas linguas favorece as aprendizaxes posteriores	64,2	129	51,7	104
I A introducción da lingua galega no ensino favorece a autoestima e o sentido de identidade dos nosos nenos	57,7	116	49,3	99

(*) Resposta De acordo

Cadro 65B: Opinión do profesorado sobre diversos enunciados sobre a lingua galega(*)

	ED		ENL	
	%	n	%	n
I A introducción do ensino en galego é unha das causas do aumento do fracaso escolar	76,1	153	66,7	134
I Coa lexislación actual os nenos non dan aprendido ben as dúas linguas	46,3	93	45,3	91
I A aprendizaxe da lingua galega non lles vai servir para a vida	60,2	121	57,2	115

(*) Resposta En desacordo

Se nos detemos a analiza-lo peso dos prexuízos lingüísticos que segundo a opinión dos ED dos centros predominan entre os docentes, podemos estimar que o peso que a estes se lles tiña suposto semella atoparse ostensiblemente minguado. De feito adoita darse unha simetría clara na distribución destes: os prexuízos negativos rexéitanse en porcentaxes que oscilan entre un 60% e un 93%, mentres que as valoracións favorables de partida contan co seu acordo entre un 57% e un 70%. Por exemplo, cando se lles pregunta en torno a qué porcentaxe dos docentes do seu centro poden pensar que *a introducción do ensino en galego* poida ser *unha das causas do fracaso escolar*, constatamos como só un escaso dous por cento afirma estar moi de acordo; pola contra, os que están decididamente en contra desta afirmación acadan unha porcentaxe do 76%.

Por outra banda, a posibilidade de que *coa lexislación actual os nenos non dean aprendido ben as dúas linguas* estímase que podería ser unha afirmación moi verosímil para un de cada dez docentes (11%).

Cadro 66A: Centros que están de acordo cos enunciados segundo o tipo de centro (en %)

	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	Privado	Público	Privado	Público
I O coñecemento da lingua galega é necesario na sociedade galega de hoxe	66	72,2	60	60,9
I A adquisición de dúas linguas favorece as aprendizaxes posteriores	54	67,5	54	54
I A introducción da lingua galega no ensino favorece a autoestima e o sentido de identidade dos nosos nenos	46	61,6	48	49,7

Cadro 66B: Centros que están nada de acordo cos enunciados segundo o tipo de centro (en %)

	Opinión dos ED		Opinión dos ENL	
	Privado	Público	Privado	Público
I A introducción do ensino en galego é unha das causas do aumento do fracaso escolar	76	76,2	74	64,2
I Coa lexislación actual os nenos non dan aprendido ben as dúas lingua	38	49	52	43
I A aprendizaxe da lingua galega non lles vai servir para a vida	60	60,3	66	54,3

C. Dificultades para a implantación do galego no ensino

Cando sondeamos entre os ED dos centros cás serían os aspectos que poden dificultar en maior medida a implantación da lingua galega no ensino, comprobamos como, de maneira xeral, estes son relativizados e só se lles asigna un certo peso relativo a algúns deles. Por exemplo, cóidase importante o feito de que as *familias teñen actitudes negativas ante o galego*, afirmación na que está *algo de acordo* o 41% dos ED. Por outra banda, existe tamén un 33% que tamén o está coa opinión de que a *Administración non apoia a implantación do galego nos centros*.

Outras afirmacións tales como a de que *moitos profesores teñen actitudes negativas ante a lingua galega*, ou a de que *o profesorado ostenta unha baixa cualificación en lingua galega*, ou mesmo o recoñecemento da existencia de *actitudes negativas do alumnado ante a lingua galega*, resultan algo relevantes para un 24%, un 19% e un 18%, respectivamente. Frente a unha ampla maioria que se reconece *nada de acordo* coa práctica totalidade destas afirmacións, podemos constatar como existe só un criterio que si conta cunha aceptación obxectiva ampla, precisamente o de que *o alumnado non domina a lingua galega*. Cabo desta constatación só dous criterios acadan un razoable nivel de acordo: o de que a *Administración non apoia a implantación do galego* (8,5%), e o de que *as familias teñen actitudes negativas ante a lingua galega* (8%).

As opinións dos equipos directivos, cando as comparamos coas dos equipos de normalización linguística, poñen en evidencia

a existencia dalgunhas pequenas diferencias que remiten ó maior nivel de implicación directa destes últimos no asunto que semella facelos más críticos e sensibles a algunha das dificultades que o labor comporta. Por exemplo, os ENL son algo más sensibles (11,4% fronte a 8%) á falla de sensibilidade dalgunhas familias ante o galego. Asemade, reconeñen cunha intensidade algo maior (5,6%, fronte a un 2%) o feito de que *moitos profesores teñen actitudes negativas ante a lingua galega*. Tamén evidencian os equipos unha sensibilidade máis marcada respecto do feito de que o galego non sexa potenciado institucionalmente desde o centro (un 16,5% fronte a un 9% estaría algo de acordo con isto). No mesmo senso (un 18%, fronte a un 8,5%) declararíase convencido de que a *Administración non apoia a implantación do galego nos centros*.

Cadro 67: Valoración de dificultades para a implantación do galego no ensino (en % e nº.)

	De acordo		Algo de acuerdo		Nada de acordo	
	ED	ENL	ED	ENL	ED	ENL
1. O alumnado ten actitudes negativas ante o galego	4,0 (8)	6,2 (12)	18,0 (36)	23,1 (45)	78,0 (156)	70,8 (138)
2. As familias teñen actitudes negativas ante o galego	8,0 (16)	11,4 (22)	41,5 (83)	42,0 (81)	50,0 (100)	46,6 (90)
3. O profesorado carece de preparación suficiente en galego	4,5 (9)	2,6 (5)	19,0 (38)	18,5 (36)	76,0 (152)	78,5 (153)
4. Moitos profesores/as teñen actitudes negativas ante o galego	2,0 (4)	5,6 (11)	24,5 (49)	32,8 (64)	73,5 (147)	61,0 (119)
5. Non se potencia institucionalmente o galego desde o centro	3,5 (7)	4,1 (8)	9,0 (18)	16,5 (32)	87,5 (175)	79,4 (154)
6. A Administración non apoia a implantación do galego nos centros	8,5 (17)	18,0 (35)	33,7 (67)	32,5 (63)	56,8 (113)	49,5 (96)
7. O alumnado non domina o galego	29,0 (58)	26,7 (52)	35,0 (70)	30,8 (60)	36,0 (72)	42,6 (83)

Cando intentamos concretar qué tipo de eivas poden estar hoxe a dificultar –en primeiro lugar– a implantación do galego no ensino, atopamos unha relativa estabilidade entre as opinións dos equipos directivos e as dos equipos de normalización lingüística. Para ambos, e por esta orde, as eivas serían as seguintes: as actitudes negativas dalgunhas familias, o feito de que a Administración non apoie suficientemente a implantación do galego nos centros, e o limitado dominio da lingua galega por parte do alumnado.

Se observámo-lo cadro 68 desde outra perspectiva, podemos constatar cómo resultan tamén indicativas as diferencias de opinión existentes entre os dous equipos. Pola súa banda, os ED asignanlle unha maior importancia cós ENL ás actitudes negativas das familias (41% fronte a 35%). Por outra banda, existe tamén unha diferencia de criterio relevante entre os ENL cando se compara as respectivas opinións existentes respecto de potenciais eivas tales como a existencia de actitudes negativas do profesorado ante o galego (5,8% dos ED fronte ó 11% dos ENL), ou sobre da falta dun apoio suficiente por parte da Administración (17% fronte a 24%).

Na enquisa realizada demandábaselles tamén ós ED e mais ós ENL entrevistados que nos indicasen cál sería a segunda eiva que podería estar hoxe a dificulta-lo proceso. Facer unha referencia a esta precisión coidamos que resulta relevante aquí na medida na que nos permite afondar no coñecemento da estructura das dificultades. Neste senso, resulta relevante que a segunda dificultade percibida polos ED é a das deficiencias nos apoios implementados pola Administración para facilita-la implantación do galego nos centros (21,4%), cabo desta segunda dificultade atopariánse a existencia de actitudes negativas por parte do profesorado (19,4%) así como –e coa mesma porcentaxe– a de que as familias teñen actitudes negativas ante o galego. Pola súa banda, os ENL constatarían como segunda dificultade a de que *o profesorado ten actitudes negativas fronte ó galego* (24,8%).


Cadro 68: Dificultades para a implantación do galego no ensino

	1ª DIFICULTADE				2ª DIFICULTADE			
	ED		ENL		ED		ENL	
	%	n=	%	n=	%	n=	%	n=
O alumnado ten actitudes negativas cara ó galego	9,7	15	6,9	12	13,3	13	16,2	19
As familias teñen actitudes negativas	41,3	64	35,8	62	19,4	19	21,4	25
O profesorado carece de preparación suficiente en galego	9,0	14	4,6	8	6,1	6	9,4	11
O profesorado ten actitudes negativas ante o galego	5,8	9	11,6	20	19,4	19	24,8	29
Non se potencia institucionalmente o galego desde o centro	--	--	1,2	2	8,2	8	2,6	3
A Administración non apoia a implantación do galego nos centros	17,4	27	24,9	43	21,4	21	21,4	25
O alumnado non domina o galego	16,1	25	15,0	26	11,2	11	3,4	4

E a continuación mostramos no gráfico os tres motivos principais –e o seu peso porcentual– que tanto os ED coma os ENL sinalan como dificultadores para a implantación da lingua galega no ámbito do ensino (gráfico 22).

Cando nos cadros 69a e 69b recollémo-la opinión dos ED e dos ENL sobre das dificultades obxectivas existentes para a promoción do galego nos centros de ensino, comprobamos como o peso das distintas dificultades resulta bastante heteroxéneo. Quizais o dato que chame máis a atención sexa o de que existen en xeral algunas dificultades que semellan pouco claras para os equipos directivos; por exemplo, ante o enunciado que afirma a existencia de *valoracións xerais negativas sobre da utilidade da lingua galega*, non están nada de acordo un 46%; que a *presencia do galego afecte negativamente ó desenvolvemento académico* suscita un claro desacordo entre un 90% dos ED entrevistados. Así mesmo, a posible existencia dunha *falta de apoio efectivo por parte da Adminis-*

Gráfico 22: Dificultade primeira para a implantación do galego no ensino (en %)



tración é totalmente desestimada, tamén por un 41,7% dos ED. Do mesmo xeito, acada un alto rexeitamento para os ED a hipótese de que poida influí-lo feito de que *non está regulada a reclicaxe efectiva do profesorado*, 51%.

Entre os factores indicados, aquel que suscita un maior nivel de consenso é o da *carenza de materiais didácticos* (31%). Os seguintes factores –salvo o segundo, relativo ó feito de que a presencia do galego puidese ter un efecto negativo sobre do desenvolvemento do proceso educativo, que é totalmente rexeitado– suscitan todos eles un algo de acordo que rolda a proporción dun de cada tres ED entrevistados.

Como no caso dos cadros anteriores, segue a resultar detectable tamén a existencia dalgúnha diferencia entre a lóxica das opnións dos equipos directivos e as dos equipos de normalización lingüística. Por exemplo, neste caso a que resulta máis salientable é a de que o apoio pola parte da Administración debe ser máis decidido, dado que respecto deste asunto está *algo de acordo* un 46%, dos ENL entrevistados, e claramente *de acordo* mesmo un 30% deles.

Cadro 69a: Valoración das dificultades percibidas para a promoción do galego na escola (en % e nº.)

	De acuerdo	Algo de acuerdo	Nada de acuerdo
1. Existen valoracións xerais negativas sobre o prestixio e a utilidade do galego	18,5 (37)	35,5 (1)	46 (92)
2. A presencia do galego afecta negativamente ó desenvolvemento académico	0,5 (1)	9,5 (19)	90 (180)
3. Existen carencias de material didáctico	31 (62)	37,5 (75)	31,5 (63)
4. Dáse unha falta de apoio efectivo por parte da Administración	20,6 (41)	37,2 (74)	41,7 (83)
5. Non está regulada a reciclaxe efectiva do profesorado	18,6 (37)	29,6 (59)	51,3 (102)

Fonte: opinión dos ED

Cadro 69b: Valoración das dificultades percibidas para a promoción do galego na escola (en % e nº.)

	De acuerdo	Algo de acuerdo	Nada de acuerdo
1. Existen valoracións xerais negativas sobre o prestixio e a utilidade do galego	24,6 (48)	37,9 (74)	37,4 (73)
2. A presencia do galego afecta negativamente ó desenvolvemento académico	5,6 (11)	93,8 (183)	0,5 (1)
3. Existen carencias de material didáctico	31,3 (61)	39,5 (77)	29,2 (57)
4. Dáse unha falta de apoio efectivo por parte da Administración	30,4 (59)	46,4 (90)	23,2 (45)
5. Non está regulada a reciclaxe efectiva do profesorado	20,5 (40)	28,7 (56)	50,8 (99)

Fonte: opinión dos ENL

Se observámo-la información recollida no cadro 70 no que se reflicte a distribución por tipos de centros e por hábitat das porcentaxes de acordo con algunas das eivas propostas na nosa enquisa como condicionantes posibles a un correcto desenvolvemento dos labores de promoción da lingua galega no ensino infantil e primario, podemos comprobar como as puntuacións porcentuais más altas son as recollidas nos centros públicos e en particular aquellas que atinxen directa (*falta de apoio suficiente por parte da Administración*) ou indirectamente (*carencias de material didáctico*) á

demandan un compromiso máis decidido por parte da Administración. Non resultan, non obstante, alleas aquelas opinións que lle asignan unha certa importancia á permanencia áinda hoxe dalgúns prexuízos sociais negativos sobre do propio idioma. Isto recóllese case en dúas de cada dez enquisas realizadas. Pola súa parte, os centros privados tenden menos a considerar como unha carencia a falla de implicación suficiente por parte da Administración, e isto quizais por mor da súa vocación máis autónoma.

*Cadro 70: Valoración das dificultades percibidas para a promoción do galego na escola.
Frecuencia da resposta de acordo segundo tipo de centro e hábitat (en % e nº.)*


	TIPO DE CENTRO		HÁBITAT	
	Privado	Público	Costeiro	Interior
1. Existen valoracións xerais negativas sobre o prestixio e a utilidade do galego	18 (9)	18,7 (28)	19,3 (21)	17,6 (16)
2. A presencia do galego afecta negativamente ó desenvolvemento académico	2 (1)	—	—	1,1 (1)
3. Existen carencias de material didáctico	18 (9)	35,3 (53)	29,4 (32)	33 (30)
4. Dáse unha falta de apoio efectivo por parte da Administración	10,2 (5)	24 (36)	24,8 (27)	15,6 (14)
5. Non está regulada a reciclaxe efectiva do profesorado	12 (6)	20,8 (31)	21,1 (23)	15,6 (14)

D. Nivel de cumprimento dos mínimos establecidos pola lexislación lingüística vixente e valoración da presencia da lingua galega na vida diaria dos centros

Se nos atemos ós datos recollidos na nosa enquisa podemos afirmar que o grao de cumprimento na actualidade do marco legal vixente resulta moi satisfactorio a teor do que coidan tanto os equipos directivos coma os equipos de normalización lingüística dos centros. Case nove de cada dez persoas teñen esa opinión, fronte a unha que coidaría que ese cumprimento se acada con dificultades.

Ese dato semella remitir á capacidade da lei para irse consolidando socialmente como un feito modelador das prácticas sociais.

Gráfico 23: Opinión sobre o grao de cumprimento dos mínimos esixidos pola lexislación actual no centro (en %)




Cadro 71. Opinión sobre o cumprimento dos mínimos esixidos pola lexislación actual no centro (Pregunta: ¿Cúmprense os mínimos ...?)

	Si		Si, con dificultades		Non	
	ED	ENL	ED	ENL	ED	ENL
TOTALDE GALICIA	89,9% (179)	85,6% (166)	10,1% (20)	11,9% (23)	—	2,1% (4)
Tipo de centro						
Privado	91,8	91,1	8,2	8,9	—	—
Público	89,3	83,9	10,7	12,8	—	2,7
Hábitat						
Costeiro	89,9	84,9	10,1	13,2	—	0,9
Interior	90,0	86,4	10,0	10,2	—	3,4
Provincia						
A Coruña	88,0	83,3	12,0	13,9	—	1,4
Lugo	92,0	84,6	8,0	11,5	—	3,8
Ourense	92,0	100,0	8,0	—	—	—
Pontevedra	90,5	83,3	9,5	13,9	—	2,8
Tamaño do municipio						
Máis de 50 mil	91,2	80,9	8,8	15,7	—	2,2
Entre 10 e 50 mil	85,2	87,0	14,8	11,1	—	1,9
Entre 5 e 10 mil	89,7	88,9	10,3	7,4	—	3,7
Menos de 5 mil	95,8	95,7	4,2	4,3	—	—

Ante un dato tan claro e contundente resulta lóxico, tal como reflicte o cadro 71, que a penas resulten relevantes as pequenas diferencias existentes entre os tipos de centro, hábitat, provincia ou tamaño de concello. Nin que a diferencia de opinión entre os ED e os ENL tampouco resulten particularmente significativas más alá das tendencias xa coñecidas que levamos apuntado en comentarios anteriores relativos, por exemplo, á maior sensibilidade evidenciada polos concellos de menor tamaño fronte ós más urbanos. Pero tampouco aquí as diferencias son moi relevantes. Poderíase pensar que este dato tan contundente non resulta inverosímil tendo en conta a súa condición de obrigatoriedad que, de acordo cunha lóxica circular, provocase a rutina viciada de que as persoas dirían facer precisamente aquilo ó que están obrigadas. Sen que isto se poida obviar totalmente, o que si é mester indicar é o feito de que o anonimato das enquisas, a madureza da conciencia democrática dos docentes e a súa realización cruzada a distintos actores educativos supuxo unha proba de rigor que os responsables desta investigación tiveron ocasión de constatar.

A valoración que realizan tanto os equipos directivos coma os equipos de normalización lingüística sobre da presencia da lingua galega na vida diaria do centro resulta bastante opinable tendo presente o carácter difuso da cuestión que abre as portas a todo tipo de subxectivismos os cales condicionan a posible análise e valoración que cómpre realizar. En todo caso, unha lectura non necesariamente optimista dos datos podería ser a de que na opinión dos docentes –que son, por outra banda, os actores más sensibilizados a favor da lingua dentro da comunidade educativa– se podería afirmar que estes pensan que as cousas van razoablemente encamiñadas na medida na que para a metade deles o nivel de uso é aceptable, mentres case para o resto resultaría suficiente. En todo caso, e tal e como acontecía máis arriba, só en torno a unha ou dúas persoas de cada dez coidarían que o nivel de utilización resulta insuficiente. Evidentemente non tódolos docentes opinan o mesmo, pero a tendencia semella definida.

Gráfico 24: Opinión sobre o grao de presencia da lingua galega na actividade diaria dos centros



Se nos detemos na información recollida no cadro 72, os equipos directivos dos centros privados constatan en xeral unha presencia máis precaria da lingua galega nos seus centros cás dos públicos (un 22% coida que é suficiente fronte a un 18% que a coida insuficiente, fronte a un 50% dos públicos que a estiman suficiente e un 7% que a valoran coma insuficiente). O resto das variables estimadas, e tal e coma ten acontecido en casos anteriores, mostra unha distribución na cal se evidencia que nas zonas de interior se dá un uso da lingua suficiente con máis frecuencia, así como que a bolsa máis intensa do uso insuficiente está nas grandes vilas, onde a socialización en castelán é máis habitual ó tempo que se repite a aspa que mostra a diverxencia segundo o tamaño dos concellos, a cal dá lugar a que a menos habitantes o uso suficiente da lingua sexa máis frecuente mentres que o uso aceptable se reduce a medida que se incrementa a utilización suficiente da lingua, é dicir, a medida que o número de habitantes é menor e, polo tanto, o hábitat devén máis rural.

Cadro 72a: Opinión sobre o grao de presencia da lingua galega na actividade diaria do centro

	Suficiente	Aceptable	Insuficiente
TOTALDE GALICIA	43,5% (87)	46,5% (93)	10,0% (20)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	22,0	60,0	18,0
Público	50,7	42,0	7,3
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	35,8	48,6	15,6
Interior	52,7	44,0	3,3
<i>Provincia</i>			
A Coruña	39,5	50,0	10,5
Lugo	56,0	44,0	—
Ourense	52,0	44,0	4,0
Pontevedra	40,5	44,6	14,9
<i>Tamaño do municipio</i>			
Máis de 50 mil	29,3	53,3	17,4
Entre 10 e 50 mil	46,3	48,1	5,6
Entre 5 e 10 mil	65,5	31,0	3,4
Menos de 5 mil	66,7	33,3	—

Fonte: opinión dos ED

Cadro 72b: Opinión sobre o grao de presencia da lingua galega na actividade diaria do centro

	Suficiente	Aceptable	Insuficiente
TOTALDE GALICIA	35,4% (69)	48,7% (95)	15,9% (31)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	20,0	46,7	33,3
Público	40,0	49,3	10,7
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	34,0	43,4	22,6
Interior	37,1	55,1	7,9
<i>Provincia</i>			
A Coruña	40,3	43,1	16,7
Lugo	42,3	57,7	—
Ourense	36,0	48,0	16,0
Pontevedra	27,8	51,4	20,8
<i>Tamaño do municipio</i>			
Máis de 50 mil	25,8	43,8	30,3
Entre 10 e 50 mil	38,9	53,7	7,4
Entre 5 e 10 mil	48,1	51,9	—
Menos de 5 mil	45,8	54,2	—


Fonte: opinión dos ENL

O dato máis importante que é mester subliñar do cadro 72b no que se recolle a opinión dos equipos de normalización lingüística é o de que estas evidencian sobre de todo nos centros privados (33%), nas zonas costeiras (22%) e nos concellos de máis de 50 mil habitantes que a presencia da lingua na vida diaria do centro é insuficiente (30%).

E. Opinións sobre do proceso xeral de normalización lingüística

Dous de cada tres membros dos equipos directivos enquisados afirman que a lingua debe acadar un nivel de normalización áinda máis intenso. Frente a eles un de cada tres coida que o nivel de uso actual é o que resulta deseable. Pola súa banda, os membros dos ENL coidan nunha proporción de catro de cada cinco deles que debemos aspirar a acadar un nivel máis intenso, á beira dun de cada cinco enquisados pertencentes a este colectivo que estima que a situación actual é a deseable. Un dato sen dúbida importante é a estatisticamente irrelevante porcentaxe daqueles que coidan que o actual nivel de normalización esixido pola lei resulta excesivo.

Gráfico 25: Opinión ante o proceso de normalización da lingua galega no ensino



Cando se observa o cadro 73a dun xeito detido, compróbase cómo se evidencia a distintos niveis un paradoxo que xa fora apuntado máis arriba. Referímonos ó feito de que as –relativamente– maiores resistencias ante o proceso de normalización, coidando que este resulta excesivo, agromen tanto entre o colectivo dos ED dos centros privados (12%) como en zonas do hábitat de interior, e de xeito particular na provincia de Lugo (12%) e en centros de ensino situados en concellos de tamaño comprendido entre os cinco e os dez mil habitantes. En relación co que acabamos de dicir, e tal como pode ser comprobado no cadro 73b, cómpre indicar que estas consideracións non obran para os ENL, os cales non asumen en ningún caso a hipótese de que a actual situación normalizadora resulte excesivamente ambiciosas.

Cadro 73a: Opinión ante o proceso de normalización da lingua galega no ensino

	A lingua debe acadar un nivel de normalización más intenso	A situación actual é a desexable	O nivel de normalización esixido é excesivo
TOTAL DE GALICIA	62,4% (123)	32,5% (64)	5,1% (10)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	58,0	30,0	12,0
Público	63,9	33,3	2,7
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	67,6	31,5	0,9
Interior	56,2	33,7	10,1
<i>Provincia</i>			
A Coruña	62,2	35,1	2,7
Lugo	40,0	48,0	12,0
Ourense	60,0	36,0	4,0
Pontevedra	71,2	23,3	5,5
<i>Tamaño do municipio</i>			
Máis de 50 mil	67,0	27,5	5,5
Entre 10 e 50 mil	71,7	24,5	3,8
Entre 5 e 10 mil	42,9	46,4	10,7
Menos de 5 mil	50,0	50,0	---

Fonte: opinión dos ED

Cadro 73b: Opinión ante o proceso de normalización da lingua galega no ensino


	A lingua debe acadar un nivel de normalización más intenso	A situación actual é a desexable	O nivel de normalización exixido é excesivo
TOTAL DE GALICIA	79,9% (155)	18,0% (35)	2,1% (4)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	88,9	8,9	2,2
Público	77,2	20,8	2,0
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	85,8	13,2	0,9
Interior	72,7	23,9	3,4
<i>Provincia</i>			
A Coruña	84,5	15,5	—
Lugo	57,7	38,5	—
Ourense	80,0	20,0	—
Pontevedra	83,3	12,5	1,4
<i>Tamaño do municipio</i>			
Máis de 50 mil	81,8	15,9	2,3
Entre 10 e 50 mil	87,0	9,3	3,7
Entre 5 e 10 mil	77,8	22,2	—
Menos de 5 mil	62,5	37,5	—

Fonte: opinión dos ENL

Cando no gráfico 26 e nos cadros 74a e 74b considerámos la valoración do proceso que realizan os ED e os ENL desde un punto de vista lixeiramente distinto, constatamos de novo a prevalencia dunha opinión xeralmente positiva sobre do proceso. Neste senso, unha opinión maioritariamente espallada (tanto entre os ED, 73% coma entre os ENL, 63%) vén afirmar que o proceso foi avanzando a medida que o permitiron as circunstancias. Non obstante, é mester indicar que tamén de novo aquí os equipos de normalización lingüística presenten unha posición bastante más crítica respecto do nivel de decisión implementado cós equipos directivos (36% fronte a 23%).

Lendo máis polo miúdo os datos do cadro 74a, podemos constatar como os ED dos centros privados tenden a mostrarse menos decididos cós dos centros públicos respecto dunha demanda potencial dunha convicción maior na postura da Administración

Gráfico 26: Valoración do proceso de extensión do galego nos centros de ensino



(8%, fronte a 29%). Por outra banda, son os ED dos centros educativos das zonas costeiras e urbanizadas aqueles que demandan con maior claridade unha actitude más decidida pola parte da Administración. Do mesmo xeito, tamén son os concellos de tamaño máis grande aqueles que se reafirman nesa mesma opinión.

Cadro 74a: Valoración do proceso de extensión do galego nos centros de ensino

	Puido ser máis intenso con más decisión política	Foi avanzando a medida que o permitiron as circunstancias	Foi excesivamente intenso
TOTAL DE GALICIA	23,9% (47)	73,1% (144)	3,0% (6)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	8,0	86,0	6,0
Público	29,3	68,7	2,0
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	30,2	68,9	0,9
Interior	16,5	78,0	5,5
<i>Provincia</i>			
A Coruña	23,7	75,0	1,3
Lugo	8,0	88,0	4,0
Ourense	20,0	80,0	—
Pontevedra	31,0	63,4	5,6
<i>Tamaño do municipio</i>			
Máis de 50 mil	26,4	70,3	3,3
Entre 10 e 50 mil	30,2	66,0	3,8
Entre 5 e 10 mil	10,7	85,7	3,6
Menos de 5 mil	16,7	83,3	—

Fonte: opinión dos ED

Entre os ENL aqueles, os dos centros públicos, son os que marcan o pico más pronunciado na demanda dunha maior decisión política (43%). No nivel de zonas, as costeiras (40%). Entre as provincias, A Coruña e Lugo (33% e 47%, respectivamente). No nivel de concellos, os dos ENL situados naqueles de tamaño comprendido entre os cinco mil e os dez mil habitantes.

De tódolos xeitos, cómpre afirmar que as posturas que prevalecen de xeito claro en case tódolos casos son aquelas que afirman *que o proceso foi avanzando a medida que o permitiron as circunstancias*. Unha única excepción que non acada unha maioría é da categoría de concellos de cinco a dez mil habitantes ó que nos acabamos de referir (40% fronte a 59%).

Cadro 74b: Valoración do proceso de extensión do galego nos centros de ensino

	Puido ser máis intenso con más decisión política	Foi avanzando a medida que o permitiron as circunstancias	Foi excesivamente intenso
TOTAL DE GALICIA	36,1% (70)	63,4% (123)	0,5% (1)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	13,3	86,7	—
Público	43,0	56,4	0,7
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	40,0	59,0	1,0
Interior	31,5	68,5	—
<i>Provincia</i>			
A Coruña	33,8	66,2	—
Lugo	19,2	80,8	—
Ourense	28,0	72,0	—
Pontevedra	47,2	51,4	1,4
<i>Tamaño do municipio</i>			
Máis de 50 mil	28,4	70,5	1,1
Entre 10 e 50 mil	40,7	59,3	—
Entre 5 e 10 mil	59,3	40,7	—
Menos de 5 mil	29,2	70,8	—


Fonte: opinión dos ENL

E. Estado actual do proceso de normalización lingüística

Se algúns datos deben ser resaltados entre as informacions que figuran no cadro 75a-b é o de que tanto os ED como os ENL están a facer fincapé no feito de que pode estar a producirse un certo estancamiento no proceso (45% dos ED e 54% dos ENL teñen esa opinión). Do mesmo xeito, cómpre tamén indicar que as porcentaxes respectivas dos que coidan que pode estar a producirse un retroceso resulta bastante reducido (5% e 6%).

Segundo o tipo de centros escolares, os máis optimistas, de acordo cos datos, serían os centros privados (un 62% dos ED e un 52% dos seus ENL coida que o proceso segue a avanzar), fronte ós públicos que se mostrarián máis prudentes ó consideraren que se produciu un certo estancamiento (un 48% e un 57%, respectivamente). Por zonas, as costeiras, as provincias máis urbanizadas e os concellos maiores de dez mil habitantes, tenden a percibir con

Gráfico 27: Valoración da situación actual do proceso de normalización lingüística



maior frecuencia un risco de estancamento. A hipótese dun posible retroceso efectivo é afirmada con maior contundencia relativa por parte dos ED de Pontevedra e Lugo (8%), así como por parte tamén daqueles municipios situados entre os cinco e os dez mil habitantes (11%).

Cadro 75a: Valoración da situación actual do proceso de normalización lingüística

	Segue a avanza-la normalización da lingua galega	Produciese un certo estancamiento	Retrocédese
TOTALDE GALICIA	48,5% (97)	45,5% (91)	5,5% (11)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	62,0	38,0	—
Público	44,0	48,7	7,3
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	43,1	50,5	6,4
Interior	54,9	39,6	4,4
<i>Provincia</i>			
A Coruña	48,7	48,7	2,6
Lugo	60,0	32,0	8,0
Ourense	56,0	40,0	4,0
Pontevedra	41,9	50,0	8,1
<i>Tamaño do municipio</i>			
Más de 50 mil	44,6	51,1	4,3
Entre 10 e 50 mil	50,0	42,6	7,4
Entre 5 e 10 mil	51,7	40,0	6,9
Menos de 5 mil	54,2	41,7	4,2

Fonte: opinión dos ED


Cadro 75b: Valoración da situación actual do proceso de normalización lingüística

	Segue a avanza-la normalización da lingua galega	Produciese un certo estancamiento	Retrocédese
TOTALDE GALICIA	38,3% (74)	54,9% (106)	6,7% (13)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	52,3	47,7	—
Público	34,2	57,0	8,7
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	36,2	57,1	6,7
Interior	40,9	52,3	6,8
<i>Provincia</i>			
A Coruña	39,4	52,1	8,5
Lugo	53,8	42,3	3,8
Ourense	40,0	56,0	4,0
Pontevedra	31,0	62,0	7,0
<i>Tamaño do municipio</i>			
Más de 50 mil	40,9	54,5	4,5
Entre 10 e 50 mil	27,8	64,8	7,4
Entre 5 e 10 mil	34,6	53,8	11,5
Menos de 5 mil	54,2	37,5	8,3

Fonte: opinión dos ENL

Cando se invita os ED e os ENL a estableceren hipóteses sobre das posibles causas dun certo estancamiento, as respuestas aparecen bastante repartidas, aínda que é mester anotar que a causa máis mencionada é a da existencia dunha certa atenuación do polo orientador da política lingüística (25% e 33%, respectivamente). O segundo factor en importancia sería o da existencia dun certo desleixo por parte das novas xeracións (19% e 25%) así como tamén mesmo en virtude dun posible declive da militancia lingüística (9% e 16%).

Gráfico 28: Causas do estancamento ou retroceso na normalización da lingua galega



Cómpre poñer de relevo que, no momento da realización da enquisa, os entrevistados engadiron un feixe disperso de motivos adicionais, nalgún caso bastante concomitantes cos propostos por nós, que integrámos nun apartado conxunto de outras cousas e no que se inclúen factores de diverso carácter e alcance. Entre eles foron mencionados asuntos tales coma a perda de interese xeral da sociedade polo asunto ou o declive da identidade lingüística, a falla de

subvencións, a existencia dun profesorado castelán-falante, o peso dos medios de comunicación, a falla de motivación en pais e alumnos ou mesmo cuestións tales coma un exceso de normativización.

2 ESTUDIOS DE CASOS NOS CEIP DE GALICIA

2.1 *Introducción: metodoloxía de traballo e tipoloxía de centros*

Os estudos de casos que aquí se inclúen foron efectuados en 8 centros situados nas catro provincias galegas ó longo do ano 2000. Estes centros foron seleccionados proporcionalmente considerando os niveis correspondentes de galeguización –altos ou baixos– das súas actividades. Ademais, preservouse a inclusión proporcional entre eles de centros escolares públicos e privados, por unha banda, e rurais e urbanos pola outra, para así termos unha imaxe o máis ampla e diversificada posible dos casos reais existentes na actualidade.

Para coñecérmolo maior ou menor grao de galeguización dos centros, baseámonos nun conxunto de indicadores procedentes da ficha avaliativa e das entrevistas ós equipos directivos e ós equipos de normalización lingüística da mostra de centros (véxanse os anexos para o guión de preguntas en cada caso). Utilizamos un total de 20 indicadores que nos permitiu xerar unha listaxe de centros cunha puntuación de máis a menos galeguizados, e esa listaxe separámola en virtude do tipo de centro (público ou privado) e do carácter rural ou urbano.

Unha vez que seleccionámos os centros que cumplían as características pescudadas, realizámos o traballo de campo nos 8 centros de Educación Infantil e Primaria seleccionados, tal como comentaremos máis adiante nesta mesma sección.

En consecuencia, imos mostrar nas páxinas que seguen o informe detallado de cada un dos 8 casos de estudio. Describiremos 2 casos de centros urbanos públicos galeguizados (seccións 2.2.2 e 2.2.3), 2 casos de centros rurais públicos galeguizados (seccións

2.2.4 e 2.2.5), 1 caso de centro urbano público non galeguizado (sección 2.2.6), 1 caso de centro rural público non galeguizado (sección 2.2.7), 1 caso de centro privado galeguizado (sección 2.2.8), e 1 caso de centro privado non galeguizado (sección 2.2.9).

Tipoloxía de casos de estudio

- Caso 1: Centro urbano público galeguizado (1)
- Caso 2: Centro urbano público galeguizado (2)
- Caso 3: Centro rural público galeguizado (1)
- Caso 4: Centro rural público galeguizado (2)
- Caso 5: Centro urbano público non galeguizado
- Caso 6: Centro rural público non galeguizado
- Caso 7: Centro privado galeguizado
- Caso 8: Centro privado non galeguizado

Para rematarmos esta segunda parte do informe nos centros de ensino infantil e primario, na sección 2.2.10 presentaremos unhas conclusións específicas do estudio de casos baseadas nos resultados dunha análise DAFO: feblezas, fortalezas, ameazas e oportunidades da situación da lingua galega considerada nos e desde os centros de ensino.

O obxectivo deste estudio de casos foi o de afondar nos factores favorecedores e dificultadores da normalización lingüística en cada tipo de centro. Para chegarmos a tal finalidade precisabamos un afondamento crítico e contrastable naqueles factores concretos que caracterizan a historia recente e a situación actual do galego no centro e no seu ámbito de influencia. Elementos como os factores humanos que influíron, os recursos e apoios –tanto internos coma externos– cos que se contou, os contextos que favorecen –e favoreceron nun pasado recente– o desenvolvemento das prácticas normalizadoras no centro, etc., son algúns dos interrogantes e dos eixes de reflexión que formulamos nos centros e que guiaron a recollida de información.

A prol dunha concreción desas cuestións dun xeito o máis diversificada e contrastada posible, a recollida de información en

cada centro concretouse na realización de entrevistas persoais que se dirixiron ó ED, ó coordinador/a do ENL, a dous profesores (un de Infantil ou de primeiro curso de Primaria, outro dos cursos finais de Primaria), a alumnado do Consello Escolar, e a un representante da ANPA.

Na descripción que presentamos de cada un dos casos por separado seguimos unha estructura temática semellante, que facilita a comparación dos casos, estructura que se baseou en 7 puntos temáticos: caracterización do centro, política lingüística do centro, os usos lingüísticos dos docentes, as opinións e valores socio-lingüísticos dos membros da comunidade escolar, as actividades lingüísticas promovidas polo centro, a situación lingüística do contorno e a súa incidencia nas prácticas lingüísticas do centro, e, como remate da descripción de cada caso, un resumo das características cualitativas do caso baseado en dous trazos: factores favorecedores e factores dificultadores do uso do galego no centro.

Unha impresión recollida nas entrevistas realizadas para a realización dos estudos de casos que complementan a presente investigación é a de que en xeral os centros dan todo tipo de facilidades para a recollida da información. Como concreción deste feito pódese afirmar que en ningún dos colexios, fosen estes más ou menos activos ou pasivos no seguimento das pautas de normalización, en ningún caso nos foron requiridas acreditacións xustificativas para o desenvolvemento do noso labor.

En xeral pódese afirmar tamén que a percepción dos investigadores é a de que tanto os equipos directivos coma os docentes evidencian un claro sentido da liberdade persoal no xeito de formularen as súas posturas lingüísticas. A clara prevalencia deste tipo de actitude non evita que en xeral aconteza tamén algo que é moi frecuente nas interaccións entre o suxeito investigador e os individuos investigados, que é o desexo destes últimos de achegaren as súas posicións todo o posible ás posturas de partida que presuponen no investigador. Neste senso, e mesmo no desenvolvemento dalgún dos estudos de caso, chegáronse a producir situacións nas cales o entrevistador se veu compelido a ir laboriosamente tra-

llando e debullando os itinerarios formais da interacción para facilitar que agromasen os presupostos más velados e profundos dos entrevistados.

En todo caso o que si resulta pertinente deixar claro é o feito de que cando as cuestións se reformularon desde unha óptica clara e transparente en ningún caso os entrevistados/as eludiron o ter que aportar unha información ou un dato que sospeitaban podía contradicir o fin e o mesmo espírito da investigación. Obvio resulta dicir aquí que todo o mundo entendía que unha investigación sobre da lingua galega no ensino promovida polo Consello da Cultura Galega partía de presupostos favorables á normalización da lingua galega. Ademais do dito é tamén mester indicar que a nosa estratexia de ir contrastando as informacóns a través dunha recollida de opinións diversificada que incluía responsables de dirección, docentes, encargados da área de normalización, representantes de ANPA así como tamén alumnado, facilitou un contraste en todo caso rigoroso e arquecedor.

Algo que tamén aproveitamos para traer a colación aquí con carácter introductorio sobre do proceso de realización dos estudos de casos é a impresión que deriva de case tódalas entrevistas efectuadas relativa á constatación de que a cuestión da lingua galega no ensino é un asunto que ten sido reiteradamente debatido, sobre do cal a xente se sente cómoda falando, e respecto da cal foi callando unha certa ‘nova’ cultura. En relación con esta nova cultura podemos afirmar que, sen que teña totalmente desaparecido o peso dos vellos estigmas, hoxe en día están a agromar uns diagnósticos e unhas posturas más abertas e dotadas dunha maior sensibilidade cultural, ó tempo que menos tisnadas pola deturpación dos prexuízos. En particular isto é perceptible, por exemplo, na actitude dos docentes os cales adoitan mostrar unha clara soltura na explicitación dos seus puntos de vista. Esta actitude aberta móstrase tanto nas súas conviccións a favor da lingua galega coma mesmo na afirmación tamén definida da esixencia da asunción curricular da presencia do castelán coma lingua funcional e de referencia.

Outro punto común nos estudos realizados, que ó noso ver resulta de particular relevancia, é o da importancia e o protagonismo normalizador que, de acordo coa microhistoria de todos os centros, ten sido desenvolvido por algunhas persoas, a miúdo carismáticas, que pasaron –ou están ainda no centro– e que frequentemente son obxecto dun claro respecto e estima por parte dos seus compañeiros e compañeiras que os perciben como aqueles ‘bos e xenerosos’ que desenvolven un labor idealista a favor da nosa lingua.

Queremos incluír ademais nesta presentación dos estudos de casos que realizamos unha precisión no sentido de que estes van figurar dun xeito anónimo, sen que en ningún caso se precise a qué centro corresponde a información globalizada do caso que se analiza. Este criterio mantense con independencia do feito de que nada do que aquí se di poida considerarse lesivo para ningún dos centros; facémolo por unha simple cuestión de respecto pola confidencialidade das opinións que nos foron libremente confiadas no proceso de investigación.

2.2 Caso 1: Centro urbano público galeguizado (1)

- I Zona: Galicia interior urbana.
- I Centro público que presenta un nivel alto de galeguización.

Caracterización xeral do centro

O centro que describimos nesta sección está situado nun barrio periférico dunha capital de provincia de tamaño mediano. O alumnado procede dun medio primordialmente rural e afastado das dinámicas explicitamente urbanas. Con todo, non é un centro unitario nin ten transporte escolar, de maneira que recibe alumnado dunha zona de influencia relativamente próxima e carece polo tanto de alumnado de aldeas.

O centro, que se creou hai algo máis de 20 anos, dispón de 9 unidades de Educación Infantil e de 18 unidades de Educación

Primaria. No momento de recolle-los datos contaban con pouco menos de 700 alumnos e alumnas.

Respecto do profesorado, este centro conta con pouco más de 40 profesores, tendo as mulleres unha proporción máis elevada de presencia no Claustro cós homes. Trátase dun Claustro relativamente estable, con poucas incorporacións de profesorado novo (non máis dun por curso), de maneira que se pode afirmar que o cadro de docentes se atopa moi estabilizado. Predomina o profesorado de idade intermedia –entre 40 e 55 anos–, que viviron grande parte –ou todo– o proceso de inserción do galego nas prácticas escolares e docentes desde o seu inicio. Convén chama-la atención sobre o feito de que no profesorado a lingua de relación habitual é o galego, agás dúas ou tres persoas que utilizan con preferencia o castelán.

Ó se tratar dun centro situado nunha área urbana periférica, o galego é a lingua que predomina no contorno. En todo caso reproducense os casos ben coñecidos de familias galego-falantes que utilizan decote o castelán para socializaren fillos e fillas. Isto fai que o alumnado, malia a integración en redes familiares e veciñais en que predomina o galego, estea igualmente moi exposto ó castelán nas súas redes primarias.

Segundo os datos previos dos que dispoñíamos a través das enquisas realizadas neste centro escolar²⁰, o nivel de galeguización deste centro era comparativamente alto para se tratar dun colexio urbano. Estes datos centrábanse na utilización exclusiva da lingua galega na xeración de documentación escrita tanto de carácter interno coma externo, na rotulación interna, e na presencia do galego nas calas espontáneas realizadas polos investigadores para coñecérmo-la lingua utilizada oralmente nas aulas e por escrito nas pizarras. Estes datos previos, como iremos vendo nesta sección, corroboráronse plenamente nas entrevistas que realizamos con

20. Lembramos neste punto, tal como fixemos na sección anterior, que o índice do nivel de galeguización dos centros foi construído a partir da información dun conxunto diverso de indicadores obxectivos e observacionais, tendo en conta o grao de presencia do galego nas actividades e na vida diaria dos centros.

interlocutores dos diferentes sectores presentes no centro –equipo directivo, profesorado, ENL, ANPA (funcionan dúas ANPA no centro) e alumnado.

Respecto da historia lingüística do centro, desde que naceu desenvolveuse nel unha dinámica de implicación do galego no conxunto das súas actividades. Por exemplo, desde o inicio do seu funcionamento –finais dos 70, como xa comentamos–, as actas dos claustros redactánse en galego. E esa constancia na produción escrita en galego de documentos tan simbólicos, en momentos históricos en que se estaban a produci-los primeiros intentos de oficializa-la presencia da lingua galega na escola, mantívose sen alteración significativa ata o momento actual.

A política lingüística de centro

A actitude e a práctica lingüística do centro ante a lingua foi desde sempre –e ainda o é– moi positiva. Neste sentido son significativas desde a anécdota das actas en galego a finais dos anos setenta –que xa mencionamos anteriormente– ata a amplitude e variedade de actividades que se realizan ano tras ano en galego por mor das diferentes festividades típicas ou por mor da implicación do centro en proxectos externos diversos. Tal como sinalabamos anteriormente, o feito de que este centro destaque pola ampla presencia da lingua galega na súa actividade ordinaria é froito dunha vontade de galeguización, mantida e desenvolvida no tempo, a cal non é allea á acción consciente dos diferentes equipos directivos que, con maior ou menor intensidade na súa implicación, pularon polo uso da lingua nas tarefas administrativas e comunicacionais internas e externas.

Existe neste centro un ENL activo que conta xa cunha certa tradición na planificación e execución das actividades programadas. Na actualidade as xuntanzas mensuais serven para ir planificando un conxunto de actividades cíclicas e periódicas así como outras que proveñen de proxectos concretos e novidosos (programa *Voz Natura*, por exemplo). O ENL dispón de todo tipo de facilidades, a dirección do centro e os seus membros colaboraron acti-

vamente no deseño da planificación lingüística plasmada no PCC e no PEC.

Con todo, o alcance e a dimensión das actividades do ENL vense eivadas pola escaseza dos orzamentos que se destinan á normalización lingüística. Isto é sinal de que se trata dun centro que organiza e mobiliza recursos e esforzos a prol da lingua. Ademais, os responsables actuais do ENL láianse da escasa implicación ou cooperación do alumnado na promoción do galego no centro, e como anécdota comentan que nunca houbo no ENL alumnos ou alumnas.

Esta última observación require un comentario. A mobiliización do alumnado destes niveis educativos en obxectivos normalizadores semella moi difícil, xa que as cuestiós lingüísticas e culturais son algo más ben alleo ós intereses inmediatos que os cativos/as demostran ter, de maneira que conseguir deles unha presencia activa na promoción do galego resulta moi problemática. Outro tema diferente é a recepción dos contidos normalizadores, que adoita ser, en xeral, positiva.

Sobre dos usos lingüísticos dos docentes

No nivel de Educación Infantil, a lingua que predomina entre o alumnado é o castelán e a que predomina entre o profesorado é o galego. Aínda así, a lectoescritura realizase maiormente en castelán, agás nun grupo no cal, gracias á iniciativa dunha docente moi comprometida coa lingua, se favorece a inclusión do galego na aprendizaxe da lectoescritura, sendo o único caso entre as nove unidades de Educación Infantil existentes no centro. O argumento esgrimido é que nenos e nenas chegan utilizando principalmente o castelán, malia o contexto galego-falante familiar predominante.

En Educación Primaria, constátase que o galego na docencia se utiliza máis nas aulas a medida que os cursos son más altos. Sen embargo, fóra das materias que se imparten en galego, tal como figuran no PEC, poucas máis se desenvolven en galego. Volvemos comprobar como os usos lingüísticos espontáneos do

profesorado non teñen unha traslación automática nunha docencia nesa lingua. Por outro lado, segue mostrándose unha interpretación moi literal do decreto de materias que se imparten en galego, interpretándose como o punto e final, é dicir, no sentido estricto de ‘máximos’, non de ‘mínimos’ ou de punto de partida.

Tocante ós usos lingüísticos nas aulas, advírtense moitos casos de acomodación espontánea á fala do interlocutor, de maneira que a variedade lingüística utilizada polo alumno ou alumna decanta en moitas ocasións a elección subseiguiente do profesor. É dicir: o alumno recorre ó galego e o profesor cambia cara a esa lingua, ocorrendo isto en casos de profesorado castelán-falante.

Mesmo ás veces a elección dunha materia para que se imparta en galego suscita algúns problemas. A materia de Matemáticas impártese en galego, debido a que foi a opción escollida polo centro (e que, como tal, figura no PEC). De feito, nunca houbo ningún tipo de reacción en contra das familias ou do alumnado, tendo en conta que a impartición en galego dunha materia que se considera nuclear do currículo educativo podería xerar problemas e distintos tipos de rexitamento, tanto por parte do Claustro de profesorado como por parte das familias. Pero, con todo, existe no centro que nos ocupa algúns docentes desa área de coñecemento que non a imparte en galego pola tradición e a inercia de facela desde há tempo en castelán.

Un aspecto que suscita fortes críticas entre o profesorado é o do material para a docencia existente en galego. En certas áreas curriculares áinda persisten hoxe en día carencias de material que se poida utilizar nunha aula impartida en galego. Por exemplo, para a materia de Música, que figura no PEC para ser impartida en galego, a profesora responsable non dispón en galego do material que ela considera máis axeitado para esa materia e por iso recorre ó que lle ofrece unha editorial en castelán.

Dous aspectos que comenta o profesorado que imparte as aulas en galego é que o alumnado non ten nin dificultade nin reticencias ante o desenvolvemento dos contidos nesa lingua pero que, complementariamente, resulta difícil que utilicen o galego na

aula. Queda así latente a tendencia, por un lado, a percibir como algo normal que o docente empregue o galego na clase sexa na materia que sexa, e, polo outro, a que o alumno ou alumna interveña nesa clase en castelán.

É tamén salientable a existencia de docentes que deberon realizar labores de actualización para se acomodaren ás áreas curriculares que se debían impartir en lingua galega. Tales labores non foron nin traumáticos nin produciron problemas nin tan sequera pola parte daqueles docentes que non tiñan o galego como variedade de expresión habitual.

Unha cala nas opinións e nos valores sociolingüísticos dos membros da comunidade escolar

Tódolos membros da comunidade escolar que nos ocupa están satisfeitos, en xeral, do papel que desempeña o centro como fornecedor dunha actuación lingüística a prol do galego. Hai quen percibe un certo nivel de imposición do galego (por exemplo, algúns profesores/as, algunas familias, unha das ANPA), no sentido de que se está a avanzar a un ritmo moi rápido; hai quen considera que se podería facer moito máis (son desa opinión, por exemplo, algúns profesores/as, o ENL, certas familias e unha das ANPA), no sentido de que a docencia constitúe un terreo onde se podería avanzar un chisco máis do que se está a facer na actualidade; e hai quen considera que está ben así, que se avanzou moito e que o ritmo actual de galeguización é o que se debe levar (son desta opinión, por exemplo, outros profesores/as e a maioría do alumnado).

Unha constatación, que se realiza ó preguntarllés ós diferentes interlocutores do centro que levan uns cantos anos e que coñecen como era a situación sociolingüística de hai 15 ou máis anos, é que a posición social da lingua é hoxe moi diferente, no sentido de que na actualidade “está máis aceptado o galego”. E isto constátase a nivel da sociedade e, por conseguinte, nas familias do alumnado, e non tanto entre eles, xa que se advirte que nin antes nin agora se detectaba entre o alumnado un posicionamento nega-

tivo ante a lingua. Afirmacións do tipo: “antes protestábanche os pais: Coñecemento do Medio suspéndeo porque como está en galego, non o entende; e eso agora non pasa”.

Como podemos comprobar, nesta vía de recuperación da lingua estaría presente a implicación das familias e dos barrios, implicación que se bota de menos en grande parte das actividades deste centro.

No que respecta directamente á implicación das familias, preséntase a circunstancia de que este centro conta con dúas ANPA, a segunda delas xurdida pola discrepancia coa ANPA primaria ante certos acordos tomados pola mayoría, e este desacordo ten consecuencias lingüísticas, xa que unha –a orixinaria– utiliza decote o galego na súa actividade mentres que a outra –a xurdida polas discrepancias de funcionamento– usa só ou preferentemente o castelán.

E pola súa banda, as familias consideran que o nivel de implicación do centro na promoción da lingua galega é moi alto, co cal perciben que no centro descansa a tarefa da normalización lingüística, e eles quedan, dalgún xeito, descargados simbolicamente de se implicaren máis activamente nese labor.

Respecto do alumnado, ademais do dito xa nos apartados anteriores, e cando se interroga directamente a distintos alumnos e alumnas, pónense de relevo un par de cuestións: que a maioría deles opta por utilizar o castelán fronte a unha minoría de alumnado que tende preferentemente polo galego, e que é moi elevada a cantidade dos trasvasamentos lingüísticos nunha ou noutra dirección en función da lingua elixida polo interlocutor e en función da situación comunicativa (é dicir, na aula ou fóra da aula). A competencia lingüística productiva que a xeneralidade do alumnado ten en galego e castelán, así como a escasa distancia estructural entre eles, facilita a capacidade e a posibilidade de alternancias entre as dúas linguas, e nese sentido o alumnado utiliza tal recurso de forma productiva.

Outro grupo de alumnos sinala que o galego segue levantando distintos tipos de rexeitamento entre eles (lingua de “pale-

tos”, etc.), e ponse como exemplo disto a frecuencia con que se recorre áinda ó galego para facer burla.

Unha última cuestión que tivemos ocasión de comentar con distintos integrantes do centro foi o das dificultades para inserir con maior fondura o galego nos ámbitos educativos e docentes. Ademais das reflexións sobre os logros conseguidos nestes últimos vinte anos, xurdía a reflexión sobre as resistencias de diversos sectores da comunidade educativa, principalmente no profesorado e en certas familias. A opinión, por exemplo, do responsable do ENL é que se debía formular un proxecto lingüístico que non obrigase ou impuxese o galego, así: “A miña opinión é a de non impor nada, porque se impós o galego cóllelle máis manía, e estou vendo que en Secundaria hai moitos cátivos reacios ó galego, como consecuencia a que lles impoñen algo o galego, e entón son algo reacios”. Nesta mesma liña, un membro do equipo directivo indicaba que “eu non son partidario de presionar senón de que se vaian incorporando pouco a pouco [ó galego]”.

Actividades de promoción lingüística realizadas desde o centro

Neste centro o equipo directivo e –sobre todo– o ENL son os motores da normalización lingüística, mentres que en menor medida participa unha das ANPA do centro (a outra non está interesada en cuestións lingüísticas). Dado que na docencia aplican os mínimos do Decreto de 1995 e que na Educación Infantil a lecto-escritura se produce maioritariamente en castelán, as actividades de promoción lingüística que se desenvolven preferentemente neste centro son de carácter extraescolar.

Neste sentido hai que salienta-la realización dalgunhas actividades extracadémicas (actividades teatrais, edición dunha revista, representacións teatrais no Nadal e nas Letras Galegas, participación no programa *Voz Natura*, etc.), exclusivamente en galego, algunas delas xa son veteranas e realizanse regularmente.

Con respecto ás actuacións de promoción da lingua galega en que o centro participe con outras entidades do barrio, cómpre

indicar que o centro é mero receptor (e participante) das actuacións que o concello realiza cara ós centros do ensino. Non hai relación coa asociación veciñal (“nunca se dirixiu a nós”, indícanos a directora do centro e o responsable do ENL). En cambio si hai interacción con organizacións como Cáritas e Mans Unidas, que organizan un festival coa achega económica dos centros de ensino do concello.

Unha iniciativa, que paga a pena comentar polo que ten de orixinal no marco das actividades de normalización lingüística, centrouse en vincular lingua, etnografía e interacción interxeracional. Os docentes implicados comentan que as experiencias de traballo etnográficos e de recollida de materiais tradicionais, feitas nalgúns cursos do centro, deran resultados moi positivos na medida en que supuñan a interacción entre cativos e xente maior galego-falante (avós e avoas, tíos e tías de certa idade, etc.) e o encontro dos cativos/as con tarefas, actividades e materiais en vías de desaparición. A recuperación dese mundo, realizada coa axuda da xeración maior e a través do galego, callou moi positivamente no alumnado, e ninguén pon en dúbida que vieiros coma este teñen un importante potencial galeguizador.

No repaso pola actividade revitalizadora desde o centro e unha vez que se consulta cos sectores máis implicados, recóllese sen dificultade un abano amplio de carencias que teñen que ver coa xestión da normalización lingüística dos centros. Algunhas destas carencias son de carácter interno, por exemplo, o nivel de participación de profesorado ou, sobre todo, das familias e do alumnado, ou a diversidade e, ás veces, o interese de certas iniciativas nas que se perciben un certo esgotamento e escaso rendemento práctico. Pero a maioría das carencias son de carácter externo e diríxense directamente cara á Administración educativa. Respecto, especificamente, da xestión lingüística nos centros, preocupan os recursos económicos totalmente insuficientes, a falta de alicientes para as persoas que organizan ou participan activamente no ENL, a falta de coordinación externa dos ENL, ou certas funcións adxudicadas ós ENL que más ben parecen propias da

Inspección Educativa (por exemplo, vixia-lo cumprimento da docencia en galego).

As linguas de fala no contorno e a súa incidencia nas prácticas lingüísticas do centro

A lingua que predomina no contorno, como xa quedou dito, é o galego. A configuración das familias da zona de influencia do centro caracterízase por ser un colectivo de fonda impronta rural e de aí que a utilización espontánea do galego sexa moi alta, pero cos nenos e nenas tende a utilizarse en maior medida o castelán.

Constátase un cambio paulatino, pero cualitativamente moi profundo, na consideración social ante a lingua e ante a súa inserción no medio escolar. De feito, un centro coma este, que nace a finais dos setenta, viviu tódalas etapas de oficialización e de introducción do galego na escola, coas tensións, as incertezas e os conflictos que produciu dentro e fóra dos centros. Do “rexemento ó galego por parte das familias” das primeiras épocas da oficialización –sen ser esta unha opinión e unha actitude totalmente xeneralizada– ata o momento actual, moito cambiou a situación. A introducción da lingua no currículo educativo causou moitas dúbidas nas familias que asistían á necesaria asimilación de contidos novos para a formación da competencia escrita e para a adquisición de contidos lingüísticos normativos. Este proceso de aceptación da presencia curricular do galego chega ata o día de hoxe, momento en que, na opinión dos docentes máis implicados na reivindicación do galego, estamos lonxe da situación ideal e debería avanzarse moito máis.

Outras reflexións respecto da evolución dos usos lingüísticos do alumnado son as que serven para constatar que estes tenden a ir mudando tanto as súas prácticas lingüísticas coma a súa visión sobre a cuestión das linguas en Galicia. Concretamente, “van assumindo más a utilización do galego”, “van sendo más os que contestan en galego, sen ser algo xeneralizado”. A esta evolución non é allea a mesma modificación do status da materia de

Lingua Galega, hoxe xa totalmente inserida nos currículos escolares, así como a presencia máis normal doutras materias impartidas no idioma ou a dinámica social e institucional de extensión da lingua. Todo iso, sen modificar radicalmente a situación social do galego, axuda a que nas prácticas lingüísticas escolares sexa más normal e habitual a súa utilización cando así o demanda a situación comunicativa.

Considérase que os centros, polo menos os centros públicos, poden ser difficilmente un elemento de desgaleguización, polo menos se se compara con outras institucións ou con outros contextos sociais onde a presencia da lingua é sensiblemente menor. Con todo, tamén se argumenta que a intensidade da galeguización escolar podería ser considerablemente maior a pouco que existise unha implicación e un esforzo institucional. Existe neste sentido unha certa idea de que a galeguización do ensino público, considerándoo en xeral e coas salvidades que cumpra facer, vai moi por diante da galeguización doutros sectores e ámbitos da sociedade galega actual. E séntese que sen as sinerxías recuperadoras da lingua que se poídan xerar nesoutros ámbitos sociais, o ensino non poderá en por si converterse nunha canle efectiva de galeguización.

Ó fio disto constátase que, dun tempo a esta parte, o alumnado de centros coma este se aproxima ó galego mediante o seu uso mesmo en interacción con compañeiros e amigos do centro. E tamén é salientable chama-la atención sobre as dificultades para que os centros de ensino modifiquen as tendencias e as inercias que se desenvolven no seo das familias, das amizades e das veciñanzas.

As cuestiós que acabamos de comentar nos parágrafos precedentes remiten ás serias dificultades que ten a escola e ás transmisiós educativas para avanzar na promoción da lingua cando simultaneamente non coaxudan outros elementos, factores e procesos que están presentes na comunidade educativa e na sociedade galega. Nas relacións de amizade e na adolescencia e preadolescencia nun contexto urbano como o que vive o alumnado deste centro, grande parte dos valores que predominan están sendo canalizados a través do castelán. Contra isto a escola parece ter un

papel importante pero subsidiario na evolución dos valores que a sociedade galega estea a fornecer para o galego e para o castelán. Que o galego avance con paso firme na sociedade galega en xeral, e que estea presente nas actividades e imaxinarios vinculados coa mocidade, coa modernidade, etc., é un proceso percibido como totalmente necesario para reforzar e mesmo avanzar nos esforzos que se realizan desde as institucións educativas.

Dalgún xeito está latente no que estamos a comentar aquí a idea de que, para que avance a galeguización nos centros de ensino, tería que estar a avanzar paralelamente a presencia do galego –en cantidade pero sobre todo en calidade– no resto da sociedade. A este respecto, opina un pai: “De nada vale que o centro estea moi galeguizado se saén [os alumnos/as] ó comercio e non hai nada en galego, se a relación diaria está toda castelanizada. De feito os nenos nótano moiísimo. Cando saén do colexió é outro mundo: aquí poden falar en galego, e tamén na súa casa, pero fóra falan todo en castelán xa que está todo en castelán”.

Unha pregunta que lles presentabamos a tódolos entrevistados/as era a de qué máis se podería facer desde un centro coma este para afondar na normalización lingüística. E, por unha banda, expúñanse as moitas dificultades percibidas para facer compatibles os intereses e os esforzos de tódolos docentes (“corenta cabezas son corenta sentencias”, dicía unha docente). E, pola outra, poucas persoas eran capaces de dar unha resposta a ese interrogante en forma de liñas de actuación ou mesmo de actividades concretas. Algún docente comenta que unha vía para abrir posibilidades para a recuperación da lingua viría polo desenvolvemento de actividades que supoñan un maior afondamento no coñecemento do contorno socioxeográfico e cultural, así como das tradicións e dos modos de vida que están hoxe en día en transformación e, nalgúns casos, en proceso de desaparición.

**RESUMO DE FACTORES FAVORECEDORES/DIFÍCULTADORES DO
CASO 1: CENTRO URBANO PÚBLICO GALEGUIZADO**

Factores favorecedores do uso do galego no centro	Factores dificultadores do uso do galego no centro
1. A lingua está presente nas familias e no contorno socioxeográfico do centro.	1. Aínda que o galego ten unha presencia ambiental alta, a castelanización das familias e do alumnado é moi intensa, de maneira que o centro escolar difficilmente pode alterar tal dinámica de fondo.
2. Ausencia total de reticencias nas familias e no alumnado ante a presencia do galego nas transmisións educativas e no centro de ensino.	2. Eivas na xestión da normalización lingüística no centro: o alumnado non participa nin colabora co ENL, os cartos son insuficientes, etc.
3. Presencia dun ENL dinámico, moi activo, e fortemente apoiado polo centro.	3. Os membros dos ENL carecen de formación sociolingüística específica para desenvolve-lo seu labor e carecen de estímulos para implicarse con maior forza na xestión da NL no centro.
4. Claustro de profesores activo a prol do galego, facendo que sexa a lingua 'de facto' e que o centro constitúa un espacio galeguizador e amplamente galeguizado.	4. Diverxencias entre os usos lingüísticos espontáneos dos profesores (que son favorecedores do galego) e os seus usos na práctica docente (máis favorecedores do castelán).
5. Trasvasamentos moi frecuentes e doados por parte do alumnado na dirección castelán > galego, favorecidos pola percepción que teñen do galego e pola competencia lingüística acadada.	5. Moitas dificultades para que o alumnado utilice o galego nas aulas, xa que se tende a considerar normal que o profesor/a utilice o galego e que o alumno/a use o castelán.
6. Realízanse actividades lingüísticas moi diversas, e algunas delas vinculan o galego coa recuperación da memoria histórica das familias, con resultados moi positivos en forma de coñecementos lingüísticos e de actitudes positivas ante a lingua.	6. Mantemento dalgunhas opinións negativas ante o uso do galego por parte do alumnado e por sectores minoritarios do profesorado.
	7. A promoción do galego entre o alumnado parece ter poucos efectos prácticos a curto prazo.
	8. Deficiencias percibidas desde o centro no papel desempeñado pola Administración educativa: na coordinación da NL, na formulación de obxectivos e de funcións normalizadoras, nos labores de inspección, etc.
	9. A lectoescritura realizase case exclusivamente en castelán.

2.3 Caso 2: Centro urbano público galeguizado (2)

- I Zona: Galicia urbana
- I Centro público caracterizado por un nivel alto de galeguización

Caracterización xeral do centro

Este centro foi seleccionado pola súa condición de centro activo na asunción curricular da docencia en lingua galega, e en particular, neste colexio detectárase unha presencia inusualmente intensa de docencia en lingua galega no primeiro nivel de Educación Infantil. Trátase dun centro público urbano situado nunha das sete grandes vilas de Galicia. O centro conta con algo máis de catrocentos alumnos dos cales en torno a cincuenta son de etnia xitana, mentres que na súa inmensa maioría son fillos de familias de empregados e funcionarios. O número de profesores que desenvolve o seu labor docente acada a cifra de vintecatro persoas. Estes docentes teñen unhas idades medias superiores ós cincuenta anos salvo no caso do grupo dos provisionais que son más novos. A orixe xeográfica deste colectivo é variada, abrangendo toda a comunidade galega. A maioría reside na cidade, na que moitos deles levan pouco tempo, dado que o centro é de recente construcción.

De acordo coa información derivada das enquisas e do traballo de campo xa realizado na primeira fase da investigación sabíamos que o centro empregaba o galego no nivel oficial ó tempo que se detectara tamén unha presencia importante de interaccións de todo tipo en castelán.

O afondamento na información dispoñible íanos permitir constatar como o centro vai asumir un certo nesgo galeguizador por mor do feito de coincidir un grupo importante de docentes sensibles nun contorno non hostil, en xeral culto e favorable, o cal se reflicte claramente no apoio activo que reciben por parte da ANPA. No funcionamento xeral détécstate a presencia dun grupo que pula fortemente a favor do uso do galego, mentres que no medio, un sector importante ten unha actitude prudentemente

favorable á utilización da lingua galega –non querendo quedar marxinados no labor da súa defensa–, mentres unha relativa minoría semella parcialmente allea a este pulo e a esta encomenda.

Un feito que resulta chamativo, tendo en conta a situación que acabamos de comentar, é o da febleza na xestión do ENL. Da conversa coa persoa responsable derivámo-la impresión de que o centro acada o seu nivel de acción normalizadora con relativa independencia do que acontece, alomenos neste momento, co ENL. Acontece como se no ano que realizámo-lo estudio de caso o labor do ENL fose máis o de servir de canle a unha dinámica xa anteriormente instituída cá de actuar como ente promotor e dinamizador. Sen dúbida, para termos un coñecemento cabal deste feito cumpriríámos observar cómo segue a evolucionar o seu funcionamento nos anos seguintes. Constatamos isto ó comprobar como a persoa responsabilizada do ENL era a última profesora chegada ó centro, a cal, se ben evidenciaba unha boa vontade respecto do labor, non deixaba de recoñecer que a súa posición no cargo lle fora “outorgada” pola súa condición de recén chegada. Sen dúbida, era unha persoa que non tiña ningún prexuízo contra a presencia da lingua galega no ensino, pero tamén era certo que se ela tivese que escolller causas polas que esforzarse, a impresión é a de que aquela que lle asignaron non estaría entre as dúas ou tres primeiras que ela procurase. Para este labor, boa vontade e morna resignación non semellan os atributos más fecundos para un tipo de encargo coma tal. A persoa recoñeceu na brevíssima entrevista que ela non quería ter assumido ese labor, e logo entre as opinións que respecto do proceso de normalización da lingua foi debullando achegounos ideas tales como as de que tal e como se atopa a situación non é mester cambiar nada, coida que non existen deficiencias nin se lle ocorren propostas para mellorar. Ó interpelala respecto de se serían acadables os obxectivos da lei, a súa lacónica resposta foi que “algo”. Respecto das dificultades coas que se atopa no seu labor, esta persoa inclúe entre elas “as posturas extremas dos normalizadores”. Semella como se a súa presencia non querida nesa responsabilidade respondese a unha procura dalgúns sectores

por delegar ese labor nun terceiro alleo a probables polarizacións instituídas no centro.

Neste senso, os comentarios achegados, así como os que veñen a continuación, permítennos falar dun modelo específico de funcionamento de centro respecto da normalización que estaría definido pola existencia dunha polarización forte que axuda a que un sector se erixa en mediador favorable á lei, e tamén á lingua galega, de cara a que, entre outras cousas, a apostar normalizadora non se limite a ser abandeadora só polos seus máis activos defensores. Este modelo podería ser definido como *polarizado-activador* na medida en que, neste caso, a existencia dunha polarización semella ter provocado unha relativa dinamización xeral a este respecto.

Outros modelos poderían ser:

- O *absentista*, caracterizado por un legalismo meramente formal (propio dalgúns centros privados e tamén dalgún público).
- O *legalista moderado de prevalencia voluntarista* (nel conviven cumpridores da lei e voluntaristas xunto cun algún absentista. Danse tamén absentistas reais que apostan polo legalismo).
- O *polarizado-activador* (tería varios graos, un deles sería o do centro que acabamos de comentar).
- O modelo *sinérxico-promotor*. Este sería o caso óptimo no que se concentran nun centro promotores activos, voluntaristas e un sector de legalistas que aceptan o liderato normalizador dos máis activos integrándose de xeito convencido nesa dinámica. Este modelo é excepcional e conxuntural e por razón dos modos de atribución dos destinos ós docentes rarea sobre todo nas vilas más grandes.

A política lingüística de centro

Respecto da política lingüística do centro de entre os nosos entrevistados/as, quen máis se estendeu en tentar analizala foi o

director do centro; non obstante a súa visión estivo bastante marcada por algunhas preocupacións centrais, a saber: mostrar que o centro é un folgado cumpridor dos obxectivos recomendados pola Administración, e en segundo lugar non facer crítica nin poñer chata ós labores da consellería.

Segundo o director, o centro atópase máis alá do que se recomenda desde a Administración, “na norma falábase dun cincuenta por cento, aquí supérase, chegouse a un oitenta ou máis”. Cando se lle lembra que en opinións recollidas en enquisas feitas no colexio se falaba de que sería desexable –malia a todo– unha postura más decidida do centro, a resposta vai directa á azarosa mensaxeira; “ás veces as enquisas (...)”; para, constatar a seguir que os apoios externos tampouco teñen sido todo o eficientes que deberan: “este ano a subvención para normalización lingüística baixou moiísimo”; iso si, esa afirmación non limita unha posible e inmediata autocorrección no sentido de que en xeral “paréceme que se leva bastante ben, eu tampouco lle boto á Consellería a culpa de nada”. E todo isto malia o feito de existir un claro compromiso de anonimato.

O director móstrase en desacordo con informacíons críticas aparecidas ultimamente na prensa relativas a que os colexios estarán desatendendo as súas responsabilidades respecto da lingua. Segundo a súa opinión, no seu centro non di que o galego se atenda de más, considera que o que si se atende é más do que pide a lei.

No centro hai un oitenta por cento de galego-falantes, hai tamén xente que é castelán-falante que falou toda a vida castelán, pero que logo na aula cumpre coa legalidade de falar en galego. En xeral a impresión é a de que hoxe nas aulas fálase moito más galego. Este tipo de constatacións levan á afirmación de que o centro é hoxe unha instancia claramente favorecedora do uso da lingua galega. De feito, constátase que o colexio efectúa en galego tódalas súas comunicacións salvo as que teñen lugar entre profesores e pais, as cales dependen de quen sexa a persoa que a realiza.

Isto vese apoiado tamén polo feito de que no momento actual o ENL conta no centro cun presupuesto anual que, sumado

ó da biblioteca, acada as dúascentas sesenta mil pesetas, o cal canaliza e permite a realización de actividades dirixidas á promoción da lingua.

Sobre dos usos lingüísticos dos docentes

As opiniós do director do centro vannos achegando á situación cando nos di que é moi frecuente a comunicación en galego entre profesores e alumnos, el confirma a súa flexibilidade a este respecto adaptándose á situación e ó momento. Mesmo nos indica que ten un alumno que na clase de matemáticas lle contesta sempre en galego e considera tamén significativo o feito de ter unha alumna de etnia xitana que fala decote nesta lingua, malia o traballoso que lles resulta fala-lo galego ós alumnos desta orixe. Doutros docentes recollemos informacións no sentido de que alomenos desde cuarto os alumnos das materias impartidas en galego –Lingua Galega e Coñecemento do Medio–, exprésanse nesa lingua. En xeral, as opiniós tenden a se decantar no sentido de que as prácticas dos docentes favorecerían o uso do galego dado que é más frecuente o uso desta lingua cá do castelán. Respecto do nivel de competencia dos profesores a opinión é que esta resulta aceptable tendo en conta o feito de que é “un pouco rara polo momento ata que se consolide ben”, en opinión do profesor de sexto de Primaria.

Respecto das posturas dos docentes de Infantil constátase como no centro hai unha presencia de xente activa verbo da normalización neste nivel; en primeiro, hai un curso no que se imparte praticamente todo en galego, en segundo –había– unha persoa que tamén o utilizaba, así como en terceiro onde a profesora encargada tamén se expresa na mesma lingua. A pesar disto en primeiro de Primaria atopámonos con dúas persoas que son castelán-falantes. Estas docentes responden a tipos sociolóxicos marcados pola distancia respecto do galego, aínda que capaces como profesionais de recoñece-lo sentido da presencia do galego alomenos en certas materias. Hai que dicir que a primeira destas profesoras, oriúnda dunha vila galega, afirmaba ó comezo que ela non sabía

fala-lo galego, e a segunda evidenciaba certas prudencias acerca das connotacións ideolóxicas que representaba o feito de fala-la nosa lingua. A opinión destas profesoras é a de que, debido a que en Infantil os alumnos falaban sobre todo galego, despois en Primaria formábanse uns “líos tremendos” entre as dúas linguas.

A memoria dos alumnos respecto deste asunto resultou algo lábil, pero probablemente reflicte unha razoable familiaridade co uso da lingua. Ó comezo dixeron que a única materia que deran en galego fora Lingua Galega, logo corrixiron dicindo que tamén deran Coñecemento do Medio, para máis tarde ir matizando no sentido de confirmar que noutras materias como Relixión “copiaban en galego”, que en Educación Plástica falaban en galego ou que en Música todo era en galego, incluído o libro. A súa percepción viña a ser que usaban o galego e o castelán nas súas aulas a un cincuenta por cento. Segundo eles, na clase de inglés entre eles falan galego e cando un profesor lles fala nesa lingua eles tamén lle responden no mesmo idioma.

Unha cala nas opinións e nos valores sociolingüísticos dos membros da comunidade escolar

A opinión do docente de sexto é que a lexislación actual non dificulta a aprendizaxe das dúas linguas nun momento como o actual, no que estamos a camiñar cara a aprendizaxe de catro linguas (castelán, galego, inglés e francés). Por outra banda, resulta visible un certo avance da lingua observable no nivel de galeguización dalgúns centros. No nivel social percíbese como o galego, que sempre se vira como un idioma de segunda orde, cada vez é máis respectado e recoñecido. Os nenos e nenas estanse dando conta de que é unha lingua como as demais. Chámase tamén a atención e faise unha recomendación de prudencia para non caer no erro que nalgún momento se tivo de “intentar impoñela pola forza”. Non obstante, tampouco faltan as opinións dos que coidan que sería mester que a sociedade fose máis sensible a este respecto. Nin a daqueles docentes, como as profesoras de primeiro de Primaria, que ante cuestións formuladas por nós no sentido de se podería

estar a xurdir unha nova sensibilización sobre da lingua galega, formulan afirmacións da seguinte orde: “eu o que vexo é que se arman uns cacaos terribles á hora de escribir, porque mesturan o galego e o castelán e non saben cando é con ‘b’ e cando con ‘v’ (...) incluso unha palabra como ‘volvoreta’ en galego (...), pois armanse lío con ‘mariposa’. E despois, bueno, faltas de ortografía debido a iso, moitas (...); non obstante, tamén é certo que non está ausente unha certa capacidade para relativizar tanto pesimismo, tanto vaso que se ve medio baleiro: “Ó mellor, non sei, despois a medida que van pasando os cursos corríxense”.

Os alumnos, pola súa banda, recoñecen que entre eles adoitan falar castelán, pero tamén que cun amigo de clase que fala sempre galego, eles respóndenlle en galego. Non obstante, afirman que a eles “tanto lles ten” falar nunha ou noutra lingua. Din que lles gusta moito o galego, pero constatan que o castelán é preciso para comunicarse con outras persoas que non entenden ben o galego. En relación coas diferencias de xénero do uso da lingua, dise que as nenas falan máis castelán porque elas non saben expresarse en galego e áinda que lles fales en galego, contestan máis en castelán. Respecto da idade de aprendizaxe das linguas, os alumnos verten afirmacións no sentido de que cando se aprende o galego de pequeno, sempre é mellor porque de maior custa máis. Noutro aspecto coidan que os mozos de dezoito ou vinte anos non falan moito galego, áinda que lles parece que cando pasan a ser adultos despois xa o falan máis.

Recoñece un dos alumnos entrevistados que mesmo na súa familia hai un estímulo favorable por parte do pai para que se exprese en galego, pero confesa que moitas veces non lle fai moito caso. En conxunto este alumno coida que a xente fala, en xeral, máis o castelán porque esa é a lingua de fala da maioría. En todo caso, afirma que resulta estimulante cando estás con xente que fala galego e sénteste animado a falalo, porque canto más o practicas, más che gusta.

Actividades de promoción lingüística realizadas desde o centro

Antes de entrarmos no tema cumpriría aclarar que este barrio é producto dunha apostura sociourbanística. Nunha ampla medida pode considerarse que é un barrio inventado de carácter urbano, e nese aspecto, pódese afirmar que a súa vertebración comunitaria é aínda feble. Aínda que o barrio está empezando a ser, cómpre constatar que conta con varias asociacións que evidencian posturas claramente favorables á lingua e cultura galega.

Quizais un dos maiores problemas que teña o centro de cara á súa inserción no contorno sexa o feito de que praticamente ningún dos mestres é residente no barrio. Nese senso, hai un certo desvencellamento do colectivo docente respecto da vida barrial. A data das festas locais para unha ampla mayoría dos mestres do centro pasa tan desapercibida coma outra calquera. Iso provoca que a colaboración e a imbricación nas actividades sociais da comunidade sexa en xeral feble, o que non significa que non existan relacións entre o centro e o mundo asociativo do barrio; de feito, o centro ten participado coa asociación de veciños en manifestacións pola demanda de melloras para o barrio e mesmo cando se lle ten solicitado o préstamo dalgún local, o centro sempre ten accedido. Non obstante, pódese afirmar que non existe unha liña de colaboración de carácter estable e regular.

Desta reflexión hai que excluír como excepción o caso da ANPA, a cal ten unha colaboración moi clara e fluída co centro e de xeito particular, en todo o relativo á lingua galega, respecto da cal mostra unha clara sensibilidade a favor da súa normalización. Neste senso, pódese afirmar que a ANPA se involucra dun xeito decidido en tódalas actividades de carácter cultural que realiza o centro, xogando un papel particularmente activo, colaborando, por exemplo, na compra de libros en lingua galega para a biblioteca do centro.

Unha entidade coa cal o centro ten unha relación moi viva é co Departamento de Educación do concello. O concello dinamiza e apoia as actividades de normalización dos centros promoven-

do xuntanza dos ENL dos colexios e realizando actividades de fondo calado mediático a favor do galego tales como o Correlingua, que foi unha carreira de tódolos colectivos comunitarios a favor da lingua galega. Ademais diso, o departamento do concello promove tamén outro tipo de actividades culturais cos centros tales como a proxección de películas ou a realización de concertos didácticos.

De acordo cos datos da memoria das actividades realizadas pola ENL do centro que nos transmitiu a súa responsable, informóusenos que desde o ENL se efectuaron xuntanzas frecuentes, levándose a cabo a adquisición do material formativo seleccionado polos equipos de ciclo. Asemade, a ENL levou a cabo actos e eventos tales coma o magosto (elaborándose unha unidade didáctica para a ocasión), ou o festival de Nadal o cal incluíu música e obras de teatro e panxoliñas. Unha actividade particularmente viva foi a da Libreta viaxeira, que se lles entregaba ós alumnos e alumnas para que a levasen a casa e recollesen contos e narracións dos seus avós.

No terceiro trimestre do curso, a ENL promoveu tamén a Semana Cultural das Letras realizando unha unidade didáctica sobre Manuel Murguía, que foi distribuída entre tódolos titores, e entre as actividades realizadas ó longo desa semana, pódese contar tamén a realización de murais alusivos á celebración, a edición dun periódico cos traballos dos nenos, así como a realización dun ‘maio’ que incluíu a colaboración dos alumnos para a creación das súas coplas satíricas. Aínda máis, o evento serviu tamén para promover actividades de calado na memoria comunitaria tales como unha exposición de fotos antigas.

As linguas de fala no contorno e a súa incidencia nas prácticas lingüísticas do centro

Entre a clientela do centro semellan existir, como en calquera parte, pais e alumnos con posturas diversas ante a cuestión da lingua. Entre os pais hainos moi galeguistas, mesmo dos “defensores a ultranza”, hainos que son bilingües, hainos castelán-falantes ós que lles ten sen coidado o tema, pero que lles parece ben que os fillos aprendan o galego, e mesmo podería haber unha minoría

que sendo castelán-falante, non se interesa en absoluto polo galego. Non obstante, cómpre recolle-lo feito de que é frecuente o caso de alumnos de fóra de Galicia que, podendo solicita-la exención da lingua galega, optan por se matricular nesa materia.

O que apunta como un feito relativamente novedoso, que sorprende a algúns docentes deste centro, é o feito de que hai rapaces que veñen xa da casa cun nivel moi alto de competencia en lingua galega. Frente a estes tamén é certo que hai outros ós que cómpre animar para que se expresen en galego na clase de lingua galega. Como un aspecto favorable respecto do uso da lingua, recollemos tamén a impresión de que con relativa frecuencia os nenos recorren ó galego nas súas interaccións informais cando están relaxados e ó seu aire. Para algúns a impresión xeral sobre do status do galego no contorno asume un cariz positivo cando se observa como na cidade “estás na rúa, nun cine, nun concerto e a xente fala moito o galego”. En todo caso, cómpre anotar tamén o feito constatado de que se dan moitos casos de rapaces, que os pais son profesores de ensino medio e superior, que son galego-falantes, pero que logo falan tamén moito o castelán. De tódolos xeitos, o mesmo director do centro matízanos a súa postura ó afirmar que esa flexibilidade bilingüe a el parécelle ben, “e ás veces falarlle en castelán tamén, porque non vaia ser que lles esqueza o castelán”.

Non obstante, cando se precisa un pouco máis polo miúdo cál é a situación, a información recollida evidencia o feito e a impresión de que o castelán é a lingua más falada no contorno do centro. Afírmase mesmo que na zona as familias e o alumnado utilizan máis o castelán có galego.

En opinión das docentes do primeiro nivel de Infantil, e probablemente nun acto de interpretación da situación susceptible de matizacóns, os rapaces chegan todos falando castelán, do cal colixen que nesa é na lingua na que os pais falan cos seus fillos antes de chegaren á escola.

Por todo o dito, semella que desde o centro e o seu equipo docente se constata que a diversos niveis no contorno, malia o feito de que a lingua castelá sexa a dominante, estanse a producir am-

plas aperturas que outorgan unha razoable marxe de manobra social ó traballo normalizador a favor da lingua galega. Quizais neste senso non resulte un dato irrelevante que, cabio de actitudes claramente favorables a este proceso, non se evidencian posturas activas, nin implícitas nin explícitas, na súa contra.

**RESUMO DE FACTORES FAVORECEDORES/DIFÍCULTADORES DO
CASO 2: CENTRO URBANO PÚBLICO GALEGUIZADO**

Factores favorecedores do uso do galego no centro	Factores dificultadores do uso do galego no centro
<ol style="list-style-type: none"> 1. O uso xeneralizado da lingua galega por parte dos docentes. 2. O cambio na percepción social da lingua galega que xa non se ve como un idioma de segunda. 3. Os nenos/as teñen moitas menos pre-vencións das que existían antes fronte ó galego, evidenciándose mesmo a favor dun uso identitario da lingua. 4. A irrupción do uso do galego está a anima-la xente a usalo. 5. Empeza a haber mozos/as que usan case exclusivamente o galego coma lingua habitual. 6. A existencia dun contorno castelán-falante, pero sensible á recuperación do galego. 7. A existencia dunha ANPA que coopera co proxecto normalizador. 8. Considérase más efectiva a aprendizaxe do galego o máis cedo posible. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. As dificultades normativas poden provocar problemas didácticos dificultando un uso más fluido do galego na escola. 2. A existencia de posturas ríxidas a favor do galego puido restarlle apoios entre algunas persoas. 3. A sensibilidade da sociedade respecto do galego ainda non tería acadado un nivel conveniente. 4. Existirían moitos alumnos/as indiferentes fronte á conveniencia de utilizar unha ou outra lingua. 5. As familias utilizarían con demasiada frecuencia o castelán no trato cos seus fillos/as pequenos. 6. O grupo de iguais tende a presionar entre os mozos/as a favor do castelán. 7. A existencia dun artellamento feble e dunha baixa autonomía presupostaria da ENL. 8. Téndese a valorar como unha vantaxe comunicacional do castelán por parte do alumnado o seu alcance supralocal.

2.4 Caso 3: Centro rural público galeguizado (1)

- I Zona: Galicia costeira non urbana
- I Centro público caracterizado por un nivel alto de galeguización

Caracterización xeral do centro

O caso que comezamos a analizar está baseado nun centro educativo situado nunha zona rural distante 4 km, aproximadamente, do centro dun concello de preto de 25 mil habitantes. Este centro foi seleccionado para este estudio de casos por non ser urbano e de titularidade pública, ademais de presentar un nivel alto de galeguización interno a teor da información recollida nas enquisas previas.

É un centro que dispensa aulas de Educación Infantil, das que tiñan 4 unidades no momento da observación, e Educación Primaria o (en total dispoñen de 6 unidades, unha por curso). Contaban no momento da recollida dos datos con 150 alumnos e alumnas, que proceden ó 50% de zonas urbanas e rurais da vila en que se sitúa o centro. Con todo, unha parte importante das familias son de extracción popular, feito que se demostra coa abundancia de pais mariñeiros ou dedicados á construción. A presencia de familias de clase media (funcionarios, profesores, etc.) dálle ó centro un perfil socialmente diverso.

O número de profesores rolda os 15, cunha idade media próxima ós corenta anos. Aproximadamente o 60% utiliza habitualmente o galego en tódalas ocasións, mentres que o resto o utiliza sen problemas para imparti-las aulas correspondentes.

O centro está situado nunha zona na que o galego goza dunha vitalidade social alta. Con todo, a presencia do castelán é moi importante e tal realidade está presente nas familias e no alumnado do centro. Como noutras partes de Galicia, pais e nais galego-falantes habituais tenden a utilizar en exclusiva ou predominantemente o castelán cos fillos e fillas.

O nivel de galeguización do centro é moi alto no que atinge á presencia do galego na rotulación interna e externa, na pro-

ducción escrita que xera o centro dirixida a todo tipo de institucións e organismos, así como toda a documentación dirixida ás familias, etc. Nas interaccións informais rexistradas entre o persoal do centro o galego tamén ten unha presencia moi destacada, agás no caso do alumnado, que tende a utilizar moito máis o castelán e esa é a lingua na que responden os docentes e o persoal de servicios (por exemplo, o conserxe do centro). Entre o persoal docente o galego é a lingua normal de interacción, e tamén ocorre o mesmo co conserxe, que utiliza só o galego cos docentes e case unicamente o castelán co alumnado. De feito, co conserxe sucedeu a xa coñecida anécdota de que o investigador se presentou o primeiro día no centro falando galego, e aquel, ante un mozo descoñecido, utilizou inicialmente o castelán.

A política lingüística de centro

Trátase dun centro escolar cunha vontade normalizadora forte e cunha historia moi vencellada a eses obxectivos lingüísticos desde o inicio das súas actividades. Este pulo a prol da lingua vehículase coa presencia dun Claustro de profesorado maioritariamente novo e moi proclive, tamén na súa maioría, cara á reivindicación lingüística e cultural. Máis recentemente, ese compromiso lingüístico plasmouse nun Proxecto Educativo de Centro (PEC) onde se sinalan obxectivos e contidos moi ambiciosos para os usos da lingua galega nas transmisións educativas.

Probas tanxibles da vontade galeguizadora do centro atopámoslas nos esforzos desenvolvidos para propiciar na Educación Infantil a lectoescritura en galego ou na utilización da lingua en tódalas áreas curriculares de Primaria. A convicción do profesorado na factibilidade do proceso foi a causa determinante dese posicionamento. E a ausencia de suspicacias ou de reticencias, dignas de tal cualificativo, por parte das familias facilitou esta elección lingüística do centro, que se considera con naturalidade e que responde a un obxectivo de facer normal no centro o que é relativamente normal no contorno socioxeográfico, sen imposicións de ningún tipo. Mesmos os docentes que se incorporaron recente-

mente ó centro, sen seren de orixe galega ou nin tan sequera galego-falantes, asumen esa realidade lingüística favorable ó galego, poida que sen entusiasmo, pero con naturalidade.

Este posicionamento cara ó galego tampouco produce ningún tipo de suspicacia nas familias. A reflexión, que comparten docentes e familias, é que a existencia de conflictos por mor da maior ou menor presencia do galego tende a producirse cando os centros en que se dan tales conflictos non funcionan adecuadamente ou teñen problemáticas doutro tipo. Neste centro, en cambio, tódolos actores implicados mostran unha razoable satisfacción co seu funcionamento –a atención dispensada ós nenos e nenas, a calidade do ensino infantil e da aprendizaxe que se efectúa, o abano de actividades, etc–, de maneira que non se cuestiona a política lingüística activa a prol do galego.

Bótase de menos un apoio decidido por parte da Administración educativa no caso de centros, como o que nos ocupa, que fan unha aposta decidida pola lingua. Nin se senten respaldados nin consideran a Administración como un soporte e unha axuda para avanzaren no proceso de galeguización. Esa ambigüidade e falta de decisión da parte da Administración é, na opinión dos docentes do centro, un dos motivos nucleares da apatía crecente da comunidade educativa para seguir mantendo os obxectivos galeguizadores cun certo nivel de empuxe. E non se trata só dunha queixa retórica senón de fondo carácter práctico: a apatía da Administración tradúcese na falta de materiais audiovisuais en galego, de materiais para a Educación Infantil, ou de materiais de texto –de calidade– en certas áreas curriculares, por exemplo. E ás carencias propiamente ditas debemos engadirlle a falta de diversidade de materiais para poder elixir, seleccionar e mesmo variar.

Como veremos no punto correspondente, o centro destaca pola realización de actividades extraescolares periódicas e regulares, non exentas en cambio dunha certa atonía e da reducción temática que atopamos noutros centros.

Sobre dos usos lingüísticos dos docentes

Respecto do perfil sociolingüístico do profesorado, o do centro que nos ocupa está formado por profesionais novos con folgos para darlle pulo á normalización lingüística no centro.

A acción docente en galego bate cunha realidade lingüística complicada: case a totalidade do alumnado utiliza o castelán como variedade habitual. E, como comentaremos posteriormente, a penas hai cambios na lingua habitual durante o percorrido que realizan os estudiantes desde a Infantil ata o remate da Primaria.

A presencia do galego na docencia é moi alta. No caso da Educación Infantil, foméntase a aprendizaxe da lectoescritura en galego, aínda que os resultados non son satisfactorios, como veremos posteriormente. Puidemos comprobar que nos ciclos da Educación Primaria non só se cumplen as obrigas curriculares da lexislación vixente, senón que se imparten en galego árees tan nucleares como a artística ou materias como as Matemáticas. A lingua dos materiais de tódalas materias, exclusivamente en galego, dá boa proba do obxectivo galeguizador que estamos a comentar.

Respecto da docencia en Infantil, a aprendizaxe da lectoescritura, para a cal os docentes seguen a metodoloxía constructivista, intenta realizarse primordialmente en galego, pero as dificultades son máximas: os mesmos docentes recoñecen a dificultade para utilizarlo galego cando moi poucos son capaces de utilizalo e, ás veces, de seguilo. Por iso, malia os esforzos do centro para incorporaren o galego, a aprendizaxe da lectoescritura realizaase, na práctica, case sempre en castelán debido á castelanización do alumnado. A este respecto, os docentes utilizan preferentemente o galego e en menor medida o castelán, pero en calquera caso intentan que os rapaces de Infantil distingan os dous idiomas. E mesmo se presenta a situación paradoxal de que aprenden a distinguir entre o galego –que é a lingua do profesorado– e o castelán –que é a variedade lingüística que escotan na casa e que usan a cotío.

Os profesores/as recoñecen as dificultades que perciben para que o labor galeguizador na aula teña repercusións directas –e visibles– na fala do alumnado. De feito, aínda que as prácticas lin-

güísticas dos docentes nas transmisións educativas se realizan preferentemente en galego, a realidade é que o alumnado utiliza habitualmente e con regularidade o castelán. Neste sentido, constántanse as dificultades para que, mesmo coa actuación teimuda e constante dos docentes, a utilización normal da lingua se estenda espontánea e regularmente entre o alumnado, máis alá do uso 'obrigado' que tamén se produce nalgúns casos (elaboración de traballos, usos orais nas aulas, etc.).

Constátase que, ó remataren a Educación Primaria, o alumnado ten, en xeral, un coñecemento importante do galego oral e escrito, pero ese coñecemento non se traduce nun uso efectivo. É dicir, a lingua de relación que predomina entre os compañeiros/a é o castelán, e niso non se observa ningún tipo de evolución ou de cambio substancial desde que inician os seus estudios no nivel de Educación Infantil.

Unha cala nas opinións e nos valores sociolingüísticos dos membros da comunidade escolar

O centro está situado, como xa comentamos anteriormente, nunha zona na cal o galego áinda goza dunha vitalidade social alta. Sen embargo, vívese con toda intensidade o abandono da lingua na transmisión interxeracional. Este feito ten unha repercusión directa nos hábitos lingüísticos dos estudiantes e supón unha dificultade considerable para que o centro escolar se erixa en axente dinamizador da lingua galega, polo menos no tocante ós hábitos e ós usos lingüísticos.

A neutralidade é o criterio que orienta ás familias e ó alumnado deste centro á hora de se posicionaren ante a situación do galego na sociedade galega actual. Detrás desta postura intermedia agóchanse opinións favorables á promoción do galego na sociedade e na escola, ó mesmo tempo que se avalia positivamente a presencia do castelán neses mesmos medios. E mesmo xorden valoracións acerca da maior utilidade e rendemento funcional do castelán fronte ós valores más ben identitarios, locais e tradicionais do galego. Desta comparación de valores diferenciados o galego non

sae mal parado, dado que malia o abano de valores más expresivos ca instrumentais, tales referentes son valorados positivamente tanto polas familias coma polo alumnado.

O que aparentemente mellorou nas familias é a valoración do prestixio social que ten hoxe en día o galego: de ser unha lingua maioritaria pero oculta, hoxe o galego ten un recoñecemento social que a fai visible e nada vergonzante. E ese prestixio social fai, por exemplo, que non haxa nas familias reticencias a que se dean as clases en galego ou a que se intente introduci-lo galego na aprendizaxe da lectoescritura na Educación Infantil. Neste sentido, avanzaouse moito a xuízo tanto das familias coma do profesorado, en comparación coas dificultades e as reticencias que se producían hai uns cantes anos atrás.

Observamos tamén a presencia simultánea de familias que optan por posicionamentos lingüísticos diferenciados sobre a presencia do galego no centro. Por un lado, atopamos tamén familias que mostran algunas suspicacias e reticencias ante o que elas perciben como excesiva galeguización do centro, xa que consideran que tal situación pode supoñer un impedimento ou unha ralentización no coñecemento activo do castelán, algo que as familias perciben como un feito necesario para a capacitación social dos seus fillos e fillas. Por outro lado, e áinda que son menos có subgrupo anterior, comeza a haber algunas familias que solicitan e mesmo esixen que os seus fillos ou fillas sexan alfabetizadas en lingua galega, é dicir, que realicen a lectoescritura desde o galego.

Un feito que se comenta desde tódolos actores consultados neste centro é, por un lado, as dificultades do alumnado nas materias de linguas, tanto galega coma castelá, e, por outro lado, os problemas pedagóxicos que se derivan da mestura de linguas. En primeiro lugar, sinálanse as carencias de partida coas que chega á escola o alumnado no tocante ó léxico, á expresión oral e escrita, á capacidade de lectura, etc. En segundo lugar, constátase que gran parte do alumnado ten dificultade para manter separados os dous códigos –galego e castelán–, o que produce unha cantidade elevada de interferencias do galego no castelán e viceversa. Este feito é

xulgado moi negativamente tanto polo profesorado coma polas familias, que o perciben como un xeito de fracaso lingüístico e, en parte tamén, educativo. A dificultade para manter separados os dous códigos, que xorde nas familias e que se reproduce nas transmisións educativas, é responsable de tales procesos de mestura.

A este respecto unha reflexión que xorde sobre as dificultades de competencia nas linguas, principalmente no caso do galego, é a da relación entre uso e competencia. Como sinalabamos anteriormente, o nivel de uso do galego por parte do alumnado é extremadamente baixo, mesmo nas interaccións no centro. E un dos motivos que se aducen para explicar esa falta de uso é a competencia deficiente nela, o cal ten como consecuencia unha maior falta de fluidez verbal e un descoñecemento de aspectos léxicos e gramaticais básicos para o desenvolvemento oral.

Tamén se poderían ter en consideración as dificultades percibidas na capacitación lingüística do profesorado, xa que este é outro aspecto que se pon de manifesto neste centro: a necesidade de reciclaxe na formación do profesorado, sobre todo no tocante á formación lingüística.

Respecto da situación sociolingüística xeral do galego, as opinións son relativamente pesimistas: desde a consideración de que o galego está estancado, opinión de boa parte do profesorado, ata que o normal é que no futuro predominen os castelán-falantes, opinión de tódolos consultados. Hai a percepción de que a galeguización actual do centro e das prácticas educativas que se realizan nel constitúe unha especie de illa nun océano que avanza a prol do castelán. Conviven tanto o esforzo teimudo dos docentes para manteren o galego como a non renuncia das familias a abandonaren a lingua, que aínda que a consideran unha variedade inferior ó castelán, opinan que é algo “noso”.

Detrás desas dificultades para o galego atópase unha sociedade que aínda non valora de igual xeito ámbalas linguas. En opinión de moitos dos actores consultados, a galeguización real da sociedade galega está principalmente no reforzo do prestixio da lingua, na súa utilización polos persoeiros e polos líderes de opi-

nión, aqueles que desenvolven comportamentos sociais e lingüísticos dignos de imitar. E aínda que se avanzou nese sentido, con cambios cualitativos substanciais nos últimos anos, queda moito camiño por andar.

Actividades de promoción lingüística realizadas desde o centro

A presencia importante da lingua galega na docencia en Infantil e Primaria, como xa tivemos ocasión de mostrar e de comentar anteriormente, supón unha actividade clave de promoción lingüística que se desenvolve neste centro, malia as dificultades para que tal labor de promoción teña efectos visibles a curto prazo.

O centro, tanto a través do ENL, de docentes de diversas áreas ou do mesmo ED, fomenta a realización de actividades extraescolares periódicas e regulares. Dispoñen dun xornal escolar, editan un boletín informativo para as familias, e desenvolven outras actividades como as que teñen que ver coas festas do ciclo anual ou un concurso literario que coincide coas Letras Galegas. Con todo, bótanse de menos actividades más diversificadas e que se desmarquen dos contidos estrictamente culturais.

As queixas polo escaso financiamento das actividades desenvolvidas polo Equipo de Normalización Lingüística son xeneralizadas: de 110 mil pesetas do curso anterior pasouse a 35 mil no curso actual. E é tamén obxecto de crítica a organización das axudas: os centros planifican as actividades no mes de setembro pero as concesións realizanse no mes de maio seguinte, coincidindo co mes das Letras Galegas. Dá a impresión, a teor das opinións recabadas, que a Administración educativa, en contra do que se afirma publicamente, centra o seu apoio á normalización da lingua arredor das datas anuais do 17 de maio.

As linguas de fala no contorno e a súa incidencia nas prácticas lingüísticas do centro

O alumnado é maioritariamente castelán-falante. Esta é a percepción dos docentes, pero que cumpriría matizar en virtude de

distintos aspectos: falan máis castelán do que se observa nas súas familias no contexto da contorna do centro, e ademais, poida que utilicen máis o castelán no centro do que fan coas súas familias e fóra do centro escolar. En todo caso, esta percepción, matizada seguramente polos aspectos que acabamos de comentar, baséase no feito de que o alumnado recorra menos ó galego cós seus maiores —e os seus maiores con eles.

Malia o predominio do castelán, a presencia do galego no centro escolar non suscita problemas de ningún tipo. Mesmo entre as familias de orixe non galega asentadas recentemente na zona de influencia do centro (principalmente sudamericanos), as reticencias non existen. Outra cuestión é ata qué punto a escola é quen de facer mudar significativamente hábitos e comportamentos lingüísticos entre o alumnado, ou mesmo entre as familias. Non parece que os cambios a prol do galego, se se producen, sexan visibles a curto prazo. Son visibles os cambios que supoñen a mellora da competencia en galego, oral e escrita (sobre todo esta última), pero as modificacións nos hábitos orais son imperceptibles.

Por iso, ante o interrogante de qué máis podía face-lo centro a prol do galego, as respuestas diríxense más ben cara ós cambios que se poidan producir na sociedade e na comunidade educativa.

**RESUMO DE FACTORES FAVORECEDORES/DIFÍCULTADORES DO
CASO 3: CENTRO RURALPÚBLICO GALEGUIZADO**

- | Factores favorecedores do uso
do galego no centro | Factores dificultadores do uso
do galego no centro |
|---|---|
| <ol style="list-style-type: none"> 1. O centro está situado nunha zona na cal o galego goza dunha vitalidade social alta, pero con transmisión interxeracional decrecente. 2. Centro escolar cunha vontade normalizadora forte e cunha historia moi vencillada a eses obxectivos lingüísticos. 3. Profesorado novo con folgos para darlle pulo á normalización lingüística no centro, sendo asemade moi realistas ante o pragmatismo lingüístico das familias e ante os usos lingüísticos do alumnado (máis abeirados ó castelán). 4. Presencia importante da lingua galega na docencia en Infantil e Primaria. 5. Realización de actividades extraescolares periódicas e regulares. | <ol style="list-style-type: none"> 1. Reticencias nas familias ante o que algúns perciben como excesiva galeguización do centro, e que pode ir en detrimento do coñecemento activo do castelán. 2. O alumnado ten dificultades para manter separados os dous códigos (galego e castelán), o que produce un número alto de interferencias do galego no castelán. 3. Actividades pouco diversificadas e ás veces moi semellantes, excesivamente centradas nos contidos culturais. 4. Malia os esforzos para incorpora-lo galego, a aprendizaxe da lectoescritura realiza case sempre en castelán. |

2.5 Caso 4: Centro rural público galeguizado (2)

- Zona: Galicia costeira rural.
- Centro público caracterizado por un nivel alto de galeguización.

Caracterización xeral do centro

Trátase dun centro escolar situado nunha zona costeira rural de Galicia, que pertence a unha vila de pequeno tamaño. A zona atópase a 4 km da cabeceira da vila e tanto xeográfica coma socioeconómicamente ten unha importante autonomía respecto daquela.

O centro tiña no momento da observación arredor de 300 alumnos e alumnas e preto de 21 profesores, unha vez que o alum-

nado de secundaria marchou cara a un centro diferente canda a implantación da ESO (no ano 1998).

Na ficha avaliativa de observación recolleuse neste centro un uso moi alto da lingua galega tanto no nivel formal –principalmente nos usos orais– coma informal –nas interaccións observadas entre distintos membros da comunidade escolar. As calas realizadas nas aulas tamén suxerían unha presencia da oralidade e da escrita en galego moi superior ás porcentaxes medias. E os resultados das enquisas efectuadas ós equipos directivos e ós ENL tamén certificaban un estado lingüístico do centro moi favorable para o galego. Como teremos ocasión de comentar, tal realidade responde a un esforzo consciente realizado desde o centro de cara a promover moi activamente a presencia do galego en tódalas actividades e en tódalas dimensíons da vida escolar.

O centro está situado nunha área social e xeográfica onde a presencia ambiental do galego é moi importante no nivel dos usos lingüísticos, sobre todo da oralidade espontánea. O carácter rural da zona e o feito de que sexa relativamente independente socioeconómicamente da cabeceira do municipio favoreceu, sen dúbida, o mantemento do galego. Pero aínda que o galego é a variedade más utilizada nas familias, moitos dos estudiantes que asisten ó centro pasaron pola transmisión primaria do castelán e os valores positivos asociados con esa lingua están moi presentes na comunidade, ó tempo que o galego se considera un obxecto socialmente delicado. Con todo, estamos nunha zona en que se dá unha utilización moi alta do galego e, malia que na transmisión lingüística se tende a contar cada vez máis co castelán, estase lonxe da situación doutras áreas semirrurais de Galicia no tocante ó nivel de abandono da lingua. Por exemplo, segundo constatacóns co profesorado e coas familias do centro, aínda funciona nesta zona a volta ó galego tras unha transmisión do castelán por parte das familias.

Ó estar situado nunha área rural dun concello máis amplio, danse en toda esta zona as dinámicas propias da relación aldea-vila (ou centro-periferia), que no tocante ás dinámicas sociolingüísticas se concreta na percepción da vila como o lugar do castelán fronte á

aldea como o espacio do galego. E no tocante á consideración social da zona rural, costeira e afastada do centro da vila, actualízanse avaliacións negativas sobre os seus integrantes e, obviamente, sobre o galego. Por exemplo, están moi presentes nesta comunidade a opinión de que os da vila son uns ‘señoritos’, e falan castelán, mentres que os da aldea son brutáns e pouco cultivados, e falan galego.

A este respecto o profesorado do centro chama a atención sobre o feito de que desde hai catro ou cinco anos faise máis patente a chegada ó colexio de alumnado en Infantil que fala castelán, a diferencia do que pasaba hai poucos anos atrás cando entraba na escolarización infantil unha maior proporción de alumnado galego-falante.

O profesorado do centro ten unha idade media de 38-40 anos, a metade reside na localidade, más do dobre do Claustro son mulleres e todos e todas son galego-falantes, agás unha persoa, que ainda que é de orixe galega non a ten como variedade habitual.

A política lingüística de centro

O centro que nos ocupa ten unha actitude e unha práctica lingüística escolar totalmente centrada no uso e na recuperación do galego. Nese sentido é un centro que está en consonancia lingüística co contorno en que se insire, situándose nunha posición de vanguarda na galeguización. Non está de máis indicar, a modo de exemplo, que o esforzo galeguizador se mostra na produción escrita e oral da Administración do centro, nas informacóns que se penduran dos taboleiros informativos –onde se coida con especial atención que toda ou a grande mayoría das notas informativas internas ou externas estean en galego– ou na propia biblioteca, onde o galego está presente en preto do 65% das obras catalogadas. En palabras da directora do centro, a lingua galega e a coeducación son os dous grandes obxectivos que ten o centro, e para cumprilos non se escatiman medios e recursos dentro das escasezas habituais dos centros.

Esta actitude galeguizadora ten unha raíz profunda na tradición histórica do centro, que desde o seu nacemento sempre foi

moi propicia para a promoción da lingua galega, impulsada por un conxunto de profesores activos e concienciados a prol da lingua e da cultura do país. E áinda que o grupo docente foi cambiando co paso do tempo, mantense un núcleo de veteranos/as que seguen teimando no proceso normalizador e mesmo os acabados de chegar manteñen, agás algunha excepción minoritaria, o mesmo espírito lingüístico fundacional. Como anécdota significativa neste sentido, o centro tivo que cambia-lo PEC, a instancias da Administración educativa, porque se aprobara que na Educación Infantil só se aprendese galego ó alumnado, o cal bate de fronte coa lexislación que establece a necesidade de aprender ámbalas linguas.

Podemos comentar, áinda que se cadra poida parecer unha opinión non exenta de certa esaxeración, que os docentes consideran que cumpri-lo obxectivo lingüístico da Lei de normalización lingüística de coñecemento semellante de ámbalas linguas lles parece pouco acadable no seu centro, e iso debido á actitude do alumnado de rexeitamento do castelán, xa que a consideran a lingua dos ‘finos’, dos ‘señoritos’, dos que viven na vila.

Neste contexto a existencia e mailo traballo do ENL do centro céntrase principalmente na organización de actividades extraescolares e extracadémicas, cunha vinculación directa co ED do centro. A existencia dunha total sintonía entre o proxecto lingüístico do centro e as iniciativas do ENL fai que este non necesite esforzos complementarios de ningún tipo para turrar do profesorado ou do alumnado á hora de programar actuacións lingüísticas. É nese sentido un ENL modelo, polo funcionamento regular e pola capacidade de xerar ideas e experiencias que a comunidade educativa acepta e nas cales participa.

Como xa quedou sinalado no apartado anterior, o centro conta cun profesorado activo na procura de obxectivos normalizadores moi ambiciosos para a lingua. Asemade, este profesorado considera que non todo na promoción do galego é responsabilidade súa, e por iso mantén unha fronte de reclamación ante a Administración educativa para que respalde o proxecto galeguizador que eles desenvolven, e para que aumente o financiamento e a coordi-

nación para as actuacións do ENL. Sexa cuestable ou non, o caso é que esa falta de apoio da Administración educativa é o motivo que tódolos consultados neste centro aducen para non conseguir maiores niveis de promoción do galego.

O centro imparte toda a docencia en galego, agás no caso dos contidos vinculados co castelán e tamén no caso concreto da materia de Relixión. Mesmo deseñaron un plan de alfabetización en galego, que supuxo a apostila decidida polo desenvolvemento da lectoescritura en galego na Educación Infantil.

Comentan a anécdota dunha docente que estivo catro anos no centro, e que dando no 1º ciclo de Primaria, debía dar todo en galego. Na aula facíao, pero nos corredores e fóra do que era a aula estricta, utilizaba o castelán. O profesorado consideraba que esta persoa non encaixaba na idea de promoción da lingua que tiña o resto do Claustro de profesores, e sobre todo opinaban que facía moito dano ó proceso normalizador porque o alumnado vía que esta profesora, fóra das aulas, non utilizaba o galego, é dicir, transmitíase a idea de que o galego funcionaba como variedade formal mentres que o castelán era a informal, aspecto este negativo claramente para o galego.

Por outra parte, o profesorado e as familias recoñecen que, dada a extensión do uso do galego fóra e dentro do centro, a aprendizaxe formal do galego na Educación Infantil e Primaria non é problemática, mentres que si o é a adquisición correcta do castelán. Estanse a referir, obviamente, ás dificultades para escribir e mesmo nalgúns casos a falar en castelán cando é unha lingua que ten un uso escaso na comunidade.

Sobre dos usos lingüísticos dos docentes

Como xa comentamos nos apartados precedentes, os usos lingüísticos do profesorado deste centro son totalmente positivos para a lingua galega: os usos informais son positivos porque a grande maioria dos docentes son galego-falantes habituais; e os usos formais tamén o son, dado que a apostila decidida polo galego fai que o galego se use na docencia, tanto en Infantil coma en

Primaria. Agás as materias vinculadas co castelán e a materia de Relixión, o resto impártese en galego.

Quixemos pescudar un chisco máis nas facilidades e nas dificultades da lectoescritura en galego, tal como se vive e se percibe desde os implicados neste centro. A este respecto tanto docentes coma familias concordan en que a aprendizaxe do galego é tan factible e posible coma a do castelán. Nese sentido non se atoparon con ningún tipo de problema á hora de desenvolveren a aprendizaxe do castelán; pero fixose necesario unha coherencia entre o coñecemento que ten o alumnado e os materiais cos que se traballa para poder adquirir ese tipo de destreza. Neste punto os docentes non poden menos que reflecti-la súa queixa ante a escaseza de materiais de apoio e ante a carencia de diversidade onde elixir. Esta crítica vai dirixida non tanto ás empresas editoriais –que argumentan que a limitación do mercado fai pouco rendibles eses produtos– coma á mesma Administración educativa, que debía fornecer materiais diversos e completos para unha área tan sensible e tan interesante para a normalización como é a Educación Infantil.

Tal é a situación de desaxuste entre as necesidades concretas do centro e a oferta de materiais por parte das editoriais que o profesorado de Infantil tiña xa en marcha para o curso seguinte unha programación para a aprendizaxe da lectoescritura empregando só materiais elaborados e coordinados por eles mesmos, á marxe do material fornecido polas editoriais.

Algo semellante pode dicirse do resto de áreas curriculares do ensino primario. A insuficiencia de material didáctico ou de apoio en galego e falta de variedade para poder elixir con propiedade son as queixas e as reclamacións más estendidas. Téñase en conta que é naqueles centros onde máis importante é a presencia do galego na docencia onde precisamente se detectan nidiamente as maiores carencias de materiais e a escaseza de variedade e de diversidade destes. O deseño dunha política activa de publicación, que cubra as lagoas curriculares ainda existentes e que amplíe exponencialmente a capacidade electiva dos docentes, produciría resultados moi positivos mesmo para animar a outros

centros a seguiren os vieiros dunha galeguización más profunda e efectiva.

Unha cala nas opinións e nos valores sociolingüísticos dos membros da comunidade escolar

O profesorado considera que desde o centro se poñen tódolos medios para a promoción do galego, e que máis do que levan a cabo non se pode facer. Onde atopan certas limitacións é na comunidade educativa, nas familias principalmente, en menor medida no alumnado e na Administración educativa. Tamén poderíamos engadir a sociedade galega en xeral. Aí radican, en opinión dos docentes, as limitacións da normalización lingüística: percíbe-se que neses sectores non se ten claro qué se quere para o galego e ónde se quere chegar.

Por outra banda, a comunidade escolar tende a considera-lo centro como un xeito de ‘illa’ lingüística galego-falante. Esa percepción baséase non tanto pola contorna socioxeográfica, senón sobre todo comparando o nivel de galeguización do centro co que presenta a vila en que se insire, ou en comparación co nivel de galeguización do centro de Educación Secundaria a onde chegará o alumnado cando remate o ensino primario. Os propios alumnos son conscientes desa situación pero tampouco lles parece especialmente problemática.

Respecto das familias, puidemos detectar distinto tipo de reticencias nalgunhas persoas vinculadas coa ANPA ante a extensión do galego no centro. As reticencias derivan da opinión de que a excesiva presencia do galego resulta prexudicial para que os alumnos/as adquiran activamente o castelán. Segundo algunha nai a galeguización do centro está a impedir que os seus fillos acaden un coñecemento razonable do castelán: “Aquí fálase moito galego, e se non lles ensinas castelán [ós nenos/as], chegan ós seis anos e non saben castelán”. Considera que sería máis razonable que os cativos na escola fosen progresando coas dúas linguas ó mesmo tempo ou, no seu defecto, que aprendesen máis castelán, porque lles é unha lingua máis allea e que utilizan menos diariamente.

Pero lonxe de formularen queixas excesivas nese sentido ou de intentaren cambia-la situación lingüística actual, tales familias consideran que a calidade do ensino que os seus fillos/as reciben, a cordialidade no trato e o bo funcionamento xeral do centro son argumentos de peso para aceptaren a situación lingüística actual. É dicir, áinda que de poderen, cambiarían o predominio que se lle dá ó galego, non son belixerantes porque concordan en que o centro, tal como está, funciona francamente ben. Velaí observamos novamente a importancia de fiar e vincular con sentido galeguización e máximo esforzo de calidade no funcionamento dos centros.

As opinións do alumnado ante a lingua, os seus falantes e os valores á que cada unha remite son moi realistas e pragmáticas. Consideran que eles son galego-falantes porque é a lingua que predomina na zona, e saben que o galego non ten para todo o mundo unha opinión positiva, sobre todo no centro da vila e en moitas outras partes de Galicia. Mesmo son perfectamente conscientes de que a variedade do galego que desenvolven ten menos prestixio ca outras variedades más achegadas ó estándar. De feito, o entrevistador tivo oportunidade de falar con varias alumnas que facían comentarios xocosos sobre o seseo e a gheada que elas mesmas utilizaban a cotío.

A utilización do galego no centro por parte do alumnado está tan xeneralizada que puidemos saber con nome e apelidos, tras conversas informais con diferentes alumnos/as de Educación Primaria, qué alumnos ou alumnos non falaban habitualmente galego. Concretamente, en sexto de Primaria só hai dous estudiantes que falen castelán, e fano porque na casa as familias son castelán-falantes. O resto utilizan habitualmente o galego. Mesmo hai un par de casos de estudiantes que teñen familia castelán-falante pero que no centro, cos compañeiros/as, usan o galego, porque é a lingua maioritaria do grupo-aula e do centro.

O pragmatismo e o realismo do alumnado reflíctese no coñecemento que teñen do que pasa lingüisticamente no centro da vila, onde se utiliza en maior medida o castelán. E esa situación

lévaos a adoptar posicionamentos pragmáticos, como por exemplo indicaba un alumno que se preguntaba: *¿como vou 'lijar' en galego se en galego non se 'lijá'*?, pensando no que faría cando chegase ó instituto para cursar Educación Secundaria. Pero este pragmatismo desenvólvese dende unha percepción positiva do seu hábito lingüístico en castelán, e de feito avalían moi negativamente a imaxe que se ten dos galego-falantes na vila, avaliación que os estigmatiza e os tende a considerar persoas de segunda categoría por utilizaren en maior medida a lingua galega.

Por outra banda, malia os esforzos do centro para que o alumnado reciba un ensino integral en galego e malia que nas familias a súa presencia é importante, o alumnado percibe claramente a relevancia de coñecer e de usa-lo castelán, ó tempo que o associa con actividades moi concretas: por exemplo, todo o que ten que ver coa publicidade, coas actividades consideradas más modernas (deportes, por exemplo), coa informática e as novas tecnoloxías, etc. Neste caso, estamos ante exemplos das mensaxes que a través dos medios de comunicación, preferentemente, chegan ós rapaces e rapazas preferente ou únicamente en castelán.

En definitiva, a percepción que hai é a de que o galego ten usos sociais, pero fáltalle aínda prestixio, proceso que está indo moi de vagar. No caso do medio social e xeográfico que nos ocupa, o castelán sitúase ó revés: non ten unha base social importante pero todos coinciden en percibir no castelán un amplio prestixio. Aínda é hoxe o día en que o alumnado e as familias deste centro ven o castelán como a lingua das familias acomodadas (preferentemente da vila), a lingua do concello, a lingua dos actos oficiais, mentres que o galego segue a estar considerada como a variedade informal e coloquial, das familias menos podentes, e dos residentes na aldea.

Está claro que os esforzos do centro por situa-lo galego no centro dos usos lingüísticos escolares ten que axudar decisivamente a mudar esas percepcións, pero se cadra deberemos esperar ó medio e ó longo prazo para observa-los resultados que tales esforzos produzan.

Actividades de promoción lingüística realizadas desde o centro

O principal motor da normalización lingüística é o propio centro, começando polo equipo directivo e rematando no ENL.

En primeiro lugar, para a promoción da lingua o centro vólcase na docencia en galego e iso ten unha fonda transcendencia cualitativa e cuantitativa na vida do centro. Ademais da docencia, son moitas e variadas as actividades de promoción da lingua que abranguen árees de actividade consideradas tradicionalmente como extraescolares, así como ámbitos de actuación fóra do estritamente académico, todas elas contan coa participación das familias (cando é o caso), e do alumnado. Hai tamén actividades centradas nas celebracións do ciclo anual, como é habitual en case tódolos centros analizados.

En segundo lugar, a través do ENL, realizáronse diversas exposicións e murais, algunas de tipo cultural (por exemplo, sobre a figura de Castelao), outras de fonda implicación no medio (receitas de cogumelos, mexillóns e castañas, por exemplo), ou unha exitosa campaña de animación á lectura entre o alumnado.

O responsable actual do ENL considera que o ritmo de actividades que se desprega habitualmente é moi alto e moi difícilmente se podería facer máis no nivel de actividades xerais. Niso tamén coinciden os distintos membros do equipo directivo. En consecuencia, quedan sen fazer tódolos anos actividades ou iniciativas que coidan interesantes pero que non é posible desenvolver.

Malia o nivel de actividades, os cartos para o financiamiento das actividades son moi escasos e tódolos implicados se laian do descenso nos orzamentos procedentes da Administración educativa; pero con se-lo tema económico clave para o deseño dunha programación lingüística diversa, periódica e estimulante, outras carencias atribuíbles á Administración de Educación son as que teñen que ver coa falta de asesoramento ós ENL –e ós centros en xeral–, a falta de máis materiais específicos de normalización lingüística, e a falta de formación continuada para os membros da comunidade educativa –principalmente para o profesorado– que

facilite a actualización de contidos e de estratexias dinamizadoras. A creación dalgún tipo de gabinete de normalización, que asesorese, formase e elaborase material específico, podería ser unha solución para paliar este tipo de deficiencias que eivan fundamentalmente o labor normalizador dos centros en xeral e dos ENL, en particular.

Con respecto ó papel da ANPA, malia o dito anteriormente o seu papel tende a ser moi escaso e pouco entusiasta, sobre todo se o comparamos coa implicación xeral de profesorado e alumnado nas actividades de promoción do galego. Mesmo en palabras da presidenta da Asociación de Nais e Pais do centro, “a ANPA, como tal, non trata eses temas, o mellor é non meterse en conflictos”, sendo ‘eses temas’ os lingüísticos e os políticos.

As linguas de fala no contorno e a súa incidencia nas prácticas lingüísticas do centro

O centro é un elemento de galeguización, consonte co predominio do galego no ámbito socioxeográfico onde se insire. Ten mérito no sentido de que nunha situación social favorable ós usos espontáneos orais da lingua, a comunidade educativa opta por avanzar nunha galeguización consciente e sen dúbida arriscada, como é a de poñer nun plano oficial e formal os usos orais e escritos do galego.

Nese sentido o centro favorece a normalización do galego, a súa promoción e vitalidade, pero desde unha óptica diferente. Como no medio social das familias se fala decote o galego, pero as avaliaciós sobre a lingua non son excesivamente positivas, a inserción do galego no medio escolar ten sen dúbida unha vocación de prestixiación social da lingua. Ó situa-lo galego como variedade habitual de tódalas actividades que se desenvolven no centro –desde a docencia ata calquera tipo de nota escrita– asóciase a lingua cun abano de funcións e de planos socias –desde os más espontáneos e interactivos ata os más institucionais e oficiais–, moi diverso e enriquecedor de cara a cambia-la percepción que boa parte da comunidade educativa ten do galego.

Non podemos deixar de constatar que a actividade a prol da lingua se insire nun contexto moi favorable, a teor da extensión que áinda ten hoxe o galego nesta zona. Pero ó tempo están latentes en moitas familias as perspectivas que cuestionan a utilidade do galego, a necesidade do castelán para a promoción e a presentación social dos fillos e, sobre todo, das fillas.

De todo o dito para caracterizar e valorar este caso de estudio, podemos indicar que estamos ante un exemplo de contexto escolar e educativo moi proclive ó galego, nunha experiencia galeguizadora que podería ser imitada e reproducida noutros lugares de Galicia. O que tamén queda relativamente claro tras examinar este caso é que desde os centros hai moito campo de actuación no terreo da normalización da lingua, pero o avance da galeguización debe estar necesariamente imbricado nos cambios e nos avances que se logren en tódolos ámbitos sociais, locais e institucionais. Faise preciso que muden as realidades no nivel dun concello, no nivel do tecido socioeconómico, etc., ó tempo que desde os centros de ensino se propón simultaneamente unha aposta decidida a prol da lingua.

**RESUMO DE FACTORES FAVORECEDORES/DIFÍCULTADORES DO
CASO 4: CENTRO RURALPÚBLICO GALEGUIZADO**

Factores favorecedores do uso do galego no centro	Factores dificultadores do uso do galego no centro
<ol style="list-style-type: none"> 1. A ambientalidade lingüística da zona favorece o galego. 2. O centro imparte toda a docencia en galego (incluída a lectoescritura en Educación Infantil), agás no caso dos contidos vinculados co castelán. 3. Tradición lingüística interna moi propia para a promoción da lingua galega desde o nacemento do centro. 4. Profesorado activo na procura de obxectivos normalizadores moi ambiciosos e na reclamación de financiamento e de coordinación por parte da Administración educativa. 5. Moitas e variadas actividades de promoción da lingua no centro, que contan coa participación das familias (cando é o caso), e do alumnado. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Reticencias nalgúnsas familias ante a extensión do galego no centro, feito que se avalia como potencialmente prexudicial para a adquisición activa do castelán. 2. Reticencias entre o alumnado ante o uso regular do galego no centro, dado que perciben que fóra (por exemplo, no instituto) se utiliza en maior medida o castelán. 3. A comunidade escolar tende a consideralo centro como un xeito de 'illa' lingüística galego-falante. 4. Insuficiencia de material didáctico en galego e falta de variedade para poder elixir con maior propiedade. 5. Falta de apoio da Administración para conseguir maiores niveis de promoción do galego.

2.6 Caso 5: Centro urbano público non galeguizado

- Zona: Galicia urbana.
- Centro público caracterizado por un nivel baixo de galeguización.

Caracterización xeral do centro

O centro que analizamos neste caso é un colexio público situado no barrio dunha capital de provincia de tamaño medio-grande do interior de Galicia. Trátase dun centro que, a partir dos datos recollidos, presenta un nivel de galeguización moi baixo en comparación coa media dos centros públicos urbanos.

Sitúase nunha área que conta con outros equipamentos escolares de maior tamaño, e como consecuencia das dinámicas de

adscrición por zonas actualmente é un centro de pequeno tamaño (dispón dunha soa liña, un curso por nivel), que conta con pouco máis de 100 alumnos e alumnas e dispón dun Claustro de entre 12 e 14 membros.

O alumnado procede na súa totalidade de familias do barrio, de extracción social media e media-baixa, e é salientable a presencia de case 20 alumnos de etnia e cultura xitanas que habitan no barrio e que foron escolarizados no centro. Téñase en conta, xa que logo, que se case o 20% do alumnado é xitano, este feito introduce unha variable novedosa na dinámica lingüística do centro que se engade ás outras variables en por si sociolingüisticamente relevantes.

O profesorado do centro ten unha idade media relativamente alta (arredor de 55 anos). O director levaba no cargo máis de dez anos e en consecuencia ningún dos profesores e profesoras leva menos de 28 ou 30 anos dedicado ós labores docentes. Hai mesmo profesorado coa prolongación da xubilación. Moitos deles viven no mesmo barrio.

Respecto do perfil lingüístico do profesorado, a maioría tende a utilizar más o galego có castelán, sobre todo nas interacciones informais (na cafetería, nas charlas na sala de profesorado, etc.), aínda que tamén se manifesta ese maior uso do galego nas interacciones formais (por exemplo, nas xuntanzas no centro, reunións cos pais). Sen embargo, nas transmisións docentes eses mesmos profesores/as que utilizan espontaneamente más o galego có castelán a penas usan o galego. É dicir, o galego resérvase para os ámbitos informais e para o resto prevalece o recurso do castelán.

Polo tanto, un aspecto á parte é a docencia, onde a proporción de profesorado que utiliza o galego decrece considerablemente. Ademais, convén notar que tres profesores son aberta e publicamente belixerantes co idioma galego, con repercusións directas sobre a docencia da lingua, como teremos ocasión de comentar posteriormente.

A escaseza de alumando ten unha relación directa co avelantamento do barrio en que se sitúa. Primeiro era unha zona resi-

dencial, con vivendas cooperativas de funcionarios (“o barrio era algo elitista”, afirmaba o director). A partir de finais dos anos setenta, constrúense vivendas sociais e prodúcese unha afluencia importante de poboación ó barrio.

Con respecto ó alumnado, este é maioritariamente castelán-falante, como tamén o son grande parte das súas familias. Aínda que o galego non está totalmente ausente do barrio e das familias que o habitan, o certo é que o nivel de abandono é relativamente alto e, en consecuencia, atópanse cada vez máis casos de alumnos/as que carecen na súa familia de persoas galego-falantes nin na xeración dos pais nin na dos avós.

A política lingüística de centro

Este centro carece dunha historia lingüística implicada na promoción do galego. Asumiu desde o principio os requirimentos da galeguización prevista nos decretos e ordes da Administración educativa, pero sen que tal situación nova espertase demasiado entusiasmo nin excesivo convencemento. Con todo, no PEC aprobado polo centro hai unha referencia explícita á planificación da lingua galega, de maneira que é un centro que cumpre o estipulado.

O ENL está constituído desde comezos dos anos noventa. Fai propostas lingüísticas para levar a cabo durante o curso, e tales propostas debátense e apróbanse no centro. Participa nel case exclusivamente o profesorado, xa que as familias e o alumnado actúan más como receptores das propostas normalizadoras ca como xeradores ou activadores destas.

Utilízanse as dúas linguas sen problema ningún. Inténtase, xa que logo, que non haxa problemas derivados da ambientalidade lingüística en castelán (alumnado e tamén profesorado) e do funcionamento en galego do centro e da vehiculación de contidos e de obxectivos curriculares en galego (“aquí non hai radicalismos lingüísticos”, ou tamén “non nos poñemos repugnantes cos asuntos lingüísticos, e nisto hai consenso entre todos [os docentes]”, explicaba o director).

O director é moi escéptico co tema do galego e cos esforzos que se realizan para promocionalo, e neste punto coincide co equipo directivo e tamén con todo o profesorado do centro. Os motivos que latexan nas reticencias verbo da promoción da lingua son que esa cuestión levanta suspicacias e provoca con certa frecuencia roces ou mesmo conflictos entre compañeiros/as, tal como pasou noutras épocas neste mesmo centro. En consecuencia, considérase que no tema lingüístico hai que ser “tolerantes e compaxinar unha cousa coa outra”, en palabras dun membro do equipo directivo, facendo referencia neste sentido a buscar fórmulas para compatibiliza-la formación integral do alumnado co achegamento, simultaneamente, ó galego, ó non ser esta a lingua que eles utilizan habitualmente.

O funcionamento do centro faise en galego, sendo tamén a lingua en que se desenvolven grande parte das actividades (reunións, comisións, etc.) que realiza o profesorado. Aínda así, e tal como relatábamos no apartado anterior, a utilización do galego entre os docentes é maior nas comunicacíons informais ca nas formais, feito este derivado do perfil sociolingüístico dos docentes que conforman o Claustro do centro: docentes maiores que seguen as vellas lóxicas e as inercias da elección lingüística do galego para as interaccións espontáneas e informais, e o castelán para as interaccións formais e más elaboradas.

Sobre dos usos lingüísticos dos docentes

Con respecto á docencia, en Educación Infantil a aprendizaxe da lectoescritura realizase en castelán. O centro en ningún momento cuestionou esa realidade baseándose en que a lingua maioritaria do alumnado é esa. Procuran introducir contidos en galego (cancións, algúns contos, etc.) “sempre que sexa factible e que os nenos/as o entendan”, en palabras dunha das docentes de Educación Infantil. En realidade o resultado móstranos, a teor das opinións recollidas, que o alumnado remata o ciclo de Educación Infantil con moi escaso coñecemento do galego.

E tocante á situación en Educación Primaria, impártense en galego os mínimos oficiais, pero aínda así atopamos problemas coa

impartición en lingua galega de materias que, na realidade, se imparten en castelán, como sinalaremos más adiante.

Como xa comentamos na sección anterior, o profesorado presenta diverxencias entre o uso lingüístico dentro e fóra das aulas: unha utilización espontánea alta do galego (entre compañeiros, en situacions informais) e un recurso escaso ó galego na docencia e actividades formais en xeral (reunións, trato coas familias, etc.). Pensemos nas implicacions que esta conducta diverxente ten na percepción do alumnado respecto dos usos do galego. Se os docentes só tenden a utiliza-lo galego para o menos formal e elaborado, o castelán será, en consecuencia, a variedade percibida como máis apta para as funcións formais, para os usos más elaborados, etc. Non parece, xa que logo, que este tipo de conductas lingüísticas redunden en nada positivo para a lingua.

Un asunto que distorsiona áinda máis a extensión do galego no centro é a presencia de alumnado xitano. O moi escasso coñecemento do galego co que chegan ó centro e o nulo interese que mostran tanto os alumnos coma as familias para a adquisición do galego, propicia que o centro considere que a integración e a formación dese colectivo xitano debe prevalecer sobre calquera tipo de consideración lingüística. En consecuencia, apréndeselles castelán e mesmo en materias que cómpre dar en galego, facilítase o acceso do alumnado xitano recorrendo en certos casos ó castelán.

É significativo respecto do asunto lingüístico do colectivo xitano que o centro conta, a maiores, cunha profesora para facilita-la súa integración, pero ningúén se preocupou, nin no nivel da Administración educativa nin no nível do centro, de proponer algúun tipo de actuación para a integración lingüística –no galego, claro– dos membros deste colectivo.

Respecto da utilización das linguas no centro, faise referencia con frecuencia á necesaria “adaptación” do profesorado –e polo tanto tamén do centro– ós requerimentos pedagóxicos que presenta o alumnado actual. Esta cuestión formulase en toda a súa intensidade no caso do alumando xitano, que demanda o coñecemento

do castelán. O profesorado que debe impartir materias en galego, como Coñecemento do Medio, tende a utilizar o castelán para integrar e facer más rendibles as aulas ó alumnado xitano. Pero este razonamento de ‘integración’ tamén o aplican algúns docentes ó resto do alumnado, ó consideraren que o alumnado castelán-falante pode necesitar contidos nesa lingua para asimilar mellor o coñecemento dalgunha materia, con independencia do que establezan decretos e normas.

Ademais de resultar un tanto peculiar a cuestión da adaptación ás necesidades lingüísticas do alumnado, cuestión que suscitaría necesariamente un debate moito más profundo, resulta cuestionable o feito de que un grupo étnico e lingüístico como o xitano, que require unha estratexia de aprendizaxe particular, non conte co apoio lingüístico necesario para aprenderlle-las dúas linguas. Convén sinalar a este respecto que o centro si pon a disposición do alumnado xitano profesorado de apoio, pero non curiosamente para acadaren obxectivos lingüísticos.

Por outra banda, estamos ante un centro que presentou na súa historia recente problemas na docencia en galego, xa que algúns membros do Claustro se negaron a dar en galego materias que era preceptivo ofrecer nesa lingua. Esa situación creou moitas tensións no centro, unha vez que un grupo de pais e nais se queixaron ó director por tal situación. O equipo directivo non resolveu o problema, indicando que “meterse no que pasa nas aulas crea mal ambiente no centro”. Convén sinalar que da queixa das familias non xurdiu efecto ningún e as profesoras non cambiaron nin de actitude nin de conducta lingüística.

Unha cala nas opinións e nos valores sociolingüísticos dos membros da comunidade escolar

Respecto da presencia do galego no medio escolar, o director –así como boa parte do profesorado do centro– opina que non hai actualmente reticencias ante o galego: “sen forzar as cousas, estase avanzado significativamente”. Non está moi claro se esta opinión está dirixida á acción e ós resultados da galeguización no cen-

tro ou se é unha reflexión dirixida á sociedade galega en xeral, pero seguramente o sentir que expresa este membro do equipo directivo é extensible para ámbolos casos.

Outra reflexión que está presente entre o profesorado do centro é a de que, se cadra por un exceso de celo normativo, en galego se esixe un nivel de coñecemento e de competencia lingüística esaxeradamente altos. Neste sentido, opíñase, por un lado, que a introducción do galego debía producirse no ensino primario e non no infantil, unha vez que a lectoescritura estivese xa afianzada; e, por otra banda, sinálase que se debía promocionar un galego máis coloquial, menos cinguido á variedade estándar e, en consecuencia, máis ligada á oralidade.

Ó fío desta reflexión xorde outra complementaria que ten que ver cunha experiencia que se realiza no centro: a introducción do inglés no nivel experimental, o cal fai que moitos docentes indiquen que teñen moitas dúbidas de que tantas linguas non conduzan a un certo despiste entre o alumnado. Por exemplo, coméntase a proliferación de errores ortográficos, dúbidas e insecuridades lingüísticas diversas, etc. E como anécdota, o director do centro comenta a este respecto que “a xente se bota ás mans á cabeza cando un neno acaba Educación Primaria e non sabe se ‘avogado’ é con ‘b’ ou con ‘v’”.

No alumnado co que tivemos ocasión de falar, comprobámo-lo interese e a distancia, a partes iguais, que suscita neles a cuestión do galego. Por unha parte consideran que deben aprender galego e mesmo algúns argumentaban que o deben coñecer e aprender “porque es nuestra lengua”. Pero, por outra parte, manteñen unha distancia respecto da lingua porque a consideran como algo relativamente alleo, afastada da súa vida e dos seus valores. O máis positivo segue sendo sen dúbida que coñece-lo galego e facelo na escola non se pon en cuestión en ningún momento.

Das familias podemos indicar algo semellante, aínda que para eles o galego é un obxecto menos alleo e distante ca para os seus fillos. Respostas como “está ben que dean galego, porque nós non sabemos” mostran se cadra un escaso entusiasmo ante o futu-

ro da lingua pero polo menos é un punto de partida que lle dá facibilidade á extensión escolar da lingua.

Actividades de promoción lingüística realizadas desde o centro

As actividades vinculadas coa promoción da lingua galega no centro seguen o patrón que atopamos en moitos outros centros urbanos, que podemos caracterizar como actividades mínimas de manteemento. As iniciativas normalizadoras deste centro non son equiparables en amplitud ou diversidade ás que se observan noutros centros de tamaño semellante a este noutras partes de Galicia. Responde, xa que logo, a un tipo de centro cun perfil moi determinado.

As iniciativas de promoción do galego céntranse maiormente na planificación da semana das Letras Galegas, na realización de actividades en relación con algunha festa local, e colaboracións esporádicas co Concello en actuacións que abrangue o ámbito municipal. É saliente, polo contrario, a ausencia de relacóns con entidades do barrio para a organización de actividades conxuntas. Co gallo destas actividades, principalmente as relacionadas coa semana das Letras Galegas, editanse dous xornais escolares cada curso, tradición que se remonta ó ano 1983 e que ainda se mantén na actualidade.

Chama a atención non tanto a escaseza de actividades en por si, porque na realidade si hai actividades que se levan a cabo periodicamente, xa que nese sentido mesmo é moi positivo para un alumnado preferentemente castelán-falante. Obsérvase, polo contrario, que esas iniciativas e actividades son insuficientes para conseguir un cambio significativo nas preferencias lingüísticas e, quizais tamén, no coñecemento lingüístico do alumnado. É dicir, é positivo que existan e seguramente serán interesantes para un público que está instalado noutro contexto lingüístico, en moitas ocasións totalmente afastado da oralidade en galego, pero son insuficientes para chegar a obxectivos normalizadores más profundos.

Trátase, polo tanto, de valorar se a rutina e a repetición pouco imaxinativa de fórmulas xa gastadas teñen unha incidencia

relevante nas consecuencias de determinados obxectivos normalizadores ou se, polo contrario, resulta unha dinámica prescindible. Que os centros lingüisticamente pouco dinámicos teñan actividades extraescolares e culturais pouco creativas e variadas ten unha parte negativa pero tampouco podemos pasar por alto que máis negativo sería que non houbese nada.

Finalmente, chama a atención a incapacidade dos membros do centro para dexergar alternativas e ideas diferentes.

As linguas de fala no contorno e a súa incidencia nas prácticas lingüísticas do centro

Respecto de se o centro é un elemento de galeguización, debemos comentar que o contexto sociolingüístico do alumnado, exposto ó castelán como lingua inicial e vehicular nas familias e na veciñanza, difficilmente podería ser un contexto de castelanización con tal de cumplir minimamente coa presencia do galego na actividade diaria do centro e co cumplimento, áinda que fose parcial, da lexislación vixente. A este respecto o centro non desgaleguiza, pero tampouco sería correcto afirmar que é un espacio de galeguización efectiva. Poderíamos definilo, más ben, como un espacio de morna exposición ó galego, derivada da aplicación do que podemos denominar como ‘a lóxica da burocracia do galego’, con resultados prácticos e simbólicos de moi difícil delimitación.

Con tódalas limitacións que poidamos enunciar, constátese que a exposición á lingua que facilita o centro serve para que algúns alumnos e alumnas se vaian achegando ó uso habitual do galego conforme van crecendo. O que é difícil de comprobar é a vinculación causal entre o centro escolar e o aumento de uso do galego, e se existen, complementaria ou principalmente, outros factores familiares ou doutro tipo que favorecen ese proceso de cambio lingüístico.

En todo caso, considérase que o centro escolar é un espacio que serve para que moitos alumnos, con escaso contacto familiar e ambiental co galego, aprendan a lingua e mesmo cheguen nalgúns casos a ser falantes activos.

**RESUMO DE FACTORES FAVORECEDORES/DIFÍCULTADORES DO
CASO 5: CENTRO URBANO PÚBLICO NON GALEGUIZADO**

- | Factores favorecedores do uso
do galego no centro | Factores dificultadores do uso
do galego no centro |
|---|---|
| <ol style="list-style-type: none">1. Seguimento por parte do profesorado dunha lóxica burocrática no tema lingüístico: hai que procurar cumplirla lexislación en materia lingüística, pero sen entusiasmo nin alardes.2. Considérase que o centro escolar é un espacio que serve para que moitos alumnos/as, con escaso contacto familiar e ambiental co galego, aprendan a lingua e mesmo cheguen nalgúns casos concretos a ser falantes activos. | <ol style="list-style-type: none">1. Forte presencia ambiental do castelán (nas familias, no barrio, etc.).2. Diverxencias no profesorado entre un uso espontáneo e informal alto do galego e un uso moi baixo na docencia e nos actos formais.3. Incumprimento dos mínimos de docencia en galego: presencia de docentes que se negan a cumplir horas 'de' e 'en' lingua galega.4. Escaseza de actividades extraescolares a prol do galego, e as que se realizan contan con pouca participación de alumnado e familias.5. Escepticismo entre o profesorado ante o proceso de normalización do galego no ámbito escolar: considérase que tende a producir máis conflictos ca beneficios.6. Ausencia de entusiasmo na promoción da lingua no centro, derivada do escepticismo ante a utilidade da NLE dos seus beneficios prácticos nas transmisións educativas e na sociedade galega en xeral.7. Presencia de alumnado xitano que demanda a aprendizaxe do castelán e que non recibe contidos en galego. |

2.7 Caso 6: Centro rural público non galeguizado

- I Zona: Galicia interior.
- I Centro público caracterizado por un nivel baixo de galeguización.

O centro

O centro no que se realizou este estudio de caso está situado nos arredores dunha vila que é capital dun concello con poboación incluída entre os cinco e os dez mil habitantes. No centro estuda un alumnado que inclúe unha proporción aproximada do corenta por cento de procedencia rural fronte a un sesenta por cento de orixe urbana.

O centro conta con algo máis de trescentos alumnos, cinco unidades de Infantil e once de Primaria. O número aproximado de docentes que exercen no centro é de vinte e oito, dos cales unha maioría moi ampla son profesoras. A media de idade das docentes é de cincuenta anos e case todas se atopan nunha situación de último destino. Non obstante, é mester indicar que entre as profesoras hai un grupo de xente nova e outro que se atopa a punto de xubilarse.

Entre estas profesoras nove residen en Ourense e van e veñen diariamente a esa cidade. Un dato significativo é o de que entre o total das docentes hai un gruñido de catro que se expresan regularmente en galego utilizándoa coma lingua habitual. Noutro senso, constátase o feito de que hai tamén cinco docentes que non son de orixe galega e non levan moito tempo no país.

A directora exerce no seu posto desde hai quince anos, mentres que o equipo directivo da ANPA desenvolve o seu labor desde hai tres anos.

Por outra banda, pódese dicir que, segundo as opinións recollidas, o impacto que tivo nos últimos anos o proceso de normalización vivido polos centros de ensino do noso país non foi en ningún caso traumático para este centro do interior da provincia de Ourense. En xeral, afirmase que no centro sempre se deu unha clara receptividade cara á aceptación da normativa legal malia o

esforzo que esta representaba para moitas profesoras e profesores que carecían dunha formación previa axeitada.

Outro dato relevante que xa apuntaramos anteriormente é o de que na historia recente do centro teñen exercido unha influencia moi positiva algunas persoas concretas tales como unha profesora de galego que na actualidade ten docencia no instituto da vila. Cando estaba no colexio esta profesora ocupábase de que todo o que se facía desde o centro estivese escrito en lingua galega.

Na actualidade, e desde o equipo directivo do centro, afírmase que tendo en conta a obrigatoriedade de enviar tódolos escritos en galego, isto xa se converteu nunha práctica assumida dun xeito rutineiro malia o feito de que teñan que consultar a miúdo o diccionario para facelo, constátase o feito de que segue a resultar-lles más doado escribir en castelán, lingua na que din ter unha maior soltura.

Política lingüística de centro

Dos datos recollidos e das entrevistas realizadas no centro podemos deriva-la existencia neste colexio dunha vontade clara por secunda-las orientacións emanadas da normativa vixente e que foron sendo fomentadas desde o ENL. O ENL²¹ viviu momentos de actividade oscilante segundo quen fosen as persoas que levaban a cabo un traballo que ten que se desenvolver sen recoñecemento administrativo nin contrapartidas significativas. Segundo afirmacións da actual directora –quen previamente desempeñara o cargo de secretaria–, coida que pode afirmarse que no centro toda a correspondencia que se produce co exterior está escrita en lingua

21. Aproveitamos aquí a ocasión para lembrar este trazo, sobre do cal volveremos en máis ocasións nestes estudos de casos, relativo á condición voluntarista do labor de responsabilización do ENL que provoca o feito de que cando non existen persoas con tempo ou vontade de desempeñalo, este labor teña que outorgárselle nunha especie de quenda de obrigado cumprimento ós últimos que chegaron. Queda tamén dito aquí que este labor é, nunha grande cantidade de centros, desenvolvido cun importante nivel de rigor e mérito por parte de docentes que o levan a cabo nunhas condicións obxectivas manifestamente mellorables.

galega, e de acordo con esta información a decisión de facer todo o labor administrativo en lingua galega supuxo un gran esforzo nun determinado momento porque os docentes que estaban en activo só se defendían en castelán. Certamente os datos indican que isto é globalmente así ainda que loxicamente na recollida de información se detectaron casos más ou menos excepcionais nos que esta práctica se incumpría.

Resulta relevante comentar aquí que, da información previa da que dispoñíamos sobre deste centro, existían dúas informacións que nos semellaba importante afondar: unha delas era a relativa á materia que, ademais da Lingua Galega e do Coñecemento do Medio, debían ser impartidas de xeito adicional en Educación Primaria. A información que nos fora fornecida e figuraba na nosa enquisa era que a materia en cuestión escollida fora a de Educación Física. Cando se lle preguntou a este respecto á dirección do centro a resposta aclarou que mesmo o inspector suxerira o cambio desa materia por outra de maior densidade teórica. De acordo con ela afirmábase que o centro aceptara optar por Matemáticas. En entrevistas posteriores tivémo-la ocasión de comprobar cómo o proceso fora máis proceloso do que inicialmente se nos dicía e que en realidade o acontecido, segundo o afirmado pola persoa responsable do ENL, fora que a comezos de curso se debatera a proposta de cambio de Educación Física por Matemáticas, pero que a proposta fora desestimada cos argumentos de que dese xeito só quedaría como materia “forte” en castelán, a de Lingua Española, e que ‘a xente’ non está preparada para que isto fose así.

De acordo con esta opinión recollida, o criterio do equipo directivo do centro, secundado pola maioría, era a de que o manteemento da situación actual garantía o equilibrio ó manter dúas materia fortes en galego (Lingua Galega e Coñecemento do Medio) e dúas fortes en castelán (Lingua Española e Matemáticas). Cómpre engadi-lo feito de que “nin sequera en primeiro de Primaria, onde imparte docencia unha profesora máis sensible cara á lingua galega que a media dos docentes, foi introducida esta substitución”.

Semella en certo modo que os docentes, más alá da normativa, exercen na interpretación, neste senso democrática, de ónde establece-los límites e os modos do proceso de normalización. Isto, sen dúbida, presenta vantaxes e problemas. En todo caso, e tal e como tentaremos facer ó longo deste e doutros estudos de casos, este tipo de constatacóns non deben impedirnos ve-lo proceso sociolingüístico no seu conxunto de cara a comprendérmo-lo sentido e avalia-los efectos superficiais e profundos das estratexias dos docentes. Referímonos aquí ó feito discutible e opinable de que en ocasións como esta os docentes prefiran unha liña de normalización lenta, allea á idea de inmersión do alumnado galego na súa lingua, optando por un modo menos decidido e na maneira como isto se insira no proceso sociolingüístico do país²².

Outro dos aspectos derivado dos resultados da enquisa que atraera a nosa atención fora o feito de que nunha zona como a do interior da provincia de Ourense, na que predominan os nenos galego-falantes, se optase por iniciar á lectura ós nenos de Educación Infantil en castelán. Este tema é un asunto que de xeito reiterativo se reproduce con argumentos cambiantes tanto en zonas de predominio da fala castelá como da galega e sempre a favor da primeira. Aquí semella que, malia as indicacións da lei, está a actuar un super ego hiperpragmático que de xeito circular relega a lingua galega. O argumento que subxace é discriminante, xerarquizador e falacioso pois presupón que un neno que aprende primeiro o castelán non ten logo dificultades de aprende-lo galego, algo que é certo, pero ignora o feito complementario de que un neno pode do mesmo xeito aprender a ler primeiro en galego e logo acceder co

22. A dificultade analítica de interpretación dos efectos dunhas ou doutras posturas pode non ser tan doado como puidese parecer, por exemplo, centrándonos exclusivamente na variable cuantitativa que fai referencia ó número total de falantes, senón moi probablemente teña que ser completado cunha avaliación afondada dos valores que fundamentan as estratexias dos falantes (de necesidade ou reflexivos), así como tamén respecto do xeito en que están a evolucionar, nos distintos espacios sociais que conforman o país, os estigmas adscritos á lingua que teñen ata agora influído de xeito determinante no seu proceso de abandono.

mesmo nivel de dificultades ca no caso anterior ó dominio simultáneo do castelán.

Evidentemente non imos afondar aquí nun tipo de lóxica exercida polos docentes que pode e debe atopar moitas explicacións, algunhas nos propios prexuízos que ameazan a nosa lingua áinda que tamén en constatacións empiristas hoxe nunha ampla medida anacrónicas –en moitos casos compartidas tamén polos pais– que confunden as oportunidades e a capacidade obxectiva para poder acceder a unha segunda lingua por parte de dous colectivos que tradicionalmente estaban moi discriminados nas súas oportunidades de acceso á cultura; referímonos ó caso das clases medias urbanas castelán-falantes fronte ás familias populares que eran propias ós nenos da aldea. Hoxe os medios e recursos dispoñibles permiten desactivar un medo latente a unha discriminación posible por parte dos docentes que teñen medo de furtarlle ferramentas que fagan posible a promoción social futura cando, favorecendo ó castelán, arelan evitar unha reafirmación do carácter rural e galego-falante duns nenos que xa de pola súa propia condición o son.

No nivel de funcionamento, os ENL funcionan cuns responsables nomeados cada dous anos, os cales asumen ese labor a maiores do que xa teñen. Esa carga non ten compensacións nin de tipo económico nin é compensable en reducción de horas de docencia. Os ENL adoitan ter xuntanzas de carácter mensual e respecto da súa dotación presupostaria pódese afirmar que a medida que as actividades se incrementan os recursos van minguando.

En todo caso resulta claro para os membros do Claustro que no centro existe todo tipo de facilidades para propor actividades, que o proposto se discute e a maioría opina. Por exemplo, un dos asuntos que tamén foi proposto polo ENL, sen moito éxito, foi o de substituí-lo método de lectura que teñen en Infantil, dado que no centro á hora de entrega-los métodos de lectura, se utiliza sempre o castelán. Os motivos deste repregamento son diversos e moitos teñen que ver cunha hipotética incapacidade duns docentes que, roldando a idade de cincuenta anos, declaran non ter recibi-

do unha formación que os habilite axeitadamente no dominio do galego. Aínda máis, imparten docencia cinco persoas que non son galegas e que non se formaron no noso país.

Cando despois deste tipo de consideracións se lles pregunta ós responsables dos distintos labores educativos do centro se este está a exercer un papel galeguizador ou castelanizador no seu contorno, as respostas son oscilantes e esta oscilación na nosa opinión non é independente dunha situación obxectiva por principio complexa fronte á cal un paso atrás na cantidade non implica necesariamente unha perda na calidade do proceso. Aquí os efectos perversos das iniciativas moi decididas poden atopa-lo seu contrapunto nas emerxencias positivas das prudencias estratéxicas.

Cando o entrevistador foi aguilloando os membros do centro que propendían a defender de xeito espontáneo a condición favorecedora da lingua galega por parte do centro, con formulacións cinguidas do tipo: *¿Pódese dicir que o centro favorece o uso da lingua galega entre os nenos cando a maioría deles chega ó colexiº falando o galego e no centro en Infantil como primeira lingua se lles ensina a ler en castelán?*, a resposta a cuestións coma esta non renuncia a seguir mantendo que non se pode facer unha lectura do problema unilateral, con afirmacións do tipo: “o que pasa é que agora a escola non é como antes, agora dáse moito galego, tamén”. Outros entrevistados do equipo docente fan fincapé desde o primeiro momento no obxectivo central que os guía, que é o de “intentar” que se acade a competencia nas dúas linguas. Asemade esta mesma convicción agromá de xeito moi claro cando se sitúan ante este mesmo interrogante as directivas da ANPA. Para elas tamén a idea central é a da esixencia de que os alumnos accedan ó dominio das dúas linguas. Os matices aparecen nos límites e nos modos.

As resistencias instrumentais afloran en formulacións e direccións diferentes. Os docentes inciden na súa autoconciencia de que teñen un coñecemento deficiente da lingua galega, segundo os que teñen un dominio algo máis doado do galego non é raro que os menos destros lles fagan propostas ós seus compañeiros do

tipo: “fágoch eu en castelán e ti mo pasas ó galego”, bastantes son os que se senten inseguros e teñen medo a impartir materias nesa lingua. En virtude diso, a pertinencia do esforzo actualizador por mellorar esta formación semella nunha ampla medida seguir a ter un razoable sentido áinda hoxe. Por outra banda, medidas aparentemente posibles como sería a de asigna-la docencia segundo o nivel de competencia na lingua galega entrañaría moitas dificultades dado que favorecería en xeral ós máis novos introducindo unha crise de ruptura nas rutinas actuais de reparto e escolla da docencia establecidas de acordo coa variable da antigüidade no desempeño do labor.

Sobre dos usos lingüísticos dos docentes

En relación co que acontece na Educación Infantil respecto do nivel de utilización da lingua galega, algúns docentes do centro opinan que o feito de que o método de ensino da lectura e escrita da primeira lingua opte polo castelán non implica necesariamente que se incumpra ningunha normativa, dado que no plan do centro figura o uso en Infantil de galego e castelán “indistintamente”; e por outra banda tampouco implicaría necesariamente que o centro fose un axente castelanizador dado que “toda a comunicación que se fai no centro é en galego”. Non obstante, e malia todo, ó longo da entrevista non deixa de reconñecerse que é difícil poder afirmar un posible rol favorecedor da lingua galega por parte do centro cando xa se parte dun feito tan determinante en Infantil como é o de que o primeiro método de lectura sexa en castelán.

O que si semella certo en opinión do ENL é o feito de que sexan impartidas as dúas horas preceptivas de lingua galega. Sen embargo, a opinión das responsables da ANPA semella indicar que de ser así iso, non sempre se transparenta cara ó exterior da aula. Segundo estas, a lingua galega figuraría entre as utilizadas en catro dos seis cursos de Infantil, e o castelán reinaría noutros dous. Nesta liña recóllese a información de que a profesora que imparte no curso de Infantil no que se atopa un fillo seu fala normalmente o castelán, “pero é que ela non é de aquí”.

En todo caso decote reaparece o argumento de que, con todo, o galego a certos niveis ten hoxe un recoñecemento e unha aceptación coa que nunca contara. Nese senso, para os diferentes estamentos entrevistados defini-lo labor do centro coma de caste-lanizador resúltalles en todo caso unha afirmación un pouco esa-xerada.

Por outra banda, afírmase tamén que ós estudiantes lles custa máis memorizar textos en lingua galega ca en castelán, aínda que este feito poida que estea relacionado coa circunstancia de que aprendesen a ler previamente en lingua castelá, ou poida tamén que se atope en relación coas dificultades engadidas que segundo as nais das ANPA presenta para elas o galego normativo, dificultade percibida que as leva a afirmar que hai cousas en galego que elas tampouco entenden e que entón ós nenos lles dá moito traballo.

No mesmo senso redundan os docentes cando afírmnan que os nenos teñen moitas faltas de ortografía, o cal poida que estea relacionado co feito de non aprendérllle-la normativa desde moi pequeniños. Afírmnan que confunden os tres idiomas: o castelán, o galego e o inglés. Para rematar esta docente afirma que ela mesma non era quen de seguir e poder controlar tódolos cambios que vai experimentando a normativa, na súa opinión esta tiña que estar simplificada ó máximo.

En relación coa afirmación feita pola directora do centro de que supostamente fora substituída en Primaria a materia de Educación Física pola de Matemáticas para ser impartida en galego, a medida que avanzaba nas súas afirmacións ía matizando o feito de que ese acordo ela non podía garantilo: “Tomouse ese acordo, agora non podemos”. A afirmación achégase a un pretexto cando se engade que é difícil facelo ó esta-lo libro escrito en castelán, e cando o entrevistador retruca preguntando por qué non se utiliza un manual escrito en galego, respóndese que si, “haberá queache-galo agora (...), estamos mirando libros, e haberá que mirar”. De tódolos xeitos afírmase tamén laconicamente que ese obxectivo non é moi doado de acadar porque os docentes están acostumados

a unha dinámica distinta que se fai moi evidente sobre de todo nesta materia en particular.

En referencia ó que acontece no conxunto do nivel de Primaria sublíñase o feito de que en primeiro se traballa moito o galego, así como o feito de que en sexto as materias de Lingua Galega e a de Coñecemento do Medio xa teñen que ir en galego. En relación co que acontece efectivamente neste curso, os mesmos alumnos recoñecían que na materia de Educación Física o profesor utilizaba con regularidade o galego, así como tamén –segundo elles– en Coñecemento do Medio, na cal recorren ó galego na clase todos salvo un ou dous profesores. Na mesma dirección unha docente recoñecíanos na entrevista a potencia desactivadora das rutinas cando afirmaba que ela mesma, cando impartía Coñecemento do Medio, pasaba moitas veces ó castelán.

En todo caso no proceso detéctase o primado dun feito dominante: a liberdade relativa para que os docentes interpreten os límites do espírito da norma; “e que depende moito das persoas (...), hai profesores que imparten a clase en galego, pero logo hai outros que todo, todo, todo, en castelán”.

A situación depende moito de cadaquén, das preferencias dos docentes. Hai un pequeno grupo de profesores ós que lles gusta que falen sempre o galego. Non obstante, as docentes entrevistadas non deixan de recoñecer o feito de que entre elas habitualmente adoitan optar polo uso habitual do castelán.

Opinións e valores sociolingüísticos dos membros da comunidade escolar

Entre as liñas das nosas entrevistas, e sen que pretendemos unha análise específica dos valores desde os que se considera a pertinencia ou non da normalización da lingua galega, fomos recollendo diversas opinións que axudan a entender algunas das claves que rexen hoxe a abordaxe do problema da normalización lingüística. Os apuntamentos recollidos oscilan entre a procura da proxección cara a unha excelencia solidaria cos más febles, presente entre algúns docentes e membros da ANPA, o inicio dunha

racionalidade identitaria congruente entre os más novos e unha constante prudencia pragmática que tende a favorece-lo recoñecemento das dúas linguas.

Unha das docentes, que era ó mesmo tempo unha das más sensibles cara á lingua galega, formulounos unha reflexión nacida da súa experiencia na que xorden elementos diversos que remiten a unha afirmación da lingua pola vía da solidariedade cos más febles galego-falantes: “Cando as miñas fillas eran pequenas, e fala-ba galego con elas (...), porque claro, eu falei desde xa, sempre galego, e había veces que ía con elas a Ourense, e temos alí uns parentes, e coidado co que rifaban porque lles ensinaba ás nenas a falar en galego. E eu dicía: ¡Pero Meu Deus, non chegará un día en que esta xentiña que vive tan retiradiña polas aldeas, poida ir a un sitio e poida expresarse na súa maneira da falar sen que ninguén se ría deles!”. Pola súa banda, na entrevista ós membros da ANPA recollíase asemade unha reflexión paralela que defendía o dereito a unha aprendizaxe á medida para aqueles nenos galego-falantes con dificultades para se expresaren e traballaren en castelán na escola.

Outra das docentes entrevistadas avanza nesa dirección ó tempo que mostra as resistencias, inseguridades e indecisións que afloran decote cando se trata de querer resubstancia-lo sentido dunha lingua tan semantizada por prexuízos previos de distinta orde: “E deber, deberíamos de falar, que é a nosa lingua e tiñámola que falar. O que pasa moitas veces, pois dis, se meto a pata ou se o fas mal e todo iso. Dis, caramba, se-la túa lingua e que non a fales (...) claro. Eu que sei. Pero bueno (...”).

Certamente a solución de consenso entre linguas resulta favorecida desta concuxtura feita de complexidades e indecisións, “a min paréceme ben que aprendan os dous tanto o galego coma o castelán”, logo a vontade de cada persoa que vaia definindo as eleccións”; “que lle dean os dous e despois el que sexa libre de elixir”, di unha nai; “eu penso fala-las dúas. Coa persoa que fale, o que fale ela faloo eu”. Cando o entrevistador retruca preguntándolle logo cál das dúas linguas preferiría el que se falase, o alumno interpelado contesta: “o galego, máis có castelán porque estamos en Galicia”.

Algún dos docentes apunta cara á opinión de que estamos no bo camiño, aínda que se pode e debe mellorar, defenden que malia todo “estamos un pouco no camiño”. Poida que a explicación a este relativo optimismo non se poida atopar na superficie dos problemas analizados senón, e nunha ampla medida, nun posible pacto tácito que aparenta non existir un temor social excesivo a que o acceso ó castelán se normalice entre sectores que antes o tiñan relativamente vedado, conscientes de que ese cambio pode tamén, aínda que a aparenzia poida resultar paradoxal, favorecer á lingua galega en aspectos substanciais.

Actividades de promoción do uso da lingua galega

Por parte do centro falóusenos inicialmente da existencia de distintas actividades de promoción da lingua organizadas polo ENL: unha revista escolar e algunas outras actividades tales como a organización do Entroido, o Nadal e as Letras Galegas. Neste momento a revista escolar pasa por horas difíciles debido ós recortes experimentados polo presuposto asignado desde a Consellería ó ENL do centro. De tódolos xeitos, a presencia do galego adoita ser habitual nas “actividades culturais”. “Cando se fan cousas como teatro e outras, adoitanse facer en galego”, indícanos unha docente.

No que se refire ás actividades desenvolvidas pola ANPA especificamente, pódese afirmar que a Asociación de Nais e Pais deste centro escolar do interior da provincia de Ourense é unha entidade fráxil que leva a cabo unha programación de actividades na cal non se considera esa posibilidade. En todo caso a ANPA dispón de recursos limitados, así como tamén de claros déficits de implicación e de participación: “pos unha reunión e veñen nove persoas (...)", “nós aínda non nos metemos a fondo (...)", “este ano é que nos colleu sen presuposto (...)" . Non obstante, afirman que están agora a promove-la asociación e que esta organizou excursións, subvencionado a natación e que mesmo promoveu cursos de reciclaxe de papel e de xadrez.

As responsables da ANPA afirman que no seu funcionamento utilizan habitualmente a lingua galega, “o castelán dásenos

mal". Segundo nos confirmaba un alumno de sexto curso de Primaria entrevistado, a ANPA hai pouco tempo fixo unha festa para os pais e aí todo se fixo en galego.

O galego, a nivel da comunidade escolar, confírmase coma o código vehicular privilexiado das actividades culturais de carácter grupal, festivo e identitario. Nelas situacións a comunidade escolar adoita ter clara, alomenos neste centro, as súas preferencias.

A lingua do contorno e a súa incidencia no centro

Segundo as docentes que nos informan, estas coidan que na vila cabeceira do concello fállasellos moito castelán ós fillos e ás fillas, afirman que mesmo que os pais falen galego entre eles é frecuente que se facilite que os fillos falen castelán. Segundo un alumno entrevistado, na súa aldea de vintecinco veciños fálase só o galego mentres que na vila cabeceira hai das dúas clases, hai quen fala galego e hai quen fala o castelán: "Estás na sala de máquinas e os grandes pónense a falar en castelán, e ó mellor estás con outros grandes na praza ou así e falas en galego con eles", laconicamente remata o noso informador dicindo que na súa opinión a xente maior fala máis o galego, mentres que a xente que fala o castelán é máis ben a nova.

Sen embargo, existe unha clara procura de consenso entre linguas, alomenos así semella formalizarse a nivel verbal. Segundo os docentes, por parte dos alumnos e dos pais non se pon de manifesto ningún problema respecto da lingua galega; tamén é certo, pola contra, que tampouco se fan ostensibles grandes demandas a favor do ensino en galego.

Por outra banda, non deixan de aflora-los problemas lingüístico-normativos xa apuntados respecto da lingua entre algúns estamentos. As nais da ANPA láianse de que ás veces, de quereren axudar ós fillos/as en galego, non poderían: "Eu véxoo polos meus nenos, que ó mellor traen un 'crucigrama' e non se adaptan ás palabras que sabemos ás que son (...)", "claro, é que nós tampouco falamos o galego, falamos o de aquí".

Agroma a constatación dunha proclividade favorable ó castelán nas primeiras idades, mesmo en nenos educados en ambien-

tes galego-falantes; unha nai afirma o seguinte: “Hoxe falamos galego con el, pero el case se vai máis ó castelán”. En todo caso, e na opinión dun alumno, os más pequenos tiran ó castelán, pero cando son más grandiños coma el, di que falan todos galego. Tamén é certo que el mesmo recoñece que carece dunha opinión autorizada sobre do que acontece cos que son maiores ca eles.

**RESUMO DE FACTORES FAVORECEDORES/DIFÍCULTADORES DO
CASO 6: CENTRO RURALPÚBLICO NON GALEGUIZADO**

Factores favorecedores do uso do galego no centro	Factores dificultadores do uso do galego no centro
<ol style="list-style-type: none"> 1. A postura da Administración educativa é seguida con atención e ten unha importante influencia orientativa. 2. O papel dos mediadores activos a favor da lingua foi (e segue sendo) moi importante. 3. Ultimamente publicouse moito e de moi boa calidade en galego. 4. Hoxe a valoración social do galego mellorou moito e as autonomías estanse a preocupar polas súas linguas. 5. As novas xeracións de docentes teñen xa unha boa formación en lingua galega. 6. O galego é demandado hoxe pola Administración como un requisito para acceder a distintos niveis da función pública. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. As rutinas tenden a favorecer o castelán sobre de todo nas xeracións dos docentes de maior idade que foron educados en castelán. 2. Estase a producir un certo estancamiento social da mobilización a favor da lingua. 3. O apoio económico da Administración ós ENL é escaso e tende a ir ainda a menos. 4. Aínda segue a funcionar algo a idea de que os que falan castelán se senten superiores ós que falan en galego. 5. Os docentes que hoxe teñen unha idade de corenta anos para arriba teñen unha formación deficiente en lingua galega. 6. Pode estar a producirse o risco de desarrraigamento lingüístico, cultural e identitario en sectores das xeracións más novas.

2.8 Caso 7: *Centro privado galeguizado*

- I Zona: Galicia urbana.
- I Centro privado caracterizado por un nivel alto de galeguización.

Caracterización do centro

O centro no que se realizou este estudio está situado nunha zona céntrica do casco urbano dunha das sete grandes cidades de Galicia. Forma parte da rede de centros dunha orde relixiosa que se estende por toda España. Trátase dun colexio que xa ten unha tradición educativa de moitos anos na cidade. As súas instalacións lembran, arquitectonicamente, ese carácter clásico do centro. Todo nel está moi coidado e dispón de amplos espacios para instalacións deportivas e de recreo.

Malia ser un centro de carácter relixioso, a maioría do profesorado non pertence á orde, senón que son mestres e mestras que viven na cidade e que acadaron no colexio un posto de traballo. Os membros do ED, todos eles homes, si que pertencen á orde. O alumnado que nel estudia vén de diferentes puntos da cidade, sen que estea claro que haxa unha maioría do contorno máis inmediato do centro. Pertencen a familias de clase media (nunha das entrevistas, dise que cando o centro pasou a ser concertado perdeu o alumnado de clase media-alta, que preferiu marchar a outros centros de elite).

As entrevistas que serven de base para a realización deste estudio celebráronse o día 23 de novembro do ano 2000. En tódolos casos, tivemos unha colaboración que se pode cualificar de óptima. Entrevistámonos, por esta orde, cunha nai que ocupa o cargo de vicedirectora da ANPA, cunha profesora de 1º de Educación Primaria (que, dalgún xeito, representaba non só o seu ciclo senón tamén o profesorado de Educación Infantil, xa que traballan estreitamente coordinados), cun profesor de 6º de Educación Primaria (para que nos puidese dar unha visión de cómo rematan a etapa os alumnos e as alumnas), cun alumno membro do Consello Escolar (actualmente, estudiante de Secundaria, pero que fixo

toda a Primaria no centro) e, finalmente, co xefe de Estudios actual, que é tamén o coordinador do ENL. A única entrevista que non se puido realizar foi a prevista co director, dado que o que hai este ano é novo (non é, polo tanto, quen contestou á enquisa) e, ademais, ó ser de fóra de Galicia, aínda está na fase de adaptación a esta nova realidade.

Este centro foi un dos seleccionados para esta análise de carácter cualitativo, non só polo bo grao de cumprimento do decreto, senón tamén por salientar moi positivamente no esforzo por facer un uso normalizado do galego. Isto, que xa non é habitual nos centros educativos das cidades, éo aínda menos se temos en conta que se trata dun centro concertado. Neste tipo de colexiós, posiblemente polos prexúzos das familias do alumnado, ou mesmo por decisión consciente do centro, que utilizaría este feito para distinguirse dos centros públicos, o galego adoita ter unha presencia cativa, e, en moitos casos, non se cumpre a letra, nin moito menos o espírito, da lexislación.

Que aquí ocorra o contrario, chama poderosamente a atención, xa que non hai ningún estímulo externo (nin da Administración nin da sociedade) para que así ocorra; más ben ó contrario, esta postura leva á necesidade de vencer resistencias ferreamente instaladas nos sectores sociais que envían os seus fillos a un centro destas características. Cando indagamos polas causas que fan posible un fenómeno así, axiña damos coa esencial: hai unha vontade decidida, que vén xa deatrás, por parte do ED, de traballar a prol do galego e de facer que a lexislación lingüística se cumpra de maneira efectiva.

Política lingüística do centro

A orixe da actual política lingüística do centro hai que situala a comezos dos anos oitenta, cando se inicia a introducción do galego no ensino e comeza a haber un corpo legislativo específico, sobre todo a partir da Lei de normalización. Por aquel entón era xefe de estudios de Secundaria no centro (e seguiuno sendo ata o curso 1999-2000; na actualidade, está destinado pola orde fóra

de España) un relixioso que posuía unha fonda vivencia que poderíamos cualificar de galeguista e que consideraba que nos centros de ensino tiña que facerse realidade o que as normas legais estaban a deseñar sobre o papel. El foi o motor que ilusionou e fixo poñer en marcha a parte do equipo directivo, a un grupo de profesores e tamén a un grupo de pais. Quen nos conta estes feitos é o actual xefe de Estudios e responsable do ENL, un informante privilexiado, porque el viviu xunto a ese relixioso todo o proceso, desde aqueles anos ata o día de hoxe. Dalgún xeito, na actualidade el asume o papel continuador da obra do relixioso que a iniciou. “Na orde relixiosa á que pertenzo”, aclara, “está asumido que, alí onde vaian, teñen que implicarse na cultura do medio.”

Se hoxe xa cualificamos como moi meritaria unha posición como a deste centro, moito máis tivo que selo cando a iniciaron, vai case para vinte anos: “Foi un proceso con moitas dificultades, no que se avanzou pouco a pouco. Uns anos difíciles: houbo assembleas das ANPA, diferentes escritos de persoas que se oponían (...) As diferentes clarificacións lexislativas posteriores á Lei de normalización serviron para reforzar moito a postura, porque o que se facía non era máis que ser consecuentes coa lei. No plano anual, desde hai tempo, hai fixado o obxectivo de que os alumnos dominen as dúas linguas oficiais, coméntanos o actual xefe de Estudios”. Debeu de ser así, porque as palabras da representante da ANPA van na mesma dirección: “na actualidade está asumida por parte dos pais a postura positiva que o centro mantén respecto do emprego do galego. Pero hai doce anos había protestas porque se daba demasiado galego (...). Mesmo un pequeno sector dos pais retirou os seus fillos do centro para mandalos a outros centros privados da cidade onde o galego tivese unha posición más subordinada”. Asegura que, antes esas protestas, “desde o centro sempre se explicou por qué se facía unha parte do currículo en galego, tal como demandaba o marco legal de Galicia”.

Na actualidade, como veremos despois, cando recollamos as opinións do profesorado, o que están a facer é cumplir o que manda a lexislación, na letra e no espírito: conseguir que os alum-

nos e alumnas acadan unha boa competencia nas dúas linguas oficiais. Como traballan nun contexto onde o castelán está moi presente, tentan privilexiar o emprego do galego como lingua vehicular e na vida informal do centro, para compensar así as desigualdades de partida. “Creo que se pode afirmar que o centro favorece o uso do galego. Non só polo uso que o profesorado fai del como lingua vehicular, senón tamén porque tódalas actividades externas do centro son en galego”, dinos o xefe de Estudios.

A súa maior preocupación está referida ó profesorado, ó que cre que hai que animar para que se implique no proxecto lingüístico do centro, pois hai o perigo “da inercia dos docentes, que é un problema serio”. Pídeselles que, se non manifestan unha participación activa, que, cando menos, “deixen facer”. Na súa opinión, “ó redor dun 30% do profesorado non se toma isto en serio, limitase a velas vir. Un incentivo económico obraría milagres, pero non o hai”. Cre tamén que a institución da que depende o centro deberá de mollarse máis á hora de selecciona-lo profesorado, introducindo o perfil lingüístico, pero, hoxe por hoxe, non o fai.

Di que os docentes son a súa preocupación actual, porque nos pais xa non ve reticencias cara ó galego. “A maior parte dos receos, di, teñen aldea”, querendo indicar que os que teñen prexuízos son persoas que, pola súa orixe, viviron nun medio galego-falante.

Na súa conversa hai unha queixa velada sobre o papel da Administración, que deberá de axudar economicamente ós centros que se implican, coma este. Fala tamén que, desde hai tempo, “teñen o proxecto de crear unha liña de inmersión para ofertarlla ó conxunto da poboación da cidade”, pero que, cando falaron coa Administración, esta non os apoiou. En realidade, o de *inmersión* non é o termo exacto, porque ó que se refire é á creación dunha liña de escolarización en galego, á que asistirían tanto os nenos de familias onde os pais desexan que sexan escolarizados en galego ata os que puidese haber de familias castelán-falantes, que si se achegarián a un programa que lembraría os de inmersión.

A planificación lingüística

O centro, en palabras do actual xefe de Estudios, ten unha planificación lingüística moi coidada, desde Educación Infantil ata a etapa de Secundaria. “A necesidade de seguila é inherente ó centro, obriga a todos”, afirma. Ó preguntarlle se hai reticencias por parte das familias, el di que non as nota. Un dos eixes programáticos do centro é “a normalización lingüística e cultural”, e iso é algo “que se fala cos pais desde o momento en que entran no centro”.

En Educación Infantil, como unha grande porcentaxe dos alumnos son castelán-falantes, o profesorado emprega o castelán durante as sesións de pola mañá. En cambio, nas sesións da tarde (o centro ten xornada partida), as profesoras empregan exclusivamente o galego. Os materiais curriculares que utilizan, áinda que a penas teñen texto, están en castelán. Deste xeito, cumpren co que a lei demanda, no sentido de introducir de xeito sistemático a outra lingua oficial. Con todo, o xefe de Estudios opina que “na actualidade, hai un desequilibrio a favor do castelán”.

No 1º ciclo de Educación Primaria, ademais de introduci-la materia de Lingua Galega (como manda, como mínimo, o Decreto de 1995), tamén teñen en galego o Coñecemento do Medio, a Música e as ‘Oracións’ (non queda claro se, con este nome, se está a referir á materia de Relixión).

Nos ciclos 2º e 3º de Educación Primaria, ademais dos mínimos marcados polo decreto (Lingua Galega e Coñecemento do Medio), imparten tamén en galego as Matemáticas e a Música.

En Educación Secundaria, afirma que a planificación é menos rigorosa, xa que está a expensas do profesorado, porque hai unha parte que non ten a soltura necesaria para da-las clases en galego. O que fan entón é asegura-las materias que a lei sinala como obligatorias e, a maiores, introduci-lo galego naqueloutras onde o profesorado manifesta capacidade e actitude de facelo en galego.

Sobre os usos lingüísticos dos docentes

A información referida a este apartado está tirada, na súa grande parte, das informacóns subministradas pola mestra de 1º de Primaria e polo mestre de 6º.

O profesorado de Infantil e 1º ciclo de Primaria, dinos a mestra, ten unha práctica lingüística acorde coa planificación que se expuxo anteriormente. Di tamén que “traballan para conseguir que os nenos galego-falantes que poida haber non perdan o seu galego, loitan para que non identifiquen que ir ó colexió é falar en castelán”. Declara que é un labor difícil, porque no centro eses nenos tamén se expresan en castelán, igual que a maioría, que xa é castelán-falante de seu. “Iso pasa porque o ámbito dos centros é en castelán, e os nenos, todos, dentro do recinto, falan habitualmente en castelán”.

En xeral, cre que co seu traballo conseguen que os galego-falantes non abandonen a súa lingua. “Estes nenos teñen reparo a usa-la súa lingua, áinda nun contexto favorable, porque temen qué van pensar os demais deles se falan en galego” (nesta resposta aparece ben detectada esa especie de presión invisible do grupo de iguais, unha presión que, tratándose de alumnos de Primaria, pode ser insalvable). En canto ós castelán-falantes, cre que conseguem que teñan un certo avance en galego.

O mestre de 6º de Primaria, manifesta na entrevista que mantivemos con el que, despois dos anos de escolaridade, “se está acadando a consecución do obxectivo dunha boa competencia nas dúas linguas oficiais, áinda que a competencia en galego sexa unha miga menor”. Engade que “os nenos galego-falantes iniciais conservan a súa lingua cando falan co profesorado que tamén é galego-falante, pero que entre iguais cambian de lingua, porque a lingua do patio é o castelán”.

A mestra de 1º opina que, en xeral, o Claustro está a favorece-lo galego, impulsados pola Dirección e a Xefatura de Estudios. Teñen unha reunión semanal onde se tratan as cuestións que van xurdindo na práctica diaria. Cre que este ambiente favorable á presencia do galego obedece ó labor dunhas persoas moi concretas,

entre as que cita expresamente o antigo xefe de Estudios e un profesor determinado.

Entre o profesorado, hai xente que se expresa habitualmente en galego e outra que o fai en castelán. Opina que, en xeral, as actitudes son positivas: “a todo o mundo lle parece natural e lóxico o proceso que levan co galego”. E valora especialmente que haxa unha continuidade ó longo dos cursos.

O mestre de 6º de Primaria, áinda que coincide, en liñas xerais, co anterior, ten unhas opinións más contundentes. Cre que as leis están para cumplirse e que o que está a face-lo centro é cumplirlas leis seguindo as directrices marcadas pola consellería. “Desde a Dirección fixose unha opción clara para que o galego ocupe unha posición de igualdade respecto do castelán. É o propio equipo directivo quen anima ó profesorado a emprega-lo galego”.

Nas súas respuestas, este mestre introduce unha cuestión de moito interese: considera negativo para os obxectivos que pretendan o feito de que os mestres teñan que dar algunas materias en castelán e outras en galego, porque isto fai que os alumnos non asocien a lingua coa persoa. Cre que debera de haber profesorado monolingüe en galego, para facilitar así a resposta do alumnado. El bota en falta non poder dar todo en galego.

Con todo, cre que está mellorando a soltura dos rapaces á hora de expresárense en galego, “áinda que, se teñen que preguntar unha dúbida, tenden a facelo en castelán”.

Unha cala nas opinións e valores sociolingüísticos dos membros da comunidade escolar

O feito de que se realizasen entrevistas con diferentes representantes da comunidade escolar fai que se poida ofrecer un panorama representativo desa comunidade. As opinións más relevantes recóllese aquí, seguindo a orde na que se realizaron as entrevistas.

A nai representante da ANPA ofreceunos unha visión moi interesante da realidade do centro; declara que pode falar con coñecemento de causa, xa que afirma ter unha perspectiva global

de todo o que pasou nestes anos: leva xa doce anos na ANPA, ocupando na actualidade o cargo de vicepresidenta. Declárase moi ligada ó centro, mesmo por motivos familiares, xa que o seu mariado é exalumno del.

Sobre a situación positiva que o centro mantén respecto do galego, ela cre que non é debida a que haxa unha lexislación e se vexa unha necesidade legal de cumplirla, senón á capacidade de arrastre do centro, e, máis en concreto, a algunas persoas (cita o antigo xefe de Estudios, e tamén o actual). “No espírito do centro hai unha apostila clara a favor do galego, impulsada por persoas concretas que están no equipo directivo (...). Se o centro ten as ideas claras, os pais van entrando sen problemas”. Indica que nas primeiras reunións, o director explicáballe-las vantaxes de medrar en dúas linguas. Desde a ANPA están de acordo con que os nenos acaden unha boa competencia en galego, e cre que ninguén pon peros ós medios empregados para conseguir iso. “Vívese o galego no centro, e isto trasládase ás actividades da ANPA, que participa en proxectos en galego que ten o colexio (...). A vida da ANPA é tamén en galego”.

Cre tamén que os pais novos que matriculan os seus fillos no centro xa saben a qué centro veñen, coñecen esta actitude, “posiblemente porque funcione o boca a boca. Cando se lle indica que o seu centro é unha excepción na cidade, xa que outros non cumpren coa lei deste xeito, ela opina que “iso pode deberse a que non hai un respaldo da Dirección do centro e a que falta o espírito necesario para levalo a cabo”. Tamén lle parece que hai profesores que se escudan no feito de que os pais non queren, e tamén en que hai pais que din que o estudio do galego é perde-lo tempo. Volve cita-lo caso deles: “ó primeiro custaba aceptar a nova realidade; pero, dez anos despois, todo o mundo está contento”.

En canto ó profesorado, xa se foron recollendo anteriormente as opiniós tanto dos dous mestres como do xefe de Estudios. En resumo, podería dicirse que hai un sector maioritario do profesorado que se implica activamente no plan lingüístico que ten o centro, pero outro sector (o xefe de Estudios fala dun 30%) simplemente se deixa ir.

Os dous mestres opinan que non hai actitudes negativas entre o profesorado, entre os que hai persoas castelán e galego-falantes.

Á pregunta de por qué este centro é distinto no tratamento das lingua, a mestra de 1º opina que “o centro ten claro que as cousas deben ser así, e iso transmítese a todo o profesorado”. E cre que noutrios sitios a situación é distinta porque “quizais o profesorado non estea integrado coa cultura galega, porque lles é máis cómodo non estalo, e porque quizais o medio habitual dos rapaces é en castelán”. O mestre de 6º ten unha opinión semellante, como xa se transcribiu antes: cre que as leis están para cumprirse e que, neste sentido, a Dirección do centro fixo unha opción clara para que o galego ocupe unha posición de igualdade respecto do castelán. “É importante que haxa referentes, referentes que sirvan para animar e motiva-lo profesorado”.

Sobre a percepción que o profesorado ten da posición dos pais, este mestre cre que “pode haber algunas familias que vexan isto como un aspecto negativo do centro, xa que cren que se fai un uso excesivo do galego. Pero o sentir maioritario da xente é que está ben así (...). Cada vez son más os que solicitan que o ensino do seu fillo sexa tamén en galego. E hai un sector de pais que piden a creación dunha aula integralmente en galego”.

En canto ás dificultades que atopan no seu labor, os dous citan o dato de que o alumnado é castelán-falante na súa maioría e, por riba, “seguen a face-la asociación da escola co castelán, áinda que ningúén llela diga”, opina a profesora de 1º. Ela ve como dificultade fundamental a opción lingüística dos ambientes nos que se moven os nenos: “a televisión, a literatura que len, o cine, as súas casas (en moitas fálase en castelán)”. Como consecuencia disto, “o galego é unha lingua que, en principio, elles descoñecida, e hai que collelo case coma se fose unha lingua estranxeira. Moitos nenos, o único lugar onde escóitan falar en galego é no colexiño”. O mestre de 6º opina que “é fundamental transmitir-lles ós alumnos afecto e cariño pola lingua. Porque o galego vén dunha época de marxinación. E porque deben entender que, cantas máis linguas dominen, mellor”. Tamén a mestra de 1º incide

nesta importancia das actitudes: “dos rapaces, pode haber unha minoría con reticencias ante o que está en galego. Cómpre atraelos con estímulos e materiais en positivo (...). A consecución dos obxectivos non é doada, e hai que ter paciencia, xa que as cousas leva tempo conseguilas”.

A entrevista co representante dos alumnos serve para confirma-lo panorama lingüístico que se veu apuntando deica agora. Aínda que se desenvolveu de xeito moi esquemático, xa que o alumno se limitaba a dar respostas sintéticas, o contido é do maior interese.

Ó preguntarlle cál é a lingua que os alumnos utilizan habitualmente entre eles, responde que é o castelán, incluso por parte dos alumnos galego-falantes: “os que falan galego, fálano cos pais. Entre nós, o que predomina é o castelán”. Cre que isto pode ser debido ó feito de vivir nunha cidade, xa que nos ámbitos urbanos non hai espacios que promovan o uso do galego. Tampouco non descarta que poida haber algún tipo de prexuízos.

Sobre a lingua empregada nas clases, afirma que durante a Educación Primaria tivo en galego as materias de Lingua Galega, Ciencias Sociais e Matemáticas; non lembra se tamén tivo Música. Di que os materiais estaban en galego e que esa era a lingua empregada polos alumnos, agás casos moi puntuais, referidos a alumnos que viñan de fóra. No feito de domina-lo galego influía tamén un interese práctico, xa que “necesitas dominalo para ir ben nas materias que se imparten en galego”.

Algúns datos sobre a existencia de actividades de promoción do uso da lingua galega

Ó longo das diferentes entrevistas, un dos motivos recurrentes foi esta vontade do centro de promove-la utilización da lingua galega dentro do recinto escolar.

Ademais da promoción más explícita, como era a dalgunhas persoas carismáticas con grande capacidade de arrastre, fixose especial fincapé na promoción da lectura, que se coida moito, e tamén na edición dunha revista que debe xogar un papel

relevante na vida social do centro, pero que non tivemos ocasión de ver.

A lingua do contorno e a súa incidencia no centro

Como se dixo en reiteradas ocasións, o ámbito urbano favorece o uso social do castelán, aínda que o galego sexa, en moitos casos, a lingua familiar. Este centro, ó estar nun contexto urbano, non é alleo a esta práctica lingüística no contorno, malia que, neste caso, o problema non se presenta tan agudo como noutros ámbitos urbanos de Galicia, xa que se trata dunha cidade onde o galego ten unha presencia aceptable na vida social.

É obvio que, nun contexto máis galeguizado, o labor do profesorado deste centro veríase moi favorecido. En repetidas ocasións, afirman que unha das dificultades evidentes é que os rapaces veñan ó centro falando en castelán, tamén os de familias de práctica lingüística en galego. Pero tamén son conscientes de que este é un dato co que hai que contar, e que hai que consideralo á hora de planifica-lo labor que se faga nas clases.

Durante a visita, as conversas informais que puidemos escoitar entre os alumnos e alumnas (sobre todo no patio e á saída das clases) eran en castelán, na súa inmensa maioría.

O actual xefe de Estudios, nunha parte da entrevista dedicada a analiza-la situación actual, di que a eles non lles favorece nada que a Administración non faga cumpri-la Lei, porque “os deixa co cu ó aire respecto a outros centros”. Cre que está ben que a Administración anime e dea medios, que deberan ser más, pero, engade, “antes que nada, ten que facer cumpri-la lei en tódolos centros”.

**RESUMO DE FACTORES FAVORECEDORES/DIFÍCULTADORES DO
CASO 7: CENTRO PRIVADO GALEGUIZADO**

Factores favorecedores do uso do galego no centro	Factores dificultadores do uso do galego no centro
1. Cumprimento da letra e do espírito do decreto actualmente en vigor.	1. Dificultades para que a totalidade do equipo docente asuma as propostas lanzadas desde a Dirección (debidamente, sobre todo, á existencia dunha práctica lingüística distinta –desfavorable para o galego– na maioría dos outros centros da cidade).
2. Esforzo por normaliza-lo galego na vida do centro.	2. A gran presión exercida polo castelán como lingua prestixiada no ámbito social.
3. Interese por trasladar ás familias unha visión positiva do galego.	3. O alumnado segue a face-la asociación “escola = castelán”, polo que incluso os alumnos galego-falantes, nas relacións entre iguais, empregan o castelán dentro do centro.
4. Teñen planificación lingüística e lévana á práctica.	
5. O proxecto positivo a prol do galego débese, fundamentalmente, á existencia de determinadas persoas do equipo directivo con capacidade de arrastre e que ofrecen un exemplo vivo coa súa práctica cotiá de traballo favorable á normalización da lingua.	

2.9 Caso 8: Centro privado non galeguizado

- Zona: Galicia urbana.
- Centro privado caracterizado por un nivel baixo de galeguización.

Caracterización do centro

O oitavo caso que presentamos trata a situación dun centro privado situado na zona de ensanche dunha das vilas galegas capitais de provincia. Este centro conta con seis unidades de Educación Infantil e con dezaoito de Primaria. Estes labores ocupan a un colectivo de trinta docentes de entre os cales dez son mulleres. Os membros da orde relixiosa que é titular do centro asumen só a docencia da materia de Relixión.

Respecto da idade dos profesores que imparten docencia en Infantil e Primaria pódese decir que a media sitúase en torno ós trinta e cinco anos e que algún deles se atopa en torno ós sesenta anos. Algúns dos docentes residen no rural no contorno da cidade e outros na vila.

O centro está situado nunha área urbana na que se produciu unha importante expansión de vivendas construídas con prezos medios o cal provocou unha avalancha na zona de pobodores de clases medias e media-baixa as cales constitúen hoxe a clientela maioritaria do centro.

De acordo coa información reflectida no estudio de caso, pódese afirmar que unha parte das comunicacións externas do centro realizanse en lingua galega, e o centro dispón dun boletín no que tamén se utiliza a lingua galega.

O centro conta cunha ANPA que efectúa case tódalas súas comunicacións en lingua galega. No decurso das entrevistas realizadas no centro constatouse unha situación más complexa do que podía desprenderse dos resultados obtidos nas primeiras enquisas realizadas. Do mesmo xeito que nalgúns outros centros, atopámonos cunha situación de inicio dun cambio de valores respecto da lingua que, non obstante, ainda non é quen de promover unha transformación profunda nos usos cotiáns. A situación resultou más rica do agardado tanto en posicionamentos coma en prácticas. Non obstante, tampouco hai que ocultar que na entrevista co director do centro podía traslucirse un esforzo claro por achega-los datos que nos ía fornecendo tanto á normativa vixente como ás preocupacións normalizadoras que se lle presupoñían ós responsables da investigación.

A política lingüística do centro

De acordo cos datos recollidos nas diferentes entrevistas pódese afirmar que o centro ten unha actitude moi respectuosa polo cumprimento da lei, algo que se reflicte en afirmacións como as do director cando el nos indicaba que fora profesor en Cataluña nun centro da mesma orde e que a situación fora a mesma de res-

pecto, de adaptarse ó preceptuado pola Administración. En todo caso tódolos colectivos implicados na comunidade escolar recoñecen que o centro se toma en serio a normativa da Xunta favorecéndose un claro cumprimento da lei tanto por parte das persoas autóctonas e galego-falantes de orixe como por parte dos docentes non galegos.

Respecto da liña seguida polo centro na produción de información cara ó exterior, constátase cómo desde o centro se utiliza o galego no envío de escritos, por exemplo, á Inspección Educativa. Non obstante, recoñécese que para comunicárense cos pais se recorre maioritariamente ó castelán. Quizais isto estea relacionado cunha opción por adaptarse ó cliente dado que desde a Dirección do centro se recoñecía que a porcentaxe de pais que falan galego cos fillos era moi reducida, reaparecendo de novo esa contradicción entre valores declarados e praxe efectiva. Resulta evidente que algo está a cambiar, pero que aínda non se resolveu o novo reequilibrio entre novos valores emerxentes e novas prácticas sociolingüísticas.

Segundo a Dirección do centro, cando un profesor fala cos pais o docente tenta adaptarse ás preferencias dos pais. Evidentemente, e á vista do que acabamos de dicir, esta adaptación no presente momento camiña máis a favor do castelán ca do galego. Malia a todo, desde o centro afírmase que este exerce unha postura de equidade de non influír na contra do galego e no caso dalgúns persoas mesmo de influír claramente ó seu favor.

Respecto da presencia da lingua galega en Educación Infantil, desde a Dirección do centro afirmouse, malia que os datos reflectidos nas enquisas feitas no centro indicaban unha presencia de prácticas docentes moi favorables ó castelán, que se daría “incluso unha situación paritaria”. Segundo a información recollida dos responsables directos da docencia, pódese afirmar que “a escolarización é en castelán, pero faise un horario de tres horas semanais dedicadas ó galego”. Esta presencia do galego en Infantil realizaase a través de canles axeitadas ós intereses desas idades: contos e cancións, basicamente. Ós alumnos de tres anos fálaselles en

castelán, ós de catro anos xa se lles vai introducindo algo de galego, e ós de cinco algo máis. Como balance afirma que os nenos o galego vano entendendo, pero que de decidírense a falalo, nada. Recoñécese, quizais para darlle congruencia á información achegada, que en quince anos de docente só se atopou co caso dun neno que falase só galego.

En Educación Primaria as materias impartidas en galego son a Lingua Galega e o Coñecemento do Medio. Unha información facilitada polo director, e referendada en parte por un dos docentes de Primaria, indica que nalgunha outra materia tamén se recorre á utilización de textos en galego, en Música, Educación Artística e que mesmo “se dá algúns casos en Matemáticas”. Un dos docentes que se declara galego-falante por sentilo, “porque é da aldea”, afirma que el algunhas veces “vaise” cara ó galego mesmo en clase de Matemáticas, aínda que non é inhabitual a chamada de atención dos alumnos para lembrarlle a orde das cousas: “profe, que estamos en Matemáticas...”. Desde a ANPA do centro indícase-nos que no centro, de acordo coa información da que dispoñen, impártese ademais de Lingua Galega, Coñecemento do Medio e outra materia “que ó mellor non é a que debería ser, por exemplo, Matemáticas”, optándose pola contra por aquelas más doadas e que son as que menos usan a escrita tales coma Ximnasia e ó mellor Música.

Mentres o director opta por incidir na condición de neutralidade do centro, un dos profesores de sexto de Primaria afirma que no centro o que se fai neste nivel é inculca-lo galego desde abaixo de maneira que tódolos alumnos saibam que existe o galego e que este coñecemento e este achegamento se produza non por imposición senón por gusto. Máis en particular, afírmase que o que preocupa é que os alumnos sexan capaces deilo escribindo e falando.

En todo caso, ás veces resulta difícil poder entende-las claves profundas que poden conducir a docentes e directores de centros a afirmar que o centro fai un labor claro a favor do galego, e a aceptar que nunha certa medida, e tendo conta do contexto no que

se están a mover, isto poida ser así. No caso deste centro, coma no de moitos outros, atopamos unha situación paradoxal segundo a cal a percepción, alomenos da situación, pode variar de acordo co punto de vista e con base na variabilidade dos criterios dos que parta cada actor que analiza as decisións tomadas por el. Pode resultar comprensible que para o director dun centro que vén de fóra de Galicia, para un profesor criado na aldea e que viviu toda a súa experiencia educativa en castelán ou para un docente non galego, a situación do ensino en Galicia sexa algo que se lle poida asemellar mesmo a unha cruzada de regaleguización, mentres para un avaliador externo o feito de que en Educación Infantil só se imparten tres horas semanais en lingua galega pode resultar máis unha presencia simbólica e autoxustificatoria ca un acto relevante de tipo pedagóxico a favor da lingua galega.

Respecto do quefacer que está hoxe sobre da mesa para os distintos actores implicados neste proceso, no nivel de centro aparecen tres posturas relativamente diferenciadas e decantadas que suscitan algunas reflexións relevantes. Se o director di mostrarse satisfeito coa situación actual, afirmendo que o apoio recibido desde a Administración é suficiente, e que mesmo contan cunha biblioteca de máis de mil libros en galego, outros membros con responsabilidade debuxan un panorama distinto. Segundo o responsable do ENL do centro, eles coma tal equipo non teñen asignado ningún recurso para desenvolveren o seu labor; por outra banda este labor reséntese coma tal dado que non é obrigatorio nin remunerado. Isto provoca seguido unha clara fraxilización pois “hoxe en día todo o mundo ten demasiadas cousas que facer e vese forzado a relegar aquilo que non é obrigatorio”. Por iso a realización de xuntanzas trimestrais previstas no regulamento non se adoitan cumplir entre outras cousas porque non podes obrigar a ningúen que acuda fóra da xornada laboral. A última xuntanza que tiña que facerse áinda non se levou a cabo, pero adóitansen tratar problemas tales coma o de que “somos un centro urbano con nenos castelán-falantes”.

Pola súa banda, a ANPA achega informacións e formula reflexións capaces de orientar novos esforzos. Segundo os res-

ponsables desta entidade teñen recollido demandas de pais reclamando a utilización da lingua galega en Infantil cunha intensidade maior. Asemade confirman que na súa opinión sería mellor utiliza-la lingua galega en materias como Matemáticas fronte a outras como Música, dado que iso sería na súa opinión moito mellor para a normalización da lingua galega. Moi probablemente, esta liña de demandas de fortalecemento do proceso normalizador a través das ANPA estea chamado a xogar un papel crecente nos anos que veñen, nos que empezarán a converterse en pais unha nova xeración de antigos alumnos, os cales terán superado, nunha ampla medida, moitas das tradicionais resistencias fronte ó galego ó seren xa eles mesmos estudiantes nesa lingua.

Sobre dos usos lingüísticos dos docentes

Na opinión do director, o profesorado do centro é galego-falante e nalgúns casos xa fixo estudios de galego en maxisterio, e en xeral pódese afirmar que está ben capacitado e contando algúns mesmo coa especialización en lingua galega. De tódolos xeitos, recoñece que o uso informal do galego non é algo moi frecuente, aínda sendo a maioria do profesorado galego-falante, mesmo acontece a miúdo que unha persoa fale en galego e outra responda en castelán. Para o director isto evidenciaría unha actitude xeral distendida respecto da cuestión da lingua. En todo caso o que si precisa con claridade é o feito de que pode existir en torno a un vinte por cento dos docentes que están a influír a favor da lingua galega.

Algún docente pertencente a esta minoría favorecedora do avance no uso da lingua recoñece que nalgúns casos utilizan o galego como lingua vehicular máis alá das materias preceptivas de Lingua Galega e Coñecemento de Medio, noutras coma Matemáticas. Non obstante recoñecen que outros que son de fóra mostránsenlle más remisos a se expresaren en galego. Tamén existen aqueles que son galegos e se mostran favorables á lingua, pero que non adoitan falar galego. Para un amplio segmento o uso do galego é más restrictivo e atéñense só á norma: falar galego só en Lingua Galega e en Coñecemento do Medio. No outro extremo pode haber

un grupo moi pequeno de docentes –dous ou tres– que infravaloran a lingua galega. Se temos en conta que hai tres xeracións de docentes, os máis vellos e os más novos son os más sensibles á lingua: o problema está na xeración intermedia.

Por outra banda, e respecto da dinámica dos procesos formativos, pódese afirmar que agora xa empeza a haber rapaces interesados cos que se pode intentar que saibam máis e que se preocupen máis polo galego, pero ata agora o interese era mínimo. De tódolos xeitos, en xeral, se lles falas en galego, os alumnos adoitan responder en castelán. Quizais isto non resulte totalmente alleo a feitos constatados tales como que “o feito de que o manual de Música estea en galego non implica que a clase se dea nese idioma”.

En xeral, a situación evidencia de novo unha ambigüidade á que non é doado subtraerse totalmente e que non podemos achacar con exclusividade ó afán do informador de limar asperezas respecto deste asunto. Por exemplo, na entrevista ó director do centro hai dous momentos nos que fala do profesorado en termos contrapostos; nun momento afirma que o que máis está a favorece-la normalización da lingua galega é o papel da Administración e o labor desenvolto por un grupo de profesores ó seu favor. Non obstante, noutro momento recrimínalle ós docentes a súa frouxedad respecto deste asunto afirmando que a Administración atopa límites ó seu labor normalizador na medida na que o profesorado ten unha certa falta de entusiasmo e o que busca é cumplir a súa obriga de da-las súas clases, terminar ás cinco e en poucos minutos estar xa na rúa ou na súa casa. Sen dúvida, o director está dicindo varias cousas ó mesmo tempo, que non tódolos profesores actúan igual, algo que xa sabemos, pero tamén que a Administración obra con normalidade na medida na que decide confiar na vontade espontánea dos docentes, algo isto menos claro có anterior, dado que esquece o feito de que os docentes son tamén persoas condicionadas polas súas obrigas e limitacións e, polo tanto, con coercións obxectivas respecto das súas dispoñibilidades de tempo.

Por outra banda, os docentes non deixan de chama-la atención sobre dunha presión sutil por parte dalgúns pais cando se

xuntan con eles ó afirmar que o problema dos rapaces para estudiar, por exemplo, unha materia como Coñecemento do Medio é de que teñen que estudiala en galego e que iso lles cuesta moiísimo e que eles non están capacitados para traducirlles moitas das palabras que non comprenden. Isto leva ós docentes a expresarse nunha especie de versión bilingüe traducindo ó castelan algunas das palabras que lles resultan menos doidas de comprender. Quizais non sobre aquí lembrar neste momento que na actualidade a maioría dos pais pertencen, ou case, a esa xeración intermedia que recibiu máis presións e estímulos simbólicos en contra que a favor da lingua galega.

Por outra banda, os docentes inciden tamén en carencias relevantes tales como que contan con escaso material audiovisual para apoiar materias como Coñecemento do Medio, afirmando por exemplo que sería deseable que puidesen contar con algúns servíciros ben organizados que lles facilitase documentais como os que saen na TVG.

Unha cala nas opinións e valores sociolingüísticos dos membros da comunidade escolar

As valoracións persoais, detraídas da entrevista ó director do centro, achégannos afirmacións tales como a de que o centro debe procurar con claridade o cumprimento deseable da lei que aspira a que os nenos acaden unha competencia equilibrada nas dúas linguas. Cando o director nos informa que, segundo unha enquisa feita no centro hai catro anos, se constatou que unha gran-de maioría das familias falaba o castelán cos seus fillos, este asturiano, que exerceu de director tamén nun centro da mesma orde relixiosa en Cataluña, chega a dicir que iso na súa opinión resulta lamentable.

De tódolos xeitos, as opinións do director están satisfeitas coas ambicións da lei. Nese senso e ante a cuestión formulada por nós de se, tendo en conta a situación lingüística obxectiva da súa comunidade escolar, non sería preciso un sobreesforzo para incrementar e potencia-la presencia da lingua galega aumentando a súa presencia

respecto do castelán, a súa resposta derivou cara a outra análise a modo case de parábola nunha orientación que ata ese momento estivera relegada na súa reflexión. O director contounos que o seu fillo lle falaba dos ríos Teixo e Douro, e que logo fora de excursión a Madrid e lera o nome dos ríos Tajo e Duero (...), pero por parte dalgúns pais xorden preocupacións de que isto poida levar a desvantaxes respecto ó resto do país. Na súa opinión, e seguindo esta mesma proposta lóxica, “se estamos a falar da aldea global non ten por qué existir unha prevalencia dunha lingua sobre outra”. Unha convivencia harmónica –en termos paralelos ós que defende a Administración, entendemos polo seu discurso– sería a situación ideal.

Entre os docentes xorden opinións na liña de que se ten mellorado moito desde a primeira época heroica na que traballabamos na clase cuns textos que viñan no periódico *La Voz de Galicia*, pero o certo é que aínda segue habendo moito por facer. Nótase que cada vez hai máis interese polo idioma como polas cousas galegas en xeral. Afírmase que o que se fixo desde a Administración no nivel de política lingüística foi importante, pero coidase que aínda ten que afondarse moito máis nese labor. “O que temos que acadar”, opina un dos profesores más sensibles respecto da lingua, “é que o idioma en si non sexa unha cousa imposta senón algo noso, dos nosos costumes”. Mesmo se recorre ó argumento de forza de que ha ser así tendo en conta que somos unha comunidade autónoma. En todo caso a apostá é a favor dunha sensibilización crecente das nosas xentes, non por unha imposición. O argumento que subxace é o de desenvolve-la capacidade de seducir e convencer: “o que temos que tratar –dise– é de que haxa máis docentes que utilicen o galego para informar e para que se saiba, pero non por imposición, senón que sexa porque é unha realidade que está aí, non xente que di que hai que estudia-lo galego, pero que ó fin e ó cabo o menospreza”. En todo caso a estas argumentacións róldalles no nivel pragmático un claro risco de circularidade.

Cando preguntamos e nos diriximos ós alumnos do centro, estes infórmannos de que entre eles falan case sempre en castelán. O galego poden utilizalo en expresións más ou menos anecdóticas ou

en frases feitas. O motivo principal é o de que nas familias adoitan fala-lo castelán. Logo, para lexitimaren esa elección, as argumentacións son orixinais, por exemplo: "Home, porque en Sudamérica utilizan máis o castelán –malia todo e sen carecer de bos reflexos o mesmo alumno retrúcarse a si mesmo– áinda que en Brasil utilizan o galego e o portugués". En todo caso, afirman como unha causa que favorece a súa decisión, o feito de que xa desde pequenos no centro se lles ensine en castelán continuando así no colexio coa mesma práctica lingüística que a que tiñan na casa cos seus pais.

Non obstante, un dato que xa apuntara noutros centros é o de que os alumnos teñen a impresión de que os seus compañeiros maiores falan algo máis o galego.

Para o responsable do ENL do centro pódese afirmar que en moitos aspectos os nenos teñen ido entrando na aceptación do galego. Non hai resistencias, eles agora teñen claro que é unha materia máis. Ese nivel de aceptación non implica que o vaian utilizar, sen embargo tampouco quedan estrañados mirando para quen o fala.

Isto é o que acontece en xeral, o cal non evita que quede áinda algúñ daqueles que se preguntan “¿para que vale o galego?”, e xa hoxe é posible que haxa algúns que o pensan, pero que non se atreven a dicilo.

Moi significativa e relevante resulta hoxe a postura da ANPA deste centro privado urbano que defende a opinión de que no currículo debía dárselle máis preponderancia ó galego porque a realidade que teñen actualmente no centro é maioritariamente favorable ó castelán. E coidan que debería facerse un esforzo nese senso para que puidesemos acadar unha relación “realmente equilibrada” entre as dúas linguas.

Neste senso semella, por varias das tendencias que están a apuntar hoxe na situación sociolingüística do país, o feito de que pode estar a emerxer unha especie de revancha fronte ó estigma que tradicionalmente ten lastrado a capacidade da lingua para exercer no espacio público. Esta ‘revancha’ estaría a asumi-la forma dunha especie de pacto tácito orientado a ir despezando o sistema

de prexuízos que fora fraguando en torno súa. Isto é algo que vai camiño de ser un feito, novo e xeneralizado, que sen implicar que a xente acepte unha escolarización prioritaria en galego, está sen dúbida a situarnos nunha dimensión moi distinta da de hai algúns anos. Esta transformación contextual xorde coma un terreo fertilizado no que poder experimentar novas propostas e iniciativas.

Actividades de animación lingüística promovidas polo centro

O centro apostá por estar inserido no seu barrio e nese sentido gábase de colaborar co movemento asociativo sobre todo céndolle locais e as instalacións á asociación vecinal. Colaboran na súa festa que ten unha preocupación cultural e comunitaria. E este apoio foi recoñecido pola asociación que lle outorgou dous anos un galardón de recoñecemento.

Por outra banda, o centro estimula entre os seus alumnos a participación en campañas institucionais de promoción lingüística e cultural. Un exemplo pode se-lo da campaña de Castelao que se fixera no ano 2001 e na cal algúns alumnos e alumnas do centro chegaron a acadar premios.

No centro celébrase tamén o Día das Letras Galegas e promóvense traballos sobre autores galegos homenaxeados, como Manuel Murguía, Xoán de Cangas e outros. Asemade, cando se fan festas no colexio, fanse actividades de teatro que ás veces son tamén en galego.

A ANPA, pola súa parte, solicita anualmente as axudas da consellería e colabora co centro na edición dunha revista que tamén desde a ANPA se procura que se faga en galego. Colabora tamén promovendo actividades de contacontos e, en xeral, a ANPA procura utilizarlo galego en tódalas actividades que desenvolve.

As linguas de fala no contorno e a súa incidencia nas prácticas lingüísticas do centro

Cando abordámo-los trazos xerais que definen a situación sociolingüística do barrio atopámolo resultados agardables. Na

zona, a poboación de certa idade fala maioritariamente o galego, mentres que a mocidade utiliza sobre todo o castelán. Entre os alumnos o castelán é polo tanto a lingua maioritaria. Nunha enquisa realizada polo centro hai catro anos, comprobouse que unha porcentaxe moi alta de familias utilizaba o castelán para falar cos seus fillos. En xeral, semellan existir máis resistencias, áinda que non explícitas, por parte dos pais que por parte da Administración. As familias emerxen como o principal atranco, e así ecoan opinións coma a daqueles pais que din que: “o rapaz, si ten que sabe-lo galego, pero ó fin e ó cabo o importante é o inglés”, que mesmo sendo minoritarias non deixan de estar presentes. Isto lévaos a constatar que, máis alá dalgunhas estatísticas que dan porcentaxes altas de galego-falantes, eles comproban día a día como nesta cidade hai moitos castelán-falantes. Así, nas clases atopas nenos e nenas que, gustándolle-lo galego, “en seguida che din aquilo de ¡profe, que no es hora de gallego!”. En todo caso, o que si é unha constatación clara é a de que nunca houbo pola lingua ningunha protesta dos pais, nin sequera entre os xitanos zamoranos de segunda xeración que son castelán-falantes exclusivos.

Non obstante, hai un fenómeno que empeza a acadar xa cifras importantes e é o número de familias implicadas e particularmente sensibles á cuestión da normalización da lingua. Por outra banda, o feito de que este barrio poida ser definido como basicamente poboado por persoas de ideas progresistas provoca que, áinda que o galego non sexa a lingua máis falada, exista unha clara concienciación ó seu favor.

Se falamos dos contornos, no sentido máis concreto de tipo organizacional, vividos por entidades como as ANPA, podemos recoller aquí unha súa opinión de carácter crítico que subliña o feito de que resulte hoxe un anacronismo que entidades tales como a Federación de ANPA, á que pertencen, con sede na Coruña, sigan a utilizar só o castelán como lingua vehicular.

**RESUMO DE FACTORES FAVORECEDORES/DIFÍCULTADORES DO
CASO 8: CENTRO PRIVADO NON GALEGUIZADO**

Factores favorecedores do uso do galego no centro	Factores dificultadores do uso do galego no centro
<ol style="list-style-type: none"> 1. A existencia dun gupo de profesores/as posicionados claramente a favor da normalización da lingua galega. 2. A existencia dalgunhas familias con alto nivel cultural que se posicionan a favor da lingua galega. 3. Constanan como hoxe en día a sociedade galega sabe máis lingua galega (reflexivamente) do que nunca soubo. 4. O centro gábase de tomar moi en serio as normas respecto da lingua emanadas desde a Xunta de Galicia. 5. Semella que o alumnado de cursos superiores son algo más proclives cós pequenos a expresárense en galego. 	<ol style="list-style-type: none"> 1. Detéctase certa deixadez por parte dealguns mestres que imparten galego por obriga e ás veces pouco formados. 2. A postura tanto da familia coma da escola na etapa infantil condiciona a postura dos nenos pequenos a favor do castelán. 3. As posturas das familias provocan actitudes pouco receptivas cara ó galego por parte do alumnado. 4. A Administración non intervén moito no proceso normalizador e disto derivan problemas como a fraxilización dos ENL. 5. Detéctanse carencias diversas e a varios niveis en material didáctico e pedagóxico: audiovisual, diccionarios, etc.

2.10 *Conclusóns: puntos fortes e febles, e resultados do DAFO*

Trala exposición e comentario detallado dos casos que conformaron o noso obxecto de estudio nesta parte da investigación, procedemos neste epígrafe a presenta-los resultados dunha análise DAFO tendo en conta os elementos que fomos comentando nos distintos casos, e moi especialmente os puntos fortes e febles que salientamos en cada un dos oito casos.

O DAFO é unha técnica de análise de tipo cualitativo que permite presentar un diagnóstico da situación mediante a concreción dos factores e indicadores, tanto externos coma internos, que interveñen no contorno analizado. O obxectivo, xa que logo, é o de ofrecer un diagnóstico-análise daqueles factores que favorecen ou impiden o desenvolvemento dun proxecto como é, no caso que estamos a considerar aquí, a normalización da lingua galega no ámbito do ensino infantil e primario.

Desde un punto de vista práctico, o DAFO concrétese na presentación de catro aspectos da análise dos factores que interveñen no proxecto analizado: as feblezas, as ameazas, as fortalezas e oportunidades.

Feblezas	Fortalezas
<input type="checkbox"/> O apoio económico da Administración ós ENLÉ escaso e isto provoca a súa fragilización.	<input checked="" type="checkbox"/> O marco legal e a postura da Administración educativa ten un claro efecto orientativo das prácticas.
<input type="checkbox"/> Detéctase certa deixadez nalgúns docentes que imparten o/en galego só por obriga e outros que mesmo declinan cumplir esta responsabilidade.	<input checked="" type="checkbox"/> O papel dalgúns docentes como mediadores activos a favor da lingua ten tido unha gran relevancia a favor do proceso de normalización.
<input type="checkbox"/> Os docentes de máis de corenta anos adoitan ter unha formación deficiente en lingua galega.	<input checked="" type="checkbox"/> O profesorado formado recentemente está familiarizado a nivel cultural e curricular coa lingua galega.
<input type="checkbox"/> Algúns alumnos valoran como unha vantaxe a favor do castelán a súa maior presencia internacional.	<input checked="" type="checkbox"/> Os nenos teñen moitos menos prexuízos dos que tiñan seus pais e nais fronte ó uso da lingua galega.
<input type="checkbox"/> Os pais con excesiva frecuencia tenden a favorece-lo castelán cando se relacionan cos seus fillos/as.	<input checked="" type="checkbox"/> A presencia da lingua e cultura galega nos centros de ensino pode estar a servir para que moitos alumnos con escaso contacto familiar e social co galego o coñezan.
<input type="checkbox"/> Entre os mozos/as, o “grupo de iguais” tende a presionar a favor do castelán.	<input checked="" type="checkbox"/> A existencia de familias cunha alta sensibilidade cultural e lingüística que se posicionan claramente a favor da normalización da lingua galega.
	<input checked="" type="checkbox"/> Empeza a haber grupos de mozos que optan polo uso relacional habitual da lingua galega.
	<input checked="" type="checkbox"/> Confirmase a existencia de zonas e ambientes sociais que favorecen o proceso de normalización dos centros.
	<input checked="" type="checkbox"/> Algúns centros deron consolidada unha recente tradición de implicación na recuperación da lingua.
<input type="checkbox"/> Dáse unha valoración social ambigua da lingua galega que tende a seguir favorecendo o castelán.	<input checked="" type="checkbox"/> Nestes anos está a emerxer unha nova percepción da lingua galega que reforza o seu prestixio social.

- | | |
|--|--|
| <p><input type="checkbox"/> No nivel didáctico o alumnado ten en ocasións dificultades para discrimina-los códigos do galego e do castelán.</p> <p><input type="checkbox"/> Nos centros déténtanse carencias de todo tipo de material didáctico en galego, así como a realización de actividades prácticas pouco variadas.</p> <p><input type="checkbox"/> Nunha ampla cantidade de centros déténtase unha escaseza de actividades extraescolares de promoción da lingua galega.</p> <p><input type="checkbox"/> Malia o esforzo para incorpora-lo galego no ensino a aprendizaxe da lecto-escritura realizase case sempre en castelán. En xeral, a postura da escola e da familia nesta etapa tende a favorece-lo castelán.</p> | <p>■ Nestes anos a competencia lingüística dos galegos respecto da súa lingua experimentou un extraordinario avance.</p> <p>■ Nalgúns centros están xa a organizarse moitas e variadas actividades extraescolares de promoción da lingua e cultura galega que contan coa participación activa das familias e do alumnado.</p> <p>■ Deténtanse unha porcentaxe relevante de centros que orientan a docencia desde o primeiro momento (mesmo a lecto-escritura en Educación Infantil) a favor da normalización da lingua galega.</p> |
|--|--|

Ameazas	Oportunidades
<ul style="list-style-type: none"> ○ O apoio presupuestario da Administración ós ENL tende a reducirse cada vez máis. ○ En sectores de docentes (sobre de todo naqueles con idades altas), dáse unha tendencia a favorece-lo castelán relegando o galego a usos informais. Existen posicionamentos escépticos sobre do sentido mesmo do proceso de normalización. ○ Deténtase hoxe a existencia de moitos alumnos indiferentes respecto dun labor a favor do uso normal da lingua. Pode estar a producirse un certo “desarraigamento” lingüístico en amplos sectores das xeracións más novas. ○ Ás veces os pais teñen reticencias fronte a aqueles centros que consideran moi galeguizados. ○ Nalgúns casos as comunidades escolares tenden a considera-lo centro como unha “illa” lingüística galego-falante e allea ó contorno. 	<ul style="list-style-type: none"> ● O coñecemento do galego é requerido pola Administración en calidade de condición para acceder á Función Pública. ● As novas xeracións de docentes teñen unha mellor formación e menos prexuízos cara á lingua galega. Aparecen centros con profesorado novo decididos a comprometerse a fondo e de xeito responsable no labor normalizador. ● A medida que avanza a idade tende a crecer a opción dalgúns grupos de mozos/as a afirmar un uso identitario e cultural da lingua. ● En xeral está a darse un esforzo por parte dos centros por achegarse ás condicións sociolingüísticas do seu contorno.

- A existencia de posturas reivindicativas “rixidas” a favor do galego puido restarlle, nalgúns momentos, apoios ó proceso.
 - No momento actual estase a producir unha revisión xeneralizada das posturas normalizadoras más rixidamente voluntaristas, aumentando o número dos que cren que é mester motivar e seducir máis ca impo.
 - Estase a producir un certo estancamiento nas mobilizacións a favor da lingua galega.
 - Existe unha conciencia crecente de que cómpre reenfoca-las estratexias de promoción da normalización lingüística.
 - As dificultades normativas son susceptibles de provocar problemas didácticos que poden condiciona-lo proceso normalizador.
 - Avánzase na readaptación dun marco normativo claro e consensuado.
-

III. CONCLUSÓNS XERAIS: O ESTADO DA NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NO ENSINO INFANTIL E PRIMARIO

Os datos que tivemos ocasión de recoller e de interpretar nesta investigación non presentan realidades inmutables e categóricas, senón que máis ben representan bases desde as cales debater e actuar.

Tal como sinalamos na introducción deste estudio, o obxectivo xeral desta investigación foi o de establecer un diagnóstico valorativo global da situación actual en que se atopa o proceso de normalización lingüística no ámbito educativo, máis especificamente no ámbito do ensino infantil e primario. Este obxectivo xeral concretábase nunha serie de obxectivos específicos. Destes, o principal era a avaliación do impacto causado polo desenvolvemento dunha determinada política lingüística educativa en Galicia ó abeiro da descentralización autonómica e do mandato normativo recoillido na Lei de normalización lingüística de 1983.

Dentro destes obxectivos específicos, tamén consideramos relevante coñecermos e analizármolo posicionamento dos distintos actores intervenientes no proceso educativo en relación cos cambios que houbo nestas dúas décadas e cos problemas que presenta o proceso de normalización no ensino. A detección e análise de experiencias innovadoras e activas na promoción lingüística nos centros e a concreción das resistencias ó avance do proceso son outros dous obxectivos que se procuraron coa elaboración desta investigación.

Para o desenvolvemento dos obxectivos enunciados, elaboramos un informe que ten tres partes:

- en primeiro lugar, presentamos unha recompilación da situación legal e do desenvolvemento lexislativo elaborado para a protección e a promoción do galego, así como unha exposición das investigacións e estudios más relevantes realizadas sobre a lingua galega no sistema educativo durante os últimos vinte anos;

- en segundo lugar, mostrámo-los resultados dun conxunto de enquisas realizadas a unha mostra de centros de ensino, cos que obtivemos unha caracterización ampla e diversificada de aspectos centrais do proceso normalizador nos centros educativos galegos;
- e, en terceiro lugar, comentamos detalladamente os resultados dun estudio de casos desenvolvido en oito centros educativos seleccionados a partir dunha tipoloxía segundo o seu maior ou menor nivel de galeguización.

O resultado é, xa que logo, un informe que se basea nunha investigación de carácter cuantitativo e cualitativo, con información contrastada e diversificada que nos permite, neste momento, comentar algunas das que considerámos las conclusións más relevantes do que constitúe o obxecto de estudio: o proceso de normalización da lingua galega no ámbito da Educación Infantil e Primaria en Galicia.

Neste último capítulo, presentámos las conclusiones que consideramos más relevantes trala análise da situación do proceso de extensión da lingua nas dúas etapas educativas citadas anteriormente. En primeiro lugar (cf. 3.1.), expoñemos un diagnóstico da situación sociolingüística e, en segundo lugar (cf. 3.2.), precisamos un conxunto de propostas de mellora cara ó futuro bastante axustadas ós datos e que non obvian outras propostas imaxinadas desde posturas políticas diferentes.

1 DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN LINGÜÍSTICA NOS CENTROS DE ENSINO

Con respecto á situación xeral, a inserción da lingua galega no ámbito escolar mudou considerablemente nestes últimos vinte anos. Desde unha situación na que a lingua non só non tiña presencia nas aulas, senón que mesmo se reprimía o seu uso espontáneo por parte do alumnado galego-falante, pasouse a outra na que a lingua galega está presente en tódolos centros de ensino. Hoxe

esta presencia está plenamente assumida pola comunidade educativa e pola xeneralidade dos centros, aínda que nun grao moi diverso, que vai desde unha posición subordinada e marxinal, motivada só polo imperativo legal, ata outras situacións nas que o galego é a lingua de uso normal no ámbito escolar. Estas diferencias no nivel de intensidade na súa asunción veñen motivadas por un amplo abano de variables que foron comentadas ó longo dos diferentes capítulos deste traballo, tanto nos indicadores cuantitativos da mostra de centros coma no posterior estudio de casos.

A inserción do galego nas transmisións educativas foi propiciado primordialmente polo desenvolvemento dun marco legal para a lingua. Aínda que este despregue lexislativo non chegou a ser suficientemente ambicioso, o certo é que, trala aprobación do marco establecido pola Lei de normalización lingüística, a existencia dunha normativa legal favorable á presencia e uso do galego amparou e favoreceu a extensión e a normalidade pasenña da lingua nun ámbito social que contaba con resistencias importantes en contra súa e, sobre todo, que presentaba inercias do pasado que podían atrasar ou mesmo impedi-la presencia desexada.

O ensino non universitario conta cunha lexislación lingüística que regula a presencia da lingua galega nos distintos niveis educativos. O espiñazo que vertebría toda esta lexislación é o obxectivo de que, ó remate das etapas nas que o ensino é obrigatorio, o alumnado acade unha competencia semellante nas dúas linguas oficiais. O regulamento normativo refirese tanto ó seu estudio específico e ó seu emprego como lingua vehicular, como á súa utilización en diversos ámbitos e funcións da comunidade educativa. Para estes dous apartados, a lei prevé a elaboración dunha planificación lingüística por parte dos centros, un requisito que está asentado na teoría, pero que dista moito de estalo na práctica.

Cinguíndonos agora á descripción da situación sociolingüística dos centros, ó longo do estudio tivemos ocasión de presentar e de analiza-la situación actual de toda unha serie de indicadores do nivel de galeguización dos centros escolares. En consecuencia, podemos sinalar a continuación, un conxunto de aspectos positi-

vos (é dicir, favorecedores do proceso de normalización, uns en maior medida ca outros) que foron considerados nos epígrafes correspondentes:

1. Dispone dun marco legal no ensino que, malia as súas limitacións, ampara e favorece a promoción da lingua (outra cuestión é a lectura restrinxida dese marco legal por un sector dos centros educativos).
2. Os centros escolares teñen a obriga de contar cunha planificación lingüística que oriente a súa práctica (adaptación das disposicións legais á súa realidade, existencia de ENL en cada centro, usos lingüísticos na docencia e nas relacións educativas, etc.). Na realidade, esta planificación, en moitos casos, só reproduce as pautas mínimas marcadas no decreto de 1995 que regula o uso das linguas no ensino. Unha planificación deseñada para cumpli-lo principal obxectivo (que o alumnado, independentemente da súa lingua inicial, acade unha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais) só existe nunha porcentaxe minoritaria de centros.
3. Os centros declaran que se dá un cumprimento xeneralizado da docencia en galego, tal como figura nas disposicións legais actuais. Sen embargo, algúns datos, sobre todo na etapa de Educación Infantil e no primeiro ciclo da Educación Primaria, matizan o alcance real desta afirmación.
4. A inserción do galego nos centros escolares está plenamente asumida por toda a comunidade escolar, o cal permite pensar que este pode ser un momento posible para seguir a avanzar no proceso, reforzando os recursos e medios.
5. Un sector dos docentes desempeña un papel moi positivo e activo na extensión da lingua nas transmisións educativas e na vida cotiá dos centros escolares.
6. A galeguización administrativa –máis escrita ca oral– dos centros acada niveis elevados.

7. Existen ENL na mayoría dos centros. Nalgúns casos existen só por imperativo legal; na mayoría, exercen máis ben un papel voluntarista como promotores de celebracións relacionadas coa lingua e cultura galegas.
8. Unha parte dos centros de ensino favorece o uso do galego entre o alumnado.
9. Os prexuízos lingüísticos contra o galego son menores cós que existían hai uns anos atrás e están en retroceso.

Deste xeito, o diagnóstico da situación lévanos a considerar unha situación que ten ben facetas positivas para a inserción do galego nos centros educativos. Os indicadores cuantitativos utilizados na mostra de centros e as observacións realizadas ó abeiro do estudio de casos confirman que se instalou nos centros a rutina da lingua galega para os labores administrativos e para unha boa parte do traballo diario, cara a dentro e cara a fóra. Outra cuestión é considerar se, na práctica, esas facetas son suficientes para acada-los obxectivos normalizadores que considera a lexislación.

Que a situación lingüística actual presente un perfil tan distinto do que había hai uns anos (non esquezamos que se partía praticamente de cero), e que este sexa, en xeral, un perfil positivo para a inserción da lingua nas prácticas escolares, non só depende das cuestións legais. Desde unha perspectiva sociolinguística, naqueles contextos en que se produce unha presencia importante da lingua galega na contorna dos centros, esta constitúe un factor que favorece a vitalidade do proceso de normalización lingüística no medio escolar. Por outra parte, percíbese unha ausencia crecente de reticencias por parte das familias e do alumnado respecto da presencia da lingua galega no ámbito escolar, o cal supón unha oportunidade para o desenvolvemento de novas iniciativas.

Desde unha perspectiva organizativa, a existencia dun ENL activo e ben imbricado no centro, cando se dá, favorece de xeito moi claro o proceso de normalización. Do mesmo xeito, a existen-

cia dun Claustro docente receptivo respecto da relevancia do proceso e implicado nel actúa como un claro factor de galeguización.

Esta visión positiva debe ser moi matizada, sen embargo, cando considerámos-la situación en que se atopa unha significativa porcentaxe de centros, sobre todo a daqueles situados en ámbitos urbanos, e máis se se trata de centros privados. Nestes casos, non só crecen as reticencias por parte das familias e do alumnado, senón que os ENL adoitan ter unha maior proclividade a posturas burocráticas e rutineiras, moi afastadas das súas teóricas funcións.

Pero malia os aspectos globalmente positivos que acabamos de citar, favorecedores dunha presencia significativa do galego nos centros educativos, atopamos tamén distintas dificultades e atrancos que limitan o avance do proceso dinamizador do seu uso nas prácticas escolares. De entre tódolos obstáculos que tivemos ocasión de comentar –tanto na mostra de centros coma no estudio de casos–, debemos salientar aquí os seguintes:

1. A ambientalidade lingüística é moi favorable ó castelán e moito menos favorable ó galego, mesmo nos casos nos que a lingua ambiental predominante é o galego. Isto constátase cando observámolo a lingua habitual do alumnado e das súas familias, así como os datos da lingua habitual da contorna dos centros de ensino.
2. Os obxectivos de normalización lingüística no ámbito educativo son, en xeral, pouco ambiciosos desde a perspectiva dos sectores lingüísticos, educativos e sociais más preocupados por ela. Se ben o obxectivo central da lexislación (conseguir que os alumnos e alumnas sexan competentes nas dúas linguas oficiais) é ambicioso, os obxectivos dunha boa parte dos centros, se temos que xulgalos pola súa práctica, resultan moi modestos respecto do que se marca desde a legalidade.
3. Os ‘mínimos’ legais na docencia en galego –os establecidos no Decreto 247/1995– tenden a interpretarse en moitas ocasións como ‘máximos’. É dicir, na súa planificación

práctica (e, en moitos casos, tamén nos papeis teóricos) os centros reproducen a parte común que a Administración deseñou para o conxunto dos centros de Galicia, pero esquecen -moitas veces de boa fe- a parte que esa mesma Administración demanda que planifiquen eles, en función das súas circunstancias específicas. Isto leva a que o mínimo legal, nunha parte maioritaria dos centros, se convirta na práctica no tope máximo. E coa simple aplicación deses mínimos, cómpre sinalalo, faise difícil consegui-los obxectivos xerais que demanda o mesmo decreto.

4. Esta situación é particularmente grave nos cursos de Educación Infantil e de 1º ciclo de Educación Primaria (sobre todo se están en ámbitos urbanos ou se son privados, aínda que tamén se dá noutras ámbitos). Amparándose nunha lectura restrinxida da lexislación, onde se di que o profesorado usará “a lingua predominante entre os alumnos”, emprégase maioritariamente o castelán, esquecendo que a lexislación tamén di que nesas aulas se realizarán as actividades orais e escritas que permitan acadar unha competencia axeitada á idade na outra lingua oficial. Téñase en conta que estes anos son básicos na aprendizaxe lingüística, sendo ademais aqueles nos que se produce a iniciación lectoescritora.
5. Que existan os ENL e que estean regulamentadas as súas funcións é algo moi positivo. Sen embargo os ENL contan con recursos económicos moi escasos, non se perciben como un órgano fundamental no centro, nalgúns casos ignoran o que realmente deberan facer por lei, non hai ningún tipo de estímulos para pertencer a el, etc. Bótase de menos unha maior coordinación intercentros ou comarcas nas actividades dos ENL ou unha programación periódica de actividades.
6. Persisten carencias formativas e pedagógicas entre os docentes. Non nos debe resultar estranxo, pois desde a Administración os esforzos de formación encamiñáronse, case en

exclusiva, á adquisición da competencia lingüística necesaria (os cursos de iniciación e perfeccionamento). Pero as estratexias que necesita un ensino en dúas linguas, nunha realidade social de linguas en contacto, son descoñecidas para unha boa parte do profesorado, que ve como atrancos o que só son problemas pedagóxicos de dodata solución. Por outra banda, séguense constatando certas limitacións e carencias de material didáctico específico, sobre todo en determinadas áreas de coñecemento.

7. Hai sectores sociais que demandan unha maior incidencia da normalización lingüística e que non ven asumidas ou realizadas esas reivindicacións.
8. Un sector dos docentes pensa que o “excesivo normativismo” supón un factor de disución, neles e no alumnado, á hora de emprega-lo galego, por mor da súa variabilidade e relativa imprevisibilidade.
9. Poucos centros escolares manteñen relacións fluídas con entidades e asociacións que desenvolven as súas actividades nos mesmos barrios, vilas ou cidades onde se insiren os centros. A participación dos centros de ensino en actividades e experiencias de orientación lingüística, onde tamén esteán presentes entidades e asociacións da zona, debe ser un obxectivo prioritario de cara a darles á planificación e á acción lingüística unha dimensión comunitaria e global.

Un dos aspectos claramente perceptible na realidade lingüística escolar de Galicia é o que ten que ver coas importantes diferencias no avance da normalización do galego entre os distintos centros. Así, persisten diferencias relevantes de intensidade na galeguización xeral dos centros: hai unha maior galeguización nos centros públicos ca nos privados, e unha maior utilización da lingua galega nas áreas xeográficas e sociais onde máis se fala o galego. En cambio, decrece a intensidade da galeguización xeral naqueles centros que se sitúan en contextos nos que a presencia ambiental e social do galego é menor.

Neste sentido son moi preocupantes os datos e as informacións que obtivemos respecto das dinámicas lingüísticas dos centros privados. Aínda que habería que facer a este respecto algunas salvidades, o certo é que os centros escolares de titularidade privada, en xeral, non só non están a colaborar na extensión do galego senón que en demasiados casos se sitúan abertamente en situacións e dinámicas que se abeiran á ilegalidade e á resistencia ante a extensión da lingua.

Unha reflexión que formulamos respecto dos atrancos e feblezas ós que se enfrenta a presencia do galego na escola ten que ver coas dificultades que teñen os centros escolares, mesmo no caso de centros cun Claustro ou cun ED comprometido coa normalización da lingua, para contrarrestar e resisti-las dinámicas sociolingüísticas instaladas nas familias e na sociedade en xeral. Semella difícil loitar desde os centros educativos contra unha castelanización social intensa e que segue a chegar na actualidade a través de canles poderosas como os medios de comunicación e os valores de referentes de modernidade e de avance social vinculados co castelán ou co inglés, pero non co galego.

A vontade normalizadora dos centros non é quen en moitas ocasións de contrarrestar esas dinámicas desgaleguizadoras que están instaladas na nosa sociedade en forma de valores instrumentais e utilitaristas asociados ou vinculados co castelán. Neste sentido, os centros escolares cun certo grao de compromiso semellan en ocasións exercer de illas que van deitando un pouso favorable para o galego, pero con efectos a medio ou longo prazo sobre os seus destinatarios –sobre o alumnado e, indirectamente, sobre as familias.

Con todo, convén sinalar que o rexeitamento das familias respecto do galego variou considerablemente nos últimos anos, de maneira que hoxe existe unha percepción menos dramática e prexuizosa respecto do galego da que existía hai uns poucos anos. De forma paralela, constátase que o alumnado vai recorrendo máis ó galego como unha elección normal, e do mesmo xeito o alumnado vai chegando xa á escola cada vez máis con influencias favorables

á lingua galega. E este cambio valorativo e perceptivo nas familias e no alumnado non debe pasar desapercibido nun informe desta natureza polas implicacións que ten para o futuro inmediato e para as dinámicas sociais e lingüísticas que pode propiciar.

En consecuencia, respecto da situación sociolingüística a análise da presencia do galego no ámbito do ensino mostra unha situación moi dispar e variada. As diferencias constatadas poden explicarse nalgúns casos recorrendo a variables como o tipo de centro –público ou privado– ou á situación socioxeográfica –máis urbana, máis rural, interior ou costeira, etc. A este respecto, o lugar onde se sitúa o centro e a procedencia social e lingüística do alumnado –e das súas familias– seguen constituíndo variables de primeira magnitude para determinar en grande medida as dinámicas galeguizadoras ou, polo contrario, desgaleguizadoras que percorren os centros educativos.

Sen embargo, en moitas outras ocasións –e tal como tivemos oportunidade de constatar a través do estudio de casos– o nivel de galeguización ou de desgaleguización está en relación directa con dinámicas e circunstancias vinculadas coa situación e coa evolución do Claustro de profesores/as, coa existencia de equipos directivos activos a prol da lingua, coa formulación, nun determinado momento da historia lingüística do centro escolar en cuestión, de experiencias normalizadoras que conseguiron un nivel de implicación que, posteriormente, repercutiu nunha dinámica positiva para o galego, etc. É dicir, a implicación de factores conxunturais e ás veces totalmente circunstanciais, así como a mestura de motivos individuais e colectivos debe terse moi en conta para non caer en explicacións demasiado rutineiras e, ás veces, moi afastadas das realidades sociolingüísticas dos centros á hora de explica-lo éxito ou o fracaso da extensión do galego nos centros de ensino non universitario.

Por outra banda, constatamos tanto na mostra de centros coma no estudio de casos que existe a percepción de que o papel da Administración educativa podía ser máis intenso e dinámico na recuperación lingüística. A perspectiva que tiramos a este respecto é

que a Administración educativa non apoia o suficiente nin colabora en toda a medida necesaria o proceso de normalización lingüística, e esta percepción faise más patente cando o apoio, a colaboración e mesmo o asesoramento se lle pide desde aqueles centros escolares que máis apostan pola utilización do galego. A este respecto faise preciso, xa que logo, unha reformulación tanto dos obxectivos coma da mesma xestión normalizadora realizada nos diferentes niveis da Administración educativa da Xunta de Galicia.

O ámbito do ensino obligatorio constitúe, como xa tivemos ocasión de comentar, un dos espacios da Administración con maior nivel de regulación legal e de planificación lingüística, tanto se o consideramos desde unha perspectiva comparativa coma en por si. A decisión de considera-la educación obligatoria coma un obxectivo prioritario da promoción do galego, recollido na Lei de normalización lingüística de 1983, deu os seus froitos.

A planificación lingüística nos centros está xestionada polos ENL, tanto na mostra de centros coma no estudio de casos tivemos ocasión de mostrar e de analizar moitas cuestións relacionadas cos ENL. E malia o papel relevante dos ENL á hora de termar do proceso normalizador e de ser un axente activo de tales procesos, o que semella evidente é a dificultade para seguir mantendo, no estado actual, tales estructuras de xestión lingüística voluntaristas, con escaso recoñecemento a nivel de méritos e de promoción académica, e con escasa información e formación. Cómpre, xa que logo, repensar o status, o funcionamento e os recursos que precisa un ENL, así como os seus integrantes. Nesa liña apuntamos no seguinte epígrafe (cf. 3.2.) algúns vieiros polos que se deberían encamiña-los cambios que suxerimos para os ENL.

Unha cuestión que se formula decote respecto da situación do galego no ensino é a de se os centros escolares –e as transmisiones educativas en xeral– son un elemento de galeguización ou, polo contrario, de desgaleguización. Respecto desta cuestión, a resposta ten que ser necesariamente complexa, xa que en certos contextos a escola segue a ser un camiño de desgaleguización, mentres

que noutros contextos o paso pola escola e polas transmisións educativas supón xa para moitos alumnos e alumnas un importante achegamento á lingua e á cultura do país para aquel alumnado procedente de familias e de contextos urbanos nos que a lingua galega xa non está presente.

Tendo en conta iso, argumentar que a escola é hoxe un factor de desgaleguización supón considerar só unha parte da realidade, pero non toda a realidade.

Por outro lado, parece claro que a introducción do galego no ensino, malia as limitacións que presentou e que aínda podemos observar, axudou a que a lingua se inserise con forza nun ámbito social que resulta decisivo para garanti-la súa sobrevivencia social. Polo tanto, non se pode argüír que a planificación ‘morna’ no ensino se debe a un desexo da sociedade galega, senón que responde moitas veces a unha actitude prudencial e non intrusiva por parte da Administración que nalgúns dos seus aspectos cumpliría revisar e adecuar ás novas actitudes maioritarias dos galegos e galegas respecto da súa lingua.

2 PROPOSTAS DE MELLORA

Tras comentar nas páxinas precedentes algunas das características más relevantes do diagnóstico do proceso normalizador no ámbito do ensino infantil e primario, imos apuntar neste epígrafe algunas propostas de mellora, organizadas segundo distintos eixes temáticos, e que teñen como obxectivo contribuír ó debate sobre a mellora da intensidade e da calidade do proceso de normalización da lingua galega nas etapas do ensino de Educación Infantil e Educación Primaria.

En primeiro lugar, urxe revisa-las medidas que se deben desenvolver desde a Administración en varios aspectos que consideramos nucleares: a) a planificación lingüística desde os centros; b) o labor dos ENL; c) o galego na docencia e a conseguinte formación do profesorado; d) o caso especial da Educación

Infantil e do 1º ciclo de Educación Primaria; e) elaboración de materiais de apoio.

a) A planificación lingüística desde os centros

Dado o modelo elixido pola Administración educativa (fixación centralizada dunha parte desa planificación para tódolos centros (na actualidade, plasmada no Decreto 247/1995) e elaboración propia por parte de cada centro, en función das circunstancias específicas, do resto da planificación), é imprescindible abordar as consecuencias derivadas deste enfoque.

Isto leva a varias cuestiós que aquí só enunciamos sucintamente:

- a divulgación desta realidade nos centros, facendo fincapé en que a eles lles corresponde elaborala súa parte da planificación, pois non chega con reproducilo que sinala o antedito decreto.
- a necesidade de que, cando menos, os ED e os ENL dos centros contén cuns coñecementos elementais do que é unha planificación lingüística (realidade concreta da que se parte, obxectivos que se queren acadar, itinerarios que se definirán para acadalos, prácticas e medios que se utilizarán na realidade concreta das aulas, pautas de avaliación e corrección do proceso, etc.).
- o control por parte da Inspección ou doutro organismo das planificacións realmente existentes nos centros, promovendo e asesorando a modificación daquelas que obteñen resultados que se afastan dos legalmente establecidos.

b) O reforzo do papel dos ENL

Consideramos que é preciso redefinilo status e o funcionamento dos ENL, pois o seu papel na actualidade, agás escasas excepcións, pouco ten que ver nin co que as normas legais lles outorgan nin co que deberan exercer nos centros. Unha análise da situación actual preséntanos uns ENL que adoiten funcionar

mediante o voluntarismo, dedicados a labores de promoción cultural (edición de revistas, promoción de charlas, etc.) ou de recuperación das festas tradicionais (entroido, maios, etc.), en vez de realizar un labor de planificación lingüística, en sentido estricto, ou un deseño de prácticas normalizadora na vida escolar.

As causas desta disfunción son varias, e todas de doada corrección: o seu cativo status no organigrama dos centros, os nulos incentivos de calquera tipo, a ausencia de formación específica, etc. O ENL como tal deberá ter outro papel más relevante no centro, algo que só será posible cando a planificación lingüística teña nos centros a importancia que lle corresponde. Así mesmo, os seus membros deberían ter algún tipo de incentivo en forma de redución horaria e mesmo de complemento salarial, fórmula que permitiría revitalizar e dignifica-las tarefas normalizadoras que están neste momento moi pouco valoradas. Outra iniciativa para coordinar, formar e informar ós ENL sería a organización de xornadas e encontros periódicos nos que se coordinasen e intercambiasen criterios de planificación lingüística e onde se avaliasen e difundisen iniciativas e experiencias de promoción lingüística. Na actualidade, existen uns encontros anuais que promove a Administración, pero, sen entrarmos na súa análise, o certo é que só atopan un certo eco nun sector mínimo dos ENL.

En consecuencia, debe apoiarse e recoñecerse o labor dos responsables e membros dos ENL, débese apoia-lo labor dos docentes activos no labor normalizador, e débense coordinar actuacíons e recursos.

c) *O galego na docencia*

Na docencia observamos varios niveis de atrancos, como xa comentamos no epígrafe anterior. O principal, o incumprimento dos mínimos legais no uso do galego nunha parte importante das aulas de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria. E logo, deixando á parte os casos que tamén se dan de incumprimento, nos outros dous ciclos da Educación Primaria, vemos que son moitos os centros onde se limitan ó cumprimento estricto dos

mínimos legais, esquecendo a parte planificadora que a lei prevé que deseñe cada centro en concreto. Se a isto se lle engade a constatación de que a calidade da docencia do/en galego resulta manifestamente mellorable, comprendererase que se deben introducir bastantes melloras para que se cheguen a acadar os obxectivos legais que hoxe están vixentes.

En consecuencia, cómpre apostar decididamente pola implantación de programas de mantemento, co emprego do galego na maior parte das áreas curriculares, facilitando o aumento paulatino das áreas que en cada centro se van sumando á docencia en galego, garantindo os materiais precisos para o desenvolvemento desta docencia e a formación e a reciclaxe do profesorado.

En concreto, semella moi importante contempla-las necesidades de formación e de reciclaxe dos docentes en cuestión lingüísticas relacionadas coa lingua galega e coa destreza para impartir as distintas áreas curriculares en galego. Nesa liña, será preciso establecer medidas para paliar as carencias de formación lingüística dalgúns docentes: propiciar estratexias formativas adaptadas e material eficiente, flexible e orixinal.

Bótase en falta, por citar só un exemplo rechamante, que áinda hoxe, tras case vinte anos de aplicación da nova lexislación lingüística, non houbese unha formación dirixida ó profesorado sobre os aspectos da sociolingüística básica aplicada ó ensino (planificación lingüística, modelos de ensino bilingüe, etc.), tanto dirixida ó profesorado que provén da etapa anterior (unha etapa de ensino monolingüe, non o esquezamos) como ó de nova incorporación.

Tamén cremos que en cada centro de ensino os nenos e nenas deberan contar cuns referentes galego-falantes entre o profesorado. Cando un profesor dá unha parte do currículo en galego, porque así vén marcado na lei, pero ten o castelán como lingua habitual, os nenos e nenas van interaccionar con el en castelán nas relacións cotiás, agás cando o fagan, de xeito máis ou menos artificioso, nas materias impartidas en galego. En cambio, temos múltiples casos que nos demostran que os nenos tenden a utilizar o galego con aqueles mestres que o teñen como lingua habitual, tamén

fóra da aula. É dicir, un mestre galego-falante é, aínda sen el querelo, un polo motivador para que os alumnos exerciten a súa competencia en galego.

Na actualidade, ese sector do profesorado que serve de referente en relación co galego, non existe en moitos centros de Infantil/Primaria, sobre todo en ámbitos urbanos. Sería básico asegura-la existencia dese referente que motivase nos nenos e nenas a posta en práctica da súa competencia en galego. Ademais, asegurariase así unha coherencia na parte do currículo que se ten que desenvolver en galego, dado que sería impartido cunha riqueza e seguridade lingüística que hoxe, a xulgar pola experiencia, e polos datos, non están aseguradas.

d) O caso especial de Educación Infantil e 1º ciclo de Educación Primaria

Como ben se sabe, é nestes anos cando resulta máis dodata a adquisición dunha boa competencia comunicativa por parte do alumnado, tanto na súa lingua inicial como na que no centro funcione para eles como segunda lingua. Sen embargo, os datos dos que dispoñemos indican que é xusto aquí onde o incumprimento da norma legal é clamoroso, moitas veces por descoñecemento desa norma legal e, tamén, por carece-lo profesorado de estratexias didácticas específicas para traballar nunha sociedade na que coexisten dúas linguas. Neste sentido, cremos que urxe unha intervención decidida da Administración para poñer remate a unha práctica escolar que, sobre todo en ámbitos urbanos e nos centros privados, funciona dun xeito totalmente alleo á vontade legal da normativa normalizadora.

Debido á relevancia cualitativa e cuantitativa que ten, débense propiciar tódolos pasos que tendan a favorecer a lectoescritura en lingua galega no ensino infantil. E deberanse promover e difundir efectos de demostración ben concibidos a partir de centros que utilizan a lingua galega como ferramenta de lectoescritura na Educación Infantil e a través de canles de intercambio de experiencias estables e eficientes.

e) Elaboración de materiais de apoio

No desenvolvemento de materiais, é preciso realizar un diagnóstico da situación actual dos materiais existentes nas distintas áreas curriculares. E deberíase propicia-la diversidade e a variedade deses materiais (material textual e audiovisual, materiais para prácticas e de apoio, material en soporte electrónico, multimedia e hiper-textual, etc.), sobre todo, nalgúns árees que presentan actualmente serias carencias, tal como comentamos no estudo de casos.

En segundo lugar, é obxecto de debate a necesidade –ou non– de cambia-lo modelo lingüístico escolar, actualmente en vigor, e que se deriva tanto da LNL de 1983 coma do Decreto 247/1995. Á vista dos datos e das liñas de diagnóstico sinaladas, consideramos que parece necesario dar un salto cualitativo, sen que sexa necesario alterar notablemente o modelo lingüístico actual no ensino obligatorio. O que si se precisa, antes que os cambios, é a efectiva explotación das posibilidades que presenta o modelo actual, moi restrinxidas na práctica (a que se acabou por impoñer socialmente é unha lectura restrictiva de todo o marco legal e, principalmente, do Decreto 247/1995). A mellor proba do que afirmamos é que o obxectivo marcado pola lei (a adquisición dunha boa competencia comunicativa nas dúas linguas oficiais) falla de xeito importante no que se refire ó galego, sobre todo nos usos orais. Faise necesaria unha maior organización, planificación e implementación do galego nos centros e, sobre todo, nas transmisións educativas, para garanti-lo coñecemento da lingua e para fomenta-la súa utilización.

A necesidade dun cambio cualitativo como o que estamos a indicar faise ainda máis patente no ensino infantil, onde é necesario repensar toda a planificación desenvolvida para a introdución do galego, dados os pobres resultados atopados, por exemplo, na extensión da lectoescritura en galego.

En terceiro lugar, desde unha perspectiva que ten o seu eixe central na planificación lingüística dos centros, realizada por

uns ENL recoñecidos e convenientemente dotados, e na súa difusión e intercambio para o logro de procesos estables e axeitados ós obxectivos da lei, coidamos relevante engadir diversas liñas de acción e de actividade sociolingüística, derivadas dos estudos de casos efectuados, que axudarían a dinamiza-la posición social da lingua galega tanto na sociedade galega coma nas transmisións escolares:

- a) na medida en que nalgúns centros as actividades socioculturais teñen dado moi bons resultados como dinamizadores da conciencia lingüística e do uso activo do galego, cumpriría insistir no deseño deste tipo de actividades, dasas a coñecer e procurar que se difundan polos distintos centros.
- b) o contacto entre os centros de ensino e os profesionais e creadores que recorren á lingua galega para desenvolveren o seu traballo pode ser un factor desactivador de prexuízos e potenciador dos usos da lingua galega. Neste sentido, poderíase promover directamente o uso activo da lingua galega entre os mozos e as mozas nos novos ámbitos de interacción e en contextos diversos, aproveitando sinerxicamente as dinámicas positivas ante a lingua galega que se foron xerando na sociedade galega, nos medios de comunicación e nas transmisións educativas.
- c) a promoción do uso do galego como variedade vehicular e de creación nos ámbitos socioculturais tradicionais e emergentes, literario, comunicación audiovisual, artes da representación, etc., por distintas vías.
- d) o desenvolvemento de estratexias activas e relacionais de reencontro coa lingua galega nos ámbitos da socialidade xuvenil, promovendo o uso da lingua en lugares de lecer e en ámbitos asociativos, así como na publicidade xuvenil, na música, etc.
- e) a vertebración de redes de familias e de docentes pola promoción do ensino en lingua galega. Neste sentido, a posta en marcha nalgúns centros de experiencias piloto dirixidas

a vertebrar familias, docentes e axentes sociais neste labor pode resultar nunha liña de traballo moi fructífera. Estes grupos poderían suxerir iniciativas e apoiar proxectos que poñer en marcha desde os centros educativos ou desde entidades asociativas do contorno no marco duns obxectivos de planificación e de dinamización lingüística no nivel comunitario de carácter implicativo e participativo.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso Escontrela, M.L. (1992): "Modificación de actitudes lingüísticas diglósicas: proposta para un programa de intervención educativa", *Cadernos de Lingua* 6, RAG, 109-124.

Alonso Escontrela, M.L. (1995): "Análise e diagnóstico das actitudes lingüísticas diglósicas cara ó idioma galego: liñas xerais de intervención educativa (alumnos de 8º de EXB)", *Revista Galega do Ensino* 6, CEOU, Xunta de Galicia, 121-131.

Ares Vázquez, M.C. (1991): "Proposta mínima para a planificación lingüística na formación do profesorado: algúns datos históricos", *Cadernos de Lingua* 4, RAG, 99-108.

Arza Arza, N. et al. (1990): "A situación do proceso de normalización lingüística no ensino", en Caride Gómez, J.A. (dir.), *A educación en Galicia. Informe Cero. Problemas e perspectivas*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 95-142.

Arza Arza, N. e Veiga Martínez D. (1991): "Os programas de inmersión e a normalización lingüística no contexto galego", en Marco López, A. e Rodríguez López-Vázquez, A. (eds.) (1991): *Simposio Internacional de Didáctica da Língua e a Literatura*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 345-350. [Reproducido en *Cadernos de Lingua* 2, RAG, (1990), 105-111].

- Cadernos A Nosa Terra* 21 (1996) [= *Galego na escola*].
- Cajide Val, X. (coord.) (1990): *Modelos de ensino bilingüe axeitado á realidade galega*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Carballeira Anllo, X.M. et al. (1994): “Actitudes e usos da poboación ourensá de ensino medio”, en Lorenzo R. (ed.), *Actas do XIX Congreso Internacional de Lingüística e Filología Románicas*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela/Fundación Barrié de la Maza, VI, 18-27.
- Carballeira Anllo, X.M. et al. (1990): “Actitudes e usos da poboación ourensá de ensino medio”, *Grial* 107, Galaxia, 371-380.
- Consello da Cultura Galega (1990): *Informe sobre a situación da lingua*, Santiago de Compostela, CCG.
- Dirección Xeral de Política Lingüística (1998): *Estudio sobre o uso do idioma galego*, Santiago de Compostela, DXPL, CEOU, Xunta de Galicia.
- Equipo da Dirección Xeral de Política Lingüística (1986), “Organización dun sistema bilingüe en Galicia”, en Siguan M. (coord.), *Las lenguas minoritarias y la educación: X Seminario sobre ‘Educación y Lenguas’ (Sitges, 1985)*, Barcelona, ICE/PPU, 131-170.
- Esteban Radio, S. (1988): *La lengua gallega en la enseñanza primaria en Galicia, España/The Galician Language in primary education in Galicia, Spain*, Ljiouwert, Fryske Akademy.
- Fernández Rodríguez, M. (1980): “Unidad o pluralidad de modelos educativos en el aspecto lingüístico: el caso de Galicia”, en Sánchez Carrión J.M. et al., *La problemática del bilingüismo en el estado español*, Leoia, Universidad del País Vasco, 89-102.
- Fernández Rodríguez, M. (1983): “La situación de la lengua en Galicia: la lengua de los escolares”, en Siguan M. (coord.), *Las lenguas y la educación en el ámbito del estado español*, Barcelona, Universidad, 197-235.

Fernández Fernández, X. (1994): "Aspectos sociolingüísticos do alumnado de EXB", *Revista Galega do Ensino* 2, CEOU, Xunta de Galicia, 91-105.

Fernández Paz, A. (1993): *A lingua galega no PEC e no PCC*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Fernández Paz, A. (1994): "O proxecto educativo e o proxecto curricular: dous instrumentos para a normalización lingüística dos centros", en Silva Valdivia B. (coord.), *Didáctica da lingua en situaciones de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela, 113-150.

Fernández Rodríguez, M. (1984): *Conocimiento, uso y actitudes lingüísticas de los alumnos de EGB del municipio de Santiago de Compostela*, Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

García Deibe, R., González Armesto A. e Pérez Recarey C. (1993): *Proxecto Educativo do Centro. A normalización lingüística no PEC*, Vigo, Edicións Xerais de Galicia.

Gómez Fernández, D.E. (1988): *Implantación de programas de lenguaje compensatorio en el contexto bilingüe de Galicia*, Madrid, CIDE - MEC.

Lamuela, X. e Monteagudo H. (1996): "Planificación lingüística", en Fernández Pérez M. (ed.), *Avances en lingüística aplicada*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.

López Valcárcel, X. (1991): "Normalización e didáctica da lingua", *Cadernos de Lingua* 4, RAG, 113-130.

Lorenzo Creo, J.R. (1984): *El bilingüismo y su problemática educativa en Galicia. Valoración de las actitudes lingüísticas de los directores de los centros públicos de Educación General Básica*, Tese de licenciatura, (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Lorenzo Suárez, A. (1997): "Planificación lingüística e dinamización, reflexións sobre o modelo de normalización lingüística en Galicia", en Lorenzo Suárez A. (ed.), *Dinamización e normalización lingüística*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo, 101-131.

Lorenzo Suárez, A. et al. (1997): *Estudio Sociolingüístico da Universidade de Vigo. Profesores, PAS e estudiantes xuño: 1996*, Vigo, Servicio de Publicacións da Universidade de Vigo.

Monteagudo, H. (1997): "Quince anos de política lingüística en Galicia (1981-96). Notas para un balance", *Grial* 136, Galaxia, 527-548.

Monteagudo, H. et al. (1986): *Aspectos sociolingüísticos do bilingüismo en Galicia segundo os alumnos da 2ª etapa de EXB*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Noia Campos. M.C. (1980): *Descripción e medida do bilingüismo en dous grupos escolares da zona de Vigo*, Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Nova Escola Galega (ed.) (1989): *Modelo de Normalización Lingüística para o ensino*. Santiago de Compostela, NEG.

Nova Escola Galega (ed.) (1999): *Modelo de normalización lingüística para o sistema educativo galego*.

Peliquín Pérez, F (1995): "Tratamiento da lingua galega no proxecto curricular de centro (PCC) nun proceso de normalización lingüística", *Cadernos de Lingua* 11, RAG, 129-142.

Pérez Pardo, M. (1985): "Efectos del bilingüismo sobre el rendimiento escolar en un municipio de la provincia de Pontevedra", en Siguan M. (coord.), *Enseñanza en dos lenguas y resultados escolares*, Barcelona, Universidad, 57-70.

Pérez Pereira, M. (1990): "A lingua da escola: reflexión sobre da política lingüística no ensino desde a psicolingüística evolutiva", *Cadernos de Lingua* 1, RAG, 93-109.

- Pérez Vilariño, J. (1979): *Dependencia y discriminación escolar en Galicia*, Madrid, Akal.
- Pérez Vilariño, J. (1981): “Ámbitos escolares y usos lingüísticos entre los escolares gallegos”, *Revista de Educación* 268, MEC, 110-130.
- Pérez Vilariño, J. e Quiroga López D. (1994), “Densidade lingüística e discriminación escolar en Galicia”, en Sánchez Puga X. (coord.), *Xornadas de formación en lingua galega para os equipos de normalización lingüística dos centros educativos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 71-110.
- Rábade Paredes, X. (1991): *Lingua e actitudes lingüísticas: área de lingua galega e literatura*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. [Reproducido en *Didáctica da lingua*, 177-202].
- Rábade Paredes, X. (1993): “Situación e perspectivas da normalización no ensino”, *Cadernos de Lingua* 7, RAG, 45-52.
- Revista Galega de Educación* 25 (1996) [= *A normalización da lingua na encrucillada*].
- Rodríguez Neira, M.A. e López Martínez M.S. (1988): *O galego na Universidade*, Santiago de Compostela, CCG.
- Rodríguez Neira, M.A. (coord.) (1998): *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.
- Rodríguez Neira, M.A. (1993): “Análisis de la situación sociolingüística del gallego desde el ámbito escolar”, *Plurilinguismes* 6 [*Sociolinguistique galicienne*] Centre d’Études et de Recherches en Planification Linguistique, 55-87.
- Rubal Rodríguez, X. (1985): “Patróns de uso lingüístico escolar no alumnado de Bacharelato”, en *Materiais Pedagóxicos*, Santiago de Compostela, Departamento de Pedagogía Sistemática–Universidade de Santiago de Compostela, 202-208.

- Rubal Rodríguez, X. (1985): *Coordenadas e perfís sociolingüísticos do alumnado de Bacharelato en Galicia*, Tese de doutoramento (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.
- Rubal Rodríguez, X. (1986): "Pautas y estrategias en la normalización escolar del gallego: ¿Normalización o minorización?", en Ruiz Olabuénaga, J.I. e Ozamiz, J.A., *Hizkuntza minorizatuen soziología / Sociología de las lenguas minorizadas*, Donostia/San Sebastián, Tarttalo, 147-165.
- Rubal Rodríguez, X. (1987): "Situación actual y perspectivas de la educación bilingüe en Galicia", en Siguan M. (coord.), *Lenguas y educación en Europa: XI Seminario sobre Educación y lenguas (Sitges, 1986)*, Barcelona, ICE/PPU, 39-64.
- Rubal Rodríguez, X. (1988a): "Actitudes lingüísticas do alumnado de bacharelato en Galicia", en Kremer D. (ed.), *Actes du XVIII Congrès International de Linguistique et Philologie Romanes*, Université de Trier, (1986), Tübingen, Max Niemeyer, V, 266-286.
- Rubal Rodríguez, X. (1988b): "Lengua y autonomía en el sistema educativo: Galicia", en Siguan M. (ed.), *El bilingüismo en la Europa del año 2000*, Madrid, MEC, 37-48.
- Rubal Rodríguez, X. (1988c): "Normalización lingüística no ensino: situación e perspectivas", *Revista Galega de Educación* 6, Xerais 25-28.
- Rubal Rodríguez, X. (1993), "Las lenguas en el sistema educativo de Galicia", en Siguan M. (coord.), *Enseñanza en dos lenguas*, Barcelona, ICE/Horsori, 41-58.
- Rubal Rodríguez, X. (1994), "Aproximación sociolingüística a la escuela y su entorno en la franja occidental de Asturias", *Britonia* 1, Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca 167-184.
- Rubal Rodríguez, X. (dir.) (1991): *Estudio-inventario de carácter censal sobre a situación e perspectivas do galego non universitario (Preescolar e EXB)*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

Rubal Rodríguez, X. (dir.) (1992), *Aproximación á situación da lingua no ensino non universitario (Preescolar e E.X.B.)*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

Rubal Rodriguez, X., González Sanmamed M. e Palacio A. (1995): "The training in Galician language for primary and secondary teachers", en Dekkers A. (ed.), *Teacher training of minority languages for primary and secondary education*, III, Ljouwert, Fryske Akademy, 711-728.

Rubal Rodríguez, X. e Rodríguez Neira M.A. (1987): *O galego no ensino público non universitario*, Santiago de Compostela, CCG.

Rubal Rodríguez, X., Veiga Martínez D. e Arza Arza N. (1992): *A Lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*, Santiago de Compostela, CCG.

Rubal Rodríguez, X., Veiga D. e Arza Arza N. (1992): "Niveis de normalización en Preescolar e Educación Xeral Básica", *Revista Galega de Educación* 13, Xerais, 35-46.

Sánchez Puga, X. (1995): "Medidas para a galeguización do ensino", en *II Xornadas UFF de Cultura Galega*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia, 23-37.

Sánchez Puga, X. (coord.) (1994): *Xornadas de formación en lingua galega para os equipos de normalización lingüística dos centros educativos*, Santiago de Compostela, DXPL, Xunta de Galicia.

Seminario de Sociolingüística (1994): *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia*, A Coruña, RAG.

Seminario de Sociolingüística (1995): *Usos lingüísticos en Galicia*, A Coruña, RAG.

Seminario de Sociolingüística (1996): *Actitudes lingüísticas en Galicia*, A Coruña, RAG.

Silva Valdivia, B. (1992): "Sociolingüística e didáctica da lingua en Galicia: aproximación ó pensamento dos futuros profesores de lingua", *Cadernos de Lingua* 6, RAG, 125-135.

Silva Valdivia, B. (coord.) (1994): *Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico*, Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico da Universidade de Santiago de Compostela.

Varela Caruncho, M.L. (1986): *Usos y actitudes lingüísticas de la población estudiantil de las Escuelas Universitarias de Vigo. Contribución para un estudio sociológico*, Tese de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

Veiga Martínez, D., Arza Arza, N. e Rubal Rodríguez X. (1991): “Situación sociolingüística do alumnado das zonas limítrofes con Galicia”, en Fernández de Rota, X.A. et al. (1990): *Nos Lindeiros da Galeguidade I*, 129-139.

Vez Jeremías, J.M. (1985): “Consideraciones sociolingüísticas en torno a aspectos funcionales del gallego, castellano e inglés en Galicia”, *Revista Española de Lingüística Aplicada 1*, Asociación Española de Lingüística Aplicada, 97-111.

Villar Janeiro, H. (1993): *Os equipos de normalización lingüística nos centros de ensino*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.

DISPOSICIÓN NORMATIVAS CITADAS

Constitución española do 27 de decembro de 1978 [BOE, 29/12/78].

Real Decreto 1981/79, do 20 de xullo de 1979. GALICIA. Incorporación da lingua galega ó sistema de ensino [coñecido como Decreto de bilingüismo] [BOE, 20/08/79].

Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia [BOE, 28/04/81].

Decreto 173/1982, do 17 de novembro, sobre a normativización da lingua galega [DOG, 20/04/83].

Lei 8/1983, do Parlamento galego.

Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística [DOG, 14/07/83].

Orde sobre denominación dos centros docentes públicos da comarca autónoma de Galicia [DOG, 24/08/83].

Decreto 135/1983, do 8 de setembro, polo que se desenvolve para o ensino a Lei 3/1983, de normalización lingüística [DOG, 17/09/83].

Orde do 23 de setembro de 1983 pola que se desenvolve o Decreto 135/1983, da Xunta de Galicia, sobre aplicación da Lei de normalización lingüística ó ensino [DOG, 22/10/83].

Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [DOG, 29/03/90].

Decreto 253/1990, do 18 de abril, sobre exención da materia de lingua galega no ensino medio e básico [DOG, 02/05/90].

Orde do 18 de xuño de 1990 pola que se desenvolve o Decreto 253/1990 do 18 de abril sobre aplicación ó ensino da Lei de normalización lingüística [DOG, 16/07/90].

Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo [BOE, 04/10/90].

Orde do 18 de febreiro de 1991 pola que se convocan Encontros de formación en lingua galega para os Coordinadores dos Equipos de Normalización Lingüística dos centros de ensino non universitarios da comunidade autónoma de Galicia [DOG, 12/03/91].

Orde do 15 de xullo de 1991 pola que se regula a organización e o funcionamento dos centros de Educación Infantil, Educación Xeral Básica, Educación Especial e Educación Permanente de Adultos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [DOG, 26/08/91].

Orde do 24 de xullo de 1991 pola que se convocan 10 prazas por concurso público de méritos, para profesores de ensino secundario e mestres, para desempeñar funcións de Coordinadores Docentes de Galego [DOG, 21/08/91].

Orde do 24 de xullo de 1991 pola que se regulamenta a organización das actividades docentes nos centros de Bacharelato, Formación Profesional e Institutos de Educación Secundaria e Profesional [DOG, 28/08/91].

Decreto 426/1991 do 12 de decembro polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia [DOG, 14/01/92].

Decreto 245/1992 do 30 de xullo polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia [DOG, 14/08/92].

Decreto 78/1993, do 25 de febreiro, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia [DOG, 02/04/93].

Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983 de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios [DOG, 15/09/95].

Modificado polo Decreto 66/1997, do 21 de marzo [DOG, 03/04/97].

Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria [DOG, 09/08/96].

Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico des escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria [DOG, 21/10/96].

Decreto 66/1997, do 21 de marzo, polo que se modifica parcialmente o Decreto 247/1995, do 14 de setembro, polo que se desenvolve a Lei 3/1983, de normalización lingüística, para a súa aplicación ó ensino en lingua galega nas ensinanzas de réxime xeral impartidas nos diferentes niveis non universitarios [DOG, 03/04/97].

APÉNDICES DOCUMENTAIS

ANEXO A. DOCUMENTACIÓN LEGAL

Nota

Incluímos neste ANEXO A outras medidas lexislativas, complementarias coas que foron obxecto de exposición e comentario nas seccións 1.1, 1.2 e 1.3 deste traballo, medidas adoptadas pola Administración da Xunta de Galicia.

1. Orde sobre denominación dos centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia [DOG, 24/08/83]

Nesta orde establecíase que o nome de tódolos centros educativos públicos tería que estar en lingua galega, figurando así “nos seus letreiros, impresos e selos e, en xeral, sempre que se utilice o nome do centro”.

2. Decreto 221/1990, do 22 de marzo, polo que se crea a Comisión Coordinadora para a Normalización Lingüística [DOG, 29/03/90]

Esta Comisión, que está presidida polo Presidente da Xunta e na que se integran catro conselleiros e o Director Xeral de Política Lingüística, ten como finalidade “promover e potenciar o uso da lingua” a través dun amplo abano de accións, que aparecen detalladas no articulado.

3. Decreto 253/1990, do 18 de abril, sobre exención da materia de lingua galega no ensino medio e básico. [DOG, 02/05/90]

4. Orde do 18 de xuño de 1990 pola que se desenvolve o Decreto 253/1990 do 18 de abril, sobre aplicación ó ensino da Lei de Normalización Lingüística [DOG, 16/07/90]

Este decreto e a orde que o desenvolve regulan os casos en que un alumno ou alumna pode estar exento na materia de Lingua Galega. Trátase duns textos nos que algúns dos aspectos que se abordan provocaron unha ampla discusión entre as organizacións preocupadas pola normalización da lingua; en especial, o tratamento dos nenos e nenas con deficiencias orgánicas foi o máis cuestionado.

5. Orde do 15 de xullo de 1991 pola que se regula a organización e o funcionamento dos centros de Educación Infantil, Educación Xeral Básica, Educación Especial e Educación Permanente de Adultos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria [DOG, 26/08/91]
6. Orde do 24 de xullo de 1991 pola que se regulamenta a organización das actividades docentes nos centros de Bacharelato, Formación Profesional e Institutos de Educación Secundaria e Profesional [DOG, 28/08/91]

Estas dúas ordes merecen un comentario máis polo miúdo, porque con elas aparecían significativas novedades en relación coa lingua galega nos centros. En concreto, salientamos aquí as dúas de maior importancia.

a) En primeiro lugar, indicábase que tódolos centros terían que elaborar, dentro da programación xeral anual do centro, un “Plan de potenciación do uso do galego nos centros de ensino”, no que terían que figurar medidas orientadas a estes aspectos:

- Plan xeral para o uso do idioma.
- Plan específico para o ensino en lingua galega.

b) En segundo lugar, indicábase que para coordinar estes apartados anteriores, en cada centro debía crearse un Equipo de Normalización Lingüística, integrado por profesores, alumnos e un representante do persoal non docente.

Estas novedades só conseguiron asentarse parcialmente na realidade práctica dos centros. Os equipos de normalización lingüística (ENL) axiña foron unha realidade en moitos centros, sobre todo desde que, no ano seguinte, comezou a haber axudas económicas para as súas actividades. Outra cousa é a eficacia do labor que desenvolven, centrado moitas veces en actividades festivas relacionadas con datas sinaladas do ciclo anual (Entroido, Maios, magosto, etc.).

Non tiveron a mesma recepción os plans de potenciación do galego que se indicaban nas ordes (e que, na práctica, equivalían á proposta de que cada centro realizase unha planificación lingüística específica), sobre todo no referido ó uso vehicular do galego noutras áreas do currículo; aínda hoxe son moi escasos os centros que contan cun documento que se asemelle a unha auténtica planificación lingüística. Moitos centros carecen dela, e outros teñen un documento teórico que garda escasa relación coa realidade práctica.

7. Orde do 24 de xullo de 1991 pola que se convocan 10 prazas por concurso público de méritos, para profesores de ensino secundario e mestres, para desempeñar funcións de Coordinadores Docentes de Galego [DOG, 21/08/91]

Tamén merece a pena deterse nas consecuencias prácticas desta orde, que era unha derivación lóxica da creación dos ENL. Era obvio que estes ENL precisaban dunha formación e asesoramento que lles poderían dar uns docentes especializados no ámbito da normalización lingüística no ensino e dos problemas específicos dun modelo de ensino bilingüe, dúas realidades para as que a maior parte do profesorado carece de preparación específica.

Estes coordinadores/as, que continuaban a ter unhas horas semanais de docencia, desenvolveron un labor moi significativo:

- elaboración de materiais de formación para os ENL.

Neste campo, salienta especialmente a serie *Cadernos para o ensino*, con títulos como *Os equipos de normalización lingüística nos centros de ensino*, *A lingua galega no PEC e no PCC*, *Recursos didácticos para o ensino*, etc.

- asesoramento directo nos centros, con frecuentes charlas cos Claustros, cos ENL e cos pais e nais do alumnado.
- organización de Encontros de formación para os ENL, dos que se fala máis adiante.
- deseño de campañas de normalización, como pode ser a organizada en colaboración co Concello de Vigo, *En*

galego vivo Vigo, en galego Vigo vai, ou co de Ferrol, En galego, chegarás moi alto.

- organización de exposicións de material didáctico para o ensino en galego.

Lamentablemente, a Administración decidiu suprimilos, sen ningún tipo de explicación, cando só levaban catro anos de funcionamento e o seu traballo ofrecía indicadores moi positivos.

8. Orde do 18 de febreiro de 1991 pola que se convocan Encontros de formación en lingua galega para os Coordinadores dos Equipos de Normalización Lingüística dos centros de ensino non universitario da comunidade autónoma de Galicia [DOG, 12/03/91]

Este ano 1991 foi o primeiro en que a Administración decidiu convocar uns encontros de formación, dirixidos primeiro ós coordinadores dos ENL, e ampliados posteriormente ós outros membros dos mesmos equipos e, de haber prazas, a todo o profesorado interesado.

Estes Encontros veñen desenvolvéndose cada ano nas principais cidades e vilas de Galicia, cunha repercusión moi grande nas primeiras convocatorias, ainda que logo foi decaendo o seu interese (entre outras razóns, pola desaparición dos Coordinadores Docentes, que animaban á participación). Neles trátanse tanto temas que teñan que ver coa realidade sociolingüística de Galicia como cos diferentes ámbitos de actuación dos ENL, mesturando aspectos teóricos con propostas prácticas e con testemuñas por parte dos centros que destacasen pola súa actividade normalizadora.

Os Encontros continúan celebrándose na actualidade, organizados agora polos Gabinetes Provinciais de Normalización Lingüística.

9. Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de Educación Infantil e dos colexios de Educación Primaria [DOG, 21/10/96]
10. Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria [DOG, 09/08/96]

Estes dous decretos –este e mailo anterior– viñeron actualizar algúns dos textos anteriores, en concreto as ordes citadas nos apartados 5 e 6. Dentro dunha regulación máis extensa, que abrangue os diferentes aspectos da vida académica e administrativa do centro, figuran neles as novas composicións e obxectivos dos ENL nos centros de Primaria e Secundaria. Velaquí un resumo do que se di sobre estes aspectos:

* *Escolas de Educación Infantil e colexios de Educación Primaria*

Nos colexios de seis ou máis unidades existirá, entre outros órganos de coordinación docente, un Equipo de Normalización Lingüística. Nos centros con menos de seis unidades as funcións do equipo serán asumidas polo Claustro.

No título III, dise que o Equipo de Normalización Lingüística estará constituído por un profesor de cada ciclo, a proposta dos seus integrantes. Estes membros do equipo serán nomeados polo director.

Poderán incorporarse ó traballo do equipo para temas puntuais outros membros da comunidade educativa.

A coordinación do equipo será desempeñada por un profesor del, preferentemente con destino definitivo no centro. O coordinador será nomeado polo director, a proposta dos componentes do equipo, para un período de dous anos.

* *Centros de Educación Secundaria*

Nos institutos existirá, entre outros órganos, un Equipo de Normalización Lingüística. No capítulo VII do título III dise que o equipo estará constituído por:

- a) tres profesores, por proposta da comisión de coordinación pedagógica.
- b) tres alumnos/as, por proposta da xunta de delegados/as.
- c) un membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos.

Os membros do equipo serán nomeados polo director/a. A coordinación será desempeñada por un profesor ou profesora, preferentemente con destino definitivo no centro.

O coordinador/a será nomeado polo director ou directora, a proposta dos compoñentes do equipo, e desempeñará a súa función durante catro anos.

* *As competencias atribuídas ós equipos de normalización lingüística*

Os dous decretos citados outórganlle as mesmas competencias ós ENL, tanto nos centros de Infantil e Primaria coma nos de Secundaria. Estas competencias son:

1. Presentar, a través do Claustro, propostas ó equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluirán no proxecto educativo de centro.
2. Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - a) medidas para potencia-lo uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - b) proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellora-la competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
3. Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plano específico para potencia-la presencia da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc., no ensino.
4. Elaborar e dinamizar un plano anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos planos anteriores.
5. Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins (...). Proporcionarles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

ANEXO B. MATERIAIS DE ENQUISA CENTROS DE ENSINO ENQUISADOS

CENTRO	LOCALIDADE	PROVINCIA
C. XOÁN FLOREZ	A Coruña	A Coruña
C. AS XUBIAS	A Coruña	A Coruña
C. FILLAS DE XESÚS (CRISTO REI)	A Coruña	A Coruña
C. S. PEDRO DE VISMA	A Coruña	A Coruña
C. SALGADO TORRES	A Coruña	A Coruña
C. FCO. XAVIER	A Coruña	A Coruña
C. ESCLAVAS	A Coruña	A Coruña
C. RAQUEL CAMACHO	A Coruña	A Coruña
C. MARÍA BARBEITO	A Coruña	A Coruña
C. COMPAÑÍA DE MARÍA	A Coruña	A Coruña
C. LICEO A PAZ	A Coruña	A Coruña
C. MARÍA PITA	A Coruña	A Coruña
C. V. LÓPEZ SEOANE	A Coruña	A Coruña
C. MONTEL TOUZET	A Coruña	A Coruña
C. FERNÁNDEZ LATORRE	A Coruña	A Coruña
C. OBRADOIRO	A Coruña	A Coruña
C. CONCEPCIÓN ARENAL	A Coruña	A Coruña
C. SAL LENCE	A Coruña	A Coruña
C. KARBO	A Coruña	A Coruña
C. MANUEL MURGUÍA	A Coruña	A Coruña
C. PEDRALONGA	A Coruña	A Coruña
C. A CASTELLANA	Aranga	A Coruña
C. PONTE DOS BROZOS	Arteixo	A Coruña
C. SAN XOSÉ OBREIRO	Arteixo	A Coruña
C. NUESTRA SEÑORA DEL ROSARIO	Arzúa	A Coruña
C. MONTE CAXADO	As Pontes	A Coruña
C. A MAGDALENA	As Pontes	A Coruña
C. NEBRIJA	As Pontes	A Coruña
C. BOIMORTO	Boimorto	A Coruña
C SANTA MARÍA DO CASTRO	Boiro	A Coruña
C. ESCARABOTE	Boiro	A Coruña
C PEDROUZOS	Brión	A Coruña
C. ELADIA MARIÑO	Cabanas	A Coruña
C. RUS	Carballo	A Coruña
C. SOFÁN	Carballo	A Coruña
C. AREAL	Cedeira	A Coruña
C. NICOLÁS DEL RÍO	Cedeira	A Coruña
C. ALCALDE XOSÉ PICHEL	Coristanco	A Coruña
C. O BURGO	Culleredo	A Coruña
C. TARRÍO-LAÍÑO	Dodro	A Coruña


C. COMPAÑÍA DE MARÍA	Ferrol	A Coruña
C. PONZOS	Ferrol	A Coruña
C. PAZOS-SERANTES	Ferrol	A Coruña
C. MANUEL MASDÍAS	Ferrol	A Coruña
C. SAN XOÁN DE FILGUEIRA	Ferrol	A Coruña
C. REIS CATÓLICOS	Ferrol	A Coruña
C. TIRSO DE MOLINA	Ferrol	A Coruña
C. LÓPEZ E LÓPEZ	Laxe	A Coruña
C. MELIDE I	Melide	A Coruña
C. MELIDE II	Melide	A Coruña
C. VIRXE DA BARCA	Muxía	A Coruña
C. SANTIAGO APÓSTOL	Narón	A Coruña
C. JORGE JUAN	Narón	A Coruña
C. A SOLANA	Narón	A Coruña
C. O FEAL	Narón	A Coruña
C. P NEGREIRA	Negreira	A Coruña
C. VIDELBA	Oleiros	A Coruña
C. SERRA DE OUTES	Outes	A Coruña
C. SAN XOSÉ DA GRANDE OBRA	Pontedeume	A Coruña
C. GARCÍA BAYÓN	Ribeira	A Coruña
C. FRIÓNS	Ribeira	A Coruña
C. P. PALMEIRA	Ribeira	A Coruña
C. MONDEGO	Sada	A Coruña
C. XAN BAÑA	Santa Comba	A Coruña
C. P. BARRIÉ DE LA MAZA	Santa Comba	A Coruña
C. VITE	Santiago de Compostela	A Coruña
C. APÓSTOLO SANTIAGO	Santiago de Compostela	A Coruña
C. PELETEIRO	Santiago de Compostela	A Coruña
C. LA SALLE	Santiago de Compostela	A Coruña
C. RAÍÑA FABIOLA	Santiago de Compostela	A Coruña
C. CLUNY	Santiago de Compostela	A Coruña
C. RAMÓN CABANILLAS	Santiago de Compostela	A Coruña
C. QUIROGA PALACIOS	Santiago de Compostela	A Coruña
C. FONTIÑAS	Santiago de Compostela	A Coruña
C. OS TILOS	Teo	A Coruña
C. A. RAMALLOSA	Teo	A Coruña
C. IGLESIA ALVARIÑO	Abadín	Lugo
C. AS NOGAIS	As Nogais	Lugo
C. XOÁN DE REQUEIXO	Chantada	Lugo
C. NÚMERO 1	Foz	Lugo
C. LAGOSTELLE	Guitiriz	Lugo
C. JUAN REY	Lourenzá	Lugo
C. ILLA VERDE	Lugo	Lugo
C. FINGOI	Lugo	Lugo

C. VIRXE DA SOIDADE	Lugo	Lugo
C. SAGRADO CORAZÓN	Lugo	Lugo
C. MARÍA AUXILIADORA	Lugo	Lugo
C. PARADAI	Lugo	Lugo
C. LUÍS PIMENTEL	Lugo	Lugo
C. P. MEIRA	Meira	Lugo
C. ÁLVARO CUNQUEIRO	Mondoñedo	Lugo
C. ESCOLAPIOS	Monforte de Lemos	Lugo
CEIP	Monforte de Lemos	Lugo
C. FERROVIARIO	Monforte de Lemos	Lugo
C. O CORGO	O Corgo	Lugo
C. VILARMOSTEIRO	O Páramo	Lugo
C. PALAS DE REI	Palas de Rei	Lugo
C. SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS	Ribadeo	Lugo
C. FRAY LUIS DE GRANADA	Sarria	Lugo
C. A MERCEDE	Sarria	Lugo
C. OURAL	Sarria	Lugo
C. RURAL	Sober	Lugo
C. OTERO PEDRAYO	Amoeiro	Ourense
C. SAN SALVADOR	Arnoia	Ourense
C. XAQUÍN LOURENZO	Bande	Ourense
C. CASTRO CALDELAS	Castro Caldelas	Ourense
C. CURROS ENRÍQUEZ	Celanova	Ourense
C. P. CENLLE	Cenlle	Ourense
C. SAGRADO CORAZÓN	O Carballiño	Ourense
C. CALVO SOTELO	O Carballiño	Ourense
C. O IRIXO	O Irixo	Ourense
C. CASAR DO MATO	Ourense	Ourense
C. MARÍA AUXILIADORA	Ourense	Ourense
C. MANUEL SUEIRO	Ourense	Ourense
C. DIVINA PASTORA	Ourense	Ourense
C. O COUTO	Ourense	Ourense
C. A PONTE	Ourense	Ourense
C. PADRE FEIJOO	Ourense	Ourense
C. SAN JOSÉ	Ourense	Ourense
C. CALVO SOTELO	Ourense	Ourense
C. VIRXE DE COVADONGA	Ourense	Ourense
C. TOMÁS DE LEMOS	Ribadavia	Ourense
C. AMARO REFOIO	Verín	Ourense
C. PRINCESA DE ESPAÑA	Verín	Ourense
C. BIBEI	Viana de Bolo	Ourense
C. VILARIÑO DE CONSO	Vilariño de Conso	Ourense
C. PADRE CRESPO	Xunqueira de Ambía	Ourense
C. NOSA SEÑORA DE LOURDES	A Estrada	Pontevedra

C. SAN XOSÉ	A Guarda	Pontevedra
C. PAZO DA MERCEDE	As Neves	Pontevedra
C. ALFONSO VII	Caldas de Reis	Pontevedra
C. SAN CLEMENTE	Caldas de Reis	Pontevedra
C. ENRIQUE BARREIRO	Cambados	Pontevedra
C. ANTONIO MAGARIÑOS	Cambados	Pontevedra
C. COMPAÑÍA DE MARÍA	Cangas	Pontevedra
C. A RÚA	Cangas	Pontevedra
C. SAN ROQUE DE ARBO	Cangas	Pontevedra
C. P. CATOIRA	Catoira	Pontevedra
C. MARCELINO REY GARCÍA	Cuntis	Pontevedra
C. TORRE ILLA	Illa de Arousa	Pontevedra
C. PRADO	Lalín	Pontevedra
CEIP DE LALÍN	Lalín	Pontevedra
C. O CARBALLAL	Marín	Pontevedra
C. SAN NARCISO	Marín	Pontevedra
C. SEQUELO	Marín	Pontevedra
C. COIRÓN-DENA	Meaño	Pontevedra
C. SANTA LUCÍA	Moraña	Pontevedra
C. LOS SAUCES	Mos	Pontevedra
C. CORDO BOULLOSA	Ponte Caldelas	Pontevedra
C. BOUZA BREY	Ponteareas	Pontevedra
C. NOSA SRA. DOS REMEDIOS	Ponteareas	Pontevedra
C. A INMACULADA	Ponteareas	Pontevedra
C. SAN ANDRÉS DE XEVE	Pontevedra	Pontevedra
C. SAGRADO CORAZÓN	Pontevedra	Pontevedra
C. MONTEPORREIRO	Pontevedra	Pontevedra
C. XUNQUEIRA II	Pontevedra	Pontevedra
C. ÁLVAREZ LIMESES	Pontevedra	Pontevedra
C. CALASANCIO	Pontevedra	Pontevedra
C. PARADA-CAMPAÑÓ	Pontevedra	Pontevedra
C. FROEBEL	Pontevedra	Pontevedra
C. P. REDONDELA	Redondela	Pontevedra
C. P. SANTO PAIO DE ABAIXO	Redondela	Pontevedra
C. LEIRADO	Salvaterra de Miño	Pontevedra
C. FELIPE BORBÓN	Salvaterra de Miño	Pontevedra
C. GUILLAREI	Tui	Pontevedra
C.P. Nº2	Tui	Pontevedra
C. A MILAGROSA	Tui	Pontevedra
C. DOUTOR EIXO GARAY	Vigo	Pontevedra
C. SANTA VEDRUNA	Vigo	Pontevedra
C. OTERO PEDRAYO	Vigo	Pontevedra
C. TEIS	Vigo	Pontevedra
C. POSSUMUS	Vigo	Pontevedra

C. SELLO	Vigo	Pontevedra
C. LAVADORES	Vigo	Pontevedra
C. CABRAL	Vigo	Pontevedra
C. VICENTE RISCO	Vigo	Pontevedra
C. MESTRES GOLDAK	Vigo	Pontevedra
C. SOBREIRA-VALADARES	Vigo	Pontevedra
C. ESCULTOR ACUÑA	Vigo	Pontevedra
C. MIRALBA	Vigo	Pontevedra
C. ALBORADA	Vigo	Pontevedra
C. MARTÍN CODAX	Vigo	Pontevedra
C. SÁRDOMA-MOLEDO	Vigo	Pontevedra
C. CHANS-BEMBRIVE	Vigo	Pontevedra
C. A CARRASQUEIRA	Vigo	Pontevedra
C. FLEMING	Vigo	Pontevedra
C. TINTUREIRA	Vigo	Pontevedra
C. EL CASTRO	Vigo	Pontevedra
C. AMOR DE DIOS	Vigo	Pontevedra
C. ROSALÍA DE CASTRO	Vigo	Pontevedra
C. BALAÍDOS	Vigo	Pontevedra
C. CELSO EMILIO FERREIRO	Vigo	Pontevedra
C. PARDO BAZÁN	Vigo	Pontevedra
C. POMBAL	Vigo	Pontevedra
C. EDUARDO PONDAL	Vigo	Pontevedra
C. ATLÁNTIDA	Vigo	Pontevedra
C. AS ACACIAS	Vigo	Pontevedra
C. O PIÑEIRIÑO	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
C. VILAXOÁN	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
C. XOSÉ ANTONIO	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra
C. SAN FRANCISCO	Vilagarcía de Arousa	Pontevedra

DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS CENTROS DE ENSINO ENQUISADOS



ENQUISA A DIRECTORES/AS DE CENTROS DE ENSINO

Data:

Entrevistador/a:

Código:

1. ¿Conta o centro cunha planificación lingüística onde se recolla o uso das dúas linguas oficiais na docencia?:

Sí _____

Non está recollida por escrito [1]

Está recollida por escrito [2]

Figura no PCC/PEC [3]

NON [4]

2. ¿Existe Equipo de Normalización no centro?:

Sí _____

Funciona ben [1]

Funciona regular [2]

Funciona mal [3]

NON [4]

3. ¿Está de acordo co obxectivo educativo da Lei de normalización lingüística que consiste, como vostede sabe, en que os alumnos acadan a competencia nas dúas linguas oficiais?:

[1]	Moi de acuerdo
[2]	Bastante
[3]	Algo
[4]	Nada de acuerdo

4. ¿Seméllalle acadable?:

[1]	Moito
[2]	Bastante
[3]	Algo
[4]	Nada

5. ¿Seméllalle acadable no seu centro?:

[1]	Moito
[2]	Bastante
[3]	Algo
[4]	Nada

- 6. En caso de que coide que non resulta acadable no seu centro, ¿que dificultades habería que salvar?:

[1]	Cumpriría unha postura máis decidida por parte da Administración
[2]	Cumpriría mellora-la capacitación dos docentes
[3]	Cumpriría mellora-lo apoio ós docentes
[4]	Cumpriría que existise máis motivación entre os docentes
[5]	Cumpriría máis motivación nos alumnos
[6]	Cumpriría que os pais e a sociedade en xeral fosen máis sensibles á lingua
[7-9]	Outros:

7. ¿Cal cre vostede que é a lingua que máis se fala na zona onde se sitúa o centro?:

[1]	Practicamente só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Practicamente só castelán

8. ¿Cal cre vostede que é a lingua más falada habitualmente entre o alumnado?:

[1]	Practicamente só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Practicamente só castelán

9. ¿Cal coida vostede que é a lingua de expresión predominante entre as familias dos alumnos do centro?:

[1]	Practicamente só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Practicamente só castelán

10. ¿Que influencia lingüística exerce a súa escola sobre os seus alumnos?:

[1]	Os nenos no ámbito do centro optan por utilizar máis o castelán
[2]	Os nenos e mesmo as familias identifican a escola co uso do castelán
[3]	O centro favorece o uso do galego
[4]	Os nenos no ámbito do centro optan por utilizar máis o galego

11. ¿Realízanse en galego as funcóns administrativas do centro?:

[1]	Totalmente
[2]	Parcialmente
[3]	En castelán

12. ¿En que lingua se realizan as comunicacóns ORAIS coa Administración educativa?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Oralmente				

13. ¿En que lingua se realizan as comunicacóns POR ESCRITO coa Administración educativa?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Por escrito				

14. ¿En que lingua se realizan as comunicacións ORAIS co concello?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Oralmente				

15. ¿En que lingua se realizan as comunicacións POR ESCRITO co concello?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Por escrito				

16. ¿En que lingua se realizan as comunicacións ORAIS coas familias?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Oralmente				

17. ¿En que lingua se realizan as comunicacións POR ESCRITO coas familias?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Por escrito				

18. ¿Como inflúen os docentes coa lingua habitual que empregan?:

[1]	Favorecen na súa maioría o uso do galego
[2]	Non repercuten
[3]	Favorecen na súa maioría o uso do castelán

19. ¿Cal é a práctica lingüística habitual do persoal non docente?:

[1]	Só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Só castelán

20. ¿Cal coida vostede que é a lingua habitual do profesorado?

[1]	Só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Só castelán

21. ¿Cal coida vostede que é a lingua habitual do alumnado?:

[1]	Só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Só castelán

22. ¿Cantas aulas de Educación Infantil existen no seu centro?: _____

23. ¿Cal é a lingua utilizada polos nenos e nenas de Educación Infantil?:

[1]	Só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Só castelán

- ¿Cal é a lingua que utiliza o profesorado en Educación Infantil?:

-Pregunta 24

-Pregunta 25

-Pregunta 26

	3 anos				4 anos				5 anos			
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
[1] Só galego												
[2] Máis galego												
[3] Máis castelán												
[4] Só castelán												

- * No caso de que a resposta ás dúas cuestións anteriores indiquen un predominio do castelán, preguntar:
- ¿Cantas horas empregan a lingua galega para ir adquirindo unha progresiva competencia nela?:

-Pregunta 27

-Pregunta 28

-Pregunta 29

	3 anos				4 anos				5 anos			
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
[1] menos de 1h/día												
[2] 1h/día												
[3] 2h/día												
[4] 3h/día												

30. ¿Que tipo de actividades realizan nesas horas?:

[1]	Actividades de léxico
[2]	Cantar cancións
[3]	Contos e literaratura popular
[4]	Xogos
[5-9]	Outras:

Atención entrevistador/a: Con respecto ós datos que agora lle vai solicitar ó director:

- Consigne datos promediados, sempre que sexa necesario;
- Debe garantirlle ó director a completa confidencialidade dos datos que se consigan.

31. ¿Que materias se imparten en galego nos tres ciclos de Primaria?:

1º ciclo

Primeiro

Materia	[1] Horas	[2-4] Lingua dos materiais	[5-6] Lg. prof / Lg. alumno	[7-8]
• LINGUA GALEGA				/
• OUTRASMATERIASENGALEGO :				
1.				/
2.				/
3.				/
4.				/
• TODO EN GALEGOAGÁS LINGUA CASTELÁ				/

Atención entrevistador/a:

- Lingua dos materiais: [2]: Galego; [3]: Galego e Castelán; [4]: Castelán.
- Lingua profesor: [5]: Galego; [6]: Castelán.
- Lingua alumno: [7]: Galego; [8]: Castelán.

Segundo

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
• LINGUA GALEGA			/
• OUTRASMATERIASENGALEGO :			
1.			/
2.			/
3.			/
4.			/
• TODO EN GALEGOAGÁS LINGUA CASTELÁ			/

*** Observacións sobre o primeiro ciclo**

--

2º ciclo**Terceiro**

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
LINGUA GALEGA			/
COÑECEMENTODO MEDIO			/
2ª MATERIAELIXIDA POLOCENTRO: Especificar:			/
OUTRASMATERIAS ENGALEGO:			
1.			/
2.			/
3.			/

Cuarto

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
LINGUA GALEGA			/
COÑECEMENTODO MEDIO			/
2ª MATERIAELIXIDA POLOCENTRO: Especificar:			/
OUTRASMATERIAS ENGALEGO:			
1.			/
2.			/
3.			/

*** Observacións sobre o segundo ciclo**

--

3º ciclo**Quinto**

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
LINGUA GALEGA			/
COÑECEMENTODO MEDIO			/
2ª MATERIAELIXIDA POLOCENTRO: Especificiar: _____			/
OUTRASMATERIASENGALEGO :			
1.			/
2.			/
3.			/

Sexto

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
LINGUA GALEGA			/
COÑECEMENTODO MEDIO			/
2ª MATERIAELIXIDA POLOCENTRO: Especificiar: _____			/
OUTRASMATERIASENGALEGO :			
1.			/
2.			/
3.			/

*** Observacións sobre o terceiro ciclo**

--

Atención entrevistador/a:

32. Con respecto á actitude do director á hora de responder ás preguntas anteriores sobre a lingua en que se imparten as materias:

- | | |
|-----|---|
| [1] | O/A director/a colaborou en todo momento |
| [2] | O/A director/a mostrou unha conducta pouco participativa |
| [3] | O/A director/a mostrou unha actitude negativa e a penas colaborou |

33. ¿Considera vostede que o nivel de competencia lingüística dos docentes que imparten algunha materia ou algunhas clases en lingua galega é axeitado?:

[1]	Si, en tódolos casos
[2]	Si, maioritariamente
[3]	Hai deficiencias importantes

34. En caso de existir deficiencias a nivel de competencia lingüística, ¿cales serían as súas causas?:

[1]	Deficiente instalación dos docentes na lingua
[2]	Baixo nivel de coñecemento da lingua
[3]	Pouco interese nun uso rigoroso
[4]	Pouca estabilidade nos criterios de uso
[5]	Proclividade a derivar cara ó uso do castelán
[6-9]	Outras:

35. ¿Que propostas faría vostede para mellora-la situación?:

[1]	Promover unha maior motivación nos docentes cara á lingua
[2]	Mellora-la formación lingüística dos docentes
[3]	Mellora-los criterios pedagóxicos orientativos
[4]	Distribuí-lo profesorado do centro segundo as necesidades lingüísticas
[5]	Outras propostas:

36. ¿Que experiencias realizou o centro para promove-lo uso da lingua galega entre a comunidade educativa?:

[1]	Celebración das Letras Galegas
[2]	Festas do ciclo anual
[3]	Festa do colexio
[4]	Campañas de fomento da lingua galega
[5]	Efemérides de interese social e cívico
[6]	Charlas para familias
[7]	Actividades culturais
[8]	Outras actividades:

37. ¿Cal é a súa opinión sobre as actitudes que ten o profesorado en relación coa utilización do galego no ensino?:

[1]	Actitude positiva
[2]	Actitude neutral
[3]	Actitude negativa

38. ¿Cal é a súa opinión sobre as actitudes que teñen as familias en relación coa utilización do galego no ensino?:

[1]	Actitude positiva
[2]	Actitude neutral
[3]	Actitude negativa

39. ¿Cal é a súa opinión sobre as actitudes que teñen os alumnos en relación coa utilización do galego no ensino?:

[1]	Actitude positiva
[2]	Actitude neutral
[3]	Actitude negativa

40. ¿Cal coida vostede que é a opinión do profesorado sobre as seguintes cuestións?:

- Entrevistador: consigne en cada recadro a porcentaxe (%) de profesores estimado.

	[1] De acuerdo	[2] Algo de acuerdo	[3] Nada de acuerdo	[4] NS/NC
1. A introducción do ensino en galego é unha das causas do aumento do fracaso escolar				
2. O coñecemento da lingua galega é necesario na sociedade galega de hoxe.				
3. Coa lexislación actual os nenos non dan aprendido ben as dúas lingüas				
4. A adquisición de dúas lingüas favorece as aprendizaxes posteriores				
5. A aprendizaxe da lingua galega non lles vai servir para a vida				
6. A introducción da lingua galega no ensino favorece a autoestima e o sentido de identidade dos nosos nenos				

41. Con respecto ás dificultades para a implantación do galego no ensino, valore a relevancia das seguintes cuestións:

	[1] De acuerdo		[2] Algo de acuerdo	[3] Nada de acuerdo
1. Os alumnos non dominan o galego				
2. Os alumnos teñen actitudes negativas ante o galego				
3. Os pais teñen actitudes negativas ante o galego				
4. Os profesores carecen de preparación suficiente en galego				
5. Moitos profesores teñen actitudes negativas ante o galego				
6. Non se potencia institucionalmente o galego desde o centro				
7. A Administración non apoya a implantación do galego nos centros				

42. A partir dos sete enunciados de arriba, destaque as 2 dificultades meirandes para a implantación do galego no ensino:

Dificultade 1:	
Dificultade 2:	

43. Con respecto ás dificultades para a promoción do galego na escola, valore a relevancia dos seguintes enunciados:

	[1] De acuerdo	[2] Algo de acuerdo	[3] Nada de acuerdo
1. Existen valoracións xerais negativas sobre o prestixio e a utilidade do galego			
2. A presencia do galego afecta negativamente ó desenvolvemento académico			
3. Existen carencias de material didáctico			
4. Dáse unha falta de apoio efectivo por parte da Administración			
5. Non está regulada a reciclaxe efectiva do profesorado			

44. Con respecto á presencia da lingua galega na docencia, ¿considera que se cumplen os mínimos esixidos pola lexislación actual no seu centro?:

[1]	Si
[2]	Si, con dificultades
[3]	Non

45. Con respecto á presencia da lingua galega na actividade diaria do centro, considera que a presencia é:

[1]	Suficiente
[2]	Aceptable
[3]	Insuficiente

46. Ante o proceso de normalización da lingua galega no ensino, vostede opina que:

[1]	A lingua debe acadar un nivel de normalización más intenso
[2]	A situación actual é a desexable
[3]	O nivel de normalización esixido é excesivo

47. ¿Como valora o proceso de extensión do galego nos centros?:

[1]	Puido ser más intenso con más decisión política
[2]	Foi avanzando a medida que o permitiron as circunstancias
[3]	Foi excesivamente intenso

48. Con respecto á situación actual, considera que:

[1]	Segue a avanza-la normalización da lingua galega
[2]	Producíuse un certo estancamiento
[3]	Retrocedese

49. En caso de que vostede coide que houbo un estancamiento ou un retroceso na normalización da lingua galega, ¿cales poderían se-las causas?:

[1]	Declinou o impulso da política lingüística
[2]	Declinou a militancia lingüística
[3]	As novas xeracións non son activas
[4-6]	Outras:

ENQUISA ÓS EQUIPOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Data: Entrevistador/a: _____ Código:

1. ¿Onde realiza as reunións o ENL?: _____

2. ¿Cal é a frecuencia das reunións?:

[1]	Semanais
[2]	Quincenais
[3]	Mensuais
[4]	Trimestrais
[5]	Anuais

¿De que presuposto anual dispoñen?:

- Pregunta 3: presuposto 1997: _____
- Pregunta 4: presuposto 1998: _____

5. ¿Reciben axudas da Administración?:

[1] ____ Non

[2] ____ Si →

Cantidad:	_____
Ano:	_____

6. ¿Dispón o ENL de facilidades no centro para desenvolve-lo labor normalizador?:

[1]	Si
[2]	Parcialmente
[3]	Non

7. ¿Cal é o papel que xoga o ENL na vida do centro?:

[1]	Importante
[2]	Pouco importante
[3]	Irrelevante

- [Atención entrevistador: a pregunta 8 realizarase SÓ a ENL de centros de Secundaria]

8. ¿O profesorado do centro tende a confundi-lo ENL co Seminario de Galego?:

[1]	Si
[2]	Non

9. ¿Que actividades desenvolve o ENL?:

1.	
2.	
3.	
4.	

10. ¿Intervén o ENL no deseño da planificación lingüística do centro?:

[1]	Si
[2]	Parcialmente
[3]	Non

11. ¿Programa o ENL actividades de fomento do uso do galego?:

[1]	Si
[2]	Non

12. ¿Programa o ENL actividades que fomenten o cambio das actitudes lingüísticas?:

[1]	Si
[2]	Non

13. ¿Que dificultades atopa o ENL para levar a cabo o seu labor?:

1.	
2.	
3.	
4.	

14. ¿Que debería cambiar para avanzar no camiño normalizador?:

[1]	Cambio na actitude da Administración educativa
[2]	Cambio na actitude do equipo directivo dos centros
[3]	Cambio na actitude dos profesores
[4]	Cambio nos alumnos
[5]	Cambio nos pais de alumnos

15. ¿Que valoración fai do papel do ENL na normalización lingüística do centro?:

[1]	Positiva
[2]	Sen incidencia
[3]	Negativa

16. ¿Conta o centro cunha planificación lingüística onde se recolla o uso das dúas linguas oficiais na docencia?:

Sí _____

Non está recollida por escrito

Está recollida por escrito

Figura no PCC/PEC

NON

17. ¿Está de acordo co obxectivo educativo da Lei de normalización lingüística que consiste, como vostede sabe, en que os alumnos acaden a competencia nas dúas linguas oficiais?:

[1]	Moi de acuerdo
[2]	Bastante
[3]	Algo
[4]	Nada de acordo

18. ¿Semellalle acadable?:

[1]	Moito
[2]	Bastante
[3]	Algo
[4]	Nada

19. ¿Semellalle acadable no seu centro?:

[1]	Moito
[2]	Bastante
[3]	Algo
[4]	Nada

20. En caso de que coide que non resulta acadable no seu centro, ¿que dificultades habería que salvar?:

[1]	Cumpriría unha postura más decidida por parte da Administración
[2]	Cumpriría mellora-la capacitación dos docentes
[3]	Cumpriría mellora-lo apoio ós docentes
[4]	Cumpriría que existise más motivación entre os docentes
[5]	Cumpriría más motivación nos alumnos
[6]	Cumpriría que os pais e a sociedade en xeral fosen más sensibles á lingua
[7-9]	Outros:

21. ¿Cal cre vostede que é a lingua que máis se fala na zona onde se sitúa o centro?:

[1]	Practicamente só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Practicamente só castelán

22. ¿Cal cre vostede que é a lingua más falada habitualmente entre o alumnado?:

[1]	Practicamente só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Practicamente só castelán

23. ¿Cal coida vostede que é a lingua de expresión predominante entre as familias dos alumnos do centro?:

[1]	Practicamente só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Practicamente só castelán

24. ¿Que influencia lingüística exerce a súa escola sobre os seus alumnos?:

[1]	Os nenos no ámbito do centro optan por utilizar más o castelán
[2]	Os nenos e mesmo as familias identifican a escola co uso do castelán
[3]	O centro favorece o uso do galego
[4]	Os nenos no ámbito do centro optan por utilizar más o galego

25. ¿Realízanse en galego as funcíons administrativas do centro?:

[1]	Totalmente
[2]	Parcialmente
[3]	En castelán

26. ¿En que lingua se realizan as comunicacóns ORAIS coa Administración educativa?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Oralmente				

27. ¿En que lingua se realizan as comunicacóns POR ESCRITO coa Administración educativa?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Por escrito				

28. ¿En que lingua se realizan as comunicacóns ORAIS co concello?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Oralmente				

29. ¿En que lingua se realizan as comunicacóns POR ESCRITO co concello?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Por escrito				

30. ¿En que lingua se realizan as comunicacóns ORAIS coas familias?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Oralmente				

31. ¿En que lingua se realizan as comunicacóns POR ESCRITO coas familias?:

	Só galego [1]	Máis en galego [2]	Máis en castelán [3]	Só castelán [4]
Por escrito				

32. ¿Como inflúen os docentes coa lingua habitual que empregan?:

[1]	Favorecen na súa maioría o uso do galego
[2]	Non repercuten
[3]	Favorecen na súa maioría o uso do castelán

33. ¿Cal é a práctica lingüística habitual do persoal non docente?:

[1]	Só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Só castelán

34. ¿Cal coida vostede que é a lingua habitual do profesorado?:

[1]	Só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Só castelán

35. ¿Cal coida vostede que é a lingua habitual do alumnado?:

[1]	Só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Só castelán

36. ¿Cantas aulas de Educación Infantil existen no seu centro?: _____

37. ¿Cal é a lingua utilizada polos nenos e nenas de Educación Infantil?:

[1]	Só galego
[2]	Máis galego ca castelán
[3]	Máis castelán ca galego
[4]	Só castelán

- **¿Cal é a lingua que utiliza o profesorado en Educación Infantil?:**

-Pregunta 38**-Pregunta 39****-Pregunta 40**

	3 anos				4 anos				5 anos			
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
[1] Só galego												
[2] Máis galego												
[3] Máis castelán												
[4] Só castelán												

* No caso de que a resposta ás dúas cuestiós anteriores indiquen un predominio do castelán, preguntar:

- **¿Cantas horas empregan a lingua galega para ir adquirindo unha progresiva competencia nela?:**

-Pregunta 41**-Pregunta 42****-Pregunta 43**

	3 anos				4 anos				5 anos			
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4
[1] menos de 1h/día												
[2] 1h/día												
[3] 2h/día												
[4] 3h/día												

44. ¿Que tipo de actividades realizan nesas horas?:

[1]	Actividades de léxico
[2]	Cantar cancións
[3]	Contos e literaratura popular
[4]	Xogos
[5-9]	Outras:

Atención entrevistador/a: Con respecto ós datos que agora lle vai solicitar ó Equipo de Normalización Lingüística:

- Consigne datos promediados, sempre que sexa necesario.
- Debe garantirlle ó Equipo de Normalización Lingüística a completa confidencialidade dos datos que se consignen.

45. ¿Que materias se imparten en galego nos tres ciclos de Primaria?:

1º ciclo

Primeiro

Materia	[1] Horas	[2-4] Lingua dos materiais	[5-6] Lg. prof / Lg. alumno	[7-8]
• LINGUA GALEGA				/
• OUTRASMATERIASENGALEGO :				
1.				/
2.				/
3.				/
4.				/
• TODO EN GALEGOAGÁS LINGUA CASTELÁ				/

Atención entrevistador/a:

- Lingua dos materiais: [2]: Galego; [3]: Galego e Castelán; [4]: Castelán.
- Lingua profesor: [5]: Galego; [6]: Castelán.
- Lingua alumno: [7]: Galego; [8]: Castelán.

Segundo

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
• LINGUA GALEGA			/
• OUTRASMATERIASENGALEGO :			
1.			/
2.			/
3.			/
4.			/
• TODO EN GALEGOAGÁS LINGUA CASTELÁ			/

*** Observacións sobre o primeiro ciclo**

--

2º ciclo**Terceiro**

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
LINGUA GALEGA			/
COÑECEMENTODO MEDIO			/
2ª MATERIAELIXIDA POLOCENTRO: Especificiar: _____			/
OUTRASMATERIASENGALEGO :			
1.			/
2.			/
3.			/

Cuarto

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
LINGUA GALEGA			/
COÑECEMENTODO MEDIO			/
2ª MATERIAELIXIDA POLOCENTRO: Especificiar: _____			/
OUTRASMATERIASENGALEGO :			
1.			/
2.			/
3.			/

*** Observacións sobre o segundo ciclo**

--

3º ciclo**Quinto**

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
LINGUA GALEGA			/
COÑECEMENTODO MEDIO			/
2ª MATERIAELIXIDA POLOCENTRO: Especificar:			/
OUTRASMATERIAS ENGALEGO:			
1.			/
2.			/
3.			/

Sexto

Materia	Horas	Lingua dos materiais	Lg. prof / Lg. alumno
LINGUA GALEGA			/
COÑECEMENTODO MEDIO			/
2ª MATERIAELIXIDA POLOCENTRO: Especificar:			/
OUTRASMATERIAS ENGALEGO:			
1.			/
2.			/
3.			/

*** Observacións sobre o terceiro ciclo**

--

Atención entrevistador/a:

46. Con respecto á actitude do Equipo de Normalización Lingüística á hora de responde-las preguntas anteriores sobre a lingua en que se imparten as materias:

[1]	O/A director/a colaborou en todo momento
[2]	O/A director/a mostrou unha conducta pouco participativa
[3]	O/A director/a mostrou unha actitude negativa e a penas colaborou

47. ¿Considera vostede que o nivel de competencia lingüística dos docentes que imparten algunha materia ou algunas clases en lingua galega é axeitado?:

[1]	Si, en tódolos casos
[2]	Si, maioritariamente
[3]	Hai deficiencias importantes

48. En caso de existir deficiencias a nivel de competencia lingüística, ¿cales serían as súas causas?:

[1]	Deficiente instalación dos docentes na lingua
[2]	Baixo nivel de coñecemento da lingua
[3]	Pouco interese nun uso rigoroso
[4]	Pouca estabilidade nos criterios de uso
[5]	Proclividade a derivar cara ó uso do castelán
[6-9]	Outras:

49. ¿Que propostas faría vostede para mellora-la situación?:

[1]	Promover unha maior motivación nos docentes cara á lingua
[2]	Mellora-la formación lingüística dos docentes
[3]	Mellora-los criterios pedagógicos orientativos
[4]	Distribuí-lo profesorado do centro segundo as necesidades lingüísticas
[5]	Outras propostas:

50. ¿Que experiencias realizou o centro para promove-lo uso da lingua galega entre a comunidade educativa?:

[1]	Celebración das Letras Galegas
[2]	Festas do ciclo anual
[3]	Festa do colexio
[4]	Campañas de fomento da lingua galega
[5]	Efemérides de interese social e cívico
[6]	Charlas para familias
[7]	Actividades culturais
[8]	Outras actividades:

51. ¿Cal é a súa opinión sobre as actitudes que ten o profesorado en relación coa utilización do galego no ensino?:

[1]	Actitude positiva
[2]	Actitude neutral
[3]	Actitude negativa

52. ¿Cal é a súa opinión sobre as actitudes que teñen as familias en relación coa utilización do galego no ensino?:

[1]	Actitude positiva
[2]	Actitude neutral
[3]	Actitude negativa

53. ¿Cal é a súa opinión sobre as actitudes que teñen os alumnos en relación coa utilización do galego no ensino?:

[1]	Actitude positiva
[2]	Actitude neutral
[3]	Actitude negativa

54. ¿Cal coida vostede que é a opinión do profesorado sobre as seguintes cuestións?:

- Entrevistador: consigne en cada recadro a porcentaxe (%) de profesores estimado.

	[1] De acuerdo	[2] Algo de acuerdo	[3] Nada de acuerdo	[4] NS/NC
1. A introducción do ensino en galego é unha das causas do aumento do fracaso escolar				
2. O coñecemento da lingua galega é necesario na sociedade galega de hoxe				
3. Coa lexislación actual os nenos non dan aprendido ben as dúas lingüas				
4. A adquisición de dúas lingüas favorece as aprendizaxes posteriores				
5. A aprendizaxe da lingua galega non lles vai servir para a vida				
6. A introducción da lingua galega no ensino favorece a autoestima e o sentido de identidade dos nosos nenos				

55. Con respecto ás dificultades para a implantación do galego no ensino, valore a relevancia das seguintes cuestións:

	[1] De acuerdo		[2] Algo de acuerdo	[3] Nada de acuerdo
1. Os alumnos non dominan o galego				
2. Os alumnos teñen actitudes negativas ante o galego				
3. Os pais teñen actitudes negativas ante o galego				
4. Os profesores carecen de preparación suficiente en galego				
5. Moitos profesores teñen actitudes negativas ante o galego				
6. Non se potencia institucionalmente o galego desde o centro				
7. A Administración non apoia a implantación do galego nos centros				

56. A partir dos sete enunciados de arriba, destaque as 2 dificultades meirandes para a implantación do galego no ensino:

Dificultade 1:	
Dificultade 2:	

57. Con respecto ás dificultades para a promoción do galego na escola, valore a relevancia dos seguintes enunciados:

	[1] De acuerdo	[2] Algo de acuerdo	[3] Nada de acuerdo
1. Existen valoracións xerais negativas sobre o prestixio e a utilidade do galego			
2. A presencia do galego afecta negativamente ó desenvolvemento académico			
3. Existen carencias de material didáctico			
4. Dáse unha falta de apoio efectivo por parte da Administración			
5. Non está regulada a reciclaxe efectiva do profesorado			

58. Con respecto á presencia da lingua galega na docencia, ¿considera que se cumplen os mínimos esixidos pola lexislación actual no seu centro?:

[1]	Si
[2]	Si, con dificultades
[3]	Non

59. Con respecto á presencia da lingua galega na actividade diaria do centro, considera que a presencia é:

[1]	Suficiente
[2]	Aceptable
[3]	Insuficiente

60. Ante o proceso de normalización da lingua galega no ensino, vostede opina que:

[1]	A lingua debe acadar un nivel de normalización más intenso
[2]	A situación actual é a deseñable
[3]	O nivel de normalización esixido é excesivo

61. ¿Como valora o proceso de extensión do galego nos centros?:

[1]	Puido ser más intenso con más decisión política
[2]	Foi avanzando a medida que o permitiron as circunstancias
[3]	Foi excesivamente intenso

62. Con respecto á situación actual, considera que:

[1]	Segue a avanza-la normalización da lingua galega
[2]	Producuse un certo estancamiento
[3]	Retrocedese

63. En caso de que vostede coide que houbo un estancamiento ou un retroceso na normalización da lingua galega, ¿cales poderían se-las causas?:

[1]	Declinou o impulso da política lingüística
[2]	Declinou a militancia lingüística
[3]	As novas xeracións non son activas
[4-6]	Outras:

FICHA AVALIATIVA OBSERVACIONAL
Consello da Cultura Galega

Data: _____ **Código:**
Entrevistador: _____

1. Situación do centro [CONSIGNAR LUGAR E CONCELLO].

--	--

2. Hábitat.

COSTEIRO	[1]
INTERIOR	[2]

3. Provincia.

[1] A CORUÑA		[3] OURENSE	
[2] LUGO		[4] PONTEVEDRA	

4. Municipio.

Máis de 50.000	[1]	Entre 5.000 e 9.999	[3]
Entre 10 e 49.999	[2]	Menos de 5.000	[4]

II. TAMAÑO E CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

* **Niveis existentes no centro.**

5. INFANTIL	
6. PRIMARIA	
7. ESO	

* **Número de unidades do centro.**

8.	9.	10.	11.	12.	13.	14.
INFANTIL	1º	2º	3º	4º	5º	6º

15. Número de alumnos no centro:

16. Estimación da súa procedencia (en %): URBANA: RURAL:

17. Número de profesores no centro:

18. Observa-la rotulación externa do centro.

	Externa
[1] Só galego	
[2] Máis galego ca castelán	
[3] Máis castelán ca galego	
[4] Só castelán	

19. Observa-la rotulación interna do centro.

	Interna
[1] Só galego	
[2] Máis galego ca castelán	
[3] Máis castelán ca galego	
[4] Só castelán	

20. Observa-lo taboleiro de anuncios e comprobar en qué lingua están os escritos oficiais publicados polo centro.

[1] Só galego	
[2] Máis galego ca castelán	
[3] Máis castelán ca galego	
[4] Só castelán	

21. Observar en qué lingua están os escritos enviados polo centro ós pais dos alumnos.

[1] Só galego	
[2] Máis galego ca castelán	
[3] Máis castelán ca galego	
[4] Só castelán	

22. Observar en qué lingua están os escritos remitidos polo centro á Administración educativa.

[1] Só galego	
[2] Máis galego ca castelán	
[3] Máis castelán ca galego	
[4] Só castelán	

23. Observar en qué lingua están os escritos remitidos polo centro ó concello.

[1] Só galego	
[2] Máis galego ca castelán	
[3] Máis castelán ca galego	
[4] Só castelán	

* Observar en qué lingua están os seguintes documentos:

	Galego	As dúas	Castelán
24. Proxecto educativo de centro			
25. Proxecto curricular de centro			
26. Libro de actas do Claustro de Profesores			
27. Libro de actas do Consello Escolar			

28. Anota-la lingua utilizada polos alumnos nos corredores e no recreo en contactos informais.

* Número de interaccións observadas: _____

[1] Só galego	
[2] Máis galego ca castelán	
[3] Máis castelán ca galego	
[4] Só castelán	

29. Anota-la lingua utilizada polos profesores entre eles a nivel informal.

* Número de interaccións observadas: _____

[1] Só galego	
[2] Máis galego ca castelán	
[3] Máis castelán ca galego	
[4] Só castelán	

30. En caso de asistir a algunha interacción entre pais e profesores, cuantifica-lo uso lingüístico.

* Número de interaccións observadas: _____

[1] Só galego	
[2] Máis galego ca castelán	
[3] Máis castelán ca galego	
[4] Só castelán	

* No caso de que o centro dispoña de conserxe, indica-la lingua utilizada por este.

	[1] Galego	[2] As dúas	[3] Castelán
31. Co entrevistador			
32. Cos alumnos			
33. Co director			
34. Cos profesores			

- * No tempo de clase –sempre que sexa posible–, realizar unha cala auditiva nas aulas observando cál é a lingua que se está a utilizar.

	35. INFANTIL	36. 1º	37. 2º	38. 3º	39. 4º	40. 5º	41. 6º
[1] Galego							
[2] As dúas							
[3] Castelán							

- * No recreo observar en qué lingua están as notas do encerado.

	42. INFANTIL	43. 1º	44. 2º	45. 3º	46. 4º	47. 5º	48. 6º
[1] Galego							
[2] As dúas							
[3] Castelán							

ANEXO C. CADROS DA MOSTRA DE CENTROS

Nota

Reproducimos neste ANEXO C diferentes cadros com dados da mostra de centros de ensino (cf. seção 2.1 do texto).

Cadro Anexo-1: Utilización da lingua galega na escrita segundo o tipo de colexio (en %)

	Escritos oficiais do centro		Escritos enviados ós países		Escritos á Administración educativa		Escritos ó concello	
	Privado	Público	Privado	Público	Privado	Público	Privado	Público
Só galego	18,2	76,2	29,2	86,5	50,0	93,4	41,0	94,0
Máis galego	36,4	20,3	25,0	10,8	27,1	4,6	23,1	4,0
Máis castelán	25,0	2,1	27,1	0,7	18,8	—	25,6	0,7
Só castelán	20,5	1,4	18,8	2,0	4,2	1,3	10,3	1,3
NS/NC	—	—	—	—	—	0,7	—	—

Cadro Anexo-2: Utilización da lingua galega na escrita segundo o hábitat (en %)

Cadro Anexo-3a: Utilización da lingua galega na escrita segundo a provincia (en %)

Cadro Anexo-3b: Utilización da lingua galega na escrita segundo a provincia (en %)

	Escritos á Administración educativa				Escritos ó concello			
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontev.
Só galego	80,0	88,5	80,0	84,9	82,1	84,0	91,7	80,6
Máis galego	14,7	7,7	12,0	5,5	10,4	8,0	8,3	5,6
Máis castelán	2,7	—	8,0	6,8	4,5	4,0	—	9,7
Só castelán	1,3	3,8	—	2,7	3,0	4,0	—	4,2
NS/NC	1,3	—	—	—				

Cadro Anexo-4a: Utilización da lingua galega na escrita segundo o tamaño do municipio (en %)

	Escritos oficiais do centro				Escritos enviados ós países			
	+ de 50 mil	entre 10 e 50 mil	entre 5 e 10 mil	- de 5 mil	+ de 50 mil	entre 10 e 50 mil	entre 5 e 10 mil	- de 5 mil
Só galego	57,3	67,9	50,0	82,6	62,2	81,1	72,4	91,3
Máis galego	22,0	22,6	39,3	17,4	18,9	9,4	13,8	8,7
Máis castelán	13,4	1,9	7,1	—	7,8	9,4	6,9	—
Só castelán	7,3	7,5	3,6	—	11,1	—	6,9	—
NS/NC								

Cadro Anexo-4b: Utilización da lingua galega na escrita segundo o tamaño do municipio (en %)

	Escritos á Administración educativa				Escritos ó concello			
	+ de 50 mil	entre 10 e 50 mil	entre 5 e 10 mil	- de 5 mil	+ de 50 mil	entre 10 e 50 mil	entre 5 e 10 mil	- de 5 mil
Só galego	75,8	88,9	82,8	95,8	76,2	84,6	85,2	100
Máis galego	13,2	5,6	13,8	4,2	9,5	9,6	7,4	—
Máis castelán	6,6	5,6	—	—	8,3	5,8	3,7	—
Só castelán	3,3	—	3,4	—	6,0	—	3,7	—
NS/NC	1,1	—	—	—	—	—	—	—

Cadro Anexo-5: Lingua utilizada nas aulas de Infantil en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	22,1%	14,0%	53,5%	10,5%
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	14,3	7,1	71,4	7,1
Público	23,6	15,3	50,0	11,1
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	24,3	10,8	54,1	10,8
Interior	20,4	16,3	53,1	10,2
<i>Provincia</i>				
A Coruña	23,1	15,4	50,0	11,5
Lugo	5,3	15,8	68,4	10,5
Ourense	36,4	—	45,5	18,2
Pontevedra	26,7	16,7	50,0	6,7
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	10,8	5,4	81,1	2,7
Entre 10 e 50 mil	17,4	21,7	43,5	17,4
Entre 5 e 10 mil	50,0	30,0	20,0	—
Menos de 5 mil	40,0	13,3	20,0	26,7

Cadro Anexo-6: Lingua utilizada nas aulas de primeiro en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	31,6%	8,9%	48,1%	11,4%
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	20,0	20,0	53,3	6,7
Público	34,4	6,3	46,9	12,5
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	28,2	—	61,5	10,3
Interior	35,0	17,5	35,0	12,5
<i>Provincia</i>				
A Coruña	40,7	11,1	37,0	
Lugo	7,1	7,1	71,4	
Ourense	30,0	20,0	30,0	
Pontevedra	35,7	3,6	53,6	
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	7,7	10,3	79,5	2,6
Entre 10 e 50 mil	46,7	6,7	20,0	26,7
Entre 5 e 10 mil	61,5	15,4	23,1	—
Menos de 5 mil	58,3	—	8,3	33,3

Cadro Anexo-7: Lingua utilizada nas aulas de segundo en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	27,6%	9,2%	51,3%	11,8%
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	14,3	—	78,6	7,1
Público	30,6	11,3	45,2	12,9
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	24,3	8,1	56,8	10,8
Interior	30,8	10,3	46,2	12,8
<i>Provincia</i>				
A Coruña	27,3	4,5	54,5	13,6
Lugo	15,4	7,7	61,5	15,4
Ourense	27,3	18,2	36,4	18,2
Pontevedra	33,3	10,0	50,0	6,7
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	12,8	10,3	74,4	2,6
Entre 10 e 50 mil	46,2	7,7	15,4	30,8
Entre 5 e 10 mil	45,5	9,1	45,5	—
Menos de 5 mil	38,5	7,7	23,1	30,8

Cadro Anexo-8: Lingua utilizada nas aulas de terceiro en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	30,7%	16,0%	41,3%	12,0%
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	15,4	15,4	61,5	7,7
Público	33,9	16,1	37,1	12,9
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	23,5	11,8	52,9	11,8
Interior	36,6	19,5	31,7	12,2
<i>Provincia</i>				
A Coruña	28,0	20,0	40,0	12,0
Lugo	30,8	7,7	46,2	15,4
Ourense	38,5	23,1	23,1	15,4
Pontevedra	29,2	12,5	50,0	8,3
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	15,8	21,1	60,5	2,6
Entre 10 e 50 mil	7,1	21,4	42,9	28,6
Entre 5 e 10 mil	75,0	12,5	12,5	—
Menos de 5 mil	66,7	—	6,7	26,7

Cadro Anexo-9: Lingua utilizada nas aulas de cuarto en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	31,4%	21,4%	34,3%	12,9%
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	18,2	27,3	45,5	9,1
Público	33,9	20,3	32,2	13,6
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	26,7	16,7	43,3	13,3
Interior	35,0	25,0	27,5	12,5
<i>Provincia</i>				
A Coruña	37,5	4,2	45,8	12,5
Lugo	16,7	33,3	33,3	16,7
Ourense	25,0	41,7	16,7	16,7
Pontevedra	36,4	22,7	31,8	9,1
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	11,8	32,4	52,9	2,9
Entre 10 e 50 mil	43,8	—	31,3	25,0
Entre 5 e 10 mil	85,7	14,3	—	—
Menos de 5 mil	38,5	23,1	7,7	30,8

Cadro Anexo-10: Lingua utilizada nas aulas de quinto en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	27,1%	15,7%	44,3%	12,9%
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	16,7	11,1	66,7	5,6
Público	30,8	17,3	36,5	15,4
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	19,4	16,1	51,6	12,9
Interior	33,3	15,4	38,5	12,8
<i>Provincia</i>				
A Coruña	15,8	26,3	42,1	15,8
Lugo	25,0	12,5	50,0	12,5
Ourense	33,3	25,0	25,0	16,7
Pontevedra	34,8	4,3	52,2	8,7
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	12,5	15,6	68,8	3,1
Entre 10 e 50 mil	33,3	16,7	27,8	22,2
Entre 5 e 10 mil	28,6	28,6	42,9	—
Menos de 5 mil	53,8	7,7	7,7	30,8

Cadro Anexo-11: Lingua utilizada nas aulas de sexto en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	31,8%	13,6%	40,9%	13,6%
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	7,7	23,1	61,5	7,7
Público	37,7	11,3	35,8	15,1
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	28,1	15,6	43,8	12,5
Interior	35,3	11,8	38,2	14,7
<i>Provincia</i>				
A Coruña	30,0	10,0	45,0	15,0
Lugo	25,0	—	58,3	16,7
Ourense	36,4	27,3	18,2	18,2
Pontevedra	34,8	17,4	39,1	8,7
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	18,2	18,2	60,6	3,0
Entre 10 e 50 mil	28,6	7,1	35,7	28,6
Entre 5 e 10 mil	62,5	25,0	12,5	—
Menos de 5 mil	54,5	—	9,1	36,4

Cadro Anexo-12: Lingua utilizada no encerado de Infantil en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	33,3% (20)	13,3% (8)	40,0% (24)	13,3% (8)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	16,7	—	75,0	8,3
Público	37,5	16,7	31,3	14,6
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	32,1	7,1	42,9	17,9
Interior	34,4	18,8	37,5	9,4
<i>Provincia</i>				
A Coruña	40,0	5,0	35,0	20,0
Lugo	—	33,3	58,3	8,3
Ourense	42,9	28,6	14,3	14,3
Pontevedra	42,9	4,8	42,9	9,5
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	22,7	4,5	68,2	4,5
Entre 10 e 50 mil	42,1	10,5	31,6	15,8
Entre 5 e 10 mil	62,5	12,5	12,5	12,5
Menos de 5 mil	20,0	40,0	10,0	30,0

Cadro Anexo-13: Lingua utilizada no encerado de primeiro en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	27,8% (22)	16,5% (13)	45,6% (36)	10,1% (8)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	18,8	31,3	43,8	6,3
Público	30,2	12,7	46,0	11,1
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	21,6	8,1	56,8	13,5
Interior	33,3	23,8	35,7	7,1
<i>Provincia</i>				
A Coruña	28,6	17,9	39,3	14,3
Lugo	18,8	18,8	56,3	6,3
Ourense	33,3	22,2	33,3	11,1
Pontevedra	30,8	11,5	50,0	7,7
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	14,3	22,9	60,0	2,9
Entre 10 e 50 mil	22,2	16,7	44,4	16,7
Entre 5 e 10 mil	50,0	8,3	33,3	8,3
Menos de 5 mil	50,0	7,1	21,4	21,4

Cadro Anexo-14: Lingua utilizada no encerado de segundo en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	29,9% (23)	19,5% (15)	40,3% (31)	10,4% (8)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	7,7	15,4	69,2	7,7
Público	34,4	20,3	34,4	10,9
<i>Habitat</i>				
Costeiro	26,3	15,8	44,7	13,2
Interior	33,3	23,1	35,9	7,7
<i>Provincia</i>				
A Coruña	26,1	17,4	39,1	17,4
Lugo	20,0	6,7	66,7	6,7
Ourense	33,3	55,6	—	11,1
Pontevedra	36,7	16,7	40,0	6,7
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	11,1	22,2	63,9	2,8
Entre 10 e 50 mil	40,0	13,3	26,7	20,0
Entre 5 e 10 mil	58,3	25,0	8,3	8,3
Menos de 5 mil	42,9	14,3	21,4	21,4

Cadro Anexo-15: Lingua utilizada no encerado de terceiro en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	28,0% (21)	13,3% (10)	48,0% (36)	10,7% (8)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	8,3	—	83,3	8,3
Público	31,7	15,9	41,3	11,1
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	21,6	16,2	48,6	13,5
Interior	34,2	10,5	47,4	7,9
<i>Provincia</i>				
A Coruña	22,4	11,1	51,9	14,8
Lugo	21,4	7,1	64,3	7,1
Ourense	40,0	20,0	30,0	10,0
Pontevedra	33,3	16,7	41,7	8,3
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	13,9	13,9	69,4	2,8
Entre 10 e 50 mil	23,5	23,5	35,3	17,6
Entre 5 e 10 mil	57,1	14,3	14,3	14,3
Menos de 5 mil	53,3	—	26,7	20,0

Cadro Anexo-16: Lingua utilizada no encerado de cuarto en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	37,3% (28)	22,7% (17)	29,3% (22)	10,7% (8)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	33,3	25,0	33,3	8,3
Público	38,1	22,2	28,6	11,1
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	29,7	18,9	37,8	13,5
Interior	44,7	26,3	21,1	7,9
<i>Provincia</i>				
A Coruña	32,0	16,0	36,0	16,0
Lugo	33,3	33,3	26,7	6,7
Ourense	30,0	30,0	30,0	10,0
Pontevedra	48,0	20,0	24,0	8,0
<i>Tamaño do municipio</i>				
Más de 50 mil	18,2	30,3	48,5	3,0
Entre 10 e 50 mil	36,8	26,3	21,1	15,8
Entre 5 e 10 mil	77,8	11,1	—	11,1
Menos de 5 mil	57,1	7,1	14,3	21,4

Cadro Anexo-17: Lingua utilizada no encerado de quinto en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	35,9% (23)	18,8% (12)	32,8% (21)	12,5% (8)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	21,4	14,3	57,1	7,1
Público	40,0	20,0	26,0	14,0
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	37,9	17,2	27,6	17,2
Interior	34,3	20,0	37,1	8,6
<i>Provincia</i>				
A Coruña	31,6	26,3	21,1	21,1
Lugo	35,7	—	57,1	7,1
Ourense	30,0	40,0	20,0	10,0
Pontevedra	42,9	14,3	33,3	9,5
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	29,6	22,2	44,4	3,7
Entre 10 e 50 mil	44,4	5,6	33,3	16,7
Entre 5 e 10 mil	16,7	50,0	16,7	16,7
Menos de 5 mil	46,2	15,4	15,4	23,1

Cadro Anexo-18: Lingua utilizada no encerado de sexto en Galicia

	Galego	As dúas	Castelán	Ns/Nc
TOTALDE GALICIA	31,3% (20)	12,5% (8)	43,8% (28)	12,5% (8)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	18,2	—	72,7	9,1
Público	34,0	15,1	37,7	13,2
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	33,3	9,1	42,4	15,2
Interior	29,0	16,1	45,2	9,7
<i>Provincia</i>				
A Coruña	30,0	10,0	40,0	20,0
Lugo	18,2	18,2	54,5	9,1
Ourense	20,0	40,0	30,0	10,0
Pontevedra	43,5	—	47,8	8,7
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	21,4	3,6	71,4	3,6
Entre 10 e 50 mil	40,0	20,0	20,0	20,0
Entre 5 e 10 mil	57,1	14,3	14,3	14,3
Menos de 5 mil	28,6	21,4	28,6	21,4

Cadro Anexo-19: Grao de acordo co obxectivo da Lei de normalización lingüística consistente en que o alumnado acade a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais

	Moi de acuerdo	Bastante de acuerdo	Algo de acuerdo	Nada de acuerdo
TOTALDE GALICIA	68% (136)	29% (58)	2,5% (5)	0,5% (1)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	60,0	34,0	4,0	2,0
Público	70,7	27,3	2,0	—
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	67,0	28,4	3,7	0,9
Interior	69,2	29,7	1,1	—
<i>Provincia</i>				
A Coruña	71,1	22,4	6,6	—
Lugo	64,0	36,0	—	—
Ourense	60,0	40,0	—	—
Pontevedra	68,9	29,7	—	1,4
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	67,4	28,3	3,3	1,1
Entre 10 e 50 mil	68,5	29,6	1,9	—
Entre 5 e 10 mil	65,5	31,0	3,4	—
Menos de 5 mil	70,8	29,2	—	—

Cadro Anexo-20: Semellalle acadable o obxectivo educativo da Lei de normalización lingüística que consiste en que o alumnado acade a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais

	Moito	Bastante	Algo	Nada
TOTALDE GALICIA	16,1% (32)	50,8% (101)	30,2% (60)	3% (6)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	16,0	50,0	30,0	4,0
Público	16,1	51,0	30,2	2,7
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	14,7	49,5	30,3	5,5
Interior	17,8	52,2	30,0	—
<i>Provincia</i>				
A Coruña	17,1	46,1	32,9	3,9
Lugo	12,5	66,7	20,8	—
Ourense	20,0	52,0	28,0	—
Pontevedra	14,9	50,0	31,1	4,1
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	17,4	41,3	37,0	4,3
Entre 10 e 50 mil	14,8	61,1	22,2	1,9
Entre 5 e 10 mil	20,7	55,2	20,7	3,4
Menos de 5 mil	8,7	60,9	30,4	—

Cadro Anexo-21: Seméllalle acadable ese obxectivo lingüístico no seu centro

	<i>Moito</i>	<i>Bastante</i>	<i>Algo</i>	<i>Nada</i>
TOTALDE GALICIA	17,5% (35)	53,5% (107)	26,5% (53)	2,5% (5)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	14,0	52,0	32,0	2,0
Público	18,7	54,0	24,7	2,7
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	14,7	50,5	31,2	3,7
Interior	20,9	57,1	20,9	1,1
<i>Provincia</i>				
A Coruña	22,4	46,1	28,9	2,6
Lugo	20,0	64,0	16,0	—
Ourense	12,0	72,0	16,0	—
Pontevedra	13,5	51,4	31,1	4,1
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	12,0	50,0	34,8	3,3
Entre 10 e 50 mil	16,7	59,3	24,1	—
Entre 5 e 10 mil	31,0	51,7	10,3	6,9
Menos de 5 mil	25,0	58,3	16,7	—

Cadro Anexo-22: Lingua que máis se fala no contorno do centro educativo

	Só Gal.	Máis Gal.	Máis Cast.	Só Cast.
TOTALDE GALICIA	17,5% (35)	30,5% (61)	38,5% (77)	13% (26)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	4,0	20,0	52,0	24,0
Público	22,0	34,0	34,7	9,3
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	13,8	23,9	42,2	20,2
Interior	22,0	38,5	35,2	4,4
<i>Provincia</i>				
A Coruña	17,1	23,7	40,8	18,4
Lugo	24,0	36,0	36,0	4,0
Ourense	24,0	32,0	40,0	4,0
Pontevedra	13,5	35,1	37,8	13,5
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	2,2	18,5	57,6	21,7
Entre 10 e 50 mil	14,8	44,4	29,6	11,1
Entre 5 e 10 mil	37,9	34,5	27,6	—
Menos de 5 mil	58,3	37,5	4,2	—

Cadro Anexo-23: Lingua predominante nas familias

	<i>Só Gal.</i>	<i>Máis Gal.</i>	<i>Máis Cast.</i>	<i>Só Cast.</i>
TOTALDE GALICIA	15% (30)	35% (70)	37% (74)	13%(26)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	—	20,0	50,0	30,0
Público	20,0	40,0	32,7	7,3
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	7,3	28,4	43,1	21,1
Interior	24,2	42,9	29,7	3,3
<i>Provincia</i>				
A Coruña	13,2	26,3	36,8	23,7
Lugo	28,0	44,0	20,0	8,0
Ourense	24,0	40,0	36,0	—
Pontevedra	9,5	39,2	43,2	8,1
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	—	19,6	60,9	19,6
Entre 10 e 50 mil	13,0	48,1	27,8	11,1
Entre 5 e 10 mil	27,6	58,6	6,9	6,9
Menos de 5 mil	62,5	33,3	4,2	—

Cadro Anexo-24: Lingua utilizada nas comunicacóns orais do centro coa Administración educativa e mais co concello

	<i>Coa Administración educativa</i>				<i>Co concello</i>			
	<i>Só G.</i>	<i>Máis G.</i>	<i>Máis C.</i>	<i>Só C.</i>	<i>Só G.</i>	<i>Máis G.</i>	<i>Máis C.</i>	<i>Só C.</i>
TOTALDE GALICIA	44,2% (88)	35,7% (71)	12,1% (24)	8% (16)	53,3% (105)	23,4% (46)	12,2% (24)	11,2% (22)
<i>Tipo de centro</i>								
Privado	26,0	28,0	26,0	20,0	31,3	22,9	27,1	18,8
Público	50,3	38,3	7,4	4,0	60,4	23,5	7,4	8,7
<i>Hábitat</i>								
Costeiro	47,7	25,7	16,5	10,1	48,6	21,5	14,0	15,9
Interior	40,0	47,8	6,7	5,6	58,9	25,6	10,0	5,6
<i>Provincia</i>								
A Coruña	46,1	34,2	11,8	7,9	54,8	20,5	8,2	16,4
Lugo	29,2	58,3	4,2	8,3	36,0	40,0	16,0	8,0
Ourense	44,0	44,0	8,0	4,0	68,0	20,0	8,0	4,0
Pontevedra	47,3	27,0	16,2	9,5	52,7	21,6	16,2	9,5
<i>Tamaño do municipio</i>								
Máis de 50 mil	39,1	30,4	18,5	12,0	40,4	24,7	16,9	18,0
Entre 10 e 50 mil	51,9	40,7	3,7	3,7	63,0	25,9	7,4	3,7
Entre 5 e 10 mil	44,8	41,4	3,4	10,3	58,6	17,2	13,8	10,3
Menos de 5 mil	47,8	34,8	17,4	—	75,0	16,7	4,2	4,2

Cadro Anexo-25a: Lingua utilizada nas comunicacións orais do centro coas familias

	Coas familias			
	Só Gal.	Máis Gal.	Máis Cast.	Só Cast.
TOTALDE GALICIA	34,7% (69)	28,1% (56)	30,7% (61)	6,5% (13)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	10,0	6,0	70,0	14,0
Público	43,0	35,6	17,4	4,0
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	33,0	22,9	34,9	9,2
Interior	36,7	34,4	25,6	3,3
<i>Provincia</i>				
A Coruña	28,0	26,7	36,0	9,3
Lugo	36,0	24,0	32,0	8,0
Ourense	40,0	40,0	20,0	—
Pontevedra	39,2	27,0	28,4	5,4
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	19,6	21,7	46,7	12,0
Entre 10 e 50 mil	48,1	25,9	25,9	—
Entre 5 e 10 mil	39,3	42,9	14,3	3,6
Menos de 5 mil	58,3	37,5	—	4,2

Cadro Anexo-25b: Lingua utilizada nas comunicacións escritas do centro coa Administración educativa e mais co concello

	Coa Administración educativa				Co concello			
	Só G.	Máis G.	Máis C.	Só C.	Só G.	Máis G.	Máis C.	Só C.
TOTALDE GALICIA	86% (172)	7% (14)	5,5% (11)	1,5% (3)	82,7% (163)	6,6% (13)	5,1% (10)	5,6% (11)
<i>Tipo de centro</i>								
Privado	60,0	16,0	22,0	2,0	53,2	21,3	12,8	12,8
Público	94,7	4,0	—	1,3	92,0	2,0	2,7	3,3
<i>Hábitat</i>								
Costeiro	85,3	7,3	6,4	0,9	75,0	9,3	8,3	7,4
Interior	86,8	6,6	4,4	2,2	92,1	3,4	1,1	3,4
<i>Provincia</i>								
A Coruña	86,8	9,2	2,6	1,3	79,5	6,8	5,5	8,2
Lugo	88,0	4,0	4,0	4,0	84,0	8,0	4,0	4,0
Ourense	88,0	8,0	4,0	—	92,0	4,0	—	4,0
Pontevedra	83,8	5,4	9,5	1,4	82,4	6,8	6,8	4,1
<i>Tamaño do municipio</i>								
Máis de 50 mil	81,5	9,8	6,5	2,2	74,7	6,6	9,9	8,8
Entre 10 e 50 mil	85,2	7,4	7,4	—	87,0	9,3	1,9	1,9
Entre 5 e 10 mil	89,7	3,4	3,4	3,4	85,2	7,4	—	7,4
Menos de 5 mil	100,0	—	—	—	100,0	—	—	—

Cadro Anexo-26a: Lingua utilizada nas comunicacóns escritas do centro coas familias

	Coas familias			
	Só Gal.	Máis Gal.	Máis Cast.	Só Cast.
TOTALDE GALICIA	80,5% (161)	8% (16)	8% (16)	3,5% (7)
<i>Tipo de centro</i>				
Privado	46,0	12,0	32,0	10,0
Público	92,0	6,7	—	1,3
<i>Hábitat</i>				
Costeiro	74,3	10,1	11,0	4,6
Interior	87,9	5,5	4,4	2,2
<i>Provincia</i>				
A Coruña	76,3	9,2	11,8	2,6
Lugo	88,0	4,0	4,0	4,0
Ourense	92,0	8,0	—	—
Pontevedra	78,4	8,1	8,1	5,4
<i>Tamaño do municipio</i>				
Máis de 50 mil	72,8	10,9	10,9	5,4
Entre 10 e 50 mil	85,2	5,6	7,4	1,9
Entre 5 e 10 mil	79,3	10,3	6,9	3,4
Menos de 5 mil	100,0	—	—	—

Cadro Anexo-26b: Cómo inflúen os docentes coa lingua habitual que empregan

	Favorecen na súa maioría o uso do galego	Non repercuten	Favorecen na súa maioría o uso do castelán
TOTALDE GALICIA	53% (105)	29,3% (58)	17,7% (35)
<i>Tipo de centro</i>			
Privado	40,0	32,0	28,0
Público	57,4	28,4	14,2
<i>Hábitat</i>			
Costeiro	43,5	34,3	22,2
Interior	64,4	23,3	12,2
<i>Provincia</i>			
A Coruña	52,6	32,9	14,5
Lugo	70,8	20,8	8,3
Ourense	60,0	20,0	20,0
Pontevedra	45,2	31,5	23,3
<i>Tamaño do municipio</i>			
Máis de 50 mil	35,2	39,6	25,3
Entre 10 e 50 mil	68,5	22,2	9,3
Entre 5 e 10 mil	62,1	24,1	13,8
Menos de 5 mil	75,0	12,5	12,5

Cadro Anexo-27. Práctica lingüística habitual de persoal non docente, profesorado e alumnado dos centros de ensino

	Personal non docente			Profesorado			Alumnado		
	Só Gal.	Mais Gal.	Só Cast.	Só Gal.	Mais Gal.	Só Cast.	Só Gal.	Mais Gal.	Só Cast.
TOTAL DE GALICIA	40,7%	39,2%	15,1%	5%	4,5%	48%	41,4%	5,6%	14%
(81)	(78)	(30)	(10)	(9)	(95)	(82)	(28)	(11)	(28)
<i>Tipo de centro</i>									
Privado	16,0	44,0	28,0	12,0	—	26,0	64,0	8,0	8,0
Público	49,0	37,6	10,7	2,7	6,1	55,4	33,8	4,7	18,7
<i>Habitat</i>									
Costeiro	30,6	38,9	22,2	8,3	4,6	38,0	48,1	9,3	8,3
Interior	52,7	39,6	6,6	1,1	4,4	60,0	33,3	1,1	20,9
<i>Provincia</i>									
A Coruña	40,0	38,7	16,0	5,3	6,6	42,1	43,4	7,9	14,5
Lugo	44,0	36,0	16,0	4,0	8,0	56,0	32,0	4,0	24,0
Ourense	56,0	40,0	4,0	—	4,0	60,0	32,0	—	24,0
Pontevedra	35,1	40,5	17,6	6,8	1,4	47,2	45,8	5,6	6,8
<i>Tamén do municipio</i>									
Máis de 50 mil	23,1	41,8	25,3	9,9	1,1	33,7	53,3	12,0	—
Entre 10 e 50 mil	42,6	46,3	9,3	1,9	3,8	55,8	38,5	—	13,0
Entre 5 e 10 mil	58,6	34,5	6,9	—	10,3	65,5	24,1	—	27,6
Menos de 5 mil	79,2	20,8	—	—	12,5	62,5	25,0	—	54,2